ArGaMed 3/2020
eISSN 2695-3951

Guía para o estudo da prosa galega medieval

Esther Corral Díaz
(coord.)

Ricardo Pichel
(coord.)

XUNTA DE GALICIA

Edita:

Xunta de Galicia
Secretaría Xeral de Política Lingüística
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Secretario xeral de Política Lingüística
Valentín García Gómez

Coordinador científico do CIRP
Manuel González González

Coordinadora do proxecto *Arquivo Galicia Medieval*
Mercedes Brea

Directora da colección
Déborah González

© Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2020

Rúa de San Roque, 2. 15704 Santiago de Compostela
Tfno. +34 881 996 152 Fax. +34 881 996 140
Enderezo electrónico: crpih@cirp.gal
http://www.cirp.gal

Cuberta: *Geral Estoria* (Patrimonio Nacional, Real Biblioteca del Monasterio de El Escorial, Ms. O.I.1, fol. 1r)

Coordinación: Esther Corral, Ricardo Pichel

Autores: Ricardo Pichel, Marina Aurora Garzón Fernández, Tania Vázquez García, Miguel García-Fernández (colab.)

Título: *Guía para o estudo da prosa galega medieval*

Este traballo monográfico corresponde ao número 3 da revista *ArGaMed. Arquivo Galicia Medieval*

eISSN: 2695-3951

ArGaMed 3/2020
eISSN 2695-3951

Guía para o estudo da prosa galega medieval

Esther Corral Díaz
(coord.)

Ricardo Pichel
(coord.)

Ricardo Pichel
Marina Aurora Garzón Fernández
Tania Vázquez García

Miguel García-Fernández
(colab.)

XUNTA DE GALICIA

Índice

Índice

Limiar 9

Introdución 15

Listaxe de abreviaturas 25

1. Prosa de ficción 29

1.1. Ciclo clásico 31

1.1.1. *Crónica troiana* 31

1.1.2. *Historia troiana* 39

1.2. Ciclo artúrico 47

1.2.1. *Livro de Tristam* 47

1.3. Ciclo carolinxio 57

1.3.1. *Crónica do Pseudo Turpín* 57

2. Prosa historiográfica 65

2.1. *Geral Estoria* 67

2.2. *Crónica geral galega* 77

2.3. *Crónica de 1404* 91

2.4. *Crónica de Iria* 101

2.5. *Crónica da Ordem dos Fraires Menores* 109

3. Prosa haxiográfica e doutrinal 117

3.1. *Miragres de Santiago* 119

3.2. *Livro das Confissões* 127

4. Prosa xurídica 135

4.1. As *Sete Partidas* 137

4.1.1. *Primeira Partida* 149

4.1.2. *Terceira Partida* 157

4.1.3. *Cuarta Partida* 165
4.1.4. *Quinta Partida* 173
4.1.5. *Sexta Partida* 181
4.1.6. *Sétima Partida* 185
4.2. *Foro Juzgo* 189
4.3. *Foro Real* 195
4.4. *Flores de Dereito* 203
4.5. *Ordenamento de Alcalá* 207
5. Prosa técnica 213
5.1. *Tratado de Alveitaría* 215
Apéndice 223
1. *Arte de Trovar* 225
2. As rúbricas explicativas dos cancioneiros B e V 231
3. As lendas das miniaturas das *Cantigas de Santa María* 239
Cabo 249
Índice de axentes e espazos culturais 257
Índice de imaxes 265
Bibliografía 269

Limiar

Limiar

Un dos obxectivos principais marcados, desde os seus inicios, no Proxecto de *Prosa galega medieval* do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades foi e é o de dar a coñecer ao público interesado as obras literarias que conforman o seu corpus, un patrimonio textual de primeira orde que está nas orixes do noso acerbo cultural, e que o público lamentablemente non coñece. Débese ter presente que a produción literaria galega composta na Idade Media debeu ser bastante máis frutífera da que perdura, pero os problemas de transmisión que lamentablemente caracterizaron a tradición do Noroeste peninsular tiveron como consecuencia directa a perda dun número indeterminado de obras e a conservación en fragmentos dispersos doutras moitas que, en certos casos, perviviron, pero con graves problemas de edición. A estas dificultades habería que sumar que a maioría de textos que sobreviven non son creacións propias, senón traducións ou adaptacións de obras redactadas noutras linguas que gozaron de certo ou amplo éxito no ámbito cultural da Europa medieval. Estes tres factores contribuíron a que a prosa galega medieval fose subestimada por parte do público e incluso por parte da crítica considerándoa ao longo do tempo nun chanzo inferior da historia literaria galega desa época, sobre todo, en comparación coa rica produción da lírica galego-portuguesa (tanto profana como relixiosa).

Cómpre lembrar que o Proxecto da *Prosa galega medieval* iniciouse hai unha vintena de anos integrándose no macroproxecto ARGAMED no CRPIH (https://www.cirp.es/). Desde ese momento publicáronse monografías como *Orixes da Materia de Bretaña. A* Historia Regum Britanniae *e o pensamento europeo do século XII* de Santiago Gutiérrez García (2002), ou *A Literatura artúrica en Galicia e Portugal na Idade Media* de Santiago Gutiérrez García e Pilar Lorenzo Gradín (2001). Viron tamén a luz as edicións dalgúns textos como o *Livro de Tristan e Livro de Merlin. Estudo, edición, notas e glosario*, coordinado por Pilar Lorenzo Gradín e José António Souto Cabo (2001) e o *Tratado de Albeitaría*, ed. de José Luis Pensado, con revisión e edición de Gerardo Pérez Barcala (2004). A estas contribucións habería que sumar unha colección de artigos publicados en colectáneas científicas e revistas sobre aspectos diversos do repertorio. Durante este tempo fomos conscientes de que no ámbito da prosa medieval facía falta un manual que ofrecese un estudo completo do conxunto dos textos e no que a información descritiva sobre cada unha das obras fose completada coas pesquisas máis relevantes e, o que é máis importante, que dese conta e incorporase información dos novos estudos e das hipóteses que desde hai

unha década se están publicando en diferentes medios e que aportan novas luces a moitas cuestións problemáticas que proxecta o corpus.

Neste sentido, o libro que presentamos vai orientado a proporcionar aos interesados no ámbito medieval unha guía sobre os textos e os seus testemuños literarios conservados, escritos nunha das épocas máis importantes da nosa historia cultural, na que o galego chegou a funcionar como vehículo propio de expresión ao longo dos séculos XIII, XIV e XV, nos que se consolidou como lingua literaria[1]. Queremos advertir que non se pretende levar a cabo un estudo crítico e exhaustivo das obras nin tampouco se procura realizar unha investigación propia sobre as mesmas. O noso obxectivo é ofrecer unha presentación de cada un dos textos e dos seus testemuños aportando unhas explicacións útiles, sólidas, serias e actualizadas, non só do seu contido senón tamén, cando é factible, do seu contexto histórico e literario de produción e do contexto de recepción. Acompáñase toda esta información cun completo e exhaustivo elenco bibliográfico das edicións e estudos publicados ao respecto, así como un anexo que recolle un índice de axentes e espazos culturais citados. Os testemuños textuais conservados son visualizados a través dunha serie de imaxes que ilustran o estudo dos textos e achegan aos lectores manuscritos moitas veces descoñecidos polo seu restrinxido acceso.

Un dos principais escollos, e, ao mesmo tempo, unha das características intrínsecas do corpus de textos de prosa medieval, é a falta de unidade literaria do seu repertorio. O trazo común que liga a este heteroxéneo conxunto textual é a súa forma de escritura en *prosa*, un soporte no que se escribían fundamentalmente as disciplinas da historia, da ciencia e das leis na Idade Media. Recórdese que case toda a literatura medieval en linguas vernáculas escribiuse en verso desde os seus inicios (a haxiografía, a épica, o *roman*, a narrativa breve, etc.), ligada fortemente á divulgación oral, e que nos séculos XII e XIII a prosa era un elemento discursivo que achegaba 'veracidade' á obra difundida a través do medio escrito (ao igual que acontecía coa utilización do latín como lingua de expresión). Neste sentido o desenvolvemento da prosa literaria en linguas vernáculas foi un dos acontecementos máis importantes da creación literaria do século XIII (Baumgartner 1998: 1). Era, ademais, a forma da escritura predilecta de clérigos e intelectuais que querían transmitir autenticidade e rigor nos seus escritos.

A fixación e selección do corpus concreto a estudar nesta pequena monografía non resultou unha tarefa fácil, pois os lindes difusos que enmarcan o concepto de *texto literario* dificultan a configuración do repertorio e a súa estruturación. Interpretando en sentido laxo o termo, estendemos o conxunto de prosa literaria non só ao relato histórico e ao relato de ficción, que son os que teñen unha cabida máis

1 Do mesmo xeito que a *Guía para o estudo da lírica galego-portuguesa* que se publicou tamén desde o CRPIH no ano 2010 estaba destinada a difundir a tradición poética composta no Noroeste peninsular, de capital importancia nas orixes da literatura galega.

natural dentro do conxunto, senón que tamén se considerou os tratados relacionados coa ciencia e coas leis, pois en ambos os dous casos son textos de coidada elaboración, non equiparables aos textos notariais, foros ou outro tipo de documentos con finalidade fundamentalmente práctica e de uso común e que, ademais, se acomodan a códigos preestablecidos. Na Idade Media estase construíndo o novo sistema literario de xéneros e hai que ter en conta que, por exemplo, unha das obras máis espléndidas e innovadoras que saen dos talleres de Afonso X, como as *Partidas*, garda relación coa obra historiográfica que proxecta desde o seu *scriptorium* (Rodríguez Velasco 2006: 449) e con consideración literaria fóra de toda dúbida. Aínda que non son propiamente "obras", quíxose incluír tamén os textos escritos en formato de prosa que se recollen nos cancioneiros, isto é, os paratextos que acompañan as cantigas (as rúbricas explicativas e o tratado poético da *Arte de trovar*), así como as *legendae* das miniaturas das *Cantigas de Santa María*, se ben quedaron fóra as rúbricas das cantigas relixiosas.

O libro é froito de catro anos de traballo levado a cabo polas dúas bolseiras contratadas ao longo deste tempo no Centro Ramón Piñeiro no marco do proxecto. Nun primeiro momento, Tania Vázquez García fixo un deseño xeral do manual, organizou eficazmente os contidos e abordou o estudo das obras de xeito minucioso. Este labor foi continuado dous anos máis tarde por Marina Garzón Fernández, quen completou e actualizou o material elaborado nun principio e ampliou o repertorio inicial aos textos lexislativos. Nunha última e importante fase, os contidos foron revisados por Ricardo Pichel[2], quen fixo unha lectura crítica do borrador (redactando de novo certas seccións) e incorporou textos novos, as imaxes e referencias bibliográficas de actualidade. Ademais, cómpre deixar constancia do agradecemento a Mercedes Brea, Ramón Mariño Paz, Xavier Varela Barreiro e a Miguel García-Fernández polas súas valiosas consideracións. Colaboraron, así mesmo, nalgunha fase ou nalgún aspecto concreto da súa elaboración Harvey L. Sharrer, José António Souto Cabo, Martha E. Schaffer, Joseph T. Snow, José Carlos Ribeiro Miranda, Rosário Ferreira, José Manuel Fradejas Rueda, Francisco Bautista, Rosa María Rodríguez Porto, Gerardo Pérez Barcala, Elvira Fidalgo, Mariana Leite, Belén Bouzas, Dolores Baldó, Mario Cossío Olavide e Antonio Fernández Guiadanes[3].

2 A súa participación neste libro encádrase na liña de actuación "PaLMeGaP. Patrimonio Literario Medieval da Galiza e Portugal" no marco do proxecto colaborativo "HERES. Patrimonio textual ibérico y novohispano. Recuperación y memoria" (CM 2018-T1/HUM-10230) do que é IP na Universidad de Alcalá no período 2019-2023 (https://www.herespatrimoniotextual.org).

3 Agradecemos tamén as facilidades para a consulta dos seus fondos das seguintes institucións: Biblioteca Nacional de España, Biblioteca de Menéndez Pelayo, Archivo Histórico Nacional, Real Biblioteca del Monasterio de El Escorial, Biblioteca General Histórica de la Universidad de Salamanca, Hispanic Society of America, Arquivo da Catedral de Santiago, Arquivo da Real Academia Galega, Arquivo do Reino de Galicia, Archivo Histórico Provincial de León, Arquivo Histórico Universitario de Santiago, Archivo Histórico de la Nobleza, Museo de Pontevedra, Arquivo da Catedral de Ourense, Museo do Pobo Galego.

Esperamos e desexamos que este volume sexa útil, revelador e iluminador do conxunto da prosa galega medieval e que sirva para demostrar e dar a coñecer a vitalidade deste senlleiro patrimonio literario pertencente á nosa historia cultural.

Esther Corral Díaz

Introdución

Introdución

O corpus textual contemplado nesta *Guía* representa unha parte esencial da cultura escrita vinculada á Galiza baixomedieval e responde a parámetros de selección xenérica, xeolingüística e sociocultural. Alén da evidente selección de obras concibidas e difundidas en prosa (fronte aos textos pertencentes ao ámbito da lírica trobadoresca), o termo "literario" co que tradicionalmente se restrinxe a tipoloxía textual analizada abrangue boa parte dos xéneros narrativos en voga nos diferentes reinos peninsulares: prosa de ficción, historiográfica, haxiográfica, doutrinal ou científico-técnica. Salvo nos dous últimos xéneros (representados polo *Livro das Confissões* e o *Tratado de Alveitaría*), dos restantes casos conservamos varios textos ilustrativos do ámbito literario en cuestión, no cal, por outra parte, convén discriminar diferentes tipoloxías. Por unha parte, a prosa ficcional galega conta con testemuños do que o *trouvère* Jean Bodel (ca. 1165-1205) deu en chamar 'materia de Roma', 'materia de Bretaña' e 'materia de Francia' na célebre *Chanson des Saisnes*: por un lado, o ciclo clásico ou materia de Troia (*Crónica troiana* e *Historia troiana*), por outro, o ciclo artúrico (*Livro de Tristam*), e finalmente o ciclo carolinxio (*Crónica do Pseudo Turpín*, integrada nos *Miragres de Santiago*). De tradición historiográfica, en boa medida debedoras do rico patrimonio (pos)afonsino, coñécense diferentes traducións e compilacións, cuxa narración foi concibida desde unha óptica universal (*Geral Estoria*), peninsular (*Crónica geral galega*, *Crónica de 1404*) ou especificamente galega (*Crónica de Iria*). A *Crónica geral galega* e a *Crónica de 1404*, como compilacións, integran diferentes textos de gran transcendencia para a historiografía peninsular como a *Estoria de España* (nas versións *amplificada* e *crítica*), a *Crónica de Castela*, a *Crónica particular de San Fernando* ou o *Liber regum*. Canto á prosa de carácter relixioso, contamos con textos pertencentes aos xéneros haxiográfico e cronístico (*Miragres de Santiago*, *Crónica da Ordem dos Fraires Menores*), e tamén ao ámbito doutrinal e de carácter catequético ou pastoral (*Livro das Confissões*), alén da propia materia bíblica transmitida na primeira parte da *Geral Estoria*.

Máis alá destes xéneros literarios, a *Guía* tamén contempla, como vén sendo habitual nas abordaxes xerais sobre prosa galega medieval, un conxunto restrinxido de textos de natureza xurídica: o *Foro Juzgo*, o *Foro Real*, as *Flores de Dereito*, as *Sete Partidas* e o *Ordenamento de Alcalá*. Trátase, por tanto, das grandes compilacións lexislativas de carácter normativo, emanadas do ámbito rexio (especialmente en tempos de Afonso X e Afonso XI), cuxo ámbito de aplicación global (en todos os

territorios do reino) e a ampla e precoz difusión no Occidente peninsular aconsellan a súa inclusión nun corpus en prosa como o que se presenta nesta *Guía*. Fican fóra, por tanto, outros regulamentos en romance de difusión máis restrinxida, por seren de ámbito local ou rexional, como os forais (exs. *Foro do Burgo de Caldelas*, *Foros de Castelo Rodrigo*) ou outros textos normativos e instrumentais promovidos por diferentes instancias eclesiásticas ou corporacións civís, como no caso dos regulamentos municipais (exs. *Libro do concello de Santiago*, *Libro do Concello de Pontevedra*), as ordenanzas gremiais (ex. *Libro da confraría dos cambeadores*), os rexistros de contabilidade (ex. *Tombos de tenzas da Catedral de Santiago*), sínodos ou concilios diocesanos etc. O corpus literario integrado na *Guía* complétase, ademais, cun apéndice dedicado aos principais (para)textos en prosa vinculados á lírica trobadoresca: a *Arte de Trovar*, as rúbricas explicativas incluídas nos manuscritos que transmiten a lírica profana (cancioneiros B e V), e as lendas ou *tituli* que acompañan as miniaturas dos *Códices das Historias* (T e F) das *Cantigas de Santa María*.

Do punto de vista xeolingüístico e histórico-cultural, a *Guía* recolle textos redixidos no romance galego-portugués medieval, cuxa recepción e difusión tivo lugar no marco xeográfico e cultural galego desde finais do século XIII até a segunda metade do XV[4]. Contémplanse, por tanto, desde textos de produción autóctona de ámbito máis local, como os *Miragres de Santiago* ou a *Crónica de Iria*, vinculados á Sé compostelá e fortemente influenciados pola materia xacobea, até outras empresas culturais concibidas nun espazo xeográfico transfronteirizo e forxadas en coexistencia con outras tradicións lindeiras como a portuguesa (as copias e traducións do *Livro de Tristam*, da *Estoria de España* e da *Crónica de Castela*) ou a asturleonesa (as traducións galego-leonesas do *Foro Juzgo*, do *Foro Real* e das *Flores de Dereito*), coas que se estabeleceron, en distinto grao, diferentes iniciativas de transvasamento cultural; isto é, copia, préstamo, tradución ou compilación de diferentes tradicións textuais e manuscritas en confluencia.

Canto á denominación "galego-portugués" coa que se caracteriza o corpus estudado na *Guía*, cómpre indicar que se trata dun termo empregado desde as perspectivas lingüística e xeocultural. Canto á primeira delas, faise referencia ao *continuum* lingüístico das diferentes variedades diatópicas galegas e portuguesas operativas durante a etapa medieval, alén dos trazos diferenciais ou innovadores –de natureza dialectal ou escritural– rastrexábeis desde mediados do século XIII[5]. Na outra

4 Así pois, non son obxecto de estudo na *Guía* as importantes empresas culturais, especialmente nos eidos historiográfico, haxiográfico ou teolóxico, labradas en latín durante os séculos XI-XII (como o *Chronicon Iriense*, a *Historia Compostellana* ou o *Codex Calixtinus*) e até finais da Idade Media (como os *Gesta Berengarii de Landoira*, o *Breviario de Miranda* ou o *Misal* e o *Breviario Auriense*).

5 Non se considera, por tanto, o uso do termo "galego-portugués" na súa dimensión sociolingüística, menos acaído tendo en conta o proceso aglutinador de "agrupamento independente" experimentado polas falas galegas e portuguesas desde a Baixa Idade Media (Monteagudo 2017[2]: 122-123; Mariño Paz 2019: 164-171).

perspectiva, alúdese con este termo ao dominio xeográfico e cultural –occidental– no cal se fraguou, de modo autónomo ou converxente, a recepción, circulación e recreación das diferentes tradicións textuais implicadas noutros entramados literarios peninsulares e europeos. Porén, como xa se sinalou, a produción dos textos referenciados na *Guía* son de orixe galega, máis alá de que en certos casos, especialmente no ámbito historiográfico e ficcional, haxa unha clara converxencia, en termos socioculturais, coa tradición lusitana. É por esa razón que se considerou pertinente informar daqueles textos portugueses nos cales a interconexión coa tradición galega é evidente, como acontece coa *Crónica de 1344* do Conde de Barcelos e a súa *Refundição* ca. 1400, ou no caso dos testemuños derivados da polifacética obra de Afonso X (como a *Geral Estoria*, a *Estoria de España*, o *Foro Real* ou as *Partidas*), así como doutras tradicións xurídico-doutrinais (como as *Flores de Dereito* ou o *Livro das Confissões*)[6]. No caso da *Crónica da Ordem dos Fraires Menores*, tívose en conta a probada existencia, en termos lingüísticos e textuais, da perdida versión galega a partir da cal se copia o testemuño portugués hoxe conservado na Biblioteca Nacional de Portugal.

O corpus estudado nesta *Guía* constrúese a partir dunha sólida estrutura informativa, organizada por xéneros e obras, na cal cada capítulo fornece un contido completo e actualizado sobre as diferentes tradicións textuais e manuscritas coñecidas. A xerarquización dos textos dentro de cada capítulo non se estabelece necesariamente consonte parámetros cronolóxicos, mais en termos de impacto e difusión (por exemplo, no caso das *Sete Partidas* fronte á restante produción xurídica, unitestemuñal), ou ben de acordo coa relación de dependencia textual no caso das compilacións (o desglose dos textos que compoñen a *Crónica geral galega* e a *Crónica de 1404* debe ser necesariamente sucesiva). No caso das *Sete Partidas*, dada a magnitude da obra, optouse por facer unha introdución específica ao conxunto dos sete libros que a conforman ademais de dedicar unha sección específica a cada *Partida,* xa que esta aproximación contribúe a unha mellor intelección dos testemuños conservados e da súa influencia noutros textos xurídicos cos que se relacionan.

Todos os capítulos da *Guía* ofrecen información cumprida sobre a tradición textual e manuscrita das obras analizadas, do contexto sociocultural en que xurdiron, así como a referencia ás edicións dispoñíbeis para cada texto máis unha guía bibliográfica de consulta. Esta información compleméntase cos datos bio-bibliográficos de PhiloBiblon recollidos en BITAGAP (textos galego-portugueses) e, de maneira complementaria, en BETA (textos casteláns) e BITECA (textos cataláns). Deste modo, enlázase coa información textual ("texid" e "cnum"), manuscrita ("manid"), biográfica ("bioid") e institucional ("insid") rexistrada en PhiloBiblon.

6 Deste modo, na *Guía* non se contempla a tradición textual de orixe portuguesa no relativo á prosa de ficción (exs. a *Estória* e a *Demanda do Santo Graal* ou o *Livro de Merlim*), haxiográfica (exs. o *Boosco Deleitoso* ou a *Legenda Aurea*), historiográfica (exs. a *Crónica do Mouro Rasis* ou os *Livros de linhagens*) ou didáctica (exs. o *Livro da Montaria* ou o *Livro da Falcoaria*) (cf. Rodríguez 1994; Pena 2002: 295-340; 2013: 247-287).

Na identificación inicial do texto, a nomenclatura empregada para aludir ás obras ten en conta a denominación tradicional, en caso de habela, mais seguindo criterios de proximidade e afinidade con respecto á designación e/ou *usus scribendi* presente nos textos. Con todo, aplicáronse certas convencións ortográficas (como a acentuación, a segmentación gráfica ou o emprego de maiúsculas e minúsculas) que contribúen a facer máis lexíbel a nomenclatura. Por outra parte, cando existen varias denominacións escolleuse a que permite individualizar o texto galego fronte ás tradicións castelá ou portuguesa (exs. *Livro de Tristam*, *Geral Estoria*, *Tratado de Alveitaría* etc.). Polo que respecta á onomástica persoal, optouse igualmente por unha forma medieval regularizada cando se citan os diferentes artífices ou axentes culturais (copistas, tradutores, compiladores, patrocinadores, posuidores etc.) implicados na concepción e difusión dun determinado texto ou manuscrito[7].

Tras a identificación da obra coa que comeza cada capítulo enlázase a continuación coa tradición textual galega ou (galego-)portuguesa á que pertence a través do rexistro "texid" de BITAGAP e, cando é pertinente, do rexistro correspondente na tradición castelá (BETA). Esta información permite coñecer e interrelacionar rapidamente unha determinada obra no seu contexto de produción, non só no estrito ámbito galego, mais tamén nos espazos galego-portugués e castelán.

Unha vez anunciada a filiación textual da obra, refírese, por orde cronolóxica, o conxunto de edicións dispoñíbeis. Ao final de cada referencia indícanse as páxinas específicas na publicación onde se pode consultar a edición, así como, en certos casos, os traballos que a corrixen ou actualizan. Dado o renovado interese que suscita o estudo da prosa medieval galega nos últimos anos, esta información compleméntase, cando resulta oportuno, coa indicación dos proxectos de investigación en andamento orientados á edición dos textos en foco. Esta información inclúese ao finalizar a descrición do texto, xusto antes da sección bibliográfica.

Após o listado das edicións, dá comezo unha sección de natureza catalográfica referida á tradición manuscrita dos textos, na cal se indica, de modo esquemático, a información contextual básica asociada a cada un dos testemuños medievais conservados da obra en cuestión. A indicación sobre as escasas copias modernas coñecidas (como no caso da *Crónica de Iria* ou da *Crónica geral galega*) aparece referida no bloque descritivo e asociada á bibliografía especializada ou ao rexistro correspondente de BITAGAP. Os datos ofrecidos nesta sección pretenden dar unha idea o máis áxil

7 Tomouse como pauta orientativa os criterios adoptados para a edición da lírica profana galego-portuguesa (Ferreiro / Martínez Pereiro / Tato Fontaíña 2007), así como a proposta para a fixación da onomástica trobadoresca de Rodríguez 1988 (cf. D'Heur 1975; Montero Santalha 2000a), de acordo coa praxe implementada no *Glosario da poesía medieval profana galego-portuguesa* (GLOSSA) e no portal *Universo Cantigas* (UC); porén, aplicouse a acentuación moderna, do mesmo modo que na intitulación das obras. Tívose en conta, tamén, o *Repertorio metrico* de Tavani (1967a) e a metodoloxía empregada na *Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa* (MedDB 3). En relación aos axentes culturais de procedencia castelá ou portuguesa, optouse por respectar a súa designación tradicional. Por último, os nomes de reis, papas, liñaxes ou grupos familiares grafouse consonte a ortografía –galega ou portuguesa– actual.

e definida posíbel da xénese e recepción (datación, lugar de produción, patrocino, autoría, copista(s) e/ou tradutores, procedencia), así como das principais características materiais (encadernación, extensión, composición, estado de conservación, dimensións, soporte, disposición do texto, tipo de letra, decoración) de cada un dos manuscritos conservados. Toda esta información vai precedida do anuncio de cada testemuño a través da sigla con que se coñece ou identifica, seguido da cota arquivística actualizada, o identificador "manid" tirado da BITAGAP (que enlaza á información específica do exemplar nesta base de datos) e, cando é accesíbel, o vínculo á dixitalización do manuscrito.

A identificación dos manuscritos mediante siglas responde á necesidade de designar cada un dos exemplares en relación á súa tradición textual ou manuscrita particular. Sempre que foi posíbel empregouse a denominación relacionada co *stemma* no cal se integra o testemuño: é o caso, por exemplo, dos mss. B (*Historia troiana*), F (*Geral Estoria*), G (*Crónica troiana*) ou V (*Crónica de 1404*). Nos volumes facticios, cando foi oportuno, empregáronse as siglas combinadas (alfanuméricas) específicas de cada sección textual, como no caso do ms. A da *Crónica geral galega* (A1; A2: A2a, A2b, A2c e A2d). No caso das *Sete Partidas*, á espera dun estudo integral da filiación textual dos fragmentos galegos, optouse por estabelecer unha fórmula designativa *ex professo*, composta pola indicación abreviada da *Partida* seguida do arquivo no cal se conserva, co obxectivo de facilitar a diferenciación dos testemuños pertencentes a unha mesma sección da obra (P1-ARG, P4-AHUS, P5-MP etc.).

A información relativa á descrición física dos testemuños non pretende ser en ningún caso exhaustiva, pois consideramos que PhiloBiblon é o repositorio idóneo para a recollida e actualización deses datos. De calquera modo, toda a información reflectida na *Guía* foi obtida e contrastada por medio da consulta directa dos manuscritos nos arquivos ou bibliotecas onde se custodian, salvo no caso da *Crónica da Ordem dos Fraires Menores* e dos paratextos en prosa vinculados á lírica trobadoresca, para os que se recorreu á bibliografía especializada e ás imaxes dixitalizadas dispoñíbeis. A presenza e contido dos campos contemplados varía considerabelmente dependendo da natureza e extensión do testemuño. Nos casos en que o texto en cuestión forma parte dun volume facticio (como o *Tratado de Alveitaría* ou a copia tardía da *Estoria de España*), optamos tamén por aludir globalmente ao manuscrito para que non se perda a referencia do conxunto codicolóxico en que se transmitiu o texto. Pola súa parte, os textos referidos en apéndice, ao representaren só unha sección –compacta ou descontinua– dun códice unitario (os cancioneiros B e V e os mss. T e F das *Cantigas de Santa María*), non foron obxecto de descrición catalográfica.

A información sobre a encadernación é especialmente detallada nos códices máis luxosos e, en xeral, a descrición adoita ser máis breve nos volumes máis humildes, en particular naqueles con encadernación flexíbel. Non é infrecuente que nos labores de reencadernación se produzan extravíos ou se descoloquen folios ou cadernos, como acontece no caso dos *Miragres de Santiago* ou da *Historia troiana*.

No campo de extensión infórmase do número total dos folios do manuscrito, especificando, no campo de composición, a estrutura interna cando se trata de volumes facticios (caso, por exemplo, do ms. A da *Crónica geral galega* ou do *Tratado de Alveitaría*). As follas de garda e outros engadidos modernos represéntanse, consonte a fórmula tradicional, en números romanos, reservando a numeración arábiga para os folios orixinais do texto ou textos que integran o volume. En xeral, emprégase a foliación estabelecida pola crítica, que, no entanto, sempre se somete a revisión. Porén, nalgúns casos, como no *Tratado de Alveitaría*, decidiuse recuperar e actualizar a referencia tradicional a prol dunha maior claridade expositiva no que respecta á composición facticia do volume.

Os datos relativos ao estado de conservación do manuscrito céntranse nos aspectos máis relevantes sobre a perda ou deterioración do soporte cando estas circunstancias afectan o texto. A indicación das dimensións dos manuscritos non pretende ser exhaustiva, pois só interesa reflectir as medidas principais (alto por ancho, en mm) do folio ou da folla para dar unha idea básica da superficie e proporcións do volume. Por defecto, as medidas indicadas correspóndense ás do folio do códice, salvo no caso dos fragmentos, para os que se considerou máis oportuno ofrecer as dimensións do prego (bifolio). Por outra parte, no caso dos testemuños fragmentarios, indícanse as medidas extremas e/ou resconstruídas (estas últimas entre parénteses rectas) para fornecer unha idea máis aproximada das dimensións orixinais. A información relativa ao soporte (polo xeral pergamiño até finais do século XIV e papel de aí en diante) vai acompañada da indicación, cando é oportuno, da presenza e tipo de filigrana nos volumes cartáceos. Para a disposición do texto, distinguiuse a *mise en page* a dúas columnas ou a liña tirada e, no caso dos fragmentos, indicouse tamén o número de liñas. Canto ao tipo de letra, tendeuse a empregar unha terminoloxía máis precisa e menos apegada ao contexto diplomático, partindo da acomodación crítica ao ámbito ibérico que fai Sanz Fuentes (2010) do esquema formulado por Gerard I. Lieftinck (1954, 1964). Por último, o apartado ornamental centrouse, nos máis dos casos, na caracterización dos principais elementos decorativos de carácter textual e estrutural (iniciais capitulares, rúbricas e caldeiróns). Polos testemuños que nos chegaron, a iluminación só está presente ou foi proxectada nos códices santanderinos da *Historia troiana* (B) e da *Crónica de 1404* (S).

Polo que respecta á información contextual incluída na ficha catalográfica, os datos foron contrastados coa bibliografía especializada dispoñíbel, mais tamén foron complementados coa investigación en curso, inédita en certos casos, cedida polas persoas autoras e colaboradoras desta *Guía*, co obxectivo de ofrecer un estado da cuestión o máis actualizado posíbel canto ao contexto de produción e recepción de cada un dos manuscritos conservados[8]. Salvo nos testemuños en que se inclúe ou

8 Neste sentido, quremos agradecer a colaboración prestada por algúns grupos, redes e proxectos de investigación que contribuíron a orientar, ampliar ou perfilar certos contidos incluídos na *Guía*: PhiloBiblon

conserva o colofón (como a *Crónica troiana*, a *Crónica de 1404*, a *Crónica de Iria* ou a *Crónica da Ordem dos Fraires Menores*), non sempre é posíbel conxecturar con garantías as coordenadas espazo-temporais e socioculturais nas cales se emprende unha determinada iniciativa libraria, así como outros datos máis específicos como o autor, tradutor ou copista(s). Porén, sempre que foi factíbel, indicáronse os datos referidos á localización da copia ou tradución do testemuño, así como as hipóteses máis argumentadas verbo das cortes señoriais e/ou eclesiásticas implicadas no patrocinio cultural. Con referencia á datación, sempre se ofrece o rango cronolóxico máis axeitado de acordo cos estudos dispoñíbeis ou en curso. Por último, a información sobre a procedencia ou o itinerario (pos)medieval adoita incluírse de acordo coas notas de posesión rastrexábeis nos manuscritos ou nas bibliotecas señoriais de onde proceden, mais tamén, especialmente no caso dos fragmentos, a partir dos datos indirectos fornecidos polo *liber tradens*. As referencias máis antigas indícanse en primeiro lugar.

Tras a sección catalográfica preséntase un estado da arte actualizado no cal se compendia a información relativa á tradición textual e manuscrita, a estrutura e contido do texto, así como o contexto sociocultural asociado aos testemuños conservados. Dada a natureza heteroxénea das obras e dos manuscritos, e dependendo do grao de avance na investigación, certas cuestións poden cobrar un maior peso descritivo ou argumentativo nuns casos máis do que noutros en función da información da que se dispón. A prosa de ficción, por exemplo, está moi ben estudada en termos de tradición textual e manuscrita, así como no que se refire á investigación do seu mecenado. O mesmo acontece coa prosa historiográfica, se ben o peso argumentativo é necesariamente máis profundo no que respecta á tradición textual e á interrelación dos testemuños conservados coas tradicións castelá e portuguesa. Pola súa parte, a condición de *desiecta membra* da prosa xurídica impediu até agora un estudo global da recepción na Galiza baixomedieval dos grandes códigos lexislativos (pre)afonsinos; porén, a reedición dos manuscritos, especialmente os de recente descuberta, así como o confronto cos modelos casteláns e portugueses permite avanzar no coñecemento máis concreto das áreas xeográficas e socioculturais en que circulou e se difundiu todo este patrimonio librario do que hoxe tan só conservamos unha mínima parte.

(University of California), "FILGA. Grupo Filoloxía e Lingüística Galega" (GI-1743, Universidade de Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega), "GITHE. Grupo de Investigación Textos para la Historia del Español" (Universidad de Alcalá), SMELPS "Seminário de Literatura Medieval, Pensamento e Sociedade" (FCT UI&D/Fil/00502; Universidade do Porto, Instituto de Filosofía), "Red del Libro Medieval Hispánico" (RED2018-102330-T), "HERES. Patrimonio textual ibérico y novohispano. Recuperación y memoria" (CM 2018-T1/HUM-10230, Universidad de Alcalá), "MELE. Da memória escrita à leitura do espaço" (FCT POCI-01-0145-FEDER-032673, Universidade do Porto), "7 Partidas Digital. Edición crítica digital de las *Siete Partidas*" (MEC FFI2016-75014-P, Universidad de Valladolid), "LEHIAL. El legado historiográfico de Alfonso X (1270-1350): teoría histórica, tradiciones literarias y textos inéditos" (MCIU PGC2018-097250-B-I00, Universidad de Salamanca), "Estoria de Espanna Digital. An electronic research environment and edition of the *Estoria de Espanna* of Alfonso X, King of Castile and Leon" (AHRC, University of Birmingham).

Unha vez exposta a análise histórico-filolóxica, ofrécese unha completa guía bibliográfica que reúne os traballos citados así como os principais estudos especializados nos textos e tradicións literarias en foco. Neste sentido, cómpre salientar que a *Guía* foi concibida para facilitar a consulta autónoma de cada un dos textos que conforman o corpus, de tal modo que a persoa interesada poida dispor de toda a información pertinente, tamén a bibliográfica, sen necesidade de abandonar o capítulo en cuestión. Alén disto, no bloque bibliográfico final recóllense, de maneira conxunta, todas as referencias citadas ao longo da *Guía*, incluídas tamén as da Introdución e do Cabo, para alén dos recursos, portais e ferramentas en liña consultados.

Para concluír, o traballo compleméntase cun índice en que se recollen todas as referencias onomásticas citadas na *Guía* con relación aos axentes e espazos culturais vinculados á prosa galega medieval. Remítese, por unha parte, aos artífices implicados na concepción e difusión dos textos e testemuños estudados, mais tamén aos entornos culturais asociados á recepción, copia e tradución dos seus modelos literarios, así como ás persoas ou comunidades relacionadas co percurso señorial das obras durante a Baixa Idade Media e co seu itinerario posmedieval. Por outra parte, inclúense tamén as principais áreas ou dominios xeoculturais onde é factíbel situarmos as diversas iniciativas de transferencia, composición e irradiación literaria vinculadas ás diferentes tradicións textuais e manuscritas galegas. Resulta de particular interese, neste índice, a referencia ás cortes señoriais (nobiliarias e/ou eclesiásticas) involucradas na actividade literaria en foco, así como os espazos socioculturais asociados á composición e circulación dun determinado texto ou testemuño por razóns de índole histórica, lingüística ou cultural.

Listaxe de abreviaturas

Listaxe de abreviaturas

ACA	Arxiu de la Corona d'Aragó (Barcelona).
ACL	Academia das Ciências de Lisboa.
ACOu	Arquivo da Catedral de Ourense.
ACS	Arquivo da Catedral de Santiago.
AHN	Archivo Histórico Nacional (Madrid).
AHNob	Archivo Histórico de la Nobleza (Toledo).
AHPL	Archivo Histórico Provincial de León.
AHPOu	Arquivo Histórico Provincial de Ourense.
AHUS	Arquivo Histórico Universitario de Santiago.
AMPG	Arquivo do Museo do Pobo Galego (Santiago de Compostela).
ANTT	Arquivo Nacional da Torre do Tombo (Lisboa)
ARAG	Arquivo da Real Academia Galega (A Coruña).
ARG	Arquivo do Reino de Galicia (A Coruña).
BAV	Biblioteca Apostolica Vaticana (Città del Vaticano, Roma).
BETA	Faulhaber, Charles B. (dir.) (1997-): *Bibliografía Española de Textos Antiguos*, Berkeley: University of California, The Bancroft Library [https://bancroft.berkeley.edu/philobiblon/beta_ga.html].
BGHUSal	Biblioteca General Histórica de la Universidad de Salamanca.
BITAGAP	Askins, Arthur L-F. (dir.) (1997-): *Bibliografia de Textos Antigos Galegos e Portugueses*, Berkeley: University of California, The Bancroft Library [https://bancroft.berkeley.edu/philobiblon/bitagap_ga.html].
BITECA	Avenoza, Gemma / Lourdes Soriano / Vicenç Beltran (dirs.) (1997-): *Bibliografia de Textos Antics Catalans, Valencians i Balears*, Berkeley: University of California, The Bancroft Library [https://bancroft.berkeley.edu/philobiblon/biteca_ga.html].
BL	British Library (London).
BMP	Biblioteca de Menéndez Pelayo (Santander).
BNCF	Biblioteca Nazionale Centrale di Firenze.

BNE	Biblioteca Nacional de España (Madrid).
BNP	Biblioteca Nacional de Portugal (Lisboa).
CGPA	Varela Barreiro, Xavier (dir.) (2015-): *Corpus Galego-Portugués Antigo*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega [http://ilg.usc.gal/cgpa/].
EGPA-lit	Pichel, Ricardo / Xavier Varela Barreiro (dirs.) (2019-): *Escritorio Galego-Portugués Antigo: textos literarios*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega [https://www.egpalit.org/].
GE1, GE2	*General Estoria* (primeira e segunda parte).
HT	*Historia troiana* (HTc: sección castelá; HTg: sección galega).
IPCE	Instituto de Patrimonio Cultural de España (Madrid).
MP	Museo de Pontevedra.
PaLMeGaP	Pichel, Ricardo (coord.) (2019-): *Patrimonio literario medieval da Galiza e Portugal*, Alcalá de Henares / Santiago de Compostela: Universidad de Alcalá / Universidade de Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega [https://www.herespatrimoniotextual.org/].
P1, P3...	*Partida Primeira*, *Partida Terceira*...
RBME	Real Biblioteca del Monasterio de El Escorial.

1. Prosa de ficción

1.1. Ciclo clásico

1.1.1. *Crónica troiana*

BITAGAP texid 1069 (cf. BETA texid 1143)

Edicións

Martínez Salazar, Andrés (1900): *Crónica Troyana. Códice gallego del siglo XIV de la Biblioteca Nacional de Madrid* [con apuntamentos gramaticais e vocabulario de Manuel R. Rodríguez], A Coruña: Imprenta de la Casa de Misericordia, 2 vols. [http://biblioteca.galiciana.gal/gl/consulta/registro.do?id=7089; 30/10/2020] [edición: I, pp. 90-366; II, pp. 5-266].

Parker, Kelvin M. (1978): *Crónica troyana. Manuscrito gallego del s. XIV. No. 10.233 Bibl. Nacional Madrid*, Ann Arbor (Michigan): Applied Literature Pres (ALP Medieval Studies vol. 3) [edición: 1-379] [cf. Lorenzo, Ramón (1982): "La edición de la *Crónica Troyana* de Parker". *Verba* 9, pp. 253-290].

Lorenzo, Ramón (1985): *Crónica Troiana. Introducción e texto*, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza [edición: pp. 215-747].

Testemuño

(**G**) Biblioteca Nacional de España, Ms. 10233 (BITAGAP manid 1068). Accesíbel en: http://bdh-rd.bne.es/viewer.vm?id=0000046143.

Datación: 1373 (20 de xaneiro).

Lugar de produción: área coruñesa noroccidental.

Patrocinio: corte señorial dos Andrade (BITAGAP insid 7948; Fernán Pérez de Andrade: BITAGAP bioid 1710).

Copistas/tradutores: Fernán Martiz (clérigo e capelán de Fernán Pérez de Andrade: BITAGAP bioid 1098) e outros.

Procedencia: marquesado de Santillana (don Íñigo López de Mendoza: BITAGAP bioid 1543; BETA bioid 1031); ducado de Osuna e Infantado (BITAGAP insid 7203; Mariano Téllez Girón y Beaufort: BITAGAP bioid 1872, BETA bioid 2222).

Encadernación: moderna, con gardas en pergamiño e tapas en chagrén verde decorado con filetes e ferros en ouro; inscrición no lombo: "Chronica troyana en portugues".

Extensión: I + 185 + I.
Estado de conservación: acéfalo (falta o primeiro cuaternión: fols. 1-8), con tinta esvaída e manchas nalgúns folios.
Dimensións: 370/400 x 260/275 mm.
Soporte: pergamiño.
Disposición do texto: a liña tirada.
Tipo de letra: gótica cursiva semicaligráfica.
Decoración: iniciais capitulares alternantes en azul e vermello (2-3 unidades de pautado), algunhas con decoración interna e externa, con rúbricas e resaltes (en maiúsculas internas) en vermello.

Descrición

A *Crónica troiana*, xunto coa outra tradución galega do ciclo clásico, a *Historia troiana* (§ 1.1.2), representan un elo máis da tradición textual ibérica das prosificacións e refundicións derivadas do *Roman de Troie* (ca. 1155-65) de Benoît de Sainte-Maure (Rigall 1999; Pichel 2010, 2016; García Salvo 2019). Entre elas encóntranse a *Historia troyana polimétrica* (BETA texid 1216) e a *Crónica troyana* (BETA texid 1143) –ambas as dúas comisionadas por Afonso XI–, así como a *Historia troyana* de Pedro I (BETA manid 1562; BITAGAP texid 5936). As características textuais e lingüísticas desta tradición permiten avanzar hipóteses sobre a irradiación do *Roman* na Península e sobre o estatuto idiomático occidental da súa primeira tradución e adaptación. Con efecto, tal como concluíu Lorenzo (1985: 191-202), o manuscrito rexio da *Crónica troyana* de Afonso XI (A), conservado na Real Biblioteca del Monasterio del Escorial (ms. H.j.6; BETA manid 1561), presenta un conxunto significativo de occidentalismos imputábeis ao modelo do que procede a tradución encargada polo monarca castelán. Os estudos de Casas Rigall (1999) e D'Ambruoso (2007, 2009, 2010, 2012) permitiron refinar esta proposta a través da análise das relacións textuais entre os diversos testemuños peninsulares, o que posibilitou confirmar a existencia dunha versión occidental primixenia (galego-portuguesa, galego-leonesa ou leonesa), hoxe perdida, do *Roman de Troie* (BITAGAP texid 9419), que logo derivaría nas distintas versións hispánicas (cf. Pichel 2015; Pascual-Argente 2020).

A recepción do *Roman de Troie* no Occidente peninsular foi especialmente intensa na Galiza do século XIV, á vista das traducións da *Crónica troiana* e da *Historia troiana* emprendidas no seo da corte señorial dos Andrade a comezos do último terzo desta centuria. Polo que respecta ao reino portugués, a incidencia do ciclo clásico comeza a consolidarse en época humanística desde mediados do século XV (como demostra a súa influencia no *Cancioneiro Geral* de Garcia de Resende ou na obra de Gil Vicente) e especialmente a partir das primeiras décadas do século XVI, cando aparece a *Coronica troiana em linguoajem purtuguesa* (ca. 1527) e a tradución da *Ilíada* de Homero (1527). Porén, desde mediados do século XIV a materia troiana xa se facía eco, aínda que de maneira puntual, na prosa historiográfica asociada ao

Conde de Barcelos (BITAGAP bioid 1070; *Crónica de 1344* e *Livro de Linhagens*), así como na tradución da segunda parte da *General estoria* de Afonso X (BITAGAP texid 1244), da que se conservan algúns fragmentos (Leite 2018, 2020).

A *Crónica troiana*, coñecida pola sigla G na súa tradición textual, transmite unha tradución encargada polo nobre Fernán Pérez de Andrade, alcumado *o Boo*, a partir dunha das versións da *Crónica troyana* patrocinada por Afonso XI (1350), probabelmente o seu antígrafo ou, en calquera caso, un dos antecedentes máis próximos á esta versión rexia. O traballo de copia, tal como se indica no colofón (fol. 100rv; Lorenzo 1985: 76), concluíuse o 20 de xaneiro de 1373 e foi realizado por Fernán Martiz, capelán ao servizo de Fernán Pérez de Andrade, e por outros copistas. A colaboración de distintos escribáns pódese detectar polos cambios de letra e polo emprego de diferentes variantes lingüísticas, o que fora interpretado por Martínez Salazar (1900: I, xiv) como proba da mediación de dous modelos textuais galegos entre o orixinal castelán e a tradución hoxe conservada. Porén, de acordo con Lorenzo (1985: 78-79), a probada intercomprensión lingüística naquela altura entre os dous romances (castelán e galego-portugués) suxire que serían os propios copistas os encargados da tradución directa da *Crónica troiana* desde o modelo castelán. Por outra parte, entre o manuscrito rexio da *Crónica troyana* de Afonso XI (A) e a retradución galega (G) non se estabelece unha relación directa, aínda que si proceden dun mesmo modelo textual –o subarquetipo *α*– ao que tamén remonta a rama textual (γ) da que derivan os testemuños casteláns e galego da *Historia troyana* de Pedro I (Casas Rigall 1999: 231-238; D'Ambruoso 2010: 642-645, 2012: cvii-cxix; Pichel 2015: 132-138; Pascual-Argente 2020).

O colofón da *Crónica troiana*, para alén de aludir á data e aos artífices da tradución, tamén nos informa do relevante perfil biográfico do seu comitente: "o mellor home que auía entõçe en Galiza" (Lorenzo 1985: 747). Fernán Pérez de Andrade destaca como exemplo paradigmático da nobreza galega en rápida ascensión económica e sociopolítica a raíz do conflito sucesorio entre Pedro I de Castela e Henrique de Trastámara, pasando a se converter en señor das vilas de Pontedeume, Ferrol e Vilalba por aquela altura (1371-73). A obtención destes señoríos por concesión do novo rei Trastámara foi tamén recollida no referido colofón, que transloce a mentalidade cabaleiresca do nobre e da época (Correa Arias 2004: 162-163, 2009b: 93; Pichel 2017: 233). Chama a atención que o nobre galego optase por encargar a súa propia versión da *Crónica troyana*, pois daquela xa debía coñecer e mesmo posuír o manuscrito da *Historia troiana* (§ 1.1.2) comisionado polo seu irmán maior Nuno Freire de Andrade (BITAGAP bioid 6606), códice procedente da corte rexia de Pedro I que acabaría sendo restaurado ca. 1369-73 no mesmo círculo señorial andradino (§ 1.1.2). Con todo, as connotacións petristas aínda ancoradas no simbólico manuscrito atesourado por Nuno Freire levarían o seu irmán Fernán Pérez a encargar outro códice distinto utilizando unha versión da *Crónica troyana* moi próxima á do *scriptorium* de Afonso XI (Rodríguez Porto 2012: II, 784-787; Pichel 2012: 123,

2017: 232-234). O manuscrito andradino da *Crónica troiana* formou parte no século XV da biblioteca do primeiro marqués de Santillana, don Íñigo López de Mendoza († 1458), antes de engrosar tempo despois os vastos fondos bibliográficos do ducado de Osuna e do Infantado polo menos desde mediados do século XIX (Tubino 1877; Schiff 1905: 261-265; Lorenzo 1985: 73, 193).

Polo que respecta ao contido, o texto da *Crónica troiana*, do mesmo modo que o do seu modelo (a versión de Afonso XI), céntrase na narración da caída de Ilión recreada no *Roman de Troie*. A obra dá comezo coa argonáutica (o relato da conquista do vélaro de ouro comandada por Xasón) e a primeira destrución de Troia por Hércules, coa conseguinte reconstrución da cidade polo rei Príamo e o rapto de Helena perpetrado polo seu fillo Paris. Estes feitos desembocan na coñecida guerra entre aqueos e troianos, articulada en vinte e tres batallas que culminan coa definitiva destrución da cidade. Finalmente, o relato conclúe co retorno dos heroes gregos (os *nostoi*) e a morte de Ulises. Para alén das fazañas bélicas de Menelao, Agamenón, Orestes e Áiax, entre outros, ou combates cruentos como o de Héitor e Patroclo ou o do Saxitario e Diomedes, adquiren tamén un peso importante as tramas sentimentais protagonizadas por Medea e Xasón, Helena e Paris, Briseida e Troilo ou Polixena e Aquiles. Do mesmo modo que outras versións iberorrománicas, a *Crónica troiana* tamén reflicte certas innovacións discursivas con respecto ao *Roman de Troie*, como as glosas heráldicas ou a interpolación sobre a cámara de Héitor, onde se describen as razas portentosas de acordo coa tradición das *Etimoloxías* de Isidoro de Sevilla (Casas Rigall 1999: 223-229; Carlos Villamarín 1989).

Bibliografía

Carlos Villamarín, Helena de (1989): "Os Autómatas da Cámara de Eytor". *Verba* 16, pp. 135-143 [http://hdl.handle.net/10347/2736; 30/10/2020].

Carlos Villamarín, Helena de (1992): "Aquiles en Portugal: un aspecto de las versiones peninsulares del *Roman de Troie*". *Euphrosyne* 20, pp. 365-378 [https://cutt.ly/IyLEiGW; 30/10/2020].

Casas Rigall, Juan (1999): *La materia de Troya en las letras romances del siglo XIII hispano*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

Chambel, Pedro (2008): "A representação medieval dos tempos troianos na versão galega da *Crónica Troiana* de Afonso XI". *Medievalista* 5, pp. 1-18 [https://medievalista.fcsh.unl.pt/medievalista5/medievalista-chambel.htm; 30/10/2020].

Chambel, Pedro (2020): "Os animais da *Crónica troiana*". *En la España Medieval* 43, pp. 67-99 [DOI: https://doi.org/10.5209/elem.68640].

Cornu, Jules (1901): "*Estoria troyaa acabada era de mill et quatroçentos et onze annos* (1373)". Dietrich Behrens (coord.): *Miscellanea linguistica in onore di Graziadio Ascoli*, Torino: E. Loescher, pp. 95-128.

Correa Arias, Francisco (2004): *Fernán Pérez de Andrade, o Bóo. Mentalidade e realidade social*, Noia: Toxosoutos.

Correa Arias, Francisco (2009a): *A Casa de Andrade (1160-1540). Nobreza, mentalidade e ideoloxía na Galicia baixomedieval*, Noia: Toxosoutos.

Correa Arias, Francisco (2009b): "O simbólico e o imaxinario do mundo señorial: os Andrade". *Cátedra. Revista Eumesa de Estudios* 16, pp. 59-98 [http://catedra.pontedeume.es/16/catedra1604.pdf; 30/10/2020].

D'Ambruoso, Claudia (2007): "Per una edizione della *Crónica Troyana* promossa de Alfonso XI". *Troianalexandrina* 7, pp. 9-143.

D'Ambruoso, Claudia (2009): "Sulle relazioni testuali fra il manoscritto G della *Crónica Troiana* galega ed i testimoni della *Versión de Alfonso XI*". *Troianalexandrina* 9, pp. 17-32 [DOI: https://doi.org/10.1484/j.troia.1.100053].

D'Ambruoso, Claudia (2010): "Sobre las relaciones textuales y lingüísticas entre la Crónica Troiana gallega y la Versión de Alfonso XI". José Manuel Fradejas Rueda *et alii* (eds.): *Actas del XIII congreso internacional AHLM. (Valladolid, 15 a 19 de septiembre de 2009). In memoriam Alan Deyermond*, Valladolid: AHLM, pp. 633-645 [http://www.ahlm.es/IndicesActas/ActasPdf/Actas12.1/dambruoso_claudia.pdf; 30/10/2020].

D'Ambruoso, Claudia (2012): *Edición crítica y estudio de la* Crónica Troyana *promovida por Alfonso XI*. Tese de doutoramento inédita, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

González López, Emilio (1980): "Versión a nuestro idioma de la *Crónica troyana* de Fernán Martíns y Fernán Pérez de Andrade". *La Voz de Galicia* 20/01/1980.

Flores Varela, Camilo (1989): "Dous lances amorosos no *Roman de Troie* e nas súas versións ibéricas". *Boletín Galego de Literatura* 2, pp. 33-39 [http://hdl.handle.net/10347/1565; 30/10/2020].

Leite, Mariana (2018): "Mutações do Império: sobre as facetas de Troia na obra e legado de Pedro de Barcelos". *Guarecer. Revista Electrónica de Estudos Medievais* 3, pp. 37-55 [DOI: 10.21747/21839301/gua3a2].

Leite, Mariana (2020): "Portuguese re-elaborations of the Trojan legend at the waning of the Middle Ages". Clara Pascual-Argente / Rosa María Rodríguez Porto (eds.): *A Companion to the Matter of Troy in Medieval Iberia*, Leiden: Brill [no prelo].

Lorenzo, Ramón (1982): "La edición de la *Crónica Troyana* de Parker". *Verba* 9, pp. 253-290.

Lorenzo, Ramón (1985): Crónica Troiana. *Introducción e texto*, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza [estudo: pp. 5-211].

Lorenzo, Ramón (1993): "*Crónica Troiana*". Giulia Lanciani / Giusseppe Tavani (coords.) (1993): *Dicionário de literatura medieval galega e portuguesa*, Lisboa: Caminho, pp. 192-193.

Lorenzo, Ramón (2002): "La interconexión de Castilla, Galicia y Portugal en la confección de las crónicas medievales y en la transmisión de textos literarios". *Revista de Filología Románica* 19, pp. 93-123 [https://revistas.ucm.es/index.php/RFRM/article/view/RFRM0202110093A; 30/10/2020].

Martínez Salazar, Andrés (1900): *Crónica Troyana. Códice gallego del siglo XIV de la Biblioteca Nacional de Madrid* [con apuntamentos gramaticais e vocabulario de Manuel R. Rodríguez], A Coruña: Imprenta de la Casa de Misericordia, 2 vols. [http://biblioteca.galiciana.gal/gl/consulta/registro.do?id=7089; 30/10/2020] [estudo: I, vii-xvi, 1-88].

Pascual-Argente, Clara (2020): "*De francés en castellano*. La tradición manuscrita de la *Crónica troyana* de Alfonso XI", *Troianalexandrina* 20, pp. 23-58.

Pichel, Ricardo (2010): "A peregrinaxe das versións galegas do ciclo clásico na Idade Media". Esther Corral Díaz (coord.): *In marsupiis peregrinorum. Circulación de textos e imágenes alrededor del camino de Santiago en la Edad Media*, Firenze: Edizioni del Galluzzo, pp. 439-454 [https://cutt.ly/vyLRoXP; 30/10/2020].

Pichel, Ricardo (2012): "A fortuna de *Historia Troiana* petrista (BMP ms. 558). Notas sobre a súa xénese, procedencia e vicisitudes". *Madrygal* 15, pp. 119-130 [DOI: https://doi.org/10.5209/rev_MADR.2012.v15.39200].

Pichel, Ricardo (2015): "Sobre as relacións lingüístico-literarias entre as versións ibéricas derivadas do *Roman de Troie*. Un estado da cuestión". Francisco Dubert García / Gabriel Rei-Doval / Xulio Sousa (eds.): *En memoria de tanto miragre. Estudos dedicados ó profesor David Mackenzie*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 125-145 [http://hdl.handle.net/10347/13601; 30/10/2020].

Pichel, Ricardo (2016): "La eclosión la materia clásica en las letras peninsulares bajomedievales. Compilaciones troyanas no autónomas". *Scriptura* 23/24/25, pp. 155-176 [DOI: https://doi.org/10.21001/scriptura.2016.23-24-25.06].

Pichel, Ricardo (2017): "La *Historia Troyana* de Pedro I y su proyección en la Galicia atlantista". *La corónica* 45.2, pp. 209-240 [DOI: https://doi.org/10.1353/cor.2017.0010].

Pociña López, Andrés Xosé (2000): "As aventuras de Ulises: algunhas concordancias e discordancias entre as versións da *Odisea*, a *Crónica Troiana* e a *Historia Troyana*". *Boletín galego de literatura* 24, pp. 57-71 [http://hdl.handle.net/10347/1949; 30/10/2020].

Rodríguez Porto, María Rosa (2012): Thesaurum. *La* Crónica Troyana *de Alfonso XI (Escorial, H. I. 6) y los libros iluminados de la monarquía castellana (1284-1369)*. Tese de doutoramento inédita, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2 vols.

Salvo García, Irene (2019): "La Matière de Troie dans les Lettres Hispaniques Médiévales (XIIIe et XIVe siècles)". *Troianalexandrina* 19, pp. 421-434 [DOI: https://doi.org/10.1484/J.TROIA.5.117054].

Schiff, Mario (1905): *La bibliothèque du Marquis de Santillane. Étude historique et bibliographique de la collection de livres manuscrits de don Iñigo López de Mendoza, 1398-1458, marquès de Santillana, conde del Real de Manzanares*

humaniste et auteur espagnol célèbre, Paris: Bibliothèque de l'École des Hautes Études [https://archive.org/details/labibliothquedum00bibl; 30/10/2020].

Tubino, Francisco María (1877): "El códice de la Biblioteca del Excmo. Señor Duque de Osuna, con la versión galaica del *Roman de Troie*, escrito por Benito de Santa Mora, trovera anglo-normando del siglo XII. Estudio crítico". *Museo Español de Antigüedades* 8, pp. 33-63 [https://archive.org/details/gri_museo-espanol08muse/page/n47/mode/2up; 30/10/2020].

Varela Campos, Paz (1993-94): "Acercamiento al estudio de la nobleza gallega como promotora de obras artísticas. Los Andrade en el señorío de Pontedeume (ss. XIV-XVI)". *Brigantium* 8, pp. 151-164 [https://issuu.com/museocoruna/docs/brigantium8/150; 30/10/2020].

Yáñez Garrote, Modesto (1989): "Os prantos na *Crónica Troiana*". Ramón Lorenzo (coord.): *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas*, Santiago de Compostela: Fundación Pedro Barrié de la Maza, vol. 7, pp. 731-744.



Crónica troiana, Biblioteca Nacional de España, Ms. 10233, fol. 27r

1.1.2. *Historia troiana*

BITAGAP texid 5936, BETA texid 1143

Edicións

Martínez Salazar, Andrés (1900): "Capítulos y fragmentos de texto gallego del Códice bilingüe Menéndez y Pelayo, que no se contienen en el de la Biblioteca Nacional". *Crónica Troyana. Códice gallego del siglo XIV de la Biblioteca Nacional de Madrid*, A Coruña: Imprenta de la Casa de la Misericordia, vol. 2, pp. 269-289 [http://biblioteca.galiciana.gal/gl/consulta/registro.do?id=7089; 30/10/2020].

Parker, Kelvin M. (1975): *Historia Troyana. Edición e introducción de* ---, Santiago de Compostela: CSIC, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos [edición: pp. 1-374] [cf. Rodríguez, José Luís (1977): "Kelvin M. Parker: *Historia Troyana*. CSIC, Instituto Padre Sarmiento, Santiago de Compostela, 1975". *Verba* 4, pp. 366-369; Lorenzo, Ramón (1982): "Correccións á edición da *Historia Troyana* de Parker". *Verba* 9, pp. 253-290].

Pichel, Ricardo (2013): *A* Historia Troiana *(BMP MS. 558). Edición e estudo histórico-filolóxico*. Tese de doutoramento inédita, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2 vols. [transcrición: II, pp. 651-1295; edición: II, pp. 1375-1923].

Testemuño

(**B**) Biblioteca de Menéndez Pelayo, Ms. 558 (BITAGAP manid 1558, BETA manid 1562). Accesíbel en: https://www.marseca.es/bibliotecademenendezpelayo/pdf/Anonimo_Cronica_troyana.pdf.

Datación: ca. 1365-69 (HTc), ca. 1369-73 (HTg).

Lugar de produción: Sevilla (HTc); área coruñesa noroccidental (HTg).

Patrocinio: Pedro I de Castela (BETA bioid 1021, BITAGAP bioid 3242) (HTc); corte señorial dos Andrade (BITAGAP insid 7948; Nuno Freire de Andrade II: BITAGAP bioid 6606 e 4048) (HTg).

Procedencia: Casa de Astorga-Altamira (Pedro Álvarez Osorio, IV marqués de Astorga: BETA bioid 6671; Alfonso Pérez Osorio, VIII marqués de Astorga: BITAGAP bioid 6813, BETA bioid 2748); Gabriel Sánchez, libreiro (BITAGAP bioid 6813, BETA bioid 2622, BITECA bioid 3338).

Encadernación: contemporánea en pel (IPCE 2012), en substitución da anterior (séc. XIX); con cinco nervios naturais en cánabo, tapas de madeira, cabezadas bicolores e decoración con gofrado.

Extensión: II + 220 + II.

Estado de conservación: perda importante de soporte con respecto ao manuscrito híbrido orixinal: 88 folios (HTc: 71 fols.; HTg: 17 fols.).

Composición: facticio homoxéneo (HTg: fols. 1-16, 20, 25, 31-40, 46-50, 53-58, 60-67, 69-72, 98-101, 104-107, 170-179, 208-214, 217-220; HTc: fols. 17-19, 21-24, 26-30, 41-45, 51-52, 59, 68, 73-97, 102-103, 108-169, 180-207, 215-216).

Dimensións: 355 x 270 mm.

Soporte: papel con filigrana (grifón e basilisco; só HTc) e pergamiño (HTc e HTg).

Disposición do texto: a dúas columnas.

Tipo de letra: gótica cursiva híbrida (HTc) e semicaligráfica (HTg).

Decoración: iniciais capitulares (só debuxada nun caso: 3 unidades de pautado), rúbricas e caldeiróns en vermello (HTc). Iniciais capitulares alternantes en azul e vermello (2-3 unidades de pautado; puntualmente 4 ou 5), algunhas con ornamentación afiligranada interna e externa; caldeiróns en azul e vermello, rúbricas e resaltes (poscapitais e maiúsculas internas) en vermello (HTg).

Iluminacións: 7 miniaturas finalizadas e 4 debuxos preparatorios. No estado actual de conservación, o manuscrito presenta máis de 150 reservados para ilustración tanto en HTc como en HTg (o códice orixinal de Pedro I chegaría a superar as 200 iluminacións).

Descrición

A *Historia troyana* promovida por Pedro I de Castela (ca. 1365-69) constituíu un proxecto ambicioso desde o punto de vista textual e iconográfico. O obxectivo do seu impulsor era completar e superar a *Crónica troyana* elaborada baixo o mecenado do seu pai –Afonso XI– (BETA texid 1143), recreando unha compilación amplificada de materia troiana na cal, ademais das accións bélicas conducentes á destrución de Troia, se recollesen con maior detalle os antecedentes da guerra e os acontecementos sobrevindos tras a caída da cidade (García Solalinde 1916: 130-135; Pichel 2010a, 2010b). Desta maneira, a *Historia troyana* de Pedro I ofrecía un relato moito máis exhaustivo da argonáutica e todo un conxunto de narracións contextuais, ausentes ou compendiadas no *Roman de Troie* –e por tanto tamén na versión de Afonso XI–, relativas, entre outras cuestións, á fundación de Troia e os seus primeiros reis, a primeira destrución da cidade en tempos de Laomedonte, a viaxe de Frixo e Hele, a conquista do vélaro de ouro, as historias entrecruzadas de Xasón, Hipsípila e Medea, a infancia de Paris e o xuízo da mazá, ou o feitizo de Aquiles (Pichel 2016: 56-89,

96-100). A mesma estratexia de amplificación e contextualización do núcleo argumental bélico transmitido polo *Roman* reflíctese na sección final da obra, onde se completa a narración dos *nostoi* (o retorno dos heroes gregos aos seus fogares tras a ruína de Troia) co relato do exilio de Eneas en Cartago e no Lacio, e o simbólico resarcimento dos seus descendentes, entre eles Bruto, fundadores vindeiros de Roma e Britania (Pichel 2016: 89-100; 2017: 210-215). Para a incorporación de todos estes episodios, Pedro I baseouse principalmente na materia troiana compilada nas dúas primeras partes da *General estoria* de Afonso X (§ 2.1), mais non a partir da versión sancionada polo rei, senón a través dalgúns materiais previos ou preparatorios, como as versións afonsinas do *Libro de Troya* (tradución historiada, hoxe perdida, da *Histoire ancienne jusqu'à César*) e da *Estoria de las Bretañas* (tradución indirecta da *Historia regum Britanniae*) (Pichel 2012c; 2016: 101-151; 2018).

A *Historia troyana* consérvase en dous testemuños de natureza e alcance desigual: por unha parte, o manuscrito bilingüe (B) da Biblioteca de Menéndez Pelayo de Santander (ms. 558), procedente da corte rexia de Pedro I; por outra, un rascuño do códice santanderino copiado no século XV (Mb) e interpolado parcialmente nun dos volumes facticios que transmiten a *Historia troyana polimétrica* (BNE, ms. 10146; BETA manid 1399), outro dos proxectos literarios acometidos por Afonso XI ao longo do segundo cuartel do Trescentos (Pichel 2016: 152-163; Pascual-Argente 2020; cf. Pla Colomer / Vicente Llavata 2020: 38-43). A xulgar polo contido ausente e a foliación antiga do exemplar santanderino (B), o códice orixinario de Pedro I abranguería máis de 350 folios, nos cales se chegarían a proxectar máis de 200 iluminacións, das que só coñecemos once polo soporte conservado, sete delas completadas e outras catro apenas bosquexadas (Rodríguez Porto 2012a: II, 719-788; 2012b: 17, 36; Pichel 2013: I, 385-397).

Como consecuencia da inestabilidade política que caracterizou o contexto en que se elaborou a obra (ca. 1365-69), agudizada pola guerra civil aberta que enfrontou Pedro I e Henrique de Trastámara, o manuscrito rexio sufriu un deterioro importante e o labor de compilación textual e iconográfica ficou paralizado. Porén, poucos anos despois (ca. 1369-73), o malogrado códice de Pedro I recalaría na corte galega petrista dos Andrade e acabaría por ser restaurado e completado nas súas lagoas materiais e textuais no seo do círculo señorial andradino, baixo a supervisión de Nuno Freire de Andrade II, irmán maior de Fernán Pérez *o Boo* (BITAGAP bioid 1710; § 1.1.1). Nuno Freire, que naquela época ostentaba, entre outros, os cargos de mestre da Orde de Cristo no reino portugués (BITAGAP insid 1084) e gobernador da Coruña por designación de Fernando I de Portugal, emprendería un laborioso proceso de recuperación e afianzamento do soporte orixinal do manuscrito, unido á tradución das seccións materialmente máis febles ou irrecuperábeis (Pichel 2012a: 120-123; Rodríguez Porto 2012: II, 784-788; Pichel 2014b; 2017: 232-235).

A teor da escritura, os trazos lingüísticos e a praxe tradutora, todo apunta a que Nuno Freire encargou a restauración do códice ao mesmo obradoiro que algúns anos antes elaborara para el unha coidada tradución da *General Estoria* de Afonso

X (§ 2.1; Pichel 2013: I, 92-114; 2017: 226-227; Mariño Paz 2018: 110-111). A partir do soporte maltreito, mais aínda lexíbel, do códice de Pedro I recuperáronse e traducíronse boa parte das pasaxes deturpadas (máis dun terzo do volume orixinario), dando como resultado un manuscrito híbrido, coñecido tradicionalmente como *Historia troiana bilingüe*, no cal se combinan as seccións castelás (HTc) superviventes (en pergamiño e papel) cos engadidos galegos pergamináceos (HTg) (Pichel 2012b; 2013: I, 190-191, 219-269; 2017: 229-230; cf. Lorenzo 1985: 32).

O proceso de restauración galega do códice de Pedro I non foi alleo ao complexo panorama sociopolítico da época nin tampouco á carga simbólica que supoñía naquela altura retomar o proxecto petrista frustrado tras a guerra civil. Neste contexto, os artífices da nova *Historia troiana* deberon de ser conscientes do enorme valor estratéxico da empresa cultural liderada pola facción atlantista dos Andrade. O manuscrito híbrido resultante non só axuntaría o valor petrista cos ideais cabaleirescos que marcaron a corte andradina, mais tamén contribuiría a reforzar a relación simbólica que no plano político-cultural se estaba a forxar entre Galiza e Troia (Pichel 2017: 224-231; Pascual-Argente 2017).

No século XVI o códice santanderino pasaría a formar parte do patrimonio bibliográfico da Casa de Astorga-Altamira en tempos de Pedro Álvarez Osorio († 1560), IV marqués de Astorga e V conde de Trastámara. O seu fillo, o gran bibliófilo Alfonso Pérez Osorio († 1592), VIII marqués de Astorga, deixaría consignado nun dos inventarios da súa inxente colección un asento identificábel coa *Historia troyana* (Cátedra 2002: 103, 217, 528). Alí permanecería custodiada até a dispersión desta extraordinaria biblioteca en varias almoedas celebradas ao longo do século XIX. Cara a 1880 o códice sería adquirido polo libreiro e editor madrileño Gabriel Sánchez, e xa na última década da centuria acabaría engrosando o extenso patrimonio librario de Marcelino Menéndez Pelayo, en cuxa biblioteca se conserva na actualidade (Pichel 2014a). Entre 2010 e 2012 o códice foi obxecto dunha importante restauración por parte do Instituto de Patrimonio Cultural de España (Pichel 2013: I, 430-431).

Bibliografía

Cátedra, Pedro M. (2002): *Nobleza y lectura en tiempos de Felipe II. La biblioteca de don Alonso Osorio Marqués de Astorga*, Valladolid: Consejería de Educación y Cultura, Junta de Castilla y León.

García Solalinde, Antonio (1916): "Las versiones españolas del *Roman de Troie*". *Revista de Filología Española* 3, pp. 121-165.

González Pascual, Marcelino (2000): "Ms. 558. Benoît de Sainte-Maure, *Roman de Troie*". *Manuscritos anteriores a 1500 de la Biblioteca de Menéndez Pelayo. Tres estudios y catálogo*, Santander, Concejalía de Cultura, pp. 247-250.

Lorenzo, Ramón (1982): "Correccións á edición da *Historia Troyana* de Parker". *Verba* 9, pp. 253-290 [http://hdl.handle.net/10347/4968; 30/10/2020].

Lorenzo, Ramón (1985): Crónica Troiana. *Introducción e texto*, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza [pp. 31-33 e 183-189].

Lorenzo, Ramón (1993): "*Crónica Troiana*". Giulia Lanciani / Giusseppe Tavani (coords.): *Dicionário de literatura medieval galega e portuguesa*, Lisboa: Caminho, pp. 192-193.

Parker, Kelvin M. (1975): *Historia Troyana. Edición e introducción de* ---, Santiago de Compostela: CSIC, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos [estudo: pp. ix-xiii, 376-386].

Pascual-Argente, Clara (2017): "'E el señor de Galicia era del linaje de Troya': *El Victorial* and the Cultural Memory of Petrismo". *La corónica* 45.2, pp. 241-266 [https://doi.org/10.1353/cor.2017.0011; 30/10/2020]

Pascual-Argente, Clara (2020): "*De francés en castellano*. La tradición manuscrita de la *Crónica troyana* de Alfonso XI", *Troianalexandrina* 20, pp. 23-58.

Pichel, Ricardo (2010a): "A prosa medieval galega á luz do testemuño da *Historia troiana* (Ms. 558 BMP): apuntamentos codicolóxicos". José Manuel Fradejas Rueda *et alii* (eds.): *Actas del XIII congreso internacional AHLM (Valladolid, 15 a 19 de septiembre de 2009). In memoriam Alan Deyermond*, Valladolid: AHLM, pp. 1515-1530 [http://www.ahlm.es/IndicesActas/ActasPdf/Actas12.2/pichel_gotorrez_ricardo.pdf; 30/10/2020].

Pichel, Ricardo (2010b): "La circulación de la materia de Troya en la Baja Edad Media y su reflejo en las letras gallegas. Aproximación al testimonio de la *Historia troiana* (BMP 558)". Jimena Gamba Corradine / Francisco Bautista (coords.): *Estudios sobre la Edad Media, el Renacimiento y la temprana modernidad*, San Millán de la Cogolla: Cilengua, pp. 331-345 [https://cutt.ly/6hWJ8ol; 30/10/2020].

Pichel, Ricardo (2012a): "A fortuna de *Historia Troiana* petrista (BMP ms. 558). Notas sobre a súa xénese, procedencia e vicisitudes". *Madrygal* 15, pp. 119-130 [DOI: https://doi.org/10.5209/rev_MADR.2012.v15.39200].

Pichel, Ricardo (2012b): "Contribución a la codicología de manuscritos hispánicos trecentistas. Evolución y alteraciones fasciculares de la Historia Troiana (BMP Ms. 558)". Ainoa Castro Correa *et alii* (eds.): *Estudiar el pasado: aspectos metodológicos de la investigación en ciencias de la antigüedad y de la Edad Media*, Oxford: British Archaeological Reports International (Series 2412), pp. 411-416 [https://cutt.ly/yofDeZh; 30/10/2020].

Pichel, Ricardo (2012c): "Tradición, (re)tradución e reformulación na *General Estoria* e na *Estoria de Troya* afonsinas á luz dun testemuño indirecto do séc. XIV, *e-Spania* 13 [DOI: https://doi.org/10.4000/e-spania.21124].

Pichel, Ricardo (2013): *A* Historia Troiana *(BMP MS. 558). Edición e estudo histórico-filolóxico*. Tese de doutoramento inédita, Santiago de Compostela: Universidade [estudo: I, pp. 1-641; II: 645-649, 1299-1372].

Pichel, Ricardo (2014a): "De la Casa Astorga-Altamira a la Biblioteca de Menéndez Pelayo. El itinerario final de la *Historia Troyana* (BMP Ms. 558)". *Boletín de la Biblioteca de Menéndez Pelayo* 90, pp. 213-229 [https://cutt.ly/oofFFJa; 30/10/2020].

Pichel, Ricardo (2014b): "Nuno Freire de Andrade, Mestre de Cristo. Tradición e vínculos dos Andrade co reino portugués". *Madrygal* 17, pp. 99-113 [DOI: https://doi.org/10.5209/rev_MADR.2014.v17.45741].

Pichel, Ricardo (2015): "Sobre as relacións lingüístico-literarias entre as versións ibéricas derivadas do *Roman de Troie*. Un estado da cuestión". Francisco Dubert García / Gabriel Rei-Doval / Xulio Sousa (eds.): *En memoria de tanto miragre. Estudos dedicados ó profesor David Mackenzie*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 125-145 [http://hdl.handle.net/10347/13601; 30/10/2020].

Pichel, Ricardo (2016): "«Lean por este libro que o acharam mays complidamente...» Del *Libro de Troya* alfonsí a la *Historia Troyana* de Pedro I". *Troianalexandrina* 16, pp. 55-180 [DOI: https://doi.org/10.1484/J.TROIA.5.112824].

Pichel, Ricardo (2017): "La *Historia Troyana* de Pedro I y su proyección en la Galicia atlantista". *La corónica* 45.2, pp. 209-240 [DOI: https://doi.org/10.1353/cor.2017.0010].

Pichel, Ricardo (2018): "Sobre la recepción alfonsí de la *Historia regum Britanniae*: una versión primitiva de la *Estoria de Bruto*". *Incipit* 38, pp. 69-106 [https://cutt.ly/zofJMjE; 30/10/2020].

Pla Colomer, Francisco Pedro / Santiago Vicente Llavata (2020): *La materia de Troya en la Edad Media hispánica. Historia textual y codificación fraseológica*. Frankfurt am Main: Iberoamericana / Vervuert (Medievalia Hispanica 33).

Rodríguez, José Luís (1977): "Kelvin M. Parker: *Historia Troyana*. CSIC, Instituto Padre Sarmiento, Santiago de Compostela, 1975". *Verba* 4, pp. 366-369.

Rodríguez Porto, María Rosa (2012a): Thesaurum. *La* Crónica Troyana *de Alfonso XI (Escorial, H. I. 6) y los libros iluminados de la monarquía castellana (1284-1369)*. Tese de doutoramento inédita, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2 vols. [vol. 2, pp. 719-788].

Rodríguez Porto, Rosa (2012b): "El *Libro de las Dueñas* y la *Historia Troyana bilingüe* (Santander, BMP, ms. 558). Palabras e imágenes para María Rosa Lida de Malkiel (1910-1962)". *Troianalexandrina* 12, pp. 9-62 [DOI: https://doi.org/10.1484/J.TROIA.1.103037].

Historia troiana (HTg: sección galega), Biblioteca de Menéndez Pelayo, Ms. 558, fol. 50r

Historia troyana (HTc: sección castelá), Biblioteca de Menéndez Pelayo, Ms. 558, fol. 22r

1.2. Ciclo artúrico

1.2.1. *Livro de Tristam*

BITAGAP texid 1222

Edicións

Serrano y Sanz, Manuel (1928): "Fragmento de una versión galaico-portuguesa de *Lanzarote del Lago* (manuscrito del siglo XIV)". *Boletín de la Real Academia Española* XV, pp. 307-314 [edición: pp. 308-314].

Pensado, José Luis (1962): *Fragmento de un "Livro de Tristan" galaico-portugués*, Santiago de Compostela: CSIC, Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento (*Cuadernos de Estudios Gallegos*, anexo XIV) [transcrición: pp. 41-65; edición: pp. 72-79].

Castro, Ivo (1998/2007): "O fragmento galego do *Livro de Tristan*". Dieter Kremer (ed.): *Homenaxe a Ramón Lorenzo*, Vigo: Galaxia, vol. 1, pp. 135-149 [reeditado en 2007: http://www.clul.ulisboa.pt/files/ivo_castro/1998_Tristan_Galego.pdf; 30/10/2020] [edición: pp. 19-26 na reedición de 2007].

Lorenzo Gradín, Pilar / José António Souto Cabo (coords.) (2001): Livro de Tristan *e* Livro de Merlin: *estudio, edición, notas e glosario*, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades [transcrición: pp. 71-84; edición: pp. 85-103].

Soriano Robles, Lourdes (2006): *Livro de Tristan. Contribución al estudio de la filiación textual del fragmento gallego-portugués*, Roma: Edizione Nuova Cultura [edición: pp. 66-73].

Lorenzo Gradín, Pilar / Susana Tavares Pedro (eds.) (2017): *O fragmento galego do* Livro de Tristan. *Nova edición paleográfica e crítica*, Alessandria: Edizioni dell'Orso [transcrición: pp. 19-40; edición: pp. 43-97].

Souto Cabo, José António (2017): "*Livro de Tristão*". José António Souto Cabo (coord.): *Obras pioneiras da cultura portuguesa. Primeiros textos em português. Cantigas trovadorescas, prosa literaria e documentação instrumental*, Lisboa: Círculo de leitores, pp. 279-288.

Pichel, Ricardo / Xavier Varela Barreiro (2019): *O Livro de Tristam. Transcrición paleográfica e edición* (EGPA-lit. Escritorio Galego-Portugués Antigo. Textos literarios), Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela / Instituto da Lingua Galega [https://www.egpalit.org/; 30/10/2020].

Testemuño

Archivo Histórico Nacional, Códices y cartularios, L. 1501/7 (BITAGAP manid 1483). Accesíbel en: http://pares.mcu.es/ParesBusquedas20/catalogo/show/2609414?nm [imaxes 18-21].

Datación: primeira metade do séc. XIV (ca. 1300-40).

Lugar de produción: terras transfronteirizas de Toroño e do Alto-Minho (diocese de Tui; BITAGAP insid 5992).

Patrocinio: corte señorial dos Lima-Batisela (BITAGAP insid 7937; Joán Fernández de Lima III: BITAGAP bioid 6450).

Procedencia: duques de Arjona (don Fadrique Enríquez e dona Aldonza de Mendoza: BETA bioid 1605, 4167); marquesado de Santillana (don Íñigo López de Mendoza: BITAGAP bioid 1543; BETA bioid 1031); ducado de Osuna e Infantado (BITAGAP insid 7203; Mariano Téllez Girón y Beaufort: BITAGAP bioid 1872, BETA bioid 2222).

Extensión: 1 bifolio.

Estado de conservación: importante deterioro na zona superior afectando a lexibilidade do texto.

Dimensións: 308 x 222 mm.

Soporte: pergamiño.

Disposición do texto: a dúas columnas de 31-35 e 38 liñas.

Tipo de letra: gótica cursiva fracturada (modalidade diplomática).

Decoración: rúbricas e iniciais capitulares en vermello (2-3 unidades de pautado), estas últimas con ornamentos afiligranados.

Descrición

O *Livro de Tristam* transmite unha versión galego-portuguesa do *Roman de Tristan en prose* (ca. 1230-40), o primeiro romance que liga a figura de Tristán ao ciclo artúrico, no cal se narra a historia de amor entre o heroe bretón e a princesa irlandesa Iseu. A irradiación peninsular do *roman* francés foi moi diversa e prolongada no tempo, desde as primeiras mostras occidentais (finais do séc. XIII - inicios do XIV) até as refundicións impresas castelás das primeiras décadas do XVI (Lucía Megías 2015: 34-43; Gracia 2015; Soriano Robles 2015; Cuesta Torre 2015, 2016: 87-95). Como se verá, os testemuños casteláns (BETA texid 1277) e cataláns (BITECA texid 2557) coñecidos afástanse da tradición textual do *Tristan*, a diferenza do que acontece coa versión galego-portuguesa supervivente. O único vestixio material conservado no Occidente peninsular é o fragmento galego do *Livro de Tristam*; porén, o coñecemento do ciclo no reino portugués é seguro polo menos desde o último terzo do século XIII. Con independencia da máis que probábel circulación da lenda nesa altura quer na súa versión francesa (como acontece no caso do *Lancelot*; Correia / Miranda 2011; cf. BITAGAP texid 13390), quer xa traducida (cf. *infra*), a súa influencia na

produción lírica da época é evidente (Sharrer 1988: 564; Gutiérrez García / Lorenzo Gradín 2001: 72, 87, 250; Ferreira 2002; Laranjinha 2014; Lorenzo Gradín 2015: 215-216). Doutra parte, hai evidencias indirectas da circulación e tradución do *roman* nas primeiras décadas do século XV de acordo con dúas referencias presentes no catálogo de libros da biblioteca do rei D. Duarte (BITAGAP texid 5942, manid 5328) e nun inventario de bens de Gonçalo Gonçalves, morador en Loulé (BITAGAP texid 20928, manid 6724).

O *Livro de Tristam* conservouse moi fragmentario, pois apenas coñecemos del un bifolio en pergamiño da primeira metade do século XIV que servía de garda a unha copia quiñentista do testamento de Iñigo López de Mendoza. A incorporación da obra á biblioteca do primeiro marqués de Santillana, ou ben á dos seus descendentes, debeu producirse de forma directa desde Galiza, a partir dos vínculos familiares estabelecidos entre a nobreza galega e a castelá (García-Fernández / Otero Piñeyro Maseda 2016: 391-398). En 1928 foi achado por Manuel Serrano y Sanz no arquivo da Casa ducal de Osuna, quen o deu a coñecer; máis tarde o fragmento, como parte dos fondos de Osuna, foi incorporado ao Archivo Histórico Nacional, onde permaneceu perdido durante varias décadas até que en 2009 foi localizado polo investigador Pedro Pinto a través da súa dixitalización no Portal de Archivos Españoles (PARES).

O bifolio foi editado pola primeira vez en 1928 por Serrano y Sanz, quen identificou erroneamente o texto cunha tradución do *Lancelot* do ciclo da *Vulgata*, baseándose no protagonismo que adquire o personaxe de Lanzarote nos episodios conservados (1928: 307-314). O equívoco debeuse a unha falsa interpretación da abreviatura *T'r* por "Ter" (en vez de Tristán), o que motivou a aparición dun descoñecido cabaleiro "don Ter" na súa edición e na crítica posterior (Castro 1998: 138). Varias décadas máis tarde, o seu traballo foi ampliado e requintado por Pensado (1962), quen propuxo outra edición crítica do fragmento, ao tempo que o identificou cunha tradución do *Tristan en prose*, corrixindo así a filiación textual da obra. A pesar do extravío do manuscrito, a publicación das fotografías do pergamiño permitiu a Castro realizar en 1998 unha nova edición (cf. Soriano Robles 1998, 2006), proceso que culminou en 2001 co traballo coordinado por Lorenzo Gradín e Souto Cabo no cal se publicou a transcrición paleográfica e edición crítica do texto, acompañada dun estudo lingüístico e literario. Finalmente, a recuperación do manuscrito en 2009 permitiu a revisión e actualización destes traballos dando lugar ás recentes edicións de Lorenzo Gradín e Pedro (2017), Souto Cabo (2017) e Pichel e Varela Barreiro (2019).

O interese suscitado pola literatura artúrica ibérica concedeu ao bifolio do *Tristam* un lugar privilexiado. Autores como Michon (1991) ou Castro (1998) defenderon que o fragmento representaba unha copia dunha tradución galego-portuguesa feita desde un orixinal francés (Michon 1991: 268; Castro 1998: 10-11). Por outra parte, discutiuse a presenza de certos arcaísmos que non se correspondían coa data de produción do manuscrito, situado por Pensado no último terzo do século XIV (Castro

1998: 10-11). Unha nova abordaxe do fragmento, do punto de vista paleográfico e escriptolingüístico, permitiu actualizar algunhas destas hipóteses no que respecta á datación da tradución e da copia, así como tamén no relativo ao contexto de produción da versión hoxe coñecida (Pichel / Varela Barreiro 2017). En primeiro lugar, confirmouse que a tradución primixenia debeu de ser realizada dentro do último terzo do século XIII (de preferencia na década dos 70), tendo en conta, entre outras cuestións, a significativa presenza do infinitivo *veyr* 'vir'; doutra parte, a coexistencia das formas *nume* e *senllos* axudou a localizar a copia do manuscrito nas terras transfronteirizas da diocese de Tui (Toroño e Alto Minho). Finalmente, unha aproximación paleográfica comparativa confirmou que a versión hoxe coñecida se elaboraría nas primeiras décadas do século XIV (cf. Lorenzo Gradín / Souto Cabo 2001).

Estas coordenadas espazo-temporais permitiron, ademais, vincular a copia do *Livro de Tristam* ao patrocinio do entorno dos Lima-Batisela, influente corte señorial con posesións ao norte e ao sur do Miño e moi ben relacionada co dominio nobiliario portugués e castelán. De acordo con Pichel e Varela Barreiro (2017: 182-190), os estreitos vínculos familiares e socioculturais de Joán Fernández de Lima III (fl. 1288-1316), primoxénito de Fernán Fernández de Lima II (BITAGAP bioid 32895) e marido de Maria Eanes de Aboim (BITAGAP bioid 6725), coas cortes señoriais dos Aboim-Portel e dos Riba de Vizela (BITAGAP insid 7939) no período en que o dito Joán Fernández residiu en Portugal como rico-home de Don Dinis (ca. 1288-1300) explicarían o interese dos Lima polo ciclo artúrico e o encargo dunha copia da primixenia tradución galego-portuguesa do *Tristan en prose*. O labor de mecenado cultural desta familia faríase patente tamén no patrocinio doutras empresas librarias, como o caso da *Crónica geral galega* (§ 2.2), que compartilla evidencias escriptolingüísticas e históricas co fragmento tristaniano (Pichel / Varela Barreiro 2017: 181-182, 187-190). Canto ao seu itinerario posterior, o manuscrito do *Tristam* debeu transitar dos Lima ao dominio da Casa de Lemos, a través da rama familiar Lima-Seixas, para finalmente figurar entre os bens patrimoniais dos duques de Arjona (don Fadrique e dona Aldonza de Mendoza) nas primeiras décadas do século XV (Pichel 2018: 120-138). Esta hipótese enlaza coa proposta de García-Fernández e Otero Piñeyro Maseda, pola cal a alusión a un "libro *do* Tristan" mencionada no inventario de bens de dona Aldonza († 1435) podería remitir ao mesmo manuscrito que posteriormente pasaría a formar parte da colección do marqués de Santillana e do que agora apenas se conserva un bifolio (2016: 391-394).

Como xa se indicou, as pasaxes recoñecidas no fragmento do *Livro de Tristam* caracterízanse polo protagonismo de Lanzarote. Unicamente o primeiro parágrafo permite enxergar parte do romance entre Tristán e Iseu ao narrar o episodio en que Guinglain confirma a Iseu que o heroe bretón aínda está vivo. A continuación descríbense as andanzas de Lanzarote na procura do "Cavaleiro da Cota Mal Tallada", incluído o combate con Neroveis (Neroneus de l'Isle) e a chegada ao castelo de Uter. No fragmento menciónase tamén a historia da "Doncela Maldizente" que posibelmente

se narraría a continuación (Lorenzo Gradín / Pedro 2017: 9-12). En calquera caso, o fragmento transmite un texto incompleto cunha lagoa intermedia de varios episodios. A comparación do bifolio co testemuño A do *Tristan en prose* (Biblioteca Nacional de Viena, ms. 2542) levou Castro a argumentar que as pasaxes perdidas ocuparían tres bifolios e que o pergamiño conservado conformaría o prego exterior dun cuaternión (Castro 1998: 137; cf. Serrano y Sanz 1928: 207; Rossi 1993: 414). Porén, esta hipótese continúa sendo provisoria debido á filiación indirecta entre o bifolio do AHN e o testemuño A do *Tristan*.

Dada a singularidade deste fragmento, considerado agora o vestixio peninsular máis antigo conservado da materia tristaniana (Pichel / Varela Barreiro 2017: 196), o seu texto foi colacionado en numerosas ocasións na procura do seu ascendente máis próximo. Os traballos de Michon (1991), Cuesta Torre (1993a e 2006), Lorenzo Gradín e Díaz Martínez (2004) e Ailenii (2010a, 2013 e 2019), entre outros, permitiron confrontar o exemplar galego cos testemuños franceses editados, localizar as familias máis afíns, sinalar as diverxencias textuais e a orde dos episodios e analizar as características da tradución. Estes estudos confirmaron a filiación do fragmento coa Versión II ou Vulgata do *Tristan en prose*; con todo, polo momento non se presentaron resultados concluíntes sobre a xénese desta versión da obra, dada a imposibilidade de identificar a fonte exacta que se toma como referencia. Como xa se adiantou, os demais testemuños peninsulares (casteláns e cataláns) proceden dunha rama textual distinta, coñecida como familia hispano-italiana, que presenta numerosas diverxencias con respecto ao *Tristan* francés e, por tanto, tamén co testemuño galego-portugués (cf. Cuesta Torre 2015; Gutiérrez García 2015).

Bibliografía

Ailenii, Simona (2009): "O arquétipo da tradução portuguesa da *Estoire del Saint Graal* à luz de um testemunho recente". *Revista Galega de Filoloxía* 10, pp. 11-38 [http://hdl.handle.net/2183/7598; 23/07/2020].

Ailenii, Simona (2010a): "O fragmento do *Livro de Tristan*. Aspectos de *collatio* e tradução". José Manuel Fradejas Rueda *et alii* (eds.): *Actas del XIII congreso internacional AHLM. (Valladolid, 15 a 19 de septiembre de 2009). In memoriam Alan Deyermond*, Valladolid: AHLM, pp. 287-295 [http://www.ahlm.es/IndicesActas/ActasPdf/Actas12.1/AILENII_SIMONA.pdf; 23/07/2020].

Ailenii, Simona (2010b): "Testemunhos arturianos galego-portugueses". *Language and Literature - European Landmarks of Identity* 1, pp. 134-140 [http://www.diacronia.ro/ro/indexing/details/A5810/pdf; 30/10/2020].

Ailenii, Simona (2012): *Os primeiros testemunhos da tradução galego-portuguesa do romance arturiano*. Tese de doutoramento, Porto: Universidade de Porto [http://hdl.handle.net/10216/67288; 30/10/2020].

Ailenii, Simona (2013): "A tradução galego-portuguesa do romance arturiano nos séculos XIII e XIV". *e-Spania* 16 [DOI: https://doi.org/10.4000/e-spania.22611].

Ailenii, Simona (2017): "Tradução peninsular das estórias do *Santo Graal*, *Merlin* e *Tristan*". José Carlos Ribeiro Miranda (org.): *En Doiro antr'o Porto e Gaia. Estudos de Literatura Medieval Ibérica*, Porto: Estratégias Criativas, pp. 135-150.

Ailenii, Simona (2019): *A tradução galego-portuguesa do romance arturiano. Os primeiros testemunhos*, Porto: Estratégias Criativas.

Castro, Ivo (1998/2007): "O fragmento galego do *Livro de Tristan*". Dieter Kremer (ed.): *Homenaxe a Ramón Lorenzo*, Vigo: Galaxia, vol. 1, pp. 135-149 [reeditado en 2007: http://www.clul.ulisboa.pt/files/ivo_castro/1998_Tristan_Galego.pdf; 30/10/2020] [estudo: pp. 1-17 da actualización de 2007].

Correia, Isabel Sofia Calvário / José Carlos Ribeiro Miranda (2011): "Os fragmentos A19 da BGUC e a tradição textual do *Lancelot*". *Seminário Medieval de Literatura, Pensamento e Sociedade* 2009-2011[https://repositorio-aberto.up.pt/handle/10216/76336; 30/10/2020].

Cuesta Torre, María Luzdivina (1993a): *Estudio literario del* Tristán de Leonís. Tese de doutoramento [microforma], León: Universidad de León.

Cuesta Torre, María Luzdivina (1993b): "La transmisión textual de *Don Tristán de Leonís*". *Revista de Literatura Medieval* 5, pp. 63-93 [http://hdl.handle.net/10017/5211; 30/10/2020].

Cuesta Torre, María Luzdivina (1993c): "Traducción o recreación: en torno a las versiones hispánicas del *Tristan en prose*". *Livius. Revista de Estudios de Traducción* 3, pp. 65-75 [http://hdl.handle.net/10612/6264; 30/10/2020].

Cuesta Torre, María Luzdivina (1998): "Problemas para la edición de traducciones medievales de la Materia de Bretaña". Carmen Parrilla *et alii* (eds.): *Edición y anotación de textos. Actas del I Congreso de Jóvenes Filólogos (A Coruña, 25-28 de septiembre de 1996)*, A Coruña: Universidade da Coruña, vol. 1, pp. 193-206 [http://hdl.handle.net/2183/10790; 30/10/2020].

Cuesta Torre, María Luzdivina (2015): "The Iberian *Tristan* texts of de Middle Ages and Renaissance". David Hook (ed.): *The Arthur of the Iberians. The Arthurian Legends in the Spanish and Portuguese Worlds*, Cardiff: University of Wales Press, pp. 309-363.

Cuesta Torre, María Luzdivina (2016): "Tristán, una obra artúrica en los orígenes de los libros de caballerías castellanos". Marta Haro Cortés / José Manuel Lucía Megías (coords.): *Libros de caballerías. 1. Materia de Bretaña en la península ibérica: literatura caste-llana artúrica y tristaniana* (Monografías Aula Medieval 5), Valencia: Universitat, Proyecto Parnaseo, pp. 87-117.

Ferreira, Maria do Rosário (2002): "À sombra de Tristão: Do potencial estruturante da Matéria de Bretanha na mundivisão aristocrática do Portugal medieval". Leonor Curado Neves / Margarida Madureira / Teresa Amado (dirs.): *Matéria de Bretanha em Portugal*, Lisboa: Edições Colibri, pp. 159-75.

García-Fernández, Miguel / Pablo S. Otero Piñeyro Maseda (2016): "El origen gallego del *Livro de Tristan*: hipótesis sobre su procedencia e itinerario". *Verba* 43, pp. 385-403 [https://revistas.usc.gal/index.php/verba/article/view/2528; 30/10/2020].

Gracia, Paloma (2005): "Arthurian Material in Iberia". David Hook (ed.): *The Arthur of the Iberians. The Arthurian Legends in the Spanish and Portuguese Worlds*, Cardiff: University of Wales Press, pp. 11-32.

Gutiérrez García, Santiago (1998): "A corte poética de Afonso III o Bolonhês e a materia de Bretaña". Derek W. Flitter / Patricia Anne Odber de Baubeta (eds.): *Ondas do mar de Vigo. Actas do Simposio Internacional sobre a Lírica Medieval Galego-Portuguesa*, Birmingham: University of Birmingham, pp. 108-123.

Gutiérrez García, Santiago (2001): "A materia de Bretaña no occidente peninsular". Pilar Lorenzo Gradín / José António Souto Cabo (coords.): Livro de Tristan *e* Livro de Merlin. *Estudio, edición, notas e glosario*, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, pp. 15-25.

Gutiérrez García, Santiago (2002): *Orixes da materia de Bretaña. A* Historia Regum Britanniae *e o pensamento europeo do século XII*. Santiago de Compostela: CRPIH, Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Política Lingüística.

Gutiérrez García, Santiago (2015): "Arthurian Literature in Portugal". David Hook (ed.): *The Arthur of the Iberians. The Arthurian Legends in the Spanish and Portuguese Worlds*, Cardiff: University of Wales Press, pp. 58-117.

Gutiérrez García, Santiago (2019): "El proceso compositivo de los ciclos en prosa artúricos a la luz de las teorías sobre la *inventio* (reconsiderando la *Post-Vulgata*)". *Cultura Neolatina* 79.1-2, pp. 137-175 [https://cutt.ly/RhW1Lvx; 30/10/2020].

Gutiérrez García, Santiago / Pilar Lorenzo Gradín (2001): *A literatura artúrica en Galicia e Portugal na Idade Media*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

Laranjinha, Ana Sofia (2014): "D. Dinis e o amor tristaniano". Graça Videira Lopes / Manuele Masini (eds.): *Cantigas trovadorescas: da Idade Média aos nossos dias*, Lisboa: Universidade Nova de Lisboa, pp. 55-64.

López Martínez-Morás, Santiago (1999): "Apuntes sobre o *Livro de Tristan* en galego". Rosario Álvarez / Dolores Vilavedra (coords.): *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, vol. 2, pp. 845-859.

López Martínez-Morás, Santiago / Gerardo Pérez Barcala (2001): "O *Livro de Tristan* na transmisión da materia tristaniana". Pilar Lorenzo Gradín / José António Souto Cabo (coords.): Livro de Tristan *e* Livro de Merlin. *Estudio, edición, notas e glosario*, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, pp. 105-136.

Lorenzo Gradín, Pilar (2015): "The *Matière de Bretagne* in Galicia from the XIIth to the XVth Century". David Hook (ed.): *The Arthur of the Iberians. The arthurian legend in the spanish and portuguese worlds*, Cardiff: University of Wales Press.

Lorenzo Gradín, Pilar / Eva Díaz Martínez (2004): "El fragmento gallego del *Livro de Tristán*. Nuevas aportaciones sobre la *collatio*". *Romania* 122 (487), pp. 371-396 [DOI: https://doi.org/10.3406/roma.2004.1330].

Lorenzo Gradín, Pilar / Eva Díaz Martínez (2005): "Algunas peculiaridades del fragmento gallego del *Livro de Tristan*". Carmen Parrilla / Mercedes Pampín (eds.): *Actas del IX Congreso Internacional de la AHLM*, Noia: Toxosoutos, pp. 57-79 [http://www.ahlm.es/IndicesActas/ActasPdf/Actas9.3/04.pdf; 30/10/2020].

Lorenzo Gradín, Pilar / Susana Tavares Pedro (2017): *O fragmento galego do* Livro de Tristan. *Nova edición paleográfica e crítica*, Alessandria: Edizioni dell'Orso [estudo: pp. 7-16].

Lucía Megías, José Manuel (2015): "The Surviving Peninsular Arthurian Witnesses: a Description and an Analysis". David Hook (ed.): *The Arthur of the Iberians. The Arthurian Legends in the Spanish and Portuguese Worlds*, Cardiff: University of Wales Press, pp. 33-57.

Michon, Patricia (1991): "Le *Tristan* en prose galaïco-portugais". *Romania* 112, pp. 259-268 [DOI: https://doi.org/10.3406/roma.1991.1671].

Pensado, José Luis (1962): *Fragmento de un "Livro de Tristan" galaico-portugués*, Santiago de Compostela: CSIC, Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento (*Cuadernos de Estudios Gallegos*, anexo XIV) [estudo: pp. 7-40].

Pichel, Ricardo (2017): "O casal Lima-Seixas no percurso da produción literaria galega a cabalo dos séculos XIV e XV)". *Alicerces. Revista de estudos sobre o Miño Medio* 3, pp. 113-139 [https://cutt.ly/ByXWWBT; 30/10/2020].

Pichel, Ricardo / Xavier Varela Barreiro (2017): "O fragmento galego-portugués do *Livro de Tristam*. Nova proposta cronolóxica e diatópica". *Madrygal* 20, pp. 159-214 [DOI: https://doi.org/10.5209/MADR.57636].

Ros Domingo, Enrique Andrés (1999): *Arthurische Literatur der Romania. Die iberoromanischen Fassungen des Tristanromans und ihre Beziehungen zu den französischen und italienischen Versionen*, Zürich: Peter Lang.

Rossi, Luciano (1993): "*Livro de Tristan*". Giulia Lanciani / Giusseppe Tavani (coords.): *Dicionário de literatura medieval galega e portuguesa*, Lisboa: Caminho, pp. 414-415.

Sharrer, Harvey L. (1988): "La materia de bretaña en la poesía gallego-portuguesa". Vicent Beltrán (org.): *Actas del I congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval*. Barcelona: Promociones y Publicaciones Universitarias, pp. 561-569 [https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/867876.pdf; 30/10/2020].

Soriano Robles, Lourdes (1998): "La edición del fragmento gallego-portugués del Livro de Tristan". Carmen Parrilla *et alii* (eds.): *Edición y anotación de textos. Actas del I Congreso de Jóvenes Filólogos (A Coruña, 25-28 de septiembre de 1996)*, A Coruña: Universidade da Coruña, vol. 2, pp. 667-676.

Soriano Robles, Lourdes (2006): Livro de Tristan. *Contribución al estudio de la filiación textual del fragmento gallego-portugués*, Roma: Edizione Nuova Cultura [estudo: pp. 13-62, 74-153].

Soriano Robles, Lourdes (2015): "The Matière de Bretagne in the Corona de Aragón". David Hook (ed.): *The Arthur of the Iberians. The Arthurian Legends in the Spanish and Portuguese Worlds*, Cardiff: University of Wales Press, pp. 162-186.



Livro de Tristam, Archivo Histórico Nacional, Códices y cartularios, L. 1501/7, fol. 1r

1.3. Ciclo carolinxio

1.3.1. *Crónica do Pseudo Turpín*

BITAGAP texid 7267 (cnum 14503)

Edicións

López-Aydillo, Eugenio (1918): *Os* Miragres de Santiago. *Versión gallega del códice latino del siglo XII, atribuído al Papa Calisto II*, Valladolid: Imprenta Castellana de Valladolid [https://archive.org/details/osmiragesdesanti00call/page/n5/mode/2up?q=17v; 30/10/2020] [edición: pp. [82]-129] [edición facsimilar: A Coruña: Órbigo, 2016].

Pensado, José Luis (1958): *Miragres de Santiago*, Madrid: Instituto Miguel de Cervantes (*Revista de Filología Española*, anexo 68) [edición: pp. [69]-150].

Gómez Clemente, Xosé María (2001): *O manuscrito 7455 da Biblioteca Nacional de Madrid. "Miragres de Santiago"*. Tese de doutoramento inédita, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela [edición: pp. 82- 126; notas: 193-223].

Lorenzo, Ramón (2004): *Mjragres de Santiago. Milagres de Santiago. Milagros de Santiago*, Valencia: Scriptorium Ediciones Limitadas, 2 vols. [edición: II, pp. 48-87].

Testemuño

Biblioteca Nacional de España, Códices y cartularios, Ms. 7455 (*Miragres de Santiago*), fols. 17v-39v (BITAGAP manid 1064, cnum 14503). Accesíbel en: http://bdh-rd.bne.es/viewer.vm?id=0000134331&page=1 [imaxes 23-44].

Datación: finais do séc. XIV ou comezos do séc. XV (ca. 1390-1420).
Lugar de produción e patrocinio: Sé compostelá (BITAGAP insid 3292).
Procedencia: Conde de Miranda (BITAGAP bioid 1850).
Encadernación: flexíbel antiga en pel (cf. § 3.1).
Extensión: II + 64 + I (fols. 17v-39v).
Estado de conservación: deteriorado (cf. § 3.1), con perda de varios folios no que respecta ao *Pseudo Turpín* (entre os fols. 31-32 e 38-39).
Dimensións: 202 x 137 mm.
Soporte: papel con filigrana (áncoras e círculos).

Disposición do texto: a liña tirada.
Tipo de letra: gótica cursiva redonda semicaligráfica.
Decoración: iniciais capitulares, rúbricas, caldeiróns e resaltes en vermello e ocasionalmente en azul (cf. § 3.1).

Descrición

A *Historia Karoli Magni et Rotholandi*, máis coñecida como *Historia Turpini* ou *Pseudo Turpín*, é unha crónica francesa pertencente ao xénero épico composta no século XII (ca. 1130-40) e falsamente atribuída a Tilpín (ou Tulpín, despois transformado a Turpín), arcebispo de Reims na segunda metade do século VIII, quen, de acordo coa lenda, comporía a obra como testemuña ocular dos feitos narrados. De igual modo que na *Chanson de Roland*, a *Historia Turpini* inspírase na ideoloxía das cruzadas para recrear as campañas bélicas do emperador Carlomagno no norte peninsular orientadas á liberación do Camiño de Santiago do dominio musulmán. A crónica latina presenta a mesma estrutura do cantar de xesta francés: a primeira incursión, desenvolvida nos cinco primeiros capítulos, e a segunda expedición, contra o caudillo sarraceno Agolant, que ocupa a maior parte do texto; a elas súmase unha terceira e última sección, co relato resumido da cruenta batalla de Roncesvalles baseado no cantar rolandiano (López Martínez-Morás 2002, 2008).

A *Historia Turpini* tivo unha ampla difusión no ámbito europeo e circulou de maneira autónoma nun gran número de manuscritos –máis dun centenar (Hämel 1953)– quer como copia, quer como tradución, dando lugar a numerosas reelaboracións de carácter histórico ou poético. Porén, é no *Liber Sancti Iacobi*, redixido a mediados do século XII, onde se recolle o máis remoto vestixio da crónica turpiniana, o que demostra a estreita vinculación da lenda carolinxia co culto compostelán. O autor do *Pseudo Turpín* –oriúndo de Poitiers– exhibe un amplo coñecemento do territorio hispánico naquela altura, da súa xeografía, dos itinerarios da peregrinaxe a Santiago e dos intereses eclesiásticos compostelans, o cal contribúe a recoñecer a dimensión cultural dos intelectuais e colonos francos chegados a España e a súa influencia no ámbito do Camiño de Santiago (Bautista 2011: 82; López Martínez-Morás 2002).

De acordo co testemuño máis antigo do *Liber Sancti Iacobi* –o *Códice Calixtino* (ACS, CF 14)–, a historia de Carlomagno e Roldán insírese no relato xacobeo como unha sección autónoma (o libro IV), após a *translatio* do corpo do apóstolo (libro III) e antes do *Liber peregrinorum* (libro V). O peso dunha longa tradición contraria ao protagonismo de Carlomagno na causa xacobea –inaugurada por Rodrigo Jiménez de Rada na súa *Historia gothica* (ca. 1243) e reafirmada durante as centurias seguintes até finais do séc. XVI (ex. Ambrosio de Morales) e inicios do XVII (ex. Juan de Mariana)– culminou na expurgación en 1619 dos vinte e nove folios do *Codex* que contiñan a *Historia Turpini*, que pasaron a conformar un volume independente até que a mediados do XX (1964) se reintegrou o texto no seu lugar orixinal (Díaz y Díaz 1988, 2003; Fernández Fernández 2012).

A difusión ibérica do *Pseudo Turpín* foi máis discreta do que noutras áreas europeas, non só pola escaseza de textos épicos, mais tamén polo carácter francófilo da obra, cuxa proposta ideolóxica batía coa visión tradicional da conformación do Camiño de Santiago, segundo a cal Teodomiro, o bispo de Iria Flavia, era o responsábel do achado do túmulo apostólico e do nacemento da peregrinación e do culto xacobeos (López Alsina 1988: 107-118). Con todo, a pesar desta incompatibilidade ideolóxica, o coñecemento e a influencia da tradición –oral e escrita– turpiniana rastréxase no ámbito da Coroa de Castela, de maneira puntual ou formularia, nalgúns textos épicos casteláns (como o *Poema de Fernán González* ou o *Roncesvalles*) e, cunha maior proxección ideolóxica, nos principais expoñentes da produción historiográfica do século XIII, como é o caso do *Chronicon Mundi* de Lucas de Tui, o xa citado *De Rebus Hispaniae* do Toledano ou a *Estoria de España* de Afonso X. Nas dúas centurias seguintes, o relato do *Pseudo Turpín* continúa facéndose eco –non sen certa controversia– nalgúns textos historiográficos como a *Cronica mundi* de Gonzalo de Hinojosa ou a glosa latina á *Anacephaleosis* de Alonso de Cartagena, chegando incluso até comezos do séc. XVI, como demostra a tradución do *Roman de Fierabras* de Jean Bagnyon, que contén unha versión do relato carolinxio (Alvar 2009; Bautista 2011; López Martínez-Morás 2013, 2016). Pola súa parte, aínda que cunha circulación máis restrinxida, a difusión do *Pseudo Turpín* na Coroa de Aragón inaugúrase cunha copia moi precoz do *Códice Calixtino* (ACA, Ms. Ripoll 99) elaborada en Compostela ca. 1172-73 a cargo de Arnaut del Mont, monxe da abadía beneditina de Santa Maria de Ripoll (Jaspert 2003; López Martínez-Morás 2013: 474).

A recepción da *Pseudo Turpín* en Portugal foi tamén moi temperá, como demostra a copia do *Liber Sancti Iacobi* –incluído o libro IV– nunha compilación haxiográfica elaborada ca. 1175 procedente do rico fondo manuscrito do mosteiro cisterciense de Santa Maria de Alcobaça (BNP, Alc. 335, fols. 186-212). Por outra parte, tamén se coñece unha copia fragmentaria da *Historia Turpini* inserida nun códice misceláneo vinculado ao mosteiro de Santa Cruz de Coimbra e conservado na Biblioteca Municipal do Porto (ms. 365) (David 1945: 30-39; Martins 1962: 284-285; Fidalgo / Brea 2004: 189-191; Ruiz Torres 2018). A influencia do *Pseudo Turpín* en Portugal continúa até época tardomedieval e ao longo das centurias seguintes coa circulación e tradución do citado *Roman de Fierabras* (Martins 1954, 1983).

Polo que respecta ao ámbito galego, a única tradución coñecida do *Pseudo Turpín* non se transmite como un texto independente, mais si como unha das seccións compiladas nos *Miragres de Santiago* (§ 3.1) a partir do libro IV do *Liber Sancti Iacobi* transmitido polo *Códice Calixtino*, quer a través da súa versión longa (representada polo códice compostelán), quer a través dalgunha versión abreviada (do tipo *libellus*). O único testemuño conservado dos *Miragres* é unha copia a cabalo dos séculos XIV e XV (ca. 1390-1420) elaborada a partir dunha versión trecentista primixenia hoxe perdida. Nesta copia, a peza carolinxia encóntrase nos fols. 17v-39v, entre o relato da traslación da cabeza de Santiago Alfeo (fols. 15r-17r) e o inicio da

Guía de peregrinos coa descrición da cidade e da basílica de Santiago (fols. 39v-42v). Así pois, a peza do *Pseudo Turpín* sitúase tras a sección máis innovadora dos *Miragres*, relacionada coa vida e paixón de Santiago o Menor, contido clave para a reinterpretación ideolóxica do texto (Gómez Clemente 2001: 30-31; Fidalgo / Brea 2004: 198-200; cf. § 3.1).

O texto do *Pseudo Turpín* galego consérvase case por completo, a pesar dalgunhas lagoas materiais entre os fols. 31-32 e 38-39 (Pensado 1958: cxi-cxii, 125, 148). Trátase dunha versión compendiada con respecto ao libro IV do *Códice Calixtino*, tanto no que respecta ao contido de certas seccións como na estrutura capitular, máis condensada na tradución galega, e mesmo con algunhas omisións significativas, motivadas quer pola intervención do tradutor-copista, quer polo uso dunha versión abreviada (*libellum*) como modelo a trasladar (Pensado 1958: xciii-cxii). Canto á posición da *estoria* carolinxia dentro dos *Miragres*, a presenza dunha estraña referencia metatextual á narración da paixón de Santiago Zebedeo e do *Pseudo Turpín* tras o primeiro bloque miraculístico (fols. 1-5r) e xusto antes de se iniciar o relato de Santiago Alfeo (fols. 5r-7v) é un dos indicios que revela, polo menos nesta parte, a estrutura orixinal dos *Miragres* (acorde co *Calixtinus*), logo alterada na copia hoxe conservada (López Martínez-Morás 2007: 466, n. 6; cf. § 3.1).

A transcendencia da *Crónica do Pseudo Turpín* como único vestixio material conservado do xénero épico, en particular do ciclo carolinxio, no conxunto da produción galega medieval debe aquilatarse, con todo, de acordo co soporte textual e codicolóxico en que se transmitiu. Con certeza, só no seo da compilación haxiográfica dos *Miragres* –do mesmo modo que o libro IV no *Codex*– é onde o *Pseudo Turpín* adquire o seu verdadeiro sentido, isto é, prestixiar a reivindicación xacobea enlazando coa mellor tradición épica europea e coa senlleira figura do emperador Carlomagno (López Martínez-Morás 2007: 467; Fidalgo / Brea 2004: 188).

Bibliografía

Alvar, Carlos (2009): "Carlomagno en la literatura castellana medieval". Merce Boixareu / Robin Lefere (coords.): *La historia de Francia en la literatura española: amenaza o modelo*, Madrid: Castalia, pp. 69-102.

Bautista, Francisco (2011): "Memoria de Carlomagno: sobre la difusión temprana de la materia carolingia en España (siglos XI-XII)". *Revista de Poética Medieval* 25, pp. 47-109 [https://ebuah.uah.es/dspace/handle/10017/10622; 30/10/2020].

David, Pierre (1945): "Études sur le livre de Saint Jacques attribué au pape Calixte II". *Bulletin des Études Portugaises* 10, pp. 1-41.

Díaz y Díaz, Manuel Cecilio (1988): *El Códice Calixtino de la Catedral de Santiago. Estudio codicológico y de contenido*, Santiago de Compostela: Centro de Estudios Jacobeos.

Díaz y Díaz, Manuel Cecilio (2003): "La posición del *Pseudo-Turpín* en el *Liber Sancti Iacobi*". Klaus Herbers (coord.): *El* Pseudo-Turpín. *Lazo entre el Culto Jacobeo y el Culto de Carlomagno*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, pp. 99-111.

Fernández Fernández, Laura (2012): "*Cosas tan deshonestas y feas que valiera harto más no haberlo escrito*: avatares y memoria del Códice Calixtino". Juan Carlos Asensio Palacios (coord.): *El Codex Calixtinus en la Europa del siglo XII. Música, Arte, Codicología y Liturgia*. Madrid: INAEM, pp. 171-191 [https://eprints.ucm.es/39422/; 30/10/2020].

Gómez Clemente, Xosé María (2001): *O manuscrito 7455 da Biblioteca Nacional de Madrid. "Miragres de Santiago"*. Tese de doutoramento inédita, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela [estudo: pp. 1-49 e 260-463].

Hämel, A. (1953): "Los manuscritos latinos del Falso Turpino". *Estudos dedicados a Menéndez Pidal*, Madrid: CSIC, vol. 4, pp. 67-85.

Jaspert, Nikolas (2003): "Historiografía y legitimación carolingia. El monasterio de Ripoll, el *Pseudo-Turpín* y los condes de Barcelona". Klaus Herbers (coord.): *El* Pseudo-Turpín. *Lazo entre el Culto Jacobeo y el Culto de Carlomagno*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, pp. 297-315.

López Alsina, Fernando (1988): *La ciudad de Santiago de Compostela en la Alta Edad Media*, Santiago de Compostela: Concello de Santiago de Compostela.

López Martínez-Morás, Santiago (2002): *Épica y Camino de Santiago. En torno al Pseudo Turpín*, Sada: Ediciós do Castro.

López Martínez-Morás, Santiago (2003): "Carlomagno y la tradición oral: de *Nokter Balbulus* a los primeiros textos épicos". Klaus Herbers (coord.): *El* Pseudo--Turpín. *Lazo entre el Culto Jacobeo y el Culto de Carlomagno*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, pp. 45-82.

López Martínez-Morás, Santiago (2007): "Aparición e florecemento da prosa medieval galega". Ana Isabel Boullón Agrelo (ed.): *Na nosa lyngoage galega. A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, pp. 447-472 [http://hdl.handle.net/10347/20454; 30/10/2020].

López Martínez-Morás, Santiago (2008): "*De bello Runcievallis*: la composition de la bataille de Roncevaux dans la chronique de Turpin". *Romania* 126.1-2, pp. 65-102 [DOI: https://doi.org/10.3406/roma.2008.1423].

López Martínez-Morás, Santiago (2013): "Le *Pseudo-Turpin* en Espagne", *Cahiers de recherches médiévales et humanistes* 25, pp. 471-494 [DOI: https://doi.org/10.4000/crm.13124].

López Martínez-Morás, Santiago (2016): "La recepción del *Pseudo Turpín* en Castilla. Aspectos de una polémica". Constance Carta / Sarah Finci / Dora Mancheva Antes (eds.): *Antes se agotan la mano y la pluma que su historia / Magis déficit manus et calamus quam eius historia. Homenaje a Carlos Alvar*, San Millán de la Cogolla: Cilengua, vol. 1, pp. 753-770.

Lorenzo, Ramón (1993): "*Miragres de Santiago*". Giulia Lanciani / Giusseppe Tavani (coords.): *Dicionário de literatura medieval galega e portuguesa*, Lisboa: Caminho, pp. 461-463.

Martins, Mário (1954): "O pseudo-turpim na versão portuguesa da história do imperador Carlos Magno". *Brotéria* 59.5, pp. 380-395.

Martins, Mário (1962): "A gesta peninsular de Carlos Magno em galaico-português". *Brotéria* 74.3, pp. 283-292.

Martins, Mário (1983): "Do poema *Fierabrás* até a *Historia dos doze pares de França*". *Estudos de cultura medieval*, Lisboa: Brotéria, vol. 3, pp. 377-399.

Pensado, José Luis (1958): *Miragres de Santiago*, Madrid: Instituto Miguel de Cervantes (*Revista de Filología Española*, anexo 68) [estudo: pp. ix-clx].

Ruiz Torres, Santiago (2018): "Reconstruyendo la geografía ibérica del *Calixtino*: El *Liber Sancti Iacobi* del monasterio cisterciense de Santa María de Alcobaça (P-Ln Alc. 334/CCCII)". *Revista Portuguesa de Musicologia* 5.2, pp. 315-340 [http://rpm-ns.pt/index.php/rpm/article/view/352; 30/10/2020].



Crónica do Pseudo Turpín, Biblioteca Nacional de España, Ms. 7455 (*Miragres de Santiago*), fol. 17v

2. Prosa historiográfica

2.1. *Geral Estoria*

BITAGAP texid 1243 (cf. BITAGAP texid 1244; BETA texid 1008)

Edicións

Martínez-López, Ramón (1963): *General Estoria, versión gallega del siglo XIV. Ms. O.I.i del Escorial. Edición, introducción lingüística, notas y vocabulario*, Oviedo: Universidad de Oviedo [edición: pp. 3-309] [cf. Lorenzo, Ramón / Xosé Luís Couceiro Pérez (1999a): "Correccións á edición da *General Estoria* de Ramón Martínez López (I)". Rosario Álvarez / Dolores Vilavedra (eds.): *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, vol. 1, pp. 595-627; (1999b): "Correccións á edición da *General Estoria* de Ramón Martínez López (II)". Xosé Luís Couceiro *et alii* (ed.): *Homenaxe ó profesor Camilo Flores*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 209-233].

Sousa, Thomas Frederic (1964): *A Linguistic Analysis of a Portion of the Galician Translation of the* General Estoria *by Alfonso X, el Sabio*. Tese de Doutoramento inédita, Madison: University of Wisconsin [edición (parcial): 2-62].

Testemuños

(**F**) Real Biblioteca del Monasterio de El Escorial, Ms. O.I.1 (BITAGAP manid 1089).

Datación: mediados do séc. XIV (1340-60).

Lugar de produción: área coruñesa noroccidental.

Patrocinio: corte señorial dos Andrade (BITAGAP insid 7948; Nuno Freire de Andrade II: BITAGAP bioid 6606 e 4048).

Procedencia: Gaspar de Guzmán, conde-duque de Olivares (BITAGAP bioid 1867, BETA bioid 2172).

Encadernación: antiga en pergamiño, con cubertas de cartón forradas en pel de becerro; inscrición moderna no lombo: "Hist*o*ria g*e*ner*a*l d*e*l Rey do*n* Alo*n*so d*e* mano".

Extensión: I + 153 + I.

Estado de conservación: óptimo, a pesar da perda, como mínimo, de dous folios (entre os fols. 5-6 e o último).

Dimensións: 425 x 300 mm.
Soporte: pergamiño.
Disposición do texto: a dúas columnas.
Tipo de letra: gótica cursiva semicaligráfica.
Decoración: iniciais capitulares alternantes en tinta azul e vermella con ornamentación afiligranada, especialmente as capitais de maior tamaño, de moi boa factura (reservadas para determinadas fronteiras textuais e estruturais, como cambio de idade ou de libro: 9-10 unidades de pautado; as restantes capitais: 2-4 unidades de pautado e, puntualmente, 5, 6 e 10); caldeiróns alternantes en azul e vermello; rúbricas e resaltes (maiúsculas internas) en vermello.

(**E**) Real Biblioteca del Monasterio de El Escorial, Ms. Y.III.12 (BETA manid 1061).

Datación: primeira metade do séc. XV.
Encadernación: escurialense do séc. XVII.
Extensión: II + 4 (táboa con índice) + 158 + II.
Estado de conservación: con perdas puntuais de soporte (fols. 1-2, 13, 158) e algunhas esgazaduras (fols. 12, 131).
Dimensións: 280 × 205 mm.
Soporte: papel con filigrana (carro de 2 rodas, coroa imperial e cabeza de unicornio, entre outras).
Disposición do texto: a dúas columnas.
Tipo de letra: gótica cursiva redonda semicaligráfica.
Decoración: rúbricas e caldeiróns en vermello; só unha inicial capitular ao comezo (5 unidades de pautado), con decoración afiligranada en tinta parda.

Descrición

A *Geral Estoria* galega representa un dos exemplos máis sobranceiros da recepción occidental da magna compilación historiográfica de Afonso X (BETA bioid 1007, BITAGAP bioid 1069). A *General Estoria* (BETA texid 1008) é unha das principais mostras culturais do intrincado proxecto sociopolítico e universo intelectual do rei Sabio, concibida como unha historia universal desde a orixe da humanidade até o século XIII, momento en que foi compilada (ca. 1270-84). A pesar da existencia na época doutras crónicas universais, o senlleiro proxecto afonsino destacou polo uso da lingua vulgar, o alcance enciclopédico dos contidos recollidos, a complexidade estrutural, a riqueza e variedade das fontes empregadas e o refinamento estilístico. A creación e supervisión dun taller historiográfico no cal se puidesen traducir e compilar as fontes favoreceu a rigorosa organización dos contidos por idades, reinados e pobos, así como a exexese das fontes a través de comentarios, glosas e observacións feitas polo propio equipo de traballo. Do punto de vista cronolóxico, os contidos

escolmados organízanse nunha armazón temporal baseada nas seis idades estabelecidas por Agostiño de Hipona de acordo cos feitos do Antigo e do Novo Testamento; porén, non hai unha correspondencia biunívoca entre idade bíblica e sección da obra, debido á diferente extensión dos relatos incluídos en cada parte. Deste modo, a pauta estrutural que vertebra a progresión cronolóxica de cada unha das seccións da *General Estoria* vén dada polos *Canones chronici* de Eusebio de Cesarea e San Xerome, o que permite, ademais, compatibilizar e complementar o relato sagrado coa materia profana (Gómez Redondo 1998: 703-704, 2007: 4011-4019; Sánchez-Prieto Borja 2009: I, xliii-lxxv; 2020).

Das seis partes proxectadas completáronse as cinco primeiras, aínda que en diferente grao de compilación, e quedou sen concluír a sexta parte (desde o nacemento de Cristo até a época de Afonso X). A primeira parte da *General Estoria* (GE1), da que conservamos unha tradución parcial galega (F), abrangue os cinco libros do *Pentateuco* e, por tanto, os relatos bíblicos correspondentes ás dúas primeiras idades e ao comezo da terceira (da Creación ao Diluvio e de aí ao reinado de Abraham). Para alén dos materiais bíblicos, GE1 reflicte o emprego de fontes moi diversas (como Isidoro de Sevilla, Plinio, Ovidio ou os mitógrafos medievais) a partir das que se combina multitude de datos relativos á evolución do pensamento do ser humano ou ao estabelecemento dos primeiros sistemas sociais, así como outras seccións de natureza exexética nas cales se reinterpretan diferentes acontecementos da historia sagrada ou pagá, como as sucesivas idades do mundo ou a *estoria* do rei Xúpiter (Sánchez-Prieto Borja 2009: I, lxxc-xcii).

O códice O.I.1 da Real Biblioteca del Monasterio de El Escorial (F) transmite no seu estado actual máis da metade da *Xénese* de GE1, nomeadamente os seis primeiros libros e a metade do sétimo (até o cap. 22, no cal se relata a loita de Xacob co anxo). O antígrafo desta tradución non foi a coñecida versión rexia de GE1 (A) (BNE, ms. 816; BETA manid 1055), senón un modelo textual preliminar (*A), hoxe perdido, que descoñecía certas correccións presentes en A e, por contra, non omitía algunhas pasaxes xenuínas ausentes nos restantes testemuños e que acabarían sendo depuradas ou censuradas na versión sancionada polo rei (García Solalinde 1930: li-lxvii; Catalán 1978: 268-269; 1992: 23, 39; 1997: 51; Salvador Martínez 1998: 179-183; Fernández-Ordóñez 2002: 51; Sánchez-Prieto Borja 2009: I, xc-xci; Pichel 2012c: 823-824). Por outro lado, o manuscrito foi obxecto dunha retradución catrocentista castelá (E), que abrangue a mesma porción textual que F e contén diversos occidentalismos imputábeis ao seu antígrafo galego (Martínez López 1963: xviii-xix, 301-325; Rodríguez 1999: 1293; Fernández-Ordóñez 2002: 46, 51; Sánchez-Prieto Borja 2009: I, cxxii). Canto á praxe tradutora do testemuño galego, os estudos de Leite permitiron confirmar, entre outras cuestións, a tendencia máis literal, exhaustiva e analítica de F no confronto co modelo castelán coñecido do que indirectamente procede (o testemuño rexio A), a diferenza do que acontece cun dos fragmentos portugueses de GE1, o testemuño TT custodiado na Torre do Tombo

(BITAGAP manid 5893), máis afastado, sintético e menos literal con respecto á fonte (Leite 2017a; cf. Martínez-López 1963: 301-325; Sousa 1964; Peres Rodrigues 1999; Alonso Parada 2015).

Polo que respecta ao marco de recepción da *General Estoria* en terras galegas, o confronto do testemuño F coa *Historia troiana*, xunto con outras evidencias de carácter (extra)textual, permitiu afinar a cronoloxía e conxecturar o ambiente sociocultural no cal se xestaría a tradución da *Geral Estoria*. Por unha parte, a abordaxe paleográfica, codicolóxica e lingüística avanzada por Pichel (2013: I, 90-114) permitiu atrasar a cronoloxía tradicional de F (primeiro terzo do séc. XIV) até mediados desa mesma centuria, nun momento non moi distante da confección da *Historia troiana* bilingüe (ca. 1369-73). As estreitas concomitancias internas con esta obra apuntan, ademais, a unha intensa vinculación da *Geral Estoria* coa corte señorial dos Andrade, implicada, como é sabido, na promoción das dúas principais empresas librarias de ficción da Galiza baixomedieval: a referida *Historia troiana* (§ 1.1.2) e a *Crónica troiana* (§ 1.1.1), comisionadas, respectivamente, por Nuno Freire de Andrade II e o seu irmán menor Fernán Pérez de Andrade *o Boo* (BITAGAP bioid 1710). Precisamente, o primeiro deles sería tamén o responsábel da supervisión da luxosa tradución da *Geral Estoria* a mediados do Trescentos, pouco tempo antes do seu paso definitivo a Portugal ao servizo dos reis Pedro I e Fernando I como Mestre da Orde de Cristo e Chanceler-mor do reino (Pichel 2012a: 120-124; 2014: 108-114). Esta suposición vese reforzada, ademais, pola presenza dalgúns apuntamentos marxinais coetáneos no códice da *Geral Estoria* (fols. 131-132) onde se recolle o nome de "Nuno Freyre" asociado a varias fórmulas de beizón e boaventura consignadas posibelmente polo propio escribán (cf. BITAGAP bioid 4048). O referente das ditas notas tense asociado unhas veces ao copista e/ou tradutor do manuscrito e outras ao seu promotor, ao tempo que se conxecturou a identificación do tal personaxe coa figura de Nuno Freire de Andrade I, cabaleiro de Afonso XI (Martínez-López 1963: x-xi; González López 1980; Lorenzo 1993: 292; Noia 1995: 34; Campos Souto 1997: 125; Mariño Paz 1998: 154; Noia 2004: 732). Porén, como xa queda dito, a actualización das coordenadas espazo-temporais e socioculturais verbo da produción do manuscrito apuntan con máis seguridade ao sobriño do referido cabaleiro, o Mestre de Cristo Nuno Freire de Andrade II (Pichel 2014: 108-114, 2020b; Mariño Paz 2018: 111).

Ademais do manuscrito F, contamos tamén con outro testemuño –neste caso indirecto– da recepción da *General Estoria* na Galiza baixomedieval. Trátase do prólogo e das interpolacións incluídas na *Historia troiana* bilingüe (§ 1.1.2), conservadas, na súa meirande parte, na sección galega deste códice facticio (HTg: fols. 1-16, 20, 31-36, 46-49; cf. Pichel 2012c: 825-829; 2013: I, 141-174; 2016: 60-100). O interese deste testemuño indirecto radica tanto na súa filiación textual (primeira e segunda partes da *General Estoria*) como no estadio redaccional do modelo do que provén en último termo: de novo, unha versión preliminar á sancionada polo rei na cal aínda non se practicaran certas depuracións ideolóxicas (Pichel 2012b: § 14-21; 2016: 101-123).

Polo que respecta á recepción da *General Estoria* no reino portugués, coñécense varios testemuños (in)directos que confirman a continuidade da circulación, copia e tradución do legado cultural afonsino no dominio galego-portugués até ben entrado o século XVI. Para alén de tres conxuntos de fragmentos copiados nos séculos XV e XVI –traducións directas da GE1 e GE2 (BITAGAP texid 1244)–, tense identificado o emprego da compilación universal nalgunhas obras como a *Crónica de 1344* do Conde de Barcelos (BITAGAP texid 9644) ou o *Auto de la Sebilla Casandra* de Gil Vicente (séc. XVI). Por outro lado, coñécense varias referencias indirectas da tradución da *General Estoria* no seo da corte nobiliaria de Avis, así como a súa lectura e utilización nas primeiras décadas do Trescentos a través do testemuño evorense R (BETA manid 1062), coñecido como *Estoria da Biblia*, da compilación universal afonsina (Ferreira 2015: 65-68, 2019: 197-216; Miranda 2015; Leite 2017b, 2017c).

A pioneira edición da *Geral Estoria* galega emprendida por Martínez-López (1963) non resulta útil sen a exhaustiva revisión e corrección publicada por Lorenzo e Couceiro Pérez (1999a, 1999b). Na actualidade, a transcrición paleográfica do testemuño galego (F) e da súa retradución catrocentista (E) continúa en curso no marco dos proxectos PaLMeGaP e EGPA-lit, para alén dunha nova edición crítica en confronto cos testemuños casteláns e portugués (TT), acompañada dun apéndice cos segmentos galegos da GE2 interpolados na *Historia troiana*.

Bibliografía

Almeida Cabrejas, Belén (2009): General Estoria. *Segunda Parte*, Madrid: Biblioteca Castro, 2 vols.

Almeida Cabrejas, Belén (2013): "*General Estoria*. Breve panorama crítico". *Revista de El Colegio de San Luis* 3.6, pp. 166-181 [https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/4988745.pdf; ; 30/10/2020].

Alonso Parada, Raquel (2015): "La traducción gallega de la *General Estoria*: mudanzas en el dominio de la morfología verbal". Elisa Borsari (coord.): *En lengua vulgar castellana traducido. Ensayos sobre la actividad traductora durante la Edad Media*, San Millán de la Cogolla: Cilengua, pp. 3-22.

Bautista, Francisco (2017): "Sobre la tradición textual de la segunda parte de la *General estoria*". *Bulletin of Spanish Studies* 94(7), pp. 1093-1108 [DOI: 10.1080/14753820.2017.1316943].

Bautista, Francisco (2020): "Alfonso X y la historia". Elvira Fidalgo (coord.): *Alfonso X, protagonista de su tiempo*, San Millán de la Cogolla: Cilengua [no prelo].

Campos Souto, María Begoña (1997): "Bases para una edición de la versión gallega de la *General Estoria*: estudio codicológico del manuscrito O.I.1 del Monasterio de San Lorenzo del Escorial". Andrew M. Beresford (coord.): *'Quien hubiese tal ventura'. Medieval Hispanic Studies in Honour of Alan Deyermond*, London: Queen Mary and Westfield College, pp. 119-126.

Catalán, Diego (1978): "Los modos de producción y "reproducción" del texto literario y la noción de apertura". Antonio Carreira *et alii* (eds.): *Homenaje a Julio Caro Baroja*, Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas, pp. 245-270.

Catalán, Diego (1992): *La* Estoria de España *de Alfonso X. Creación y evolución*, Madrid: Seminario Menéndez Pidal / Universidad Autónoma de Madrid.

Catalán, Diego (1997): *De la silva textual al taller historiográfico alfonsí. Códices, crónicas, versiones y cuadernos de trabajo*, Madrid: Fundación Ramón Menéndez Pidal / Universidad Autónoma de Madrid.

Fernández-Ordóñez, Inés (2002): "*General Estoria*". Carlos Alvar / José Manuel Lucía Megías (coords.): *Diccionario filológico de literatura medieval española: textos y transmisión*, Madrid: Castalia, pp. 42-54.

Ferreira, Maria do Rosário (2015): "Pedro de Barcelos: sangue, natura e a ordem do mundo". José Carlos Ribeiro Miranda / Maria do Rosário Ferreira (orgs.): *Natura e Natureza no Tempo de Afonso X, o Sábio*, Porto: Húmus, pp. 51-70.

Ferreira, Maria do Rosário (2019): *Pedro de Barcelos e a Escrita da História*, Porto: Estratégias Criativas.

García Solalinde, Antonio (1930): *Alfonso el Sabio.* General Estoria, Madrid: Centro de Estudios Históricos.

Gómez Redondo, Fernando (1998): *Historia de la prosa medieval castellana I. La creación del discurso prosístico: el entramado cortesano*, Madrid: Cátedra [cf. *Historia de la prosa medieval castellana*, vol. IV, 2007, Madrid: Cátedra].

González López, Emilio (1980): "Versión a nuestro idioma de la *Crónica troyana* de Fernán Martíns y Fernán Pérez de Andrade". *La Voz de Galicia* 20/01/1980.

Leite, Mariana (2017a): "La *General Estoria* entre dos lenguas: sobre las traducciones de la obra alfonsí al gallego-portugués". *Atalaya* 17 [DOI: https://doi.org/10.4000/atalaya.2810].

Leite, Mariana (2017b): "Tradução e tradição da *General Estoria* em Portugal: sobre as implicações do fragmento ANTT cx. 13, Maço 10 nº 30". José Carlos Ribeiro Miranda (org.): *En Doiro antr'o Porto e Gaia. Estudos de Literatura Medieval Ibérica*, Porto: Estratégias Criativas, pp. 611-618.

Leite, Mariana (2017c): "Entre galego-português e castelhano: sobre a marginalia da tradução dos Salmos no manuscrito R da *General Estoria* de Afonso X". Marta Negro Romero *et alii* (eds.): *Gallæcia. Estudos de lingüística portuguesa e galega*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 893-903 [DOI: http://doi.org/10.15304/cc.2017.1080.52].

Lorenzo, Ramón (1993): "*Geral Estoria*". Giulia Lanciani / Giusseppe Tavani (coords.): *Dicionário de literatura medieval galega e portuguesa*, Lisboa: Caminho, pp. 291-293.

Lorenzo, Ramón / Xosé Luís Couceiro Pérez (1999a): "Correccións á edición da *General Estoria* de Ramón Martínez López (I)". Rosario Álvarez / Dolores Vilavedra (eds.): *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús*

Alonso Montero, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, vol. 1, pp. 595-627.

Lorenzo, Ramón / Xosé Luís Couceiro Pérez (1999b): "Correccións á edición da *General Estoria* de Ramón Martínez López (II)". Xosé Luís Couceiro *et alii* (coords.): *Homenaxe ó profesor Camilo Flores*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 209-233.

Mariño Paz, Ramón (1998): *Historia da lingua galega*, Santiago de Compostela: Sotelo Branco.

Mariño Paz, Ramón (2018): "Literatura en galego e mecenado na Idade Media". Alexandre Rodríguez / Xosé Bieito Arias Freixedo (eds.): *The Vindel Parchment and Martin Codax. The Golden Age of Medieval Galician Poetry / O Pergamiño Vindel e Martin Codax. O esplendor da poesía galega medieval*, Amsterdam: John Benjamins, pp. 103-117 [DOI: https://doi.org/10.1075/z.218.07paz].

Martínez, H. Salvador (1998): "From Script to Print: Beyond Textual Criticism in Medieval Spanish Manuscript Culture". *La corónica* 26.2, pp. 173-194.

Martínez-López, Ramón (1963): General Estoria*, versión gallega del siglo XIV. Ms. O.I.i del Escorial. Edición, introducción lingüística, notas y vocabulario*, Oviedo: Universidad de Oviedo [estudo: pp. ix-lxi].

Miranda, José Carlos Ribeiro (2015): "A *Crónica de 1344* e a *General Estoria*: Hércules e a fundação da Espanha". Marta Haro (dir.): *Literatura y Ficción en la Edad Media Hispánica*, Valencia: PUV, pp. 209-224.

Noia Campos, María Camiño (1995): "Historia da traducción en Galicia no marco da cultura europea". *Viceversa* 1, pp. 13-62 [https://revistas.webs.uvigo.es/index.php/viceversa/article/view/2216; 30/10/2020].

Noia Campos, María Camiño (2004): "El ámbito de la cultura gallega". Francisco Lafarga / Luis Pegenaute (eds.): *Historia de la traducción en España*, Salamanca, Ambos Mundos, pp. 721-[748] [http://hte.upf.edu/historia-de-la--traduccion-en-espana/; 30/10/2020].

Peres Rodrigues, José Henrique (1999): "Alguns apontamentos sobre a traduçom galega da *General Estoria* do rei Afonso X, o Sábio". *Revista de Letras da Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro* 4, pp. 49-66 [https://cutt.ly/xhEBxGj; 30/10/2020].

Pichel, Ricardo (2012a): "A fortuna de *Historia Troiana* petrista (BMP ms. 558). Notas sobre a súa xénese, procedencia e vicisitudes". *Madrygal* 15, pp. 119-130 [DOI: https://doi.org/10.5209/rev_MADR.2012.v15.39200].

Pichel, Ricardo (2012b): "Tradición, (re)tradución e reformulación na *General Estoria* e na *Estoria de Troya* afonsinas á luz dun testemuño indirecto do séc. XIV". *e-Spania* 13 [DOI: https://doi.org/10.4000/e-spania.21124].

Pichel, Ricardo (2012c): "Aproximación a un testimonio indirecto (BMP MS. 558) de la sección troyana de la *General Estoria*". Natalia Fernández Rodríguez / María Fernández Ferreiro (coords.): *Literatura medieval y renacentista en*

España: líneas y pauta, Salamanca: SEMYR, pp. 823-831 [http://repositoriodigital-la-semyr.es/index.php/rd-ls/catalog/book/51#contentsTab; 30/10/2020].

Pichel, Ricardo (2013): *A* Historia Troiana *(BMP MS. 558). Edición e estudo histórico-filolóxico*. Tese de doutoramento inédita, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2 vols.

Pichel, Ricardo (2014): "Nuno Freire de Andrade, Mestre de Cristo. Tradición e vínculos dos Andrade co reino portugués". *Madrygal* 17, pp. 99-113 [DOI: https://doi.org/10.5209/rev_MADR.2014.v17.45741].

Pichel, Ricardo (2016): "«Lean por este libro que o acharam mays complidamente...» Del *Libro de Troya* alfonsí a la *Historia Troyana* de Pedro I". *Troianalexandrina* 16, pp. 55-180 [DOI: https://doi.org/10.1484/J.TROIA.5.112824].

Pichel, Ricardo (2020a): "La traducción entre lenguas vernáculas en la Galicia medieval (ss. XIII-XV)". Francisco Lafarga / Luis Pegenaute (dirs.): *Historia de la traducción en España* [http://phte.upf.edu/hte/edad-media/].

Pichel, Ricardo (2020b): "La traducción gallega del *Génesis* alfonsí (*General estoria*, primeira parte): sobre el contexto de producción y recepción". *Anuario de Estudios Medievales* [en preparación].

Rubio Tovar, Joaquín (2014): "La traducción en la *General Estoria*". *La cultura en la Europa del siglo XIII: emisión, intermediación, audiencia. XL Semana de estudios medievales (Estella, 16-19 de julio de 2013)*, Pamplona: Gobierno de Navarra, Departamento de Cultura, Turismo y Relaciones Institucionales, pp. 247-284.

Sánchez-Prieto Borja, Pedro (coord.) (2009): General Estoria. *Primera Parte*, Madrid: Biblioteca Castro, 2 vols.

Sánchez-Prieto Borja, Pedro (2020): "Biblia y 'materia bíblica' en la génesis de la historiografía universal alfonsí". Belén Almeida Cabrejas / Fernando Larraz Elorriaga / Marina Serrano Marín (eds.): *Babel a través del espejo. Libro homenaje a Joaquín Rubio Tovar*. Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá [no prelo].

Sousa, Thomas Frederic (1964): *A Linguistic Analysis of a Portion of the Galician Translation of the* General Estoria *by Alfonso X, el Sabio*. Tese de Doutoramento inédita, Madison: University of Wisconsin [estudo: iv-xxii, 63-210].

Geral Estoria (GE1), Real Biblioteca del Monasterio de El Escorial, Ms. O.I.1, fol. 86v



Geral Estoria (GE2), Biblioteca de Menéndez Pelayo, Ms. 558 (*Historia troiana*), fol. 11r

2.2. *Crónica geral galega*

BITAGAP texid 1245 (*Estoria de España*; cf. BETA texid 10664, manid 3610)
BITAGAP texid 1308 (*Crónica de Castela*; cf. BETA texid 1129, manid 5658)
BITAGAP texid 1066 (*Liber regum*; cf. BETA texid 1145, cnum 12999)
BITAGAP texid 9418 (*Crónica particular de San Fernando*; cf. BETA texid 9790, cnum 13001)

Edicións

Morais-Barbosa, Jorge de (1958): Crónica de Castela *(ms. 8817 da Biblioteca Nacional de Madrid). Elementos para o estudo linguístico*. Tese de licenciatura (dactilografada), Lisboa: Universidade de Lisboa, 3 vols.

Catalán, Diego / Soledad de Andrés (1970): *Edición crítica del texto español de la* Crónica de 1344 *que ordenó el Conde de Barcelos don Pedro Alfonso*, Madrid: Gredos / Seminario Menéndez Pidal (*Fuentes Cronísticas de la Historia de España* II) [edición (A2a): pp. 338-343].

Lorenzo, Ramón (1975-77): *La traducción gallega de la* Crónica General *y la* Crónica de Castilla, Ourense: Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo", 2 vols. [edición (A): I, pp. 1-903].

Testemuños

(**A**) Biblioteca Nacional de España, Ms. 8817 (BITAGAP manid 1066). Accesíbel en: http://bdh-rd.bne.es/viewer.vm?id=0000132939&page=1.

Datación: primeiras décadas do séc. XIV (A2: ca. 1300-12; A1: ca. 1330-40).

Lugar de produción: terras transfronteirizas de Toroño e do Alto-Minho (diocese de Tui; BITAGAP insid 5992); Sé compostelá (insid 3292).

Patrocinio: corte señorial dos Lima-Batisela (BITAGAP insid 7937; Fernán Fernández de Lima II: BITAGAP bioid 32895; Joán Fernández de Lima IV: BITAGAP bioid 32896).

Procedencia: casal Lima-Seixas (Fernán Eanes de Lima II: BITAGAP bioid 7228; Joana Vásquez das Seixas: BITAGAP bioid 33000); Casa de Haro (Juan Fernández de Velasco y Guzmán: BITAGAP bioid 1838, BETA bioid 2663); Biblioteca Real (Madrid; BITAGAP insid 1040, BETA insid 1050).

Encadernación: moderna en tafilete vermello con ferros dourados nas tapas e no lombo; inscrición no lombo: "CRONICA DE ESPAÑA".
Extensión: III + 88 (A1) + 3 (A2a: 89-91) + 138 (A2b: fols. 92-229) + 36 (A2c: fols. 230-265) + 1 (A2d) + III.
Composición: facticio homoxéneo.
Estado de conservación: bo, con perda puntual de soporte (fol. 265).
Dimensións: 295 x 215 mm.
Soporte: pergamiño.
Disposición do texto: a dúas columnas (fols. 89v-90: a liña tirada).
Tipo de letra: gótica cursiva semicaligráfica (fols. 89v-90: gótica cursiva fracturada).
Decoración: iniciais capitulares alternantes en vermello e azul con ornamentación afiligranada (A2: 2 unidades de pautado, salvo as capitais iniciais de 8 e 12), ou vermello e pardo sen decoración (A1: 2-3 unidades de pautado, salvo a primeira capital de 4); rúbricas en vermello.

(**A'**)[9] Universidad de Salamanca, Biblioteca General Histórica, Ms. 2497 (BITAGAP manid 1496, BETA manid 1923).

Datación: finais do séc. XIV ou primeiras décadas do XV (ca. 1390-1430).
Lugar de produción: área luguesa mindoniense (?).
Patrocinio: corte señorial dos Enríquez de Castro (?) (BITAGAP insid 7938).
Procedencia: Lorenzo Ramírez de Prado (BITAGAP bioid 2798, BETA bioid 2529); Colegio Mayor de Cuenca (Salamanca; BITAGAP insid 1016, BETA insid 1036); Biblioteca Real (Madrid; BITAGAP insid 1040, BETA insid 1050).
Encadernación: moderna, pasta española marrón xaspeado; inscrición no lombo: "CRONICA DE ESPAÑA".
Extensión: II + 137 (A') + 4 (BETA cnum 1332 e 1687) + II.
Composición: facticio.
Estado de conservación: bo, a pesar da perda dun folio (entre os fols. 7 e 8), con deterioración nos tres primeiros folios pola acción de bibliófagos e algunhas esgazaduras (fols. 60-61).
Dimensións: 279 x 215 mm.
Soporte: papel con filigrana (balanza).
Disposición do texto: a dúas columnas.
Tipo de letra: gótica cursiva redonda semicaligráfica.

9 Lorenzo (1975-77) refírese a este manuscrito como A1, mais dado que A1 é o nome con que se coñece a primeira parte de A, utilizamos a nomenclatura proposta por Menéndez Pidal (1896) e consolidada por Catalán (1962), para evitar confusións.

Decoración: iniciais capitulares (2 unidades de pautado e puntualmente 3, 4 e 7), rúbricas e caldeiróns en vermello.

(**Ae**) Biblioteca Nacional de España, Ms. 643 (BETA manid 1022). Accesíbel en: http://bdh-rd.bne.es/viewer.vm?id=0000012074&page=1.

Datación: último terzo do séc. XV.
Procedencia: Alonso Miguel (BETA bioid 3188); Alonso de Valencia (BETA bioid 3189).
Encadernación: antiga, flexíbel en pergamiño.
Extensión: II + 175 (Ae) + 176-183 (cf. BETA manid 5741) + I.
Composición: facticio.
Estado de conservación: acéfalo (perda de 4-5 fols.), con varias esgazaduras e roturas (fols. 1-3) e algunhas follas recortadas e restauradas (fols. 12, 27).
Dimensións: 260 x 200 mm.
Soporte: papel con filigrana (manopla con flor de seis pétalos).
Disposición do texto: a liña tirada.
Tipo de letra: gótica cursiva redonda semicaligráfica.
Decoración: sen rúbricas e capitais (só algunhas debuxadas con posterioridade), aínda que se deixaron os reservados; algunhas secuencias destacadas en módulo maior.

Descrición

A denominada *Crónica geral galega* é un conxunto cronístico conformado pola tradución e compilación de varios textos historiográficos relativos á historia dos reinos de Galiza-León e Castela desde Ramiro I até Sancho IV. Consérvanse tres testemuños desta obra ou das seccións compiladas nela: un códice facticio das primeiras décadas do século XIV (A), do que se realizou unha copia parcial moderna (ACL Série Azul, Ms. 1651; BITAGAP manid 1740); unha copia tardía dunha das seccións de A (a da *Estoria de España*: A1) confeccionada a cabalo dos séculos XIV e XV (A'), e unha retradución desta última para castelán feita a finais do século XV (Ae). A filiación textual entre estes tres testemuños só é directa no caso do testemuño castelán Ae, que é copia de A'; porén, entre este último e A1 media un testemuño hoxe desaparecido (*Ax).

Alén dalgunhas propostas alternativas para designar o texto, como *Crónica Galega dos Reinos de León e de Castela* ou *Crónica de León* e *Crónica de Castela* (Monteagudo 1994, 2019), a denominación tradicional da obra (*Crónica Xeral Galega* ou *Crónica Xeral e Crónica de Castela*) foi amplamente asimilada pola crítica galega a partir da edición de Lorenzo (1975-77), quen se baseou parcialmente na terminoloxía, xa superada, de Menéndez Pidal (*Primera Crónica General*). Estas denominacións, con todo, conviven tamén coa referencia autónoma específica a cada

un dos textos compilados: tradución, versión ou *versão* galego(-portuguesa) da *Estoria de España* e da *Crónica de Castilla* (véxase, por exemplo, Cintra 1951; Catalán 1962, 1992, 1997; López-Martínez Morás 2007; Miranda 2009, 2012; Ferreira 2012; Pichel / Varela Barreiro 2017).

O códice custodiado na BNE (A), o único que conserva o texto íntegro, está conformado por dous volumes que estiveron separados até un momento indeterminado anterior ao século XVII (Catalán 1959: 16-17; 1962: 316; cf. Lorenzo 1975-77: I, xxvii-xxviii; 2002: 97). O primeiro volume (A1) relata a historia dos reis galego-leoneses desde Ramiro I até Vermudo III a partir dunha tradución da *Versión amplificada* da *Estoria de España* feita en tempos de Sancho IV (1289) (BETA texid 10664; insid 1075), baseada no testemuño rexio E2c emendado a comezos do século XIV (RBME, ms. X.I.4; BETA manid 1007; cnum 12425). O segundo volume (A2) transmite a historia dos reis de Castela desde Fernando I até a definitiva unión dos reinos con Fernando III a partir dunha tradución da *Crónica de Castilla* (BETA texid 1129) que foi intervida e completada posteriormente con outros textos (Catalán 1962: 313-356; Lorenzo 1975-77: I, xliii-xlvi; Catalán 1995: 521-523; Lorenzo 2002: 97-88). Alén destas dúas grandes seccións, o ms. 8817 da BNE inclúe algunhas adicións actualizadoras á historia dinástica castelá. De acordo coa terminoloxía proposta por Miranda (2009, 2010, 2012), A2 componse, alén da propia *Crónica de Castela* (A2b, fols. 91-229), dunha breve sección introdutoria, baseada principalmente no *Liber regum*, cun relato esquemático da historia gótica e o asentamento da monarquía castelá (A2a, fols. 89v-90); por outra parte, a crónica complétase cun epílogo no cal se amplifica o relato de Fernando III, con base na *Cronica particular de San Fernando* (A2c, fols. 230-265), e se alude sucintamente aos reinados de Afonso X, Sancho IV e a Fernando IV xa como rei (A2d, fols. 229 e 265).

A ensamblaxe de todos estes materiais cronísticos foi progresiva e consonte os intereses culturais e ideolóxicos dos seus artífices e promotores ao longo das primeiras décadas do Trescentos. Nunha primeira etapa, en tempos de Fernando IV (ca. 1300-12), tradúcese íntegra a *Crónica de Castela* (A2b) e complétase cun breve apéndice alusivo aos últimos anos de Fernando III e aos reinados subseguintes até Sancho IV (A2d). Porén, este núcleo orixinario será obxecto de ampliación e emenda poucos anos despois, no segundo cuartel da centuria (ca. 1330-40): por unha parte, prolóngase o relato sobre Fernando III após a morte de Afonso IX (A2c) e tras el reescríbense as noticias actualizadoras dos reinados sucesivos até os tempos de Fernando IV (A2d); para alén disto, complétase o volume A2 co sucinto prólogo baseado no *Liber regum* (A2a) e incorpórase o relato neogótico asturleonés tirado da *Estoria de España* sanchina (A1) (Catalán 1962: 313-356, 1995: 521-523; Lorenzo 2002: 97-98; Miranda 2009, 2010, 2012). Verbo da competencia tradutora dos artífices da *Crónica geral galega*, a diferenza do que se observa noutras obras de carácter historiográfico ou de ficción (como a *Geral Estoria* ou a *Historia troiana*; §§ 2.1 e 1.1.2), máis apegadas ao seu modelo castelán, a actitude fronte á versión traducida

da *Crónica* parece caracterizarse pola liberdade e diferencialismo con respecto ao seu antígrafo (Bello Rivas 1995, 1998, 1999).

A recoñecida conexión galego-portuguesa en termos de recepción, circulación e compilación das *estorias* e crónicas (pos)afonsinas ten longo percorrido crítico desde os pioneiros estudos de Cintra e Catalán até a actualidade. A mesma tradición textual híbrida que conformou o facticio A é replicada pouco tempo despois polo conde don Pedro de Barcelos na súa *Crónica de 1344* (BITAGAP texid 9644) e máis tarde polo compilador galego da *Crónica de 1404* (§ 2.3). Porén, o encontro da tradición manuscrita destas tres crónicas foi case sempre indirecto ou independente. De acordo con Catalán, a *Crónica de 1344* é froito do encontro de $*\alpha_1$ e $*\alpha_2$, prototipos galego-portugueses de A1 e A2, respectivamente (Cintra 1951: I, cccxvii-cccxxx; Catalán / de Andrés 1970: xliv-xlix; Catalán 1995: 526-529; Lorenzo 2002: 99), aínda que tamén se ten conxecturado unha filiación directa desde os modelos textuais casteláns sen dependeren necesariamente dunha primixenia tradución representada por A (Ferreira 2005: 51-59, 757-759; 2010; 2012: § 16-30; 2019). Polo que respecta á *Crónica de 1404*, sabemos que o anónimo compilador empregou a *Crónica de Castela* amplificada tomada do ms. A2 (A2b e os seus paratextos A2c e A2d); porén, para a historia leonesa non utilizou A1, mais o testemuño intermedio *Ax, posíbel antígrafo da copia tardía A' (Catalán 1995: 529-532, 1997: 239-240). Alén de todos estes encontros (in)directos de materia (pos)afonsina, as tres crónicas coinciden tamén en coñecer de modo autónomo unha terceira fonte de moi limitada circulación, o *Liber regum*, e dentro del o *Linaje de los reyes de Bretaña*, baseado no *Roman de Brut* de Wace (1155), incorporado ao *Liber regum* orixinal (comezos do séc. XIII) e transmitido polo *Libro de las generaciones* de ca. 1260 (BETA texid 1145 e 1226). Esta fonte chegaría ao Occidente peninsular e comezaría a usarse con profusión no *Livro de Linhagens* do Conde de Barcelos (BITAGAP texid 1173) (Cintra 1950; Catalán 1995: 533; cf. Bautista 2010, 2013, 2020).

A pesar da súa complexidade material e textual (López Martínez-Morás 2007: 458-460), o estudo da configuración lingüística e paleográfica do códice facticio da BNE, unido a outras evidencias de natureza textual e vinculadas ao ámbito de recepción da obra, permitiron resituar a conformación gradual deste manuscrito nunhas coordenadas espazo-temporais e socioculturais máis definidas (Lorenzo 1975-77: I, xxviii-xxxvi; Álvarez / Xove 1998; Pichel / Varela Barreiro 2017: 181-190; Pichel 2017; 2018; Mariño Paz 2018: 109-110; Monteagudo 2019: 370-377). Polo que respecta á sección máis antiga do códice (A2b e A2d), parece factíbel a participación da corte señorial dos Lima-Batisela, herdeiros do capital liñaxístico e cultural dos poderosos Traba, nomeadamente o magnate Fernán Fernández de Lima II (fl. 1261-1312), pai de Joán Fernández de Lima III (BITAGAP bioid 6450), probábel comitente da copia galega do *Livro de Tristam* (Pichel / Varela Barreiro 2017: 182-190; Mariño Paz 2018: 109). Doutra parte, a incorporación á *Crónica de Castela* de A1 e os paratextos de A2 (especialmente o fragmento do *Liber regum*), onde se acrecentan

mencións explícitas ao privilexio do Voto de Santiago (cf. § 3.1), parece ser unha iniciativa vinculada á Sé de Santiago baixo o auspicio de Joán Fernández de Lima IV, arcebispo de Compostela entre 1331 e 1338 (Rodríguez Porto 2012: II, 58, 785; Pichel / Varela Barreiro, 2017: 199; Pichel 2017: 118-119). A dita conexión coa Sé compostelá xa fora posta de relevo por Bautista (2010: § 35-37) no que respecta á recollida de materiais cronísticos necesarios para a confección da *Crónica geral galega*. Porén, tamén se ten explorado a implicación de Rodrigo de Padrón, arcebispo de Santiago entre 1307 e 1316, como posíbel comitente da tradución e compilación da crónica (Monteagudo 1994). Por último, canto á vinculación mindoniense conxecturada por Catalán (1992: 185-196; 1997: 236-240), hoxe sabemos que non atinxe á etapa de composición da obra, mais si á súa recepción a comezos do século XV. Con efecto, sería no ámbito da Sé episcopal de Mondoñedo –se callar na órbita nobiliaria ou eclesiástica dos Enríquez de Castro– onde probabelmente se efectuaría a copia do testemuño A' da *Estoria de España* (a partir do testemuño *Ax hoxe perdido), así como a compilación da *Crónica de 1404* con base principal no texto transmitido por *Ax e A2 (Lorenzo 1975-77: I, xlvii-lvii; Catalán 1995; Bautista 2010: § 37; Pichel 2017: 137-138; Mariño Paz 2018: 112).

A recepción e circulación aquén e alén Miño dos mesmos materiais cronísticos ou os seus antecedentes aconsellan trazar outras hipóteses alternativas e mesmo complementarias. De acordo con Miranda (2012: 132-133), a tradución da *Crónica de Castela* representada polo ms. A2 e os seus paratextos A2a e A2d podería relacionarse cos intereses liñaxísticos da corte señorial dos Riba de Vizela (BITAGAP insid 7939), concretamente do II conde de Barcelos, Martim Gil de Riba de Vizela II (BITAGAP bioid 6253), neto de Gil Martins (BITAGAP bioid 2944), antigo mordomo-mor de Afonso III e probábel comitente do *Livro velho de Linhagens* (BITAGAP texid 1171). Con certeza, a eventual implicación dos fidalgos de Riba de Vizela na recepción e tradución da *Crónica de Castela* en terras occidentais fai preludiar o enorme interese historiográfico que suscitarán este texto e a *Estoria de España* no III conde de Barcelos, don Pedro Afonso, quen os empregará, como xa se viu, na súa *Crónica de 1344*. Décadas despois, estes e outros materiais partillados coa *Crónica de 1404* volverán reaparecer na *Refundição* de comezos do XV (ca. 1400) da crónica do conde don Pedro (Cintra 1951: I, xxix-xxx, lxiv-lxxv; Catalán 1995: 526-529, 1997: 165-181; Ferreira 2012). Pola súa parte, a estreita relación da Casa señorial dos Lima-Batisela coas cortes rexias castelá e portuguesa (especialmente con Fernando IV e D. Dinis), mais tamén os seus vínculos familiares e culturais con algunhas das liñaxes galego-portuguesas máis prestixiosas da altura, entre elas os Riba de Vizela ou os Aboim-Portel, convida a pensar en termos de copatrocinio transfronteirizo no que respecta á tradución, copia e circulación destes textos a comezos do XIV (Pichel / Varela Barreiro 2017: 187-90; Pichel 2017: 118-119). Polo demais, a presenza dunha nota de posesión no fol. 89r de A2a (o que correspondería á cuberta inicial do

volume A2) sitúa o códice da *Crónica de Castela* amplificada a finais do século XIV entre os bens patrimoniais de Fernán Eanes de Lima II, señor das terras de Lima e Soutomaior, e da súa muller dona Joana Vásquez das Seixas, o que reforza a idea do padroado cultural limense nas primeiras décadas do século XIV (Pichel 2017: 120-123; 2018).

Entre finais do século XV e comezos do XVI, o códice facticio (A) formaba parte da biblioteca do VI condestábel de Castela, Juan Fernández de Velasco e Guzmán († 1613), conde de Haro e V duque de Frías (Fernández Pomar 1967: 107, nº 68), antes de ingresar a mediados do XVIII na Real Biblioteca de Madrid. Nesta mesma institución permanecería temporalmente o ms. A', tras o seu paso salmantino polo Colegio Mayor de Cuenca, a cuxo fondo bibliográfico se incorporara procedente da biblioteca do diplomático e humanista Lorenzo Ramírez de Prado († 1658) (Lilao Franca / Castrillo González 1997-2002: II, 855-856).

A robusta e pioneira edición de Lorenzo (1975-77) inclúe no aparato crítico as variantes (gráficas ou textuais) do testemuño A' da *Estoria de España*, para alén doutras diverxencias froito do cotexo da *Crónica geral galega* coa *Crónica de 1344* e con algúns dos testemuños casteláns da *Crónica de Castilla* e da *Estoria de España*. Para alén disto, hoxe tamén contamos cunha transcrición e edición en curso do referido testemuño helmántico (A') e da súa retradución castelá (Ae), no marco dos proxectos PaLMeGaP e EGPA-lit.

Bibliografía

Álvarez, Rosario / Xosé Xove (1998): "Lingua e variación dialectal na *Crónica Xeral Galega*". Dieter Kremer (ed.): *Homenaxe a Ramón Lorenzo*, Vigo: Galaxia, vol. 1, pp. 29-58.

Armistead, Samuel G. (1955): La Gesta de las Mocedades de Rodrigo. *Reflections of a Lost Epic Poem in the* Crónica de los Reyes de Castilla *and the* Crónica General de 1344. Tese de doutoramento, New Jersey: Princeton University.

Armistead, Samuel G. (1966-67): "New Perspectives in Alphonsine Historiography". *Romance Philology* 20.2, pp. 204-217.

Bautista, Francisco (2010): "Original, versiones e influencia del *Liber regum*: estudio textual y propuesta de *stemma*". *e-Spania* 9 [DOI: https://doi.org/10.4000/e-spania.19884].

Bautista, Francisco (2013): "Genealogías de la materia de Bretaña: del *Liber regum* navarro a Pedro de Barcelos (c. 1200-1350)". *e-Spania* 16 [DOI: https://doi.org/10.4000/e-spania.22632].

Bautista, Francisco (2020): "De nuevo sobre el *Libro de las generaciones y linajes de los reyes* (o *Liber regum*): recuperación de la versión toledana de hacia 1219". *e-Spania* 37 [DOI: https://doi.org/10.4000/e-spania.37546].

Bello Rivas, María Xesús (1995): *A traducción galega da* Crónica General. *Entre*

dependencia e innovación. Tese de licenciatura inédita, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

Bello Rivas, María Xesús (1998): "O texto galego da *Crónica General* e o seu traductor". Dieter Kremer (ed.): *Homenaxe a Ramón Lorenzo*, Vigo: Galaxia, pp. 59-69.

Bello Rivas, María Xesús (1999): "La *Crónica General de España* y su traducción gallega". Aurelio González *et alii* (coords.): *Discursos y representaciones en la Edad Media. Actas de las VI Jornadas Medievales*, México: UNAM, El Colegio de México, pp. 153-168.

Catalán, Diego (1959): "La *Crónica Geral de Espanha* del Conde Don Pedro de Barcelos (1344) y los orígenes de la Historiografía Portuguesa". *Ibérida* 2, pp. 11-101.

Catalán, Diego (1962): *De Alfonso X al Conde de Barcelos: cuatro estudios sobre el nacimiento de la historiografía romance en Castilla y Portugal*, Madrid: Gredos / Seminario Menéndez Pidal.

Catalán, Diego / Soledad de Andrés (1970): *Edición crítica del texto español de la* Crónica de 1344 *que ordenó el Conde de Barcelos don Pedro Alfonso*, Madrid: Gredos / Seminario Menéndez Pidal (Fuentes Cronísticas de la Historia de España II).

Catalán, Diego (1992): *La* Estoria de España *de Alfonso X. Creación y evolución*, Madrid: Seminario Menéndez Pidal / Universidad Autónoma de Madrid.

Catalán, Diego (1995): "La expansión al Occidente de la Península Ibérica del modelo historiográfico de la *Estoria de España*. Nuevas precisiones". Cilene da Cunha Pereira / Paulo Roberto Dias Pereira (orgs. e coords.): *Miscelânea de estudos lingüísticos, filológicos e literários in Memoriam Celso Cunha*, Rio de Janeiro: Nova Fronteira, pp. 521-532.

Catalán, Diego (1997): *De la silva textual al taller historiográfico alfonsí. Códices, crónicas, versiones y cuadernos de trabajo*, Madrid: Fundación Ramón Menéndez Pidal / Universidad Autónoma de Madrid.

Cintra, Luís Filipe Lindley (1950): "Uma tradução galego-portuguesa desconhecida do *Liber Regum*". *Bulletin Hispanique* 52, pp. 27-40 [DOI: https://doi.org/10.3406/hispa.1950.3216].

Cintra, Luís Filipe Lindley (1951): Crónica geral de Espanha de 1344. *Edição crítica do texto português*, Lisboa: Academia Portuguesa da História, vol. 1 [reedición en 1983-90, 4 vols., Lisboa: Imprensa Nacional, Casa da Moeda].

Fernández Pomar, José María (1967): "Manuscritos del VI Condestable de Castilla en la Biblioteca Nacional". *Helmantica. Revista de filología clásica y hebrea* 18, nº 55-57, pp. 89-108 [http://summa.upsa.es/high.raw?id=0000002713&name=00000001.original.pdf; 30/10/2020].

Ferreira, Maria do Rosário (2005): *A lenda dos Sete Infantes: Arqueologia de um destino épico medieval*. Tese de doutoramento, Coimbra: Universidade de Coimbra.

Ferreira, Maria do Rosário (2010): "D. Pedro de Barcelos e a representação do passado ibérico". Maria do Rosário Ferreira (coord.): *O Contexto Hispânico da Historiografia Portuguesa nos Séculos XIII e XIV. Em memória de Diego Catalán*, Coimbra: Imprensa da Universidade de Coimbra, pp. 81-106 [https://www.academia.edu/821916/D._Pedro_De_Barcelos_Ea_Representação_Do_Passado_Ibérico; 30/10/2020].

Ferreira, Maria do Rosário (2012): "As traduções de castelhano para galego-português e as políticas da língua nos séculos XIII-XIV". *e-Spania* 13 [DOI: https://doi.org/10.4000/e-spania.21021].

Ferreira, Maria do Rosário (2019): *Pedro de Barcelos e a Escrita da História*, Porto: Estratégias Criativas.

Gómez Pérez, José (1963): "Elaboración de la *Primera Crónica General de España* y su trasmisión manuscrita". *Scriptorium* 17.2, pp. 233-276 [https://doi.org/10.3406/scrip.1963.3180; 30/10/2020].

Lilao Franca, Óscar / Carmen Castrillo González (1997-2002): *Catálogo de manuscritos de la Biblioteca Universitaria de Salamanca*, Salamanca: Ediciones Universidad de Salamanca, 2 vols.

López Martínez-Morás, Santiago (2007): "Aparición e florecemento da prosa medieval galega". Ana Isabel Boullón Agrelo (ed.): *Na nosa lyngoage galega. A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, pp. 447-472 [http://hdl.handle.net/10347/20454; 30/10/2020].

Lorenzo, Ramón (1975-77): *La traducción gallega de la* Crónica General *y la* Crónica de Castilla, Ourense: Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo", 2 vols. [estudo: I, pp. ix-lviii; II].

Lorenzo, Ramón (1998): "A prosa galega medieval". Anna Ferrari (coord.): *Filología classica e filologia romanza esperienze ecdotiche a confronto. Atti del Convegno Roma 25-27 maggio 1995*, Spoleto: Centro italiano di studi sull'alto medioevo, pp. 121-136.

Lorenzo, Ramón (1999): "A visión de Galicia na *Crónica Xeral Galega* e noutras 'Crónicas' medievais". Dieter Kremer (ed.): *Actas do V Congreso Internacional de Estudios Galegos*, Trier / Sada: Centro de Documentación de Galicia / Ediciós do Castro, vol. 2, pp. 575-606.

Lorenzo, Ramón (2000): "Prosa medieval". Francisco Rodríguez Iglesias (dir.): *Galicia. Literatura*. Tomo XXX: *A Idade Media*, A Coruña: Hércules, pp. 364-429.

Lorenzo, Ramón (2002): "La interconexión de Castilla, Galicia y Portugal en la confección de las crónicas medievales y en la transmisión de textos literarios". *Revista de Filología Románica* 19, pp. 93-123 [https://revistas.ucm.es/index.php/RFRM/article/view/RFRM0202110093A; 30/10/2020].

Lorenzo, Ramón (2013): "A visión de Santiago nalgunhas crónicas medievais". Santiago López Martínez-Morás *et alii* (eds.): *Identidade europea e intercambios culturales en el Camino de Santiago (Siglos XI-XV)*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 247-262 [https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/10054; 30/10/2020].

Mariño Paz, Ramón (2018): "Literatura en galego e mecenado na Idade Media". Alexandre Rodríguez / Xosé Bieito Arias Freixedo (eds.): *The Vindel Parchment and Martin Codax. The Golden Age of Medieval Galician Poetry / O Pergamiño Vindel e Martin Codax. O esplendor da poesía galega medieval*, Amsterdam: John Benjamins, pp. 103-117 [DOI: https://doi.org/10.1075/z.218.07paz].

Menéndez Pidal, Ramón (1918 [1898]): "Traducción gallega de la *Primera Crónica* y de la *Crónica de Castilla*". *Crónicas Generales de España*, Madrid: Catálogo de la Real Biblioteca, pp. 143-153.

Miranda, José Carlos Ribeiro (2009): "A introdução à versão galego-portuguesa da *Crónica de Castela* (A2a): Fontes e estratégias". Maria do Rosário Ferreira / José Carlos Ribeiro Miranda / Ana Sofia Laranjinha (eds.): *Seminário Medieval 2007-2008*, Porto: Estratégias Creativas, pp. 61-97 [http://hdl.handle.net/10216/56525; 30/10/2020].

Miranda, José Carlos Ribeiro (2010): "Historiografia e genealogia na cultura portuguesa anterior ao Conde D. Pedro de Barcelos". Maria do Rosário Ferreira (coord.): *O Contexto Hispânico da Historiografia Portuguesa nos Séculos XIII e XIV. Em memória de Diego Catalán*, Coimbra: Imprensa da Universidade de Coimbra, pp. 53-80 [DOI: https://digitalis-dsp.uc.pt/bitstream/10316.2/31559/1/4-%20cadernos%20de%20literatura%20medieval.pdf].

Miranda, José Carlos Ribeiro (2012): "A primitiva conclusão da versão galego-portuguesa da *Crónica de Castela* (A2d)". *Cahiers d'études hispaniques médiévales* 35, pp. 123-140 [DOI: https://doi.org/10.3917/cehm.035.0123] [tamén accesíbel en: https://0974375f-5a31-4859-a156-606c23b01c56.filesusr.com/ugd/0e9128_b2e97841bc5c4b76a3d341aa75569b58.pdf; 30/10/2020].

Monteagudo, Henrique (1994): "A *Crónica galega dos reinos de León e Castela* na historia e na historiografía galegas". Trevor J. Dadson / R. J. Oakley / P. A. Odber de Baubeta (eds.): *New frontiers in Hispanic and Luso-Brazilian scholarship. Como se fue el maestro: for Derek W. Lomax in memoriam*, Lewiston: The Edwin Mellen Press, pp. 33-55 [http://webspersoais.usc.es/export9/sites/persoais/persoais/henrique.monteagudo/Descargas/A_crxnica_galega_dos_reinos_de_lexn_e_de_castela.pdf; 30/10/2020].

Monteagudo, Henrique (2019): "Variación e cambio lingüístico no galego-portugués (s. XIII - s. XIV): os clítico *me/mi* e *lle/lhi* e outras formas en <-e> final". *Boletín da Real Academia Galega* 380, pp. 303-395 [DOI: https://doi.org/10.32766/brag.380.775].

Morais-Barbosa, Jorge de (1958): Crónica de Castela *(ms. 8817 da Biblioteca Nacional de Madrid). Elementos para o estudo linguístico*. Tese de licenciatura dactilografada, Lisboa: Universidade de Lisboa, 3 vols.

Morais-Barbosa, Jorge de (1960): "La langue de la *Chronique de Castille* (ms. 8817 de la Bibliothèque Nationale de Madrid". *Boletim de Filologia* XIX, pp. 151-158.

Pichel, Ricardo / Xavier Varela Barreiro (2017): "O fragmento galego-portugués do *Livro de Tristam*. Nova proposta cronolóxica e diatópica". *Madrygal* 20, pp. 159-214 [DOI: https://doi.org/10.5209/MADR.57636].

Pichel, Ricardo (2017): "O casal Lima-Seixas no percurso da produción literaria galega a cabalo dos séculos XIV e XV". *Alicerces. Revista de estudos sobre o Miño Medio* 3, pp. 113-139 [https://cutt.ly/ByXWWBT; 30/10/2020].

Pichel, Ricardo (2018): "Los Enríquez de Castro y la producción historiográfica gallega en el primer tercio del siglo XV. De la *Estoria de España* a la *Crónica de 1404*". *Coloquio Internacional de la AHLM. Libros, lecturas y reescrituras (Universidad de Zaragoza, 23-26 de octubre de 2018)*, Zaragoza: Universidad de Zaragoza.

Rodríguez, José Luís (2003 [1974]): "Crónicas galegas medievais". Benxamín Casal Vila (dir.): *Gran enciclopedia galega Silverio Cañada*, Lugo / Pontevedra: El Progreso / El Diario de Pontevedra, vol. 12, pp. 228-231.

Souto Cabo, José António (1993): "Caracterizaçom dialectal da Galiza na idade média". Gerold Hilty (coord.): *XXe Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes. Tome II, Section III. La fragmentation linguistique de la Romania (Université de Zurich, 6-11 avril 1992)*, Tübingen: Francke, vol. 2, pp. 531-547.



Crónica de Castela (A2), Biblioteca Nacional de España, Ms. 8817 (*Crónica geral galega*), fol. 93r



Estoria de España (A'), Universidad de Salamanca, Biblioteca General Histórica, Ms. 2497, fol. 130v



Liber regum (A2a), Biblioteca Nacional de España, Ms. 8817 (*Crónica geral galega*), fol. 90r

2.3. *Crónica de 1404*

BITAGAP texid 1309 (cf. BETA texid 1138)

Edicións

Catalán, Diego / Soledad de Andrés (1970): *Edición crítica del texto español de la* Crónica de 1344 *que ordenó el Conde de Barcelos don Pedro Alfonso*, Madrid: Gredos / Seminario Menéndez Pidal (*Fuentes Cronísticas de la Historia de España* II) [edición (sección do *Liber regum*): pp. 239-286].

Pérez Pascual, José Ignacio (1990): *Crónica de 1404*. Tese de doutoramento inédita, Salamanca: Universidad de Salamanca, 2 vols. [edición parcial: II, pp. 4-342].

Testemuños

(S) Biblioteca de Menéndez Pelayo, Ms. 62 (BITAGAP manid 1561).

Datación: inicios do séc. XV.
Lugar de produción: área luguesa mindoniense.
Patrocinio: corte señorial dos Enríquez de Castro (?) (BITAGAP insid 7938).
Procedencia: Casa de Lemos (?).
Encadernación: antiga, flexíbel en pergamiño, con tres nervios.
Extensión: II + 162 + II.
Estado de conservación: códice mútilo con moitas perdas de soporte ao comezo, no interior e ao final.
Dimensións: 237 x 175 mm.
Soporte: pergamiño.
Disposición do texto: a dúas columnas.
Tipo de letra: gótica cursiva redonda semicaligráfica.
Decoración: iniciais capitulares e poscapitais alternantes en vermello e azul (ás veces tamén en pardo e morado) con ornamentación afiligranada e de dimensión variada (2-4 unidades de pautado, puntualmente 5, 7 e 8); caldeiróns alternantes en azul e vermello; rúbricas e resaltes (en maiúsculas internas) en vermello. O códice presenta unha decena de espazos en branco proxectados posibelmente para iluminación.

(**V**) Hispanic Society of America, Ms. B2278 (BITAGAP manid 1509, BETA 3267).

Datación: primeiro terzo do séc. XV (ca. 1430).
Lugar de produción: área luguesa mindoniense.
Patrocinio: corte señorial dos Enríquez de Castro (?) (BITAGAP insid 7938).
Procedencia: Pedro Vindel (BITAGAP bioid 1751, BETA insid 1129).
Encadernación: moderna en marroquín azul, con cubertas interiores en marroquín vermello decorado con bordes de encaixe dourado e coas armas reais de Castela en cada esquina; inscrición no lombo: "CORONICA O GRANDE ESTORIA GENERAL DE ESPANNA. CÔDICE DEL SIGLO XIV".
Extensión: IV + 363 + III.
Estado de conservación: óptimo, aína que con algunhas perdas puntuais de soporte e texto (nos fols. 72-81).
Dimensións: 380 x 270 mm.
Soporte: papel con filigrana (coroa simple).
Disposición do texto: a liña tirada.
Tipo de letra: gótica cursiva redonda semicaligráfica.
Decoración: iniciais capitulares (dimensións moi variadas: entre 2 e 10 unidades de pautado), rúbricas e caldeiróns (ocasionais) en vermello. O códice presenta medio centenar de espazos en branco de entre 5 e 20 unidades de pautado asociados posibelmente a determinadas fronteiras textuais.

(**E**) Real Biblioteca del Monasterio de El Escorial, Ms. X.I.8 (BETA manid 1293)

Datación: mediados do séc. XV.
Encadernación: escurialense do séc. XVI.
Extensión: II + 332[10] + IV.
Estado de conservación: deteriorado no comezo, por perda de soporte e co primeiro folio restaurado; con algunhas manchas de humidade.
Dimensións: 380 x 280 mm.
Soporte: papel con filigrana (carro con dúas rodas).
Disposición do texto: a dúas columnas.
Tipo de letra: gótica cursiva redonda semicaligráfica.
Decoración: prolongación decorativa de hastas e caídos en tinta parda nas marxes superior e inferior; non hai rúbricas nin capitais (só algunhas bosquexadas).

10 Entre os fols. 138 e 139 acrecentouse en época moderna un pequeno caderno de 10 fols. cosido ao fascículo orixinal.

Descrición

A *Crónica de 1404* é unha compilación historiográfica proxectada desde a creación do mundo até o reinado de Henrique III seguindo a liña das crónicas derivadas da *Estoria de España* de Afonso X. A praxe compilatoria do anónimo artífice da *Crónica de 1404* ponse de manifesto no coñecemento e tratamento das fontes que pretende ensamblar, así como na súa capacidade de combinar os materiais afonsinos con distintas interpolacións de natureza diversa co fin último de construír un discurso máis cabal e sofisticado (cf. Pérez Pascual 1990: I, 96-131; Lorenzo 1993: 185; Bautista 2014).

A estrutura da obra componse de catro seccións ben diferenciadas tanto no que respecta ás fontes empregadas como á extensión. A primeira parte abrangue desde a creación do mundo até o inicio do dominio godo na Península, e conforma o sector máis orixinal da obra canto á combinación de fontes. A partir do material cronístico de Isidoro de Sevilla (a través da refundición do *Corpus Pelagianum*), vanse ligando outras lendas tomadas de fontes clásicas (como o *Faetón* de Ovidio), xunto a outras narrativas procedentes de Jiménez de Rada, da *Estoria de España*, da *Biblia* ou do *Libro de las generaciones y linajes de los reyes* (ou *Liber regum*), de onde se recolle o relato da liñaxe dos reis de Bretaña (Pérez Pascual 1990: I, 96-108; 1994; cf. Bautista 2010, 2013, 2020; Gutiérrez García 2020). De acordo con Bautista (2014), no que respecta polo menos á sección dos emperadores romanos, o singular texto galego parece basearse aquí nun material cronístico preexistente xa compilado e transmitido polo ms. O da *Versión crítica* de Afonso X (RBME ms. K.II.3; BETA manid 1010).

A segunda parte comeza coa historia dos pobos xermánicos e a súa chegada á Península até o reinado de Ramiro I, para o que se emprega fundamentalmente a *Versión crítica* da *Estoria de España* (BETA texid 4477), para alén doutros contidos de natureza xeográfica baseados nas *Etimoloxías* isidorianas (Pérez Pascual 1990: I, 111-121; Catalán 1997: 103-106, 116-124, 206-240; Fernández-Ordóñez 2000: 230; Lorenzo 2000: 386; Bautista 2014). A terceira parte da *Crónica de 1404* é a máis extensa e transmite o relato desde Ramiro I até a morte de Fernando III, para o que se empregan como fontes principais a *Crónica de Castilla* (BETA texid 1129) a partir do testemuño A2 amplificado da *Crónica geral galega* (§ 2.2) e a *Estoria de España* a través do prototipo *Ax (antecedente de A') conxecturado por Catalán (1995: 529-532; 1997: 239-240). Ademais, interpólase nesta sección unha historia das cruzadas para a que talvez se manexou un testemuño da *Historia rerum in partibus transmarinis gestarum* de Guillerme de Tiro (Pérez Pascual 1990: I, 123-131; 1991b). Finalmente, a cuarta parte ofrece un pequeno resumo dos reinados subseguintes a Fernando III até Henrique III, época en que se sitúa a redacción da obra, para a que se puido empregar un dos paratextos (A2d) incluídos no volume A2 da *Crónica geral galega* completado con outras fontes de orixe descoñecida (Pérez Pascual 1990: I, 84-85; Catalán 1995: 529-530; 1997: 236-239).

A *Crónica de 1404* consérvase total ou parcialmente en tres manuscritos, ademais de dous códices hoxe perdidos (cf. Pérez Pascual 2002; BETA manid 3966):

de acordo con Pérez Pascual (1990: I, 58-65; 2002), o máis antigo deles (S) parece constituír o modelo textual directo das dúas copias posteriores (V e E). O códice da Biblioteca de Menéndez Pelayo de Santander (S), de comezos do século XV, é fragmentario (presenta graves mutilacións materiais e textuais) e apenas abrangue o período histórico comprendido entre os tempos de Fernán González, conde de Castela, e a conquista de Valencia polo Cid. Pola súa parte, o códice neoiorquino da Hispanic Society of America (V), copiado ca. 1430 e adquirido previamente polo libreiro Pedro Vindel (de aí a denominación tradicional de Manuscrito Vindel), representa o único testemuño completo da obra e foi copiado inicialmente nun castelán repleto de occidentalismos (até o fol. 58v) para despois continuar até o final na lingua de instalación (a galego-portuguesa) do copista-tradutor (Pérez Pascual 1991a; Pichel 2020). Por último, o testemuño da Real Biblioteca del Monasterio del Escorial (E) é unha retradución castelá catrocentista, tamén con occidentalismos e moi anotada, que abrangue desde o comezo da *Crónica* até mediados do reinado de Afonso VI e a historia do Cid (Pérez Pascual 1991a: 218; Lorenzo 1993: 184-185).

Canto á relación da *Crónica de 1404* coa historiografía portuguesa, convén lembrar a estreita irmandade textual da compilación galega coa *Crónica de 1344* (BITAGAP texid 9644), non só polo uso (in)directo dos prototipos textuais herdados pola *Crónica geral galega* (§ 2.2) (Catalán 1995: 526-529; Ferreira 2012), mais tamén no que respecta á *Versión crítica* da *Estoria de España* compilada tanto na *Crónica de 1404* como na refundición de ca. 1400 da crónica do Conde de Barcelos (Cintra 1951: I, xxix-xxx, lxiv-lxxv; Pérez Pascual 1993; Catalán 1997: 165-181; Bautista 2014). Por outra parte, constátase o uso autónomo do *Liber regum* tanto na *Crónica de 1404* como no *Livro de Linhagens* do conde D. Pedro (BITAGAP texid 1173) (Catalán / de Andrés 1970: liii-lxii; Bautista 2010b: § 12, 33-38, 2013, 2020; Gutiérrez García 2020).

Descoñécese quen foi o artífice ou promotor da *Crónica de 1404* galega, mais dispomos de información valiosa no propio texto e nos materiais historiográficos aos que se remonta a respecto da súa vinculación coa diocese de Mondoñedo, así como do seu perfil intelectual e do contexto histórico en que se debeu xestar a obra. Canto ao primeiro, os estudos de Catalán confirmaron o interese da diocese mindoniense –a través da adición de diferentes interpolacións– na copia e compilación no primeiro terzo do século XV dos textos (pos)afonsinos, nomeadamente, a *Crónica de Castela* (BITAGAP texid 1308) e as versións crítica e amplificada da *Estoria de España* transmitidas pola *Crónica de 1404* (Catalán 1992: 185-196; 1997: 236-240). En consonancia con estas e outras evidencias (Pérez Pascual 1990: I, 134-146), a composición e transmisión da *Crónica de 1404* podería vincularse ao entorno nobiliario e eclesiástico lugués dos Enríquez de Castro (especialmente no caso de Pedro Enríquez e Juan Enríquez, bispos de Mondoñedo e Lugo, respectivamente), onde recalarían os materiais historiográficos relacionados coa compilación da crónica, entre outros, os testemuños A2 e *Ax (antígrafo de A') procedentes, nunha parte, dos

bens patrimoniais dos Lima-Seixas (cf. § 2.2; BITAGAP bioid 7228 e 33000) (Pichel 2017: 138-139; 2018; Mariño Paz 2018: 112).

O meritorio traballo de Pérez Pascual (1990) centrouse na edición das partes da *Crónica* non coincidentes coas seccións correspondentes á *Crónica geral galega* editada por Lorenzo (1975-77). Na actualidade, continúa en andamento a transcrición paleográfica dos tres testemuños da *Crónica de 1404* e a súa edición crítica no marco dos proxectos PaLMeGaP e EGPA-lit.

Bibliografía

Bautista, Francisco (2010a): "*Crónica de 1404*". Graeme Dunphy (ed.): *Encyclopedia of the Medieval Chronicle*, Leiden / Boston: Brill, vol. 1, p. 285.

Bautista, Francisco (2010b): "Original, versiones e influencia del *Liber regum*: estudio textual y propuesta de *stemma*". *e-Spania* 9 [DOI: https://doi.org/10.4000/e-spania.19884].

Bautista, Francisco (2013): "Genealogías de la materia de Bretaña: del *Liber regum* navarro a Pedro de Barcelos (c. 1200-1350)". *e-Spania* 16 [DOI: https://doi.org/10.4000/e-spania.22632].

Bautista, Francisco (2014): "Para la tradición textual de la *Estoria de España* de Alfonso X". *Romance Philology* 68, pp. 137-210 [DOI: https://doi.org/10.1484/J.RPH.5.107635].

Bautista, Francisco (2020): "De nuevo sobre el *Libro de las generaciones y linajes de los reyes* (o *Liber regum*): recuperación de la versión toledana de hacia 1219". *e-Spania* 37 [DOI: https://doi.org/10.4000/e-spania.37546].

Catalán, Diego (1962): *De Alfonso X al Conde de Barcelos. Cuatro estudios sobre el nacimiento de la historiografía romance en Castilla y Portugal*, Madrid: Gredos / Seminario Menéndez Pidal.

Catalán, Diego / Soledad de Andrés (1970): *Edición crítica del texto español de la* Crónica de 1344 *que ordenó el Conde de Barcelos don Pedro Alfonso*, Madrid: Gredos / Seminario Menéndez Pidal.

Catalán, Diego (1992): *La* Estoria de España *de Alfonso X. Creación y evolución*, Madrid: Seminario Menéndez Pidal / Universidad Autónoma de Madrid.

Catalán, Diego (1995): "La expansión al Occidente de la Península Ibérica del modelo historiográfico de la *Estoria de España*. Nuevas precisiones". Cilene da Cunha Pereira / Paulo Roberto Dias Pereira (orgs. e coords.): *Miscelânea de estudos lingüísticos, filológicos e literários in Memoriam Celso Cunha*, Rio de Janeiro: Nova Fronteira, pp. 521-532.

Catalán, Diego (1997): *De la silva textual al taller historiográfico alfonsí. Códices, crónicas, versiones y cuadernos de trabajo*, Madrid: Fundación Ramón Menéndez Pidal / Universidad Autónoma de Madrid.

Cintra, Luís F. Lindley (1951): Crónica Geral de Espanha de 1344. *Edição crítica do texto português*, Lisboa: Academia Portuguesa da História.

Faulhaber, Charles B. (1983): "*Crónica general de 1404*, *Crónica geral de 1404*". *Medieval Manuscripts in the Library of the Hispanic Society of America. Religious, legal, Scientific, Historical, and Literary Manuscripts*, New York: The Hispanic Society of America, vol. 1, pp. 422-424.

Fernández-Ordóñez, Inés (2000): "La transmisión textual de la *Estoria de España* y de las principales 'Crónicas' de ella derivadas". Inés Fernández-Ordóñez / Samuel G. Armistead (coords.): *Alfonso X el Sabio y las crónicas de España*, Valladolid: Universidad de Valladolid, pp. 219-260 [http://www.cervantesvirtual.com/nd/ark:/59851/bmch13j7; 30/10/2020].

González Pascual, Marcelino (2000): "Ms. 62. Anónimo. *Crónica Xeral de 1404*". *Manuscritos anteriores a 1500 de la Biblioteca de Menéndez Pelayo. Tres estudios y catálogo*, Santander: Concejalía de Cultura, pp. 113-114.

Gutiérrez García, Santiago (2020): "Geoffrey of Monmouth in Portugal and Galicia". Joshua Byron Smith / Georgia Henley (eds.): *Companion to Geoffrey of Monmouth*, Leiden: Brill (Companion to European History, 22), pp. 482-486 [DOI: https://doi.org/10.1163/9789004410398_028].

López Martínez-Morás, Santiago (2007): "Aparición e florecemento da prosa medieval galega". Ana Isabel Boullón Agrelo (ed.): *Na nosa lyngoage galega. A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, pp. 447-472 [http://hdl.handle.net/10347/20454; 30/10/2020].

Lorenzo, Ramón (1975-77): *La traducción gallega de la* Crónica General *y la* Crónica de Castilla, Ourense: Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo", 2 vols.

Lorenzo, Ramón (1993): "*Crónica de 1404*". Giulia Lanciani / Giusseppe Tavani (coords.): *Dicionário de literatura medieval galega e portuguesa*, Lisboa: Caminho, pp. 184-185.

Lorenzo, Ramón (2000): "Prosa medieval". Francisco Rodríguez Iglesias (dir.): *Galicia. Literatura*. Tomo XXX: *A Idade Media*, A Coruña: Hércules, pp. 364-429.

Lorenzo, Ramón (2002): "La interconexión de Castilla, Galicia y Portugal en la confección de las crónicas medievales y en la transmisión de textos literarios". *Revista de Filología Románica* 19, pp. 93-123 [https://revistas.ucm.es/index.php/RFRM/article/view/RFRM0202110093A; 30/10/2020].

Mariño Paz, Ramón (2018): "Literatura en galego e mecenado na Idade Media". Alexandre Rodríguez / Xosé Bieito Arias Freixedo (eds.): *The Vindel Parchment and Martin Codax. The Golden Age of Medieval Galician Poetry / O Pergamiño Vindel e Martin Codax. O esplendor da poesía galega medieval*, Amsterdam: John Benjamins, pp. 103-117 [DOI: https://doi.org/10.1075/z.218.07paz].

Menéndez Pidal, Ramón (1903): "La *Crónica general de 1404*". *Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos* 9, pp. 34-35.

Pérez Pascual, José Ignacio (1990): *Crónica de 1404*. Tese de doutoramento inédita, Salamanca: Universidad de Salamanca, 2 vols. [estudo: I, pp. 5-222].

Pérez Pascual, José Ignacio (1991a): "El castellano de la *Crónica General de 1404*". Verba 18, pp. 201-219 [http://hdl.handle.net/10347/3155; 30/10/2020].

Pérez Pascual, José Ignacio (1991b): "A narración das cruzadas na *Crónica Xeral de 1404*". Mercedes Brea / Francisco Fernández Rei (coords.): *Homenaxe ó profesor Constantino García*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, vol. 2, pp. 387-392 [http://hdl.handle.net/10347/12544; 30/10/2020].

Pérez Pascual, José Ignacio (1993): "Relaciones entre la *Cronica de 1344* y la *Cronica de 1404*". Aires A. Nascimento / Almeida Ribeiro (eds.): *Actas do IV Congresso da AHLM*, Lisboa: Cosmos, vol. 3, pp. 167-171 [http://www.ahlm.es/IndicesActas/ActasPdf/Actas4.3/23.pdf; 30/10/2020].

Pérez Pascual, José Ignacio (1994): "O *Corpus Pelagianum* na *Crónica Xeral de 1404*". Elvira Fidalgo / Pilar Lorenzo Gradín (coords.): *Estudios galegos en homenaxe ó profesor Giuseppe Tavani*, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, pp. 249-256.

Pérez Pascual, José Ignacio (2002): "*Crónica de 1404*". Carlos Alvar / José Manuel Lucía Megías (coords.): *Diccionario filológico de literatura medieval española: textos y transmisión*, Madrid: Castalia, pp. 325-327.

Pichel, Ricardo (2017): "O casal Lima-Seixas no percurso da produción literaria galega a cabalo dos séculos XIV e XV)". *Alicerces. Revista de estudos sobre o Miño Medio* 3, pp. 113-139 [https://cutt.ly/ByXWWBT; 30/10/2020].

Pichel, Ricardo (2018): "Los Enríquez de Castro y la producción historiográfica gallega en el primer tercio del siglo XV. De la *Estoria de España* a la *Crónica de 1404*". *Coloquio Internacional de la AHLM. Libros, lecturas y reescrituras (Universidad de Zaragoza, 23-26 de octubre de 2018)*, Zaragoza: Universidad de Zaragoza.

Pichel, Ricardo (2020): "Bilingüismo y prácticas escriturarias en el manuscrito Vindel de la *Crónica de 1404*". Leyre Martín Aizpuru / Juan Miguel Valero Moreno (dirs.): *La lengva de los copistas. Variación y modelos de la escritvra del texto en el español medieval (Universidad de Salamanca, 15-16 de octubre de 2020)*, Salamanca: Universidad de Salamanca.

Vasconcellos, José Leite de (1903): *Uma chronica de 1404. Observações philologicas*, Lisboa: Calçada do Cabra [reeditado en *Opúsculos*, Coimbra: Imprensa da Universidade de Coimbra, 1928-1931, vol. 4, pp. 632-646].



Crónica de 1404 (S), Biblioteca de Menéndez Pelayo, Ms. 62, fol. 54v



Crónica de 1404 (V), Hispanic Society of America, Ms. B2278, fol. 130r

2.4. *Crónica de Iria*

BITAGAP texid 1319

Edicións

López Ferreiro, Antonio (1888): "Corónica de *Santa María de Iria*". *El Pensamiento Gallego. Revista semanal religioso-científica* 1, pp. 4-9; 2, pp. 19-23; 3, pp. 28-32; 4, pp. 41-45; 5, pp. 52-55; 6, pp. 66-72; 7, pp. 75-77; 8, pp. 87-91; 9, pp. 99-101; 10, pp. 110-113 [http://galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es/gl/consulta/registro.cmd?id=3956; 30/10/2020] [edición: 2, pp. 19-23; 3, pp. 28-32; 4, pp. 41-45; 5, pp. 52-55; 6, pp. 66-72; 7, pp. 75-77; 8, pp. 87-91; 9, pp. 99-101; 10, pp. 110-113].

Carro García, Jesús (1951): Corónica de Santa María de Iria *(Códice gallego del siglo XV)*. Edición, prólogo, notas y glosario de ---, Santiago de Compostela: CSIC, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos (*Cuadernos de Estudios Gallegos*, Anexo V) [edición: pp. [31]-94].

Mackenzie, David (1975): *A critical edition, with historical an linguistic introduction, of the* Corónica de Santa María de Iria. Tese de doutoramento inédita, Nottingham: University of Nottingham.

Souto Cabo, José António (2001): *Rui Vasques. Crónica de Santa Maria de Íria*, Santiago de Compostela / Sada: Cabido da S.A.M.I. Catedral, Seminario de Estudos Galegos / Ediciós do Castro [edición: pp. 49-92 e 93-135].

Testemuño

(**C**) Arquivo da Catedral de Santiago, CF 22 (BITAGAP manid 1564).

Datación: 1467 (23 de abril) - 1468 (29 de marzo).
Lugar de produción: Sé de Santiago de Compostela (BITAGAP insid 3292).
Patrocinio: Fernando Rodríguez de Leira (BITAGAP bioid 32877).
Autor: Rui Vásquez (BITAGAP bioid 1129).
Encadernación: moderna en pel (séc. XVIII); inscrición na tapa: "Cronicón Iriense".
Extensión: I + 14 + I.
Estado de conservación: bo, con perda de soporte puntual provocada por

xilófagos (sobre todo nos fols. 1 e 11-13). O papel foi laminado nas marxes para evitar a súa deterioración e facilitar a encadernación.

Dimensións: 271 x 186 mm.

Soporte: papel con filigrana (aneis e carro).

Disposición do texto: a dúas columnas.

Tipo de letra: gótica cursiva redonda semicaligráfica.

Decoración: iniciais capitulares (2 unidades de pautado) e resaltes (maiúsculas internas) en vermello.

Descrición

A *Crónica de Iria* representa, xunto coa *Crónica da Ordem dos Fraires Menores* (ca. 1465; § 2.5), a última produción vernácula galega de interese literario coñecida para a época medieval. Alén disto, constitúe unha mostra autónoma máis da fecunda literatura xacobea labrada na Galiza medieval entre os séculos XI e XV, tanto en latín (caso do *Chronicon Iriense*, o *Códice Calixtino* ou a *Historia Compostellana*) como en romance (representada polos *Miragres de Santiago* –§ 3.1– e a propia *Crónica de Iria*). A proxección desta tradición cultural nas centurias seguintes foi tamén significativa, quer como fonte temática dalgunhas producións literarias como a *Historia de D. Servando* (ca. 1625-37; BITAGAP texid 9509) ou as *Décimas ao apóstolo Santiago de Martín Torrado* (1627), quer coa difusión de copias ou reelaboracións da *Crónica de Iria* durante os séculos XVI-XVIII (Monteagudo 1995; Souto Cabo 2001: 13, 2007).

A *Crónica de Iria* transmite un compendio historiográfico, de alcance e motivación compostelanistas, elaborado entre 1467 e 1468 por Rui Vásquez, clérigo de Santa Baia de Chacín (Mazaricos), baixo o mecenado de Fernando Rodríguez de Leira, cóengo da catedral de Santiago. A *Crónica* compila un conxunto de datos históricos relativos á diocese de Iria-Santiago desde as súas orixes até o período de maior esplendor co pontificado de Diego Xelmírez (Souto Cabo 2001: 140-155). A intencionalidade da súa composición está relacionada, entre outras cuestións, co interese por enxalzar a igrexa de Santa María de Iria (Padrón) –onde se estabelecera primitivamente o bispado antes do seu traslado para Santiago– como antecedente ilustre da Sé compostelá (Souto Cabo 2001: 17-35, 2014: 303-313, 2021; cf. López Alsina 2004: 848-852).

A composición da *Crónica de Iria* partiu da refundición de dúas crónicas latinas que, xunto con outros materiais, figuraban reunidas nun único manuscrito desde o século XIII: o *Chronicon Iriense* (ca. 1080; García Álvarez 1963), breve tratado sobre os bispos de Iria até Pedro de Mezonzo (561-985); e a *Historia Compostellana* (Falque 1988), finalizada no segundo cuartel do século XII, que constitúe un *registrum* das actividades de Diego Xelmírez (ca. 1070-1140) no marco dunha narración sobre os fundamentos e dereitos da Igrexa compostelá. Desta última, realízase unha tradución parcial até os primeiros anos do século XII (ca. 1108). Para alén destes dous cronicóns, empregáronse outras fontes secundarias, como o *Privilexio dos Votos*

(datado o 25 de maio do 834), o *Chronicon Compostellanum*, o *Liber Sancti Iacobi* –a través do *Códice Calixtino*– ou a *Summa de ecclesiasticis officiis* de Jean Beleth (as tres compilacións do séc. XII), para alén doutras fontes coetáneas como o *Tombo de Iria* (ca. 1439-57) (Souto Cabo 2001: 137-139; 2014: 303-304).

A *Crónica* comeza cun proemio no cal Rui Vásquez xustifica a súa compilación, seguido dunha descrición das idades do mundo para situar a *translatio* do Apóstolo a Compostela once anos despois da Paixón de Cristo. A continuación narra a historia da diocese desde a súa fundación até a transferencia de Iria para Santiago, producida na secuencia da descoberta do túmulo apostólico en tempos de Afonso II. Nesta altura, tras a presentación dos sucesivos bispos irienses e a referencia ao último deles, Diego Páez (1070-94), acrecéntase un capítulo de grande valor histórico referido a unha serie de feitos acontecidos nos anos previos á finalización da *Crónica* (1459-1468) relativos, por un lado, ao conflito entre os nobres e a mitra, e, por outro, á rebelión irmandiña (Souto Cabo 2001: 57-59 e 102-105). Trátase, por tanto, dunha interpolación sen continuidade temporal, mais si argumental, de modo que se evita a fractura narrativa conectando a lenda dos vinte e oito bispos sepultados en Santa María de Iria –tirada do apócrifo *Privilexio de Xelmírez* con que se abre o *Tombo de Iria*– coa alusión ao arcebispo Rodrigo de Luna (1449-60), último prelado enterrado na dita igrexa, e ao seu sucesor Alonso de Fonseca (1460-65) (Souto Cabo 2001: 145-147; 2014: 307-313, 323-329; 2021). Entre outros sucesos, relátase a loita entre o arcebispo Rodrigo de Luna e a nobreza, en particular, o conde de Trastámara (1459-61); a prisión de Alonso de Fonseca en Noia por Bernaldo Eanes de Moscoso (1465), o cerco da catedral (1466) e o levantamento irmandiño. Un último acontecemento, a ocupación da cidade Tui en marzo de 1468, foi incorporado por Rui Vásquez pouco antes de concluír a obra, o que motivou a súa inclusión improvisada na marxe externa do fol. 4r (Souto Cabo 2014: 306-307).

Tras esta longa digresión recupérase a liña cronolóxica previa á interpolación, para enlazar coa historia do bispado de Compostela desde a súa creación até os tempos en que o prelado Diego Xelmírez conseguiu elevalo á categoría de arquidiocese (Souto Cabo 2001: 147-155). Resulta de particular interese, entre outros, o relato da obtención por parte da Igrexa compostelá do dereito da renda coñecido como Voto de Santiago, traducido con esmero a partir do *Privilexio dos Votos* (2001: 147). A mesma reivindicación xacobea motivara no segundo cuartel do Trescentos a incorporación dun fragmento do *Liber regum* na compilación da *Crónica geral galega* (§ 2.2), referido, entre outros asuntos, á concesión do referido imposto por parte de Ramiro I tras a intercesión do Apóstolo na batalla de Clavijo.

A *Crónica de Iria* consérvase en varios testemuños, algúns desaparecidos (López Ferreiro 1888: 5-6; Souto Cabo 2001: 39-40), entre eles o códice orixinal autógrafo (C) e tres copias elaboradas nos séculos XVI e XVII: B (BNE, ms. 1228; BITAGAP manid 1565), S (BGHUSal, ms. 1924B; BITAGAP manid 1566) e V (BAV, Barb. lat. 3578; BITAGAP texid 21094, manid 1909).

O manuscrito compostelán (C) consta de catorce folios que foron encadernados nun pequeno volume en época posmedieval. Consérvase completo e conclúe cun colofón no cal Rui Vásquez manifesta as datas en que comezou e finalizou a redacción da obra (pouco máis de once meses: entre o 23 abril de 1467 e o 29 de marzo de 1468), así como o entorno cultural e mesmo espacial en que traballou: a torre de Fernando Rodríguez de Leira, cóengo da catedral de Santiago e xuíz de Villestro (Souto Cabo 1999c; 2001: 26-29; 2014: 306, 331-332). Algúns erros textuais na tradución e compilación fan pensar nun estado redaccional inconcluso ou experimental para C (similar ao que, de modo particular, se pode observar nos testemuños hoxe conservados da *Historia troiana* –§ 1.1.2– ou dos *Miragres de Santiago* –§ 3.1–), quer un rascuño preliminar ou versión preparatoria autógrafa, quer unha versión xa posta en limpo mais de forma deficiente, prematura ou precipitada (Souto Cabo 2001: 25; 2021).

A copia custodiada na Biblioteca Vaticana (V), coñecida como *Historia de Yria*, foi encargada na primeira metade do século XVIII por Tomás Tamayo de Vargas (BITAGAP bioid 2801; cf. Souto Cabo 2021 para a identificación do seu autor material). A errónea valoración lingüística e filolóxica desta particular versión levou Mackenzie (1969, 1975, 1988, 1994), seguido por Boullón Agrelo (2015, 2019, 2021), a dubidar do carácter orixinal do códice compostelán (C), que pasou a ser considerado como unha copia –adulterada– dun presunto antígrafo perdido (BITAGAP texid 21094; cf. texid 21054, 21093) elaborado en 1444 por Joán Rodríguez da Cámara ou de Padrón (BITAGAP bioid 1282). Porén, de acordo con Souto Cabo, os argumentos lingüísticos e ecdóticos aducidos por estes autores non avalan a existencia conxectural dun antecedente común a C e V (1999a, 1999b, 2001, 2014, 2021). Tanto a omisión en V do *explicit* de Rui Vásquez e da interpolación narrativa do XV, como a designación –a modo de novo colofón– dunha filiación autorial espuria (a do afamado Joán Rodríguez de Padrón; cf. Souto Cabo 2021), explícanse pola manipulación fraudulenta a que foi sometida a *Crónica* con vistas á elaboración dunha copia utilitaria e fortemente interventiva (con numerosas emendas e actualizacións no plano expresivo e de contido), orientada a lexitimar a causa santiaguista durante a polémica do patronato único no marco da problemática xeral do Voto de Santiago (Souto Cabo 2001: 17-25; 2007: 152-156; 2014: 307; 2021). Outro indicio que desbota a cronoloxía recuada (1444) para o presunto antígrafo da *Crónica* ten que ver coa prelación do *Tombo de Iria* sobre a *Crónica* (e non á inversa), en particular, no que respecta ao uso do privilexio apócrifo de Xelmírez que precede o rexistro patrimonial, cuxo borrador foi presentado para a súa aprobación por parte do bispo Rodrigo de Luna en 1457 (Souto Cabo 2014: 307-310, 2021; cf. López Alsina 2004: 852-853, 868).

Ás tres copias anteriormente citadas, cabe sumar tamén o ms. O (BNE, ms. 12344; BITAGAP texid 21055, manid 6736), unha versión da primeira metade do século XVIII elaborada polo avogado Pedro Otero Romero e Torres (Arias Freixedo

/ Noia 2011; BITAGAP bioid 16939). Lonxe de basearse nun testemuño previo á *Crónica* de Rui Vásquez (concluído por volta de 1455), como pretende xustificar o seu compilador (BITAGAP texid 21056), esta versión toma como base a *Crónica* combinada con outras fontes para elaborar un falso cronicón sobre a historia de Iria, no marco, novamente, da defensa do patronato único de Santiago (Arias Freixedo / Noia 2011: 62-63; Souto Cabo 2014: 313-323).

Bibliografía

Arias Freixedo, Bieito / Camiño Noia (2011): *Pedro de Otero Romero y Torres. Historia da Igrexa de Iria. Manuscrito galego do século XVIII*, Vigo: Universidade de Vigo.

Boullón Agrelo, Ana Isabel (2015): "As copias como testemuños lingüísticos: a lingua galega no manuscrito V da *Crónica de Iria* (s. XVII)". Francisco Dubert García / Gabriel Rei-Doval / Xulio Sousa (eds.): *En memoria de tanto miragre. Estudos dedicados ó profesor David Mackenzie*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 51-73 [http://hdl.handle.net/10347/13600; 30/10/2020].

Boullón Agrelo, Ana Isabel (2019): "Rui Vázquez, copista da *Crónica de Iria*: indicios lingüísticos", *La corónica* 48.1, pp. 73-97 [DOI: https://doi.org/10.1353/cor.2019.0019].

Boullón Agrelo, Ana Isabel (2020): "Consideraciones sobre la transmisión textual de la Crónica de Iria". *Zeitschrift für romanische Philologie* 136.1, pp. 134-160 [DOI: https://doi.org/10.1515/zrp-2020-0006].

Carro García, Jesús (1951): Corónica de Santa María de Iria *(Códice gallego del siglo XV)*. Edición, prólogo, notas y glosario de ---, Santiago de Compostela: CSIC, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos (*Cuadernos de Estudios Gallegos*, Anexo V) [introdución e vocabulario: pp. [7]-27, [95]-103].

Falque, Emma (1988): *Historia Compostellana*, Turnhout: Typographi Brepols Editores Pontificii.

García Álvarez, Manuel-Rubén (1963): *El Cronicón Iriense*. Estudio preliminar, edición crítica y notas históricas por --- [*Notas para un catálogo de códices de la catedral ovetense*, por P. Alfonso Andrés. *Los gobernadores de Hispania desde los Escipiones hasta Augusto*, por Alberto Balil], Madrid. Maestre.

García Álvarez, Manuel-Rubén (1964): "Sobre la *Corónica de Iria*". *Cuadernos de Estudios Gallegos* 19.58, pp. 161-184.

López Alsina, Fernando (2004): "De Santa Eulalia de Iria Flavia a Santiago de Padrón: la transformación medieval". Manuel Cecilio Díaz y Díaz (coord.): *Escritos dedicados a José María Fernández Catón*, León: Centro de Estudios e Investigación San Isidoro / Caja España de Inversiones / Archivo Histórico Diocesano, pp. 819-868.

López Ferreiro, Antonio (1888): "*Corónica de Santa María de Iria*". *El Pensamiento Gallego. Revista semanal religioso-científica* 1, pp. 4-9; 2, pp. 19-23; 3, pp. 28-32; 4, pp. 41-45; 5, pp. 52-55; 6, pp. 66-72; 7, pp. 75-77; 8, pp. 87-91; 9, pp. 99-101; 10, pp. 110-113 [http://galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es/gl/consulta/registro.cmd?id=3956; 30/10/2020] [estudo: 1, pp. 4-9].

Lorenzo, Ramón (1993): "*Corónica de Santa Maria de Iria*". Giulia Lanciani / Giusseppe Tavani (coords.): *Dicionário de literatura medieval galega e portuguesa*, Lisboa: Caminho, pp. 168-169.

Mackenzie, David (1969): "García Álvarez y la *Corónica de Iria*". *Anuario de Estudios Medievales* 6, pp. 525-533.

Mackenzie, David (1988): "¿Unha crónica en galego de Xan Rodríguez do Padrón?". Vicenç Beltran (ed.): *Actas del I Congreso de la AHLM (Santiago de Compostela, 2 al 6 de Diciembre de 1985)*, Barcelona: Promociones y Publicaciones Universitarias, pp. 419-122 [http://www.ahlm.es/IndicesActas/ActasPdf/Actas1/35.pdf; 30/10/2020].

Mackenzie, David (1994): "A linguaxe da *Crónica de Santa María de Iria*". Ramón Lorenzo (ed.): *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas*, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, vol. 7, pp. 205-209.

Monteagudo, Henrique (1995): "Narracións galegas da inventio do sepulcro xacobeo". Juan Paredes (ed.): *Medioevo y literatura. Actas del V Congreso de la AHLM (Granada, 27 septiembre - 1 octubre 1993)*, Granada: Universidad de Granada, vol. 3, pp. 361-394 [http://www.ahlm.es/IndicesActas/ActasPdf/Actas5.3/26.pdf; 30/10/2020].

Souto Cabo, José António (1999a): "A língua de Rui Vasques (c. 1435-1495). Umha nova ediçom da *Crónica de Santa Maria de Íria* (1467-1468)". Ana Cristina Macário Lopes / Cristina Martins (orgs.): *Actas do XIV Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Linguística (Aveiro 1998)*, Braga: Associação Portuguesa de Linguística, vol. 2, pp. 513-529.

Souto Cabo, José António (1999b): "A *Crónica de Santa Maria de Íria*: entre tradução e (re)criação". Juan Salvador Paredes / Eva Muñoz Raya (eds.): *Traducir la Edad Media. La traducción de la literatura medieval románica*, Granada: Universidad de Granada, pp. 405-421.

Souto Cabo, José António (1999c): "Perfis biográficos no Testamento de Rui Vasques. Ediçom do texto, análise e nota lingüística". Rosario Álvarez Blanco / Dolores Vilavedra (coords.): *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, vol. 1, pp. 989-999.

Souto Cabo, José António (2001): *Rui Vasques. Crónica de Santa Maria de Íria*, Santiago de Compostela / Sada: Cabido da S.A.M.I. Catedral, Seminario de Estudos Galegos / Ediciós do Castro [estudo: pp. 13-47 e 137-277].

Souto Cabo, José António (2007): *A História de Don Servando*, Santiago de Compostela / Sada: Cabido da S.A.M.I. Catedral, Seminario de Estudos Galegos / Ediciós do Castro.

Souto Cabo, José António (2014): "Rui Vasques e a Crónica de Íria". *Verba* 41, pp. 303-335 [DOI: http://doi.org/10.15304/verba.41.1300].

Souto Cabo, José António (2018): "*Liber registri Didaci secundi*. Sobre a tradição manuscrita da *História Compostelana*". *Madrygal* 21, pp. 239-271 [DOI: https://doi.org/10.5209/MADR.62603].

Souto Cabo, José António (2021): "*Apparescerá por la presente escriptura atá ao tempo en que somos*. Ainda sobre Rui Vasques e a *Crónica de Íria*" [en preparación].



Crónica de Iria (C), Arquivo da Catedral de Santiago, CF 22, fol. 4r

2.5. *Crónica da Ordem dos Fraires Menores*

BITAGAP texid 19604 (cf. texid 1061)

Edicións

Pereira, Gabriel (1895): "Vida e milagres de Santo António". *Boletim da Real Associação dos Architectos civis e Archeologos portugueses* 7.3-4 (3ª série), pp. 48-51 [http://www.museuarqueologicodocarmo.pt/publicacoes/arqueologia_historia/serie_3/Tomo%20VII/s3_tomo_VII_Bol3-4.pdf; 30/10/2020] [edición (excertos): pp. 48-51].

Pereira, Francisco Maria Esteves (1902): "Martyrio dos Santos Martyres de Marrocos". *Revista Lusitana* 7, pp. 189-198 [https://archive.org/details/RevistaLusitana7/page/n197/mode/2up; 30/10/2020] [edición (excertos): pp. 191-235].

Nunes, José Joaquim (1912a): "Cousas notáveis e milagres de Santo António de Lisboa". *Revista Lusitana* 15, pp. 177-235 [https://archive.org/details/RevistaLusitana15/page/n179/mode/2up; 30/10/2020] [edición (excertos): pp. 177-235].

Nunes, José Joaquim (1918): *Crónica da Ordem dos Frades Menores (1209-1285). Manuscrito do século XV, agora publicado inteiramente pela primeira vez e acompanhado de introdução, anotações, glossário e índice onomástico*, Coimbra: Universidade de Coimbra, 2 vols. [https://archive.org/details/crnicadaordemd01nune/page/2/mode/2up; 30/10/2020] [edición: I, pp. 3-402; II, pp. 3-281].

Testemuño

Biblioteca Nacional de Portugal, Coleção Manuscritos Reservados, IL. 94 (BITAGAP manid 1043; cf. manid 6533). Accesíbel en: http://purl.pt/31646.

Datación: 1470 (14 de setembro).

Lugar de produción: convento de Santo António de Vila Franca de Xira (Ribatejo) (BITAGAP insid 1009); convento de San Francisco da Coruña (?) (versión galega orixinal).

Patrocinio: frei Antonio da Ribeira (BITAGAP bioid 1728); frei João da Póvoa (BITAGAP bioid 1708).

Copista: Estévão Eanes (BITAGAP bioid 4794).

Encadernación: moderna, con tapas de cartón cubertas con pel branca decorada con ferros e filetes gofrados; inscrición no lombo: "Chronicas dos ministros e geraes dos frades menores".

Extensión: II + 256 + II.

Estado de conservación: óptimo, mais con perdas puntuais de soporte sen afectar o texto (marxe externa dos fols. 45, 79, 117, 143, 177 e 255).

Dimensións: 330 x 240 mm.

Soporte: pergamiño.

Disposición do texto: a dúas columnas.

Tipo de letra: gótica cursiva redonda.

Decoración: iniciais capitulares en tinta vermella e ocasionalmente con fondo amarelo (2-4 unidades de pautado; puntualmente 5-6); títulos en módulo maior e con tinta parda; caldeiróns e rúbricas (ás veces marxinais) en vermello; resaltes (maiúsculas internas) en tinta vermella e amarela.

Descrición

A *Crónica dos ministros gerais da Ordem dos Fraires Menores* representa unha tradución galego-portuguesa parcial da *Chronica XXIV Generalium Ordinis Fratrum Minorum*, atribuída ao monxe franciscano Arnaud de Sarrant (BITAGAP bioid 1105), quen a comporía no tempo en que ostentou o cargo de ministro provincial da Aquitania, entre 1366 e 1375 (Dolso 2013: 65-68; cf. Lützelschwab 2016). A crónica latina compila a historia da rama máis cumprida da primeira Orde de San Francisco (BITAGAP insid 5226) a partir da sucesión dos primeiros 24 ministros xerais, desde a súa fundación en 1209 polo Santo umbro até –contando o fundador– o vixésimo xeneralato de Leonardo Rossi (1373-78). Este extenso relato historiográfico compleméntase cunha rica exposición de natureza haxiográfica, didáctica e exemplar a partir da narracción detallada de diversos milagres e paixóns asociados ás *vitae* do propio fundador e dos seus primeiros compañeiros e seguidores, como Antonio de Padua, Clara de Asís ou os protomártires, así como doutros santos e mártires dos séculos XIII-XIV, tales como Luís de Tolosa ou Xoán de Montecorvino (Dolso 2003; 2013: 68-79, 90-96).

A circulación ibérica da *Chronica*, na súa versión latina, é fragmentaria e, polo xeral, dependente doutros textos con que se transmite en volumes misceláneos (Dolso 2004). Pola contra, a tradición romance transmítese de maneira autónoma, aínda que incompleta, e os primeiros testemuños conservados –en catalán– datan de finais do século XIV ou inicios do XV (Capdevila Arrizabalaga / Soriano Robles 2020). Polo que respecta á área centro-occidental, a difusión da *Crónica* franciscana non debeu de consolidarse até mediados do XV, de acordo cos testemuños (in)directos coñecidos e a súa conformación textual e lingüística. Da tradución en castelán só se conservan dúas versións do século XVI. Por un lado, o exemplar das *Crónicas de los ministros generales de la orden de fraires menores e de otros muchos fraires*, procedente da biblioteca particular da emperatriz María de Austria e custodiado no

arquivo do mosteiro das Descalzas Reales de Madrid (MD/F/13). Trátase dunha copia quiñentista con certas innovacións textuais feita a partir dunha versión non anterior a mediados do XV, hoxe perdida, que serviría de modelo para as traducións galego-portuguesas elaboradas poucos anos despois (Lopes 1979: 491; Souto Cabo 2016: 280-281, 289-293). Así mesmo, coñécese outro testemuño castelán (Roma, Collegio S. Isidoro, ms. 2/26), tamén interpolado e con certas omisións, elaborado en 1554 para os franciscanos de Calahorra (López 1915: xii; Souto Cabo 2016: 291, n. 84; Capdevila Arrizabalaga / Soriano Robles 2020: 463-467, 469-470).

No dominio galego-portugués, a tradución da *Chronica* tivo lugar no terceiro cuartel do século XV, primeiro en ambiente cultural galego e posteriormente en Portugal. O único testemuño conservado é unha versión finalizada en 1470 baixo a supervisión de Antonio da Ribeira, freire galego naquela altura vicario do convento ribatexano de Santo António de Vila Franca de Xira, e copiada por Estévão Eanes, "solteiro, filho de Jan'Estevez, morador no dito logo de Vila Franca", tal como reza o colofón do manuscrito lisboeta en que se conserva (BNP, IL 94, fol. 256vb). Esta versión non transmite a totalidade da crónica latina, pois só chega ao décimo ministro xeral, Bonagrazia di Bologna (falecido en 1283), e conclúe coa morte do papa Martiño IV en 1285 e a proclamación de Honorio IV nese mesmo ano. Porén, non se trata dunha versión mutilada ou inacabada, como demostra a presenza do colofón no último folio e a idéntica extensión transmitida nas referidas versións casteláns posmedievais (Nunes 1918: I, xv; Souto Cabo 2016: 275, 281, n. 37; Capdevila Arrizabalaga / Soriano Robles 2020: 464, 470-471).

A particular configuración lingüística da versión portuguesa coñecida, repleta de galeguismos (algúns considerados como solucións arcaizantes) e castelanismos, foi interpretada tradicionalmente como proba da súa condición de copia tardía a partir dun presumíbel orixinal trecentista (Nunes 1912; 1918: I, xiv-xv; Martins 1969: 206; cf. Souto Cabo 2016: 274-275). Porén, a análise lingüística pormenorizada do manuscrito, ademais do seu confronto coa versión latina e o testemuño castelán quiñentista (Souto Cabo 2016: 289-292, 294, 296), levou a conxecturar a necesaria produción dunha fase textual intermedia, emprendida en medios culturais galegos, a cabalo entre a tradución castelá primixenia e a versión portuguesa hoxe conservada (Souto Cabo 2016; Mariño Paz 2018: 114). A existencia deste testemuño galego, hoxe perdido ou en paradoiro descoñecido (BITAGAP texid 1061), aínda permite xustificar, dada a habitual interferencia lingüística no galego escrito a partir da segunda metade do século XV, a inopinada permeabilidade ao elemento castelán rastrexábel na copia portuguesa; e, por outro lado, obrigou tamén a reconsiderar en clave xeolingüística o alegado carácter arcaizante do texto, agora reinterpretado como exemplos de galeguismos (Souto Cabo 2016: 275-288, 293). Doutra parte, tamén se puido descartar a intervención directa de Antonio da Ribeira na copia material do manuscrito, máis alá dun labor de supervisión e asesoramento puntual, o que reafirma a naturalidade lusitana do escribán Estévão Eanes (2016: 277-278).

O contexto histórico-eclesiástico e a información extralingüística recollida nalgunhas crónicas posmedievais confirman a utilización do primitivo modelo textual galego. Por unha parte, discútese a utilización da *Crónica* galego-portuguesa como unha das fontes aludidas baixo o termo "crónicas antigas" ou "primeiras chrónicas" por algúns historiadores franciscanos portugueses dos séculos XVI e XVII, como frei Marcos de Lisboa ou frei Manuel da Esperança. No primeiro caso, o antecedente principal das *Crónicas da Ordem dos Frades Menores* (1562) debía ser moito máis amplo e diverso tendo en conta que na obra do bispo portuense o relato se estende mesmo até o vixésimo quinto ministro xeral, non incluído na fonte latina (Carvalho 2001; Souto Cabo 2016: 289-290; cf. Nunes 1918: I, xvii-xviii). Porén, na *História Seráfica da Ordem dos Frades Menores de S. Francisco na província de Portugal*, composta por frei Manuel de Esperança entre 1656 e 1666, si parece haber correspondencia cos antecedentes historiográficos representados pola *Crónica* galego-portuguesa. Así se colixe tanto da proximidade discursiva entre as dúas obras como da información que a *História Seráfica* extrae do colofón do seu modelo acerca da naturalidade, procedencia e cronoloxía do relixioso –galego– encargado do "traslado" da obra na Coruña por volta de 1465: "o tempo em que as Chronicas se trasladarão na Corunha por outras também de mão no anno de 1465 [...] que foi um clerigo estrangeiro, e gallego" (Souto Cabo 2016: 290-291).

A estreita vinculación entre freires de Galiza e Portugal pertencentes á Orde dos Menores, así como a súa mobilidade dentro da provincia franciscana compostelá e, en particular, a comparecencia de frades galegos en Portugal, explicaría a chegada a esta comunidade dunha primeira tradución da *Crónica*, logo difundida a través da copia feita en Vila Franca de Xira (Souto Cabo 2016: 288-289; 2018: 25-26). Trátase dun itinerario de cultura relixiosa do que xa se coñecen algúns precedentes no ámbito instrumental e haxiográfico durante o século XIV (Souto Cabo 2001; Pichel / Sánchez Ferro 2019). En concreto, esta actividade transfrointeiriza veríase favorecida polo movemento reformista observante xurdido no seo da Orde a partir de mediados do Trescentos, e que, no contexto do Cisma de Occidente (1378-1417), implicou desde finais desta centuria a itinerancia dalgúns frades galegos cara ao reino portugués e a fundación de diversos oratorios aquén e alén Miño; entre eles o de Santo António de Vila Franca, fundado en 1404 polo frade galego Pedro de Nemancos (García Oro: 2006: 249, 253, 263; Souto Cabo 2016: 289; cf. Capdevila Arrizabalaga / Soriano Robles 2020: 471-479). Pola súa parte, o convento franciscano da Coruña converterase nun dos focos principais asociados ao movemento da Regular Observancia en Galiza, reforzado a través dos vicariatos provinciais operativos desde mediados do século XV, entre eles o de frei Antonio da Ribeira, posibelmente un dos principais elos de converxencia espiritual e cultural entre observantes galegos e portugueses naquela altura (Souto Cabo 2016: 289).

Así pois, a transmisión textual e manuscrita da *Crónica da Ordem dos Fraires Menores* no dominio centro-occidental non é directa desde a *Chronica* latina, senón

que parte dunha primeira tradución castelá, datábel a mediados do século XV e hoxe coñecida a través da copia quiñentista conservada no mosteiro das Descalzas Reales, que acaba sendo difundida en Portugal en 1470 a través dunha primeira tradución occidental, hoxe perdida, elaborada poucos anos antes (ca. 1465) na Coruña por un clérigo galego, talvez frade do convento de San Francisco (Souto Cabo 2016: 293, n. 90). Frei Antonio da Ribeira faría presumibelmente un traslado desta versión galega que levaría a Portugal para despois encomendar e supervisar unha nova copia materializada, como reza o colofón, por Estévão Eanes no oratorio de Santo António de Vila Franca de Xira. Na difusión desta crónica –do mesmo modo que noutras empresas culturais– participaría frei João da Póvoa, vicario provincial dos franciscanos en Portugal entre 1474 e 1506, confesor e testamentario do rei João II (Lopes 1979: 488-489; Carvalho 1999: 227-228; Teixeira 2005, 2010: 421-440; Miranda 2018: 119-122), quen completaría a referencia cronolóxica recollida no colofón da *Crónica* cos datos xa mencionados sobre os seus artífices e o lugar de composición (Souto Cabo 2016: 273-274). De acordo coa *História Seráfica* de Manuel de Esperança, naquela altura –mediados do séc. XVII– as referidas "crónicas antigas" conservábanse no convento lisboeta de Santa Catarina de Alenquer, onde foran depositadas por frei João da Póvoa (2016: 290), polo que sería factíbel conxecturar unha tradición manuscrita máis extensa para a versión galega chegada desde terras coruñesas non só como antígrafo da copia ribatexana da *Crónica da Ordem dos Fraires Menores*, mais tamén como modelo ou fonte principal para as refundicións posmedievais.

Bibliografía

Capdevila Arrizabalaga, Irene / Lourdes Soriano Robles (2020): "La versió catalana medieval de la *Crònica dels XXIV Generals*". *Arxiu de Textos Catalans Antics* 32, pp. 461-500 [DOI: 10.2436/20.3000.01.58].

Carvalho, José Adriano Moreira de Freitas (1999): "Benfeitores dos franciscanos portugueses en tempos de Fr. João da Póvoa". *Via Spiritus* 6, pp. 227-231.

Carvalho, José Adriano Moreira de Freitas (2001): "As *Crónicas da Ordem dos Frades Menores* de Fr. Marcos de Lisboa ou a história de um triunfo anunciado". *Quando os frades faziam história: de Marcos de Lisboa a Simão de Vasconcellos*, Porto: Centro Interuniversitário de História da Espiritualidade, pp. 9-81 [https://repositorio-aberto.up.pt/handle/10216/8790; 30/10/2020].

Dolso, Maria Teresa (2003): *La* Chronica XXIV generalium. *Il difficile percorso dell'unità nella storia francescana* (pref. Antonio Rigon), Padova: Centro studi antoniani.

Dolso, Maria Teresa (2004): "I manoscritti della *Chronica XXIV Generalium Ordinis Minorum*". *Franciscana. Bollettino della Società internazionale di studi francescani* 6, pp. 185-261.

Dolso, Maria Teresa (2013): "La *Chronica XXIV generalium* tra storia e agiografia". *Revue Mabillon* 24, pp. 61-98 [DOI: https://doi.org/10.1484/J.RM.5.102493].

García Oro, José (2006): "Los «frades da prove vida». Un nuevo franciscanismo en Galicia y Portugal". Gonzalo Fernández-Gallardo Jiménez (coord.): *Los Franciscanos Conventuales en España: actas del II Congreso Internacional sobre el Franciscanismo en la Península Ibérica (Barcelona, 30 de marzo - 1 de abril de 2005)*, Madrid: Asociación Hispánica de Estudios Franciscanos, pp. 245-274.

Lopes, Fernando Félix (1979): "Franciscanos portugueses pretridentinos escritores, mestres e leitores". *Repertorio de Historia de las Ciencias Eclesiásticas en España 7 (Siglos III-XVI)*, Salamanca: Instituto de Historia de la Teología Española / Universidad Pontificia de Salamanca, pp. 457-505.

López, Atanasio (1915): *La Provincia de España de los Frailes Menores: apuntes histórico-críticos sobre los orígenes de la Orden Franciscana en España*, Santiago de Compostela: Tip. El Eco Franciscano.

Lützelschwab, Ralf (2016): "*Chronica XXIV generalium Ordinis Fratrum Minorum*". Graeme Dunphy / Cristian Bratu (eds.): *Encyclopedia of the Medieval Chronicle*, Leiden: Brill [DOI: http://dx.doi.org/10.1163/2213-2139_emc_SIM_00495].

Mariño Paz, Ramón (2018): "Literatura en galego e mecenado na Idade Media". Alexandre Rodríguez / Xosé Bieito Arias Freixedo (eds.): *The Vindel Parchment and Martin Codax. The Golden Age of Medieval Galician Poetry / O Pergamiño Vindel e Martin Codax. O esplendor da poesía galega medieval*, Amsterdam: John Benjamins Publishing Company, pp. 103-117 [DOI: https://doi.org/10.1075/z.218.07paz].

Martins, Mário (1969): "Algumas *Florinhas de S. Francisco* em medievo-português". *Estudos de cultura medieval*, Braga: Editorial Verbo, pp. 205-215.

Miranda, Bruno Soares (2018): *Em busca da graça: Aspectos da espiritualidade medieval portuguesa*. Tese de doutoramento inédita, São Paulo: Universidade de São Paulo, Faculdade de Filosofia, Letras e Ciências Humanas [https://teses.usp.br/teses/disponiveis/8/8138/tde-25022019-104935/publico/2018_BrunoSoaresMiranda_VOrig.pdf; 30/10/2020].

Nunes, José Joaquim (1912b): "Cousas notáveis e milagres de Santo António de Lisboa". *Revista Lusitana* 15, pp. 177-235 [https://archive.org/details/RevistaLusitana15/page/n179/mode/2up; 30/10/2020].

Nunes, José Joaquim (1918): *Crónica da Ordem dos Frades Menores (1209-1285). Manuscrito do século XV, agora publicado inteiramente pela primeira vez e acompanhado de introdução, anotações, glossário e índice onomástico*, Coimbra: Universidade de Coimbra, 2 vols. [https://archive.org/details/crnicadaordemd01nune/page/n9/mode/2up; 30/10/2020].

Pichel, Ricardo / Pablo Sánchez Ferro (2019): "O legado haxiográfico de Bernardo de Brihuega en Ourense". *Fronda. Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense* 82, ano 13 (maio-xuño 2019), pp. 1-2 [https://www.anabad.org/wp-content/uploads/2019/11/82-Brihuega.pdf; 30/10/2020].

Souto Cabo, José António (2001): "*Pera esto se en romanço tornar*. Um documento notarial e poético de Santa Clara de Santarém". *Revista galega de filoloxía* 2, pp. 89-104 [https://cutt.ly/8hRjPZT; 30/10/2020].

Souto Cabo, José António (2016): "A *Crónica dos ministros gerais da Ordem dos Fraires Menores* (BN 94 IL) e o seu antígrafo galego". Alexandre Rodríguez Guerra (ed.): *Lingüística histórica e dialextoloxía: coordenadas do cambio lingüístico*, Vigo: Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións (Monografías da Universidade de Vigo. Humanidades e ciencias xurídico-sociais, nº 114) , pp. 273-298 [https://cutt.ly/phRhjx3; 30/10/2020].

Souto Cabo, José António (2018): "Sobre o primeiro poeta luso-galaico. Nota lexical para a história da cultura franciscana na Idade Media". David Chao Castro / María Isabel González Fernández / Fernando López Alsina (coords.): *Franciscanos en la Edad Media: memoria, cultura y promoción artística*, Alessandria: Edizioni dell'Orso, pp. 25-35.

Teixeira, Vítor Gomes (2005): "Frei João da Póvoa e o movimento da Observância Franciscana Portuguesa entre 1447 e 1517". *Lusitania Sacra* 17, pp. 227-254.

Teixeira, Vítor Gomes (2010): *O movimento da Observância franciscana em Portugal (1392-1517): História, património e cultura de uma experiência de reforma religiosa*, Porto: Editorial Franciscana.



Crónica da Ordem dos Fraires Menores, Biblioteca Nacional de Portugal,
Coleção Manuscritos Reservados, IL. 94, fol. 256v

3. Prosa haxiográfica e doutrinal

3.1. *Miragres de Santiago*

BITAGAP texid 7257

Edicións

López-Aydillo, Eugenio (1918): *Os* Miragres de Santiago. *Versión gallega del códice latino del siglo XII, atribuído al Papa Calisto II*, Valladolid: Imprenta Castellana de Valladolid [https://archive.org/details/osmiragesdesanti00call/page/16/mode/2up?q=17v; 30/10/2020] [edición: pp. [17]-156] [edición facsimilar: A Coruña: Órbigo, 2016].

Pensado, José Luis (1958): *Miragres de Santiago*, Madrid: Instituto Miguel de Cervantes (*Revista de Filología Española*, anexo 68) [edición: pp. 1-234].

Gómez Clemente, Xosé María (2001): *O manuscrito 7455 da Biblioteca Nacional de Madrid. "Miragres de Santiago"*. Tese de doutoramento inédita, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela [edición: pp. 51-173; notas: 174-258].

Lorenzo, Ramón (2004): *Mjragres de Santiago. Milagres de Santiago. Milagros de Santiago*, Valencia: Scriptorium Ediciones Limitadas, 2 vols. [edición: II, pp. 19-137].

Testemuño

Biblioteca Nacional de España, Ms. 7455 (BITAGAP manid 1064). Accesíbel en: http://bdh-rd.bne.es/viewer.vm?id=0000134331&page=1.

Datación: finais do séc. XIV ou comezos do séc. XV (ca. 1390-1420).

Lugar de produción e patrocinio: Sé de Santiago de Compostela (BITAGAP insid 3292).

Procedencia: Conde de Miranda (BITAGAP bioid 1850).

Encadernación: flexíbel antiga en pel, con inscrición no lombo: "Milagros de Santiago [...]".

Extensión: II + 64 + I.

Composición: posíbel facticio.

Estado de conservación: deteriorado, con perda de folios en número indeterminado e posíbel desorganización dos cadernos; manchas de humidade (fols. 51, 52, 53, 54, 61) e perda de soporte (fols. 63 e 64).

Dimensións: 202 x 137 mm.
Soporte: papel con filigrana (áncoras e círculos).
Disposición do texto: a liña tirada.
Tipo de letra: gótica cursiva redonda semicaligráfica.
Decoración: iniciais capitulares (2-3 unidades de pautado), rúbricas, caldeiróns e resaltes (maiúsculas internas) en vermello e ocasionalmente en azul.

Descrición

Os *Miragres de Santiago* representan o principal expoñente haxiográfico en romance coñecido no marco da produción literaria galega en época medieval (máis alá, como é lóxico, das *Cantigas de Santa María*). Con todo, non é o único exemplo ilustrativo desa tradición narrativa no ámbito galego, pois outras obras de natureza primordialmente historiográfica compartillan cos *Miragres* diversos trazos discursivos no ámbito das *vitae* e *passiones* dos santos, como no caso da *Geral Estoria* ou a *Crónica da Ordem dos Fraires Menores*. Doutra parte, os *Miragres* ofrecen un testemuño épico único no dominio galego-portugués no que respecta á materia ou ciclo carolinxio, pois transmite unha tradución do *Pseudo Turpín* (§ 1.3.1) procedente do libro IV do *Liber Sancti Iacobi*.

Como é sabido, nos *Miragres* compílase un conxunto de narracións relacionadas coas figuras dos apóstolos Santiago o Maior e Santiago o Menor (ou Alfeo), ademais da Virxe, xunto con outros contidos de carácter litúrxico, descritivo e épico vinculados ao culto xacobeo. A fonte principal desta tradución é o *Liber Sancti Iacobi* (Herbers / Santos Noia 1998), a través do modelo seguido polo seu testemuño máis antigo, o *Códice Calixtino* (ACS, CF 13), elaborado a mediados do século XII. Trátase dunha compilación anónima –atribuída, de acordo co códice compostelán, ao papa Calixto II (BITAGAP bioid 1124)– orientada ao enxalzamento da figura do apóstolo Santiago e estruturada en cinco libros: o primeiro, unha antoloxía de carácter litúrxico, na cal se conmemoran as principais festividades vinculadas ao Apóstolo; o segundo, o *Liber de miraculis*, composto por un conxunto de vinte e dous milagres calixtinos (completado en apéndice por outro conxunto de pezas análogas); o terceiro, centrado na traslación do corpo do Apóstolo desde Terra Santa; o cuarto, o relato das xestas de Carlomagno e Roldán no contexto xacobeo (o *Pseudo Turpín*); e o quinto, a *Guía de peregrinos*, coa referencia detallada ao Camiño Francés e a descrición de Compostela e da súa basílica (Díaz y Díaz 1988; Fernández Fernández 2012).

A difusión ibérica do *Liber Sancti Iacobi* foi moi precoz, como demostran as copias do *Códice Calixtino* difundidas en Portugal e na Coroa de Aragón poucos anos despois da composición do manuscrito compostelán (Fidalgo / Brea 2004: 189-191; Ruiz Torres 2018): por unha parte, a copia elaborada ca. 1172-73 a cargo de Arnaut del Mont, monxe da abadía beneditina de Santa Maria de Ripoll (ACA, Ms. Ripoll 99); por outra, a copia de ca. 1175 integrada nunha compilación haxiográfica asociada ao mosteiro cisterciense de Santa Maria de Alcobaça (BNP, Alc. 335). Ao

longo da Baixa Idade Media o *Codex* continuou sendo transmitido a través de copias, entre as cales destacan os exemplares iluminados dos sécs. XIV e XV hoxe conservados en Salamanca (BGHUsal, Ms. 2631), Londres (BL, Add. 12213) e na Cidade do Vaticano (BAV, S. Pietro C 128).

No que concirne á *translatio* e *miracula* de Santiago, os libros II e III do *Liber Sancti Iacobi* deberon representar, en último termo, unha das fontes miríficas empregadas en certas tradicións haxiográficas como a *Legenda Aurea* de Jacopo de Varazze (ca. 1260-98), as *Vitae sactorum* de Rodrigo de Cerrato (ca. 1275), as *Legende sanctorum* de Juan Gil de Zamora (ca. 1279-89) ou as *Vitae Patrum* de Bernardo de Brihuega (ca. 1270-84). Precisamente, a materia apostólica recollida no libro II desta última compilación –as *Vidas y pasiones de los apóstoles* (Bautista 2014: 83-93; Pichel 2020)– é o modelo principal para dous romanceamentos xacobeos de grande relevo e relacionados indirectamente coa versión galega dos *Miragres de Santiago*. Trátase, por un lado, dos *Miraglos de Santiago* (BETA texid 4634; Connolly 1990) integrados na colección haxiográfica castelá transmitida polo ms. BNE 10252 (fols. 89va-92v e 13r-24ra; BETA manid 2819, cnum 9104), até hai pouco identificada como unha versión da *Legenda Aurea* (Fidalgo / Brea 2004: 194-195; Fidalgo 2005; Bautista 2014). Por outra parte, as *Vidas e paixões dos apóstolos* (BITAGAP texid 1044; Cepeda 1982-89), que constitúe unha tradución portuguesa directa da compilación apostólica de Brihuega onde se inclúe unha sección dedicada á *Paixom de Santiago de Galiza* (BITAGAP texid 1427) conservada no manuscrito alcobacense BNP Alc. 280 (fols. 125v-179r; BITAGAP manid 1121, cnum 2195; Martins 1956, 1963; Fidalgo / Brea 2004: 196-197; Fidalgo 2005; Bautista 2014: 86-89). En ambos os casos a influencia do *Liber Sancti Iacobi* non é directa, como si acontece –aínda que non de maneira exclusiva– cos *Miragres de Santiago*, senón a través da compilación haxiográfica de Bernardo de Brihuega e, no caso da versión castelá, co concerto doutras fontes adicionais, como a *Summa de ecclesiasticis officiis* de Jean Beleth ou a colección coñecida como *Virtutes apostolarum* (Bautista 2014).

Polo que respecta á versión galega dos *Miragres de Santiago*, o único testemuño conservado (o ms. 7455 da BNE), datado entre finais do século XIV e as primeiras décadas do XV, representa unha copia desleixada a partir dunha tradución primixenia –hoxe perdida– elaborada no Trescentos (Pensado 1958: xxv; Lorenzo 2000: 416). Así se deduce da presenza de numerosos erros de transcrición e a desorde dalgúns folios, o que dificulta a reconstrución da organización orixinaria do texto, motivo que levou a discutir a natureza facticia do volume e a propor diferentes alternativas verbo da ordenación das diferentes seccións e episodios compilados no seu estado actual (López Martínez-Morás 2007: 467-468).

De acordo co testemuño coñecido, os contidos da obra preséntanse na secuencia seguinte: catro milagres de Santiago de orixe descoñecida (fols. 1-5r), a vida e paixón de Santiago Alfeo (fols. 5r-7v), a destrución de Xerusalén (fols. 7v-12r), a vida e morte de Pilatos (fols. 12v-15r), a translación da cabeza de Santiago Alfeo a

Compostela (fols. 120 15r-17r), o relato do *Pseudo Turpín* (fols. 17r-39v), a *Guía de peregrinos* coa descrición da cidade e da catedral compostelás (fols. 39v-42v), unha vintena de milagres calixtinos (fols. 42v-56v) e, por último, os relatos da Epifanía e da Asunción da Virxe (fols. 57r-64v). Por tanto, os *Miragres* transmiten fundamentalmente os libros II (*Liber de miraculis*, a partir do segundo milagre), IV (*Pseudo Turpín*) e V (*Guía de peregrinos*) do *Liber Sancti Iacobi*, aínda que nos dous últimos casos, especialmente no da Guía, o contido redúcese considerabelmente.

A ausencia do libro I explícase polo seu carácter litúrxico e o probábel desinterese do tradutor por romancear este tipo de contidos nun proxecto tan particular como o dos *Miragres* (Pensado 1958: xxxii). Canto ao libro III, é factíbel que o relato da *translatio* de Santiago Zebedeo si que constase, senón na copia conservada, si na tradución primixenia, de acordo cunha referencia interna a este contido presente no fol. 5r, xusto despois do primeiro grupo de milagres e antes da *vita* e *passio* de Santiago o Menor (Pensado 1958: xvi; Fidalgo / Brea 2004: 193; López Martínez-Morás 2007: 466, n. 6). No caso da *Guía de peregrinos*, só se conservan os capítulos 9 (parcial) e 11, polo cal non podemos coñecer o alcance real da tradución, aínda que é factíbel –quer na copia, quer xa na tradución primixenia– que só interesase trasmitir os contidos referidos á descrición de Compostela (Pensado 1958: cxii-cxvii; Lorenzo 2000: 423-424; López Martínez-Morás 2007: 467). Con independencia das perdas materiais do códice, a ausencia destas e outras (sub)seccións con respecto ao *Liber* e a redacción condensada nalgúns tramos do texto (reflectida, tamén, na rubricación dos capítulos) fan presupor un maior ou menor grao de intervención por parte do tradutor e/ou copista dos *Miragres*, ou ben o emprego dunha redacción abreviada da fonte (do tipo *libellus*), máis do que unha versión extensa do *Liber*, representada, entre outros, polo códice compostelán (Pensado 1958: xxxi-clx; Gómez Clemente 2001: 9; López Martínez-Morás 2007: 468).

Aínda que o texto dos *Miragres* se basea nalgunha das múltiplas redaccións –longa ou abreviada– que circulaban do *Liber Sancti Iacobi* (entre elas, polo menos no que respecta ao libro II, o propio *Códice Calixtino*), porén, non se trata dunha simple tradución, pois baséase no *Liber* como fonte principal mais tamén compila fontes adicionais –como a *Legenda Aurea*, a *Historia Scholastica* de Pedro Coméstor ou o *Pantheon* de Godofredo de Viterbo– co obxectivo de crear unha nova proposta narrativa acorde cos intereses ideolóxicos que motivaron a súa composición. Por unha parte, na concepción da obra xogaría un papel crucial a oportunidade de vinculación ou equiparación de dous relatos paralelos arredor dos dous Santiagos: o Zebedeo e o Menor (López Martínez-Morás 2007: 466-468). De acordo con isto, os contidos reflectidos na tradución galega responderían a unha dupla organización: por un lado, os catro primeiros milagres –alleos ao *Liber*– cos que se abre o texto, separados do conxunto principal da vintena de milagres calixtinos baseados no *Liber de miraculis*, transmitidos de maneira fragmentada, integrados nunha posición máis avanzada dentro da obra e, en parte, intercalados no relato da Asunción (2007: 466).

Doutra parte, os contidos compilados tras a primeira sección miraculística e até o relato carolinxio (Pensado 1958: 31-67; Lorenzo 2004: 26-48) constitúen un bloque temático compacto e de gran coherencia interna referido, en maior ou menor medida, á vida e paixón de Santiago Alfeo (Pensado 1958: xix-xxii; Gómez Clemente 2001: 30-31; López Martínez-Morás 2007: 466). Desta maneira, o compilador tentou conciliar unha tradución parcial do *Liber Sancti Iacobi* con outros textos tomados de fontes diversas, como o *Tombo de Concordias* ou o *Vindicta Salvatoris*, coa finalidade de recrear un "Liber Sancti Iacobi Minoris" (Pensado 1958: xxxi-clx). Así pois, a temática xacobea do texto e a énfase posta na figura de Santiago o Menor responderían a unha intención programática orientada á promoción das reliquias e o culto á cabeza do apóstolo Santiago o Menor, custodiada tamén na Sé compostelá, que dedicara gran parte do Trescentos a promocionar as reliquias deste santo (Fidalgo / Brea 2004: 197-200; Mariño Paz 2018: 113). En opinión de Moralejo (1993: 346), puido ser o arcebispo Berenguel de Landoira quen encargase o libro tras mandar facer en 1322 un suntuoso relicario para a cabeza de Santiago Alfeo (cf. Castiñeiras 2017: 118-119). Con todo, don Berenguel non sería o único prelado interesado en impulsar o culto a este apóstolo, o que podería levar a atrasar a composición ou reformulación da obra até finais da centuria baixo o mandato de Juan García de Manrique, quen, ademais de enriquecer o citado relicario, promoveu un altar e xestionou as procesións das reliquias (cf. Garzón Fernández 2019: 60).

Tras a sección máis innovadora ofrecida polos *Miragres*, orientada, como se viu, á figura do segundo Santiago, a narración haxiográfica combínase co relato carolinxio do *Pseudo Turpín*, polo cal se reaproveita, deste modo, o vínculo cultural e ideolóxico forxado entre as xestas de Carlomagno e a reivindicación xacobea (§ 1.3.1). Canto ao peche da obra, a incorporación dos relatos da Epifanía e da Asunción a modo de apéndice coloca unha serie de problemas interpretativos en relación á natureza e organización primixenia da tradución e a súa relación coa copia hoxe conservada. Trátase duns contidos relativos á Virxe alleos á compilación do *Liber* e dos que non coñecemos, debido a lagoa material, a motivación explítica para o seu empalme discursivo coa sección anterior; por outra parte, no caso da Asunción, o relato aparece intercalado pola presenza dun grupo de milagres calixtinos. Descoñécese se se trata dunha sección prevista na tradución primixenia dos *Miragres* ou se foi incoporada polo copista do ms. BNE 7845; en calquera caso, a súa inclusión na obra poderá responder ao interese por compilar diferentes contidos de carácter haxiográfico, piadoso ou devocional nun mesmo soporte (Pensado 1958: cxvii). Porén, tamén se ten explorado a hipótese de que o testemuño dos *Miragres*, tal como os coñecemos hoxe, constitúa un facticio froito dun intento de unificación –mesmo en época posmedieval– de dúas unidades codicolóxicas independentes: por unha parte, os tres primeiros cadernos relativos principalmente a Santiago o Menor, e, por outra, o cuarto caderno cos milagres calixtinos e o quinto cos textos sobre a Virxe (López Aydillo 1918: 213; Gómez Clemente 2001: 27-35; López Martínez-Morás 2007: 468).

Bibliografía

Álvarez, Rosario (2007): "Variación dialectal no período de emerxencia". Ana Isabel Boullón Agrelo (ed.): *Na nosa lyngoage galega. A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, pp. 373-397 [http://hdl.handle.net/10347/9973; 30/10/2020].

Bautista, Francisco (2014): "Bernardo de Brihuega y la colección hagiográfica del ms. BNE 10252". *Zeitschrift für romanische Philologie* 130, pp. 71-104 [DOI: https://doi.org/10.1515/zrp-2014-0004].

Brea, Mercedes (2003): "Un gran milagro y sus versiones en las colecciones iberorrománicas de los *Milagros de Santiago*". Antonio Raúl de Toro Santos / María Jesús Lorenzo-Modía (coords.): *El inglés como vocación. Homenaje al profesor Miguel Castelo Montero*, A Coruña: Universidade da Coruña, pp. 93-100.

Castiñeiras, Manuel (2017): "La Santa Parentela, los dos Santiagos y las tres Marías: una encrucijada en la iconografía medieval". Adeline Rucquoi (coord.): *María y Iacobus en los Caminos Jacobeos. IX Congreso Internacional de Estudios Jacobeos (Santiago, 21-24 de octubre 2015)*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 97-141 [https://cutt.ly/usDWZT1; 30/10/2020].

Cepeda, Isabel Vilares (1982-89): *Vidas e Paixões dos Apóstolos*, Lisboa: Instituto Nacional de Investigação Científica / Centro de Linguística da Universidade de Lisboa, 2 vols.

Fernández Parada, Raquel (2016): "Exposición dos prototipos femininos nos *Miragres de Santiago*. Unha primeira aproximación". *Madrygal* 19, pp. 43-50 [DOI: https://doi.org/10.5209/MADR.53987].

Fidalgo, Elvira (2005): "Sobre las fuentes de los *Miraglos de Santiago*". *Bulletin of Hispanic Studies* 82.3, pp. 293-313.

Fidalgo, Elvira / Mercedes Brea (2004): "Versiones iberorrománicas de los milagros de Santiago". María Jesús Lacarra Ducay / Juan Manuel Cacho Blecua (eds.): *Tipología de las formas narrativas breves románicas medievales (III)*, Zaragoza / Granada: Universidad de Zaragoza / Universidad de Granada, pp. 183-211 [https://www.academia.edu/39748228/Versiones_iberorrománicas_de_los_milagros_de_Santiago; 30/10/2020].

Garzón Fernández, Marina Aurora (2019): *Melodías de Noia: estudo cultural dunha vila portuaria dos arcebispos composteláns na Baixa Idade Media*. Memoria inédita para a Bolsa de Investigación da Deputación da Coruña 2017, A Coruña: Deputación da Coruña.

Gómez Clemente, Xosé María (2001): *O manuscrito 7455 da Biblioteca Nacional de Madrid. "Miragres de Santiago"*. Tese de doutoramento inédita, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela [estudo: pp. 1-49 e 260-463].

López, Atanasio (1947): "*Miragres de Santiago*". Lino Gómez Canedo (ed.): *Nuevos estudios crítico-históricos acerca de Galicia*, Santiago de Compostela: CSIC, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos , pp. 224-251 [conxunto de artigos publicados en 1919].

López-Aydillo, Eugenio (1918): *Os* Miragres de Santiago. *Versión gallega del códice latino del siglo XII, atribuído al Papa Calisto II*, Valladolid: Imprenta Castellana de Valladolid [https://archive.org/details/osmiragesdesanti00call/page/n9/mode/2up; 30/10/2020] [estudo: pp. 7-16 e 160-250] [edición facsimilar: A Coruña: Órbigo, 2016].

López Martínez-Morás, Santiago (2007): "Aparición e florecemento da prosa medieval galega". Ana Isabel Boullón Agrelo (ed.): *Na nosa lyngoage galega. A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, pp. 447-472 [http://hdl.handle.net/10347/20454; 30/10/2020].

Lorenzo, Ramón (1993): "*Miragres de Santiago*". Giulia Lanciani / Giusseppe Tavani (coords.): *Dicionário de literatura medieval galega e portuguesa*, Lisboa: Caminho, pp. 461-463.

Lorenzo, Ramón (2004): *Mjragres de Santiago. Milagres de Santiago. Milagros de Santiago*, Valencia: Scriptorium Ediciones Limitadas, 2 vols. [estudo: II, pp. 5-17].

Moralejo, Serafín (1993): "Busto-relicario de Santiago el Menor". *Santiago Camiño de Europa. Culto e cultura da peregrinación a Compostela*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 345-346.

Negri, Manuel / Tania Vázquez García (2019): "Os *Miragres de Santiago* e as súas fontes: estudo sobre a recepción e a difusión do relato de *Bernaldus*". *Revista de Literatura Medieval* 31, pp. 161-177 [https://recyt.fecyt.es/index.php/RLM/article/view/66023; 30/10/2020].

Pensado, José Luis (1958): *Miragres de Santiago*, Madrid: Instituto Miguel de Cervantes (*Revista de Filología Española*, anexo 68) [estudo: pp. ix-clx].

Pichel, Ricardo (2020): "Las *Vidas y pasiones de los Apóstoles* de Bernardo de Brihuega a la luz de un nuevo testimonio castellano". Belén Almeida Cabrejas / Fernando Larraz Elorriaga / Marina Serrano Marín (eds.): *Babel a través del espejo. Libro homenaje a Joaquín Rubio Tovar*. Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá [no prelo].

Rodríguez González, Mariola (2006): "Aproximación al personaje del Apóstol en los *Miragres de Santiago*". Pilar Lorenzo Gradín (ed.): *Los caminos del personaje en la narrativa medieval. Actas del coloquio internacional Santiago de Compostela (1-4 diciembre 2004)*, Firenze: Edizioni del Galluzzo, pp. 311-321.

Rodríguez, José Luís (2008): "O eco do(s) caminho(s) a Santiago na primeira literatura galega". Isabel Morán Cabanas / Divina Agra Soengas (coords.): *III Congreso Internacional "O camiño de Santiago": A Viaxe (Concello de Palas de Rei, 20-22 de outubro de 2006)*, Palas de Rei: Concello de Palas de Rei, pp. 27-54.



Miragres de Santiago, Biblioteca Nacional de España, Ms. 7455, fol. 39v

3.2. *Livro das Confissões*

BITAGAP texid 9430 (cf. BITAGAP texid 1033; BETA texid 1224)

Edición

Askins, Arthur L-F. / Gemma Avenoza / Aida Fernanda Dias / José Ignacio Pérez Pascual / Harvey L. Sharrer (1997): "Novos fragmentos de textos xurídicos galegos (s. XIV)". *Revista de Literatura Medieval* 9, pp. 9-43 [http://hdl.handle.net/10017/5261; 30/10/2020] [edición: pp. 39-43].

Testemuño

Arquivo do Reino de Galicia, Colección de fragmentos de códices e impresos, CI 4 (BITAGAP manid 3209). Accesíbel en: http://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/es.ga.15030.arg/es/consulta/registro.do?id=1743371.

Datación: segunda metade do séc. XIV (ca. 1360-1380).
Extensión: 1 bifolio.
Estado de conservación: moi deteriorado, por perda de soporte na metade superior e gran parte do fol. 2, e tinta esvaída (especialmente nos fols. 1r e 2v).
Dimensións: 376 x 255 mm.
Soporte: pergamiño.
Disposición do texto: a liña tirada.
Tipo de letra: gótica cursiva de transición.
Decoración: iniciais capitulares en azul (probabelmente tamén en vermello; 3 unidades de pautado); rúbricas, caldeiróns e resaltes (en maiúsculas internas) en vermello.

Descrición

O *Libro de las Confesiones*, composto en 1316 por Martín Pérez (BETA bioid 1013, BITAGAP bioid 1039), considérase o primeiro gran manual peninsular de formación relixiosa e catequética concibido no marco da incipiente tratadística doutrinal e penitencial en romance das primeiras décadas do Trescentos. O perfil biográfico e intelectual do autor é en gran medida descoñecido, mais parece estar vinculado a Salamanca ou talvez a Zamora, onde quizais exerceu como cóengo entre 1278 e 1279, entre

outros cargos eclesiásticos. Alén da súa progresión formativa, regrada (en Boloña) ou autodidacta (García y García *et alii* 2013: ix-x), o autor demostra unha ampla experiencia como canonista e decretalista. A súa obra posúe unha eminente orientación práctica e estrutúrase en tres grandes bloques. No primeiro contémplanse, desde unha óptica xeral, os pecados "comunales a todos los estados", abordando a extensión e o modo en que as persoas incorren nas faltas descritas, especialmente no caso dos pecados capitais e das desviacións cometidas contra os dez mandamentos. Neste marco, concédese especial relevancia aos conflitos derivados da usura e da simonía (Hernando i Delgado 1981). Na segunda parte da obra analízanse os distintos grupos estamentais dos que se compón a sociedade co obxectivo de evocar un exame de conciencia individual dirixido tanto a clérigos como a leigos. Por último, na terceira sección, de carácter máis teórico, faise unha extensa exposición doutrinal verbo do conxunto dos sacramentos, a tipoloxía de pecados e a imposición das correspondentes penitencias (Gómez Redondo 1999: 1741).

A profunda formación xurídica e o coñecemento exhaustivo do dereito canónico reflectidos na obra combínanse coa vocación pedagóxica do compilador e a preocupación pastoral por espallar estas ideas entre a súa potencial audiencia, especialmente "os clérigos menguados de sçiencia", mais tamén os fregueses e penitentes en xeral. Trátase, con certeza, dun dos exemplos hispánicos máis ambiciosos de *Summa confesorum*, no cal se transcende o contido teolóxico e a limitada armazón doutrinal dos catecismos, manuais de confesión e tratados penitenciais da época para describir e analizar con detalle o variado catálogo de modos de vida cotiá, comportamentos estamentais e liñas de pensamento da sociedade daquela altura (Gómez Redondo 1999: 1739-1744). A concepción do *Libro de las Confesiones* debe entenderse como parte dun amplo movemento de reforma relixiosa que a escola catedralicia toledana impulsa desde o reinado de Sancho IV, tamén en defensa dos intereses da arquidiocese. Por outra parte, o contido da obra é tamén afín á orientación doutrinal dos poemas clericais de comezos da centuria, da produción catequismal vernácula (ex. *Diez Mandamientos*) e da materia penitencial nas obras máis próximas á ideoloxía do molinismo (exs. *Castigos de Sancho IV*, *Lucidario*, *Barlaam e Josafat*). A mesma praxe obsérvase en boa parte da narrativa literaria coetánea, como nalgunhas obras de don Juan Manuel (especialmente en *El libro del cavallero e del escudero* e en *El conde Lucanor*), en certas escenas das crónicas de Fernán Sánchez de Valladolid, nos relatos do *Libro de buen amor* de Juan Ruiz ou no *Libro del caballero Zifar*. Todos estes produtos letrados participan do espírito reformador esporeado no Concilio de Valladolid de 1322 (Resines 2003), onde se confirma a necesidade de normalizar o máximo posíbel a instrución de leigos e clérigos, en particular os menos avezados na impartición sacramental (Gómez Redondo 2007: 4043-4044; Thieulin-Pardo 2012: *Prefacio* § 2).

A difusión do *Libro*, a pesar da súa grande extensión, foi moi notábel de acordo coa decena de testemuños conservados (BETA texid 1224), aos que se lle

suman un mínimo de quince manuscritos contando os códices hoxe extraviados e os exemplares coñecidos por referencias indirectas (García y García *et alii* 2013: xiv-xvii). A finais do século XV componse, ademais, unha versión abreviada do texto (Thieulin-Pardo 2012), no marco da difusión dunha materia penitencial máis accesíbel. Con certeza, a aceptación e influencia exercida pola compilación de Martín Pérez foi moi significativa a teor da boa acollida que se lle dá, de maneira explícita, en diferentes obras latinas e portuguesas do século XV, como no anónimo *Speculum peccatoris et confesoris* ou no *Leal Conselheiro* do rei D. Duarte (García y García *et alii* 2013: xxii-xxvii).

Precisamente, a obra tivo unha ampla recepción en Portugal (BITAGAP texid 1033), onde se emprenderon varias iniciativas de tradución e copia desde finais do século XIV (a primeira tradución coñecida realízase en 1399 no mosteiro de Alcobaça); porén, tense constancia tamén doutros exemplares, hoxe perdidos, a través do testemuño indirecto de D. Duarte e do Infante Fernando na primeira metade do XV (Martins 1956, 1957; Dionísio 1993; Machado 2005-06; García y García 2003; Machado Filho 2019). Aínda que non se conserva ningún testemuño portugués da segunda parte do *Libro*, talvez por ser a máis utilizada (García y García *et alii* 2013: xix), a súa circulación en Portugal parece segura vistas as remisións e referencias a esta sección dentro e fóra do texto (García y García 2003: 220).

A recepción no Occidente peninsular do *Libro de las Confesiones* tamén afectou ao territorio galego, onde se traduciu, polo menos, a segunda parte da obra. Así se comproba coa recente identificación dun testemuño fragmentario conservado no Arquivo do Reino de Galicia (Pichel / García-Fernández 2020). O manuscrito xa era coñecido desde finais da década dos 90 grazas a un valioso traballo de exhumación no cal se deron a coñecer un conxunto de fragmentos xurídicos galegos (Askins *et alii* 1997). Porén, o limitado coñecemento nesa altura da difusión –castelá e portuguesa– da obra de Martín Pérez, unido á avanzada deterioración do fragmento, impediran daquela a correcta identificación da obra, que foi interpretada como unha compilación lexislativa de carácter eclesiástico integrada, como mínimo, por dous textos diferentes (*Texto A* e *Texto B*).

No primeiro caso, pensouse nun compendio normativo relacionado con diferentes aspectos de natureza xurídico-eclesiástica (enterramento de clérigos, pagamento de impostos de peaxe e portádego, alugueiro de casas a usureiros etc.). Doutra parte, identificouse un fragmento de carácter doutrinal relacionado co pecado da simonía no cal se alude aos relatos bíblicos de Naamán e de Simón Mago. A pesar dos esforzos por identificar o texto, non foi posíbel daquela precisar unha fonte específica, alén de recoñecer e estudar as concomitancias textuais con certos códigos lexislativos civís ou compendios eclesiásticos, como as *Partidas* (especialmente a *Primeira*), constitucións sinodais ou conciliares (como as recollidas no *Synodicon Hispanum*; García y García 1981), capítulos, cadernos ou acordos de cortes (como os de Elvas en 1361 ou os de Évora en 1391), glosas de textos legais e outros textos de

carácter episcopal ou foral (Askins *et alii* 1997: 18-19). No que respecta á sección sobre a simonía, estudouse a coincidencia do texto galego coa obra de dous escritores e teólogos franceses do século XII, Alain de Lille (*Liber in distinctionibus dictionum theologicalium*) e Richard de Saint-Victor (*Allegoriae in Vetus Testamentum*), na cal tamén se estabelece o paralelo entre as historias de Naamán e Simón Mago e a súa asociación co pecado da simonía. No ámbito da tradición ibérica, alén da proximidade co título XVII da *Primeira Partida* (leis 1 e 2), valorada como posíbel fonte da pasaxe, tamén se puxo de relevo a afinidade textual co *Valerio de las historias escolásticas de España* de Diego Rodríguez de Almela (finais do séc. XV) e cun sermón de Vicent Ferrer (Askins *et alii* 1997: 19-21).

A nova identificación do texto permite agora confirmar unha recepción occidental do *Libro de las Confesiones* máis ampla do que se imaxinaba cunha nova tradución galego-portuguesa, contemporánea das xa coñecidas, mais neste caso realizada na Galiza da segunda metade do século XIV. Trátase, ademais, do único testemuño occidental coñecido até agora da segunda parte do *Livro das Confissões*, o que corrobora, de novo, a evidente circulación en terras occidentais desta sección da obra. Por outro lado, certas características grafemáticas do texto e algúns erros de copia suxiren que o manuscrito galego non transmite unha tradución ou adaptación orixinal do seu modelo, mais que representa unha copia dunha versión galego-portuguesa máis temperá, talvez da primeira metade do século XIV.

Canto ao contido, o bifolio conservado transmite, parcialmente, os capítulos 20-21 e 29-30 do bloque central da obra (cf. García y García *et alii* 2013: 261-263 e 270-273), polo cal probabelmente se trate dun dos bifolios internos do caderno vista a lagoa textual entre os fols. 1v e 2r (cf. Askins *et alii* 1997: 14). Nos dous primeiros capítulos infórmase, de acordo co dereito canónico, sobre a sentenza de suspensión ou excomuñón ditadas por un xuíz eclesiástico e a sentenza de "interdicto", que supón a prohibición, entre outras cousas, da asistencia aos oficios divinos, da recepción dalgúns sacramentos ou da sepultura cristiá. Pola súa parte, as "rúbricas" 29 e 30 céntranse na definición dos asuntos "espirituais" (por contraposición aos "mundanais") e ilustran, entre outras cuestións, a orixe do pecado da *simonía* (consistente en pagar por obter prebendas ou beneficios eclesiásticos) a través do relato dos primeiros simoníacos mencionados no Antigo (*II Reis*) e no Novo Testamento (*Feitos dos Apóstolos*). Por un lado, alúdese á historia da curación do leproso Naamán, sandado polo profeta Eliseu, e da avaricia de Guehazí, servente deste último, castigado coa lepra por pretender tirar beneficio material da curación do xeneral sirio. Por outra parte, refírese a mala praxe do líder samaritano Simón Mago, que quixo comerciar coa capacidade milagreira dos apóstolos Pedro e Xoán.

O fragmento galego do *Livro das Confissões* é actualmente obxecto dunha nova transcrición e edición, na cal se recuperan as seccións máis deterioradas, así como dun estudo comparativo coa tradición textual castelá, no marco dos proxectos PaLMeGaP e EGPA-lit.

Bibliografía

Askins, Arthur L-F. / Gemma Avenoza / Aida Fernanda Dias / José Ignacio Pérez Pascual / Harvey L. Sharrer (1997): "Novos fragmentos de textos xurídicos galegos (s. XIV)". *Revista de Literatura Medieval* 9, pp. 9-43 [http://hdl.handle.net/10017/5261; 30/10/2020] [estudo: pp. 15-21].

Dionísio, João (1993): "Martim Peres". Giulia Lanciani / Giusseppe Tavani (coords.): *Dicionário de literatura medieval galega e portuguesa*, Lisboa: Caminho, pp. 431-432.

García y García, Antonio (dir.) (1981): *Synodicon Hispanum. I. Galicia*, Madrid: Biblioteca de Autores Cristianos.

García y García, Antonio (2003): "El *Libro de las confesiones* de Martín Pérez en Portugal". Luís Adão da Fonseca / Luís Carlos Amaral / Maria Fernanda Ferreira Santos (coords.), *Os reinos ibéricos na Idade Média. Livro de homenagem ao professor doutor Humberto Carlos Baquero Moreno*. Porto: Livraria Civilização Editora, vol. 1, pp. 219-224 [https://medievalistas.es/el-libro-de-las-confesiones-de-martin-perez-en-portugal/; 30/10/2020].

García y García, Antonio / Francisco Cantelar Rodríguez / Bernardo Alonso Rodríguez (1992): "El *Libro de las confesiones* de Martín Pérez". *Revista Española de Derecho Canónico* 49.132, pp. 77-129 [https://summa.upsa.es/viewer.vm?id=0000005720&page=1&search=&lang=es&view=main; 30/10/2020].

García y García, Antonio / Bernardo Alonso Rodríguez / Francisco Cantelar Rodríguez (2013): *Martín Pérez.* Libro de las confesiones. *Una radiografía de la sociedad medieval española.* Edición crítica, introducción y notas por ---, Madrid: Biblioteca de Autores Cristianos [edición dixital a partir da edición impresa de 2002].

Gómez Redondo, Fernando (1999): *Historia de la prosa medieval castellana II. El desarrollo de los géneros. La ficción caballeresca y el orden religioso*, Madrid: Cátedra.

Gómez Redondo, Fernando (2007): *Historia de la prosa medieval castellana IV. El reinado de Enrique IV: el final de la Edad Media. Conclusiones. Guía de lectura. Apéndices. Índices*, Madrid: Cátedra.

Hernando i Delgado, Josep (1981): "Realidades socioeconómicas en el *Libro de las confesiones* de Martín Pérez: usura, justo precio y profesión". *Acta historica et archaeologica mediaevalia* 2, pp. 93-106.

Machado, José Barbosa (2005-06): Livro das Confissões. *Mosteiro de Alcobaça, 1399.* Partes I e II, III e IV, Lisboa: Publicações Pena Perfeita.

Machado Filho, Américo Venâncio Lopes (2019): *Tratado dos sacramentos da ley antiga e nova de 1399. Edição diplomática*, [s.l.]: edición do autor [libro impreso baixo demanda por Amazon].

Martins, Mário (1956): "O *Livro das Confissões* de Martim Pérez (séc. XIV)". *Estudos de literatura medieval*, Braga: Livraria Cruz, pp. 81-92.

Martins, Mário (1957): *O penitencial de Martim Pérez em medievo-português*, Lisboa: Imp. União Gráfica.

Pichel, Ricardo / Miguel García-Fernández (2020): "Un novo testemuño occidental do *Livro das Confissões* de Martín Pérez: o fragmento galego do Arquivo do Reino de Galicia". *PhiloBiblon Blog* 03/08/2020 [https://cutt.ly/KhTnHhi; 03/08/2020].

Resines, Luis (2003): *El catecismo del Concilio de Valladolid de 1322*, Valladolid: L. Resines Editor.

Thieulin-Pardo, Hélène (dir.) (2012): *Confesionario. Compendio del* Libro de las confesiones *de Martín Pérez*. Edición y presentación de ---, Paris: e-Spania Books [DOI: https://doi.org/10.4000/books.esb.366].

Livro das Confissões, Arquivo do Reino de Galicia, Colección de fragmentos de códices e impresos, CI 4, fol. 1v

4. Prosa xurídica

4.1. As *Sete Partidas*

As *Siete Partidas* conforman un vasto corpus lexislativo concibido por Afonso X que recolle de forma estruturada, en sete libros –denominados *Partidas*–, un conxunto enciclopédico de leis compiladas polos xuristas afonsinos, combinando a lexislación tradicional hispánica co dereito romano e canónico e con outras fontes bíblicas e de carácter doutrinal (Sánchez-Arcilla Bernal 1999: 41; 2004). Os sete libros en que se estrutura a obra contemplan e regulan de maneira programática o conxunto de interrelacións e funcións civís, xurídicas e eclesiásticas da época en que se concibiu: a Igrexa e o dereito canónico (*Primera Partida*), o dereito público de corte político-administrativo (*Segunda Partida*), o ámbito xurídico e o dereito procesual (*Terceira Partida*), o dereito de familia (*Cuarta Partida*), o dereito privado de natureza mercantil (*Quinta Partida*), o dereito sucesorio (*Sexta Partida*) e o dereito penal (*Sétima Partida*). O marcado carácter simbólico do número sete e da perfección do ciclo septenario, ao que se lle dedica gran parte do prólogo, razóase en función da estrutura da obra e do propio nome do rei –composto por sete letras, iniciado por alfa e finalizado por omega–, nunha sorte de acrónimo representativo das *Siete Partidas* (Rodríguez-Velasco 2010: 105-108).

Trátase dunha obra monumental herdeira dun conxunto de compilacións legais –como o *Fuero Real* ou o *Espéculo*– producidas ao longo das máis de tres décadas que durou o reinado de Afonso X (1252-84), e configurada a través de sucesivas redaccións que evolucionaron ao tempo que o rei Sabio desenvolvía o seu ideario político. De acordo cos distintos prólogos conservados, a intención primordial deste texto era a de unificar o sistema normativo preexistente e evitar a pluralidade foral, de tradición consuetudinaria, que guiaba a vida e a actividade das diferentes capas sociais rexidas pola Coroa. A culminación do labor lexislativo de Afonso X coas *Siete Partidas* supuña a consecución de tres obxectivos principais: a unificación normativa dos reinos –representada inicialmente polo *Espéculo*–, o estabelecemento do monopolio lexislativo do monarca –co que se correspondía o *Fuero Real*– e a renovación do dereito a partir da recepción do "dereito común" –da que as *Siete Partidas* constituirían o maior reflexo– (Iglesia Ferreirós 1980; Pérez Martín 1992; cf. Sánchez-Arcilla Bernal 2004). Esta tríade complétase, ademais, co *Setenario*, considerada pola maior parte da crítica como a última obra lexislativa do rei Sabio (Craddock 1986; Martin 1993, 1995; cf. Flores Arroyuelo 1985). Deste modo, a figura do monarca e

a súa posición de poder con respecto ás leis, a aristocracia e a Igrexa foi mudando nas sucesivas reelaboracións da súa obra lexislativa, desde o *Espéculo* e o *Fuero Real* até o *Setenario* e a última redacción das *Partidas*, na cal se presenta un rei que non está por enriba da lei, mais que a debe cumprir e promulgar. Porén, malia que Afonso X procurou desenvolver un código que compracese os outros poderes do reino, o texto non chegaría a ter vixencia durante o seu reinado, debido, entre outras razóns, aos intereses contrarios da nobreza e do clero. Non será até a época de Afonso XI cando se promoverá a súa utilización como texto de dereito supletorio do *Ordenamiento de Alcalá* promulgado en 1348 (Gómez Redondo 1998: 511-532).

Certamente, os diferentes testemuños conservados demostran que a obra percorreu varias fases de composición. De acordo con Herriott (1951), existirían dous textos principais: un finalizado en 1265 e sancionado polo rei Sabio e outro emendado por Afonso XI en 1348. Porén, as investigacións de Craddock (1981, 1986, 2011; cf. García-Gallo 1984; Iglesia Ferreirós 1986; cf. Panateri 2017, 2018; Sanz Martín 2020) probarían a coexistencia en época afonsina de tres redaccións distintas. Nun primeiro momento, entre 1256 e 1265, comporíase a *Primera Partida*, como reelaboración amplificada do *Espéculo*. A comezos da década seguinte (1272-75) traballaríase nunha segunda redacción –titulada, de acordo co seu prólogo, *Libro de las leyes*–, para posteriormente (a partir de 1275) ser revisada e completada con algunhas leis adicionais e xa coa organización estrutural en sete libros. A estes tres estadios compositivos, sumaríaselle unha cuarta versión condicionada pola recepción da obra en época de Afonso XI (1311-50), cando o texto se fixa, como xa se indicou, tras a promulgación do *Ordenamiento de Alcalá* en 1348, obra na cal se lles concede ás *Partidas* forza legal de segundo grao. Desde este momento, o *textus receptus* de Afonso XI convértese na versión vulgata do que hoxe coñecemos como *Siete Partidas* a partir da cal se fixa o texto canónico da obra a finais do século XV a cargo do xurista Alonso Díaz de Montalvo (1491). A mediados do XVI, a versión de Montalvo foi substituída por unha nova edición publicada por Gregorio López (1555), cuxa vixencia chegaría até a promulgación do Código Civil de 1889. Porén, a finais do século XVII comezarían os traballos para unha nova edición da obra, de corte académico e histórico, a cargo da Real Academia da Historia, finalmente publicada en 1807 e autorizada para o seu uso nos tribunais desde 1818. Con todo, debido ás diverxencias textuais entre esta e a versión estabelecida por López en 1555, finalmente resolveríase en 1860 a favor da prevalencia desta última redacción en caso de desacordo, perdendo, en definitiva, a edición da RAH o valor xurídico co que xurdira (Bartol Hernández 1986).

A profusa irradiación das *Partidas* tería lugar con posterioridade ao reinado de Afonso X, especialmente a partir de mediados do século XIV, tal como evidencian case un centenar de manuscritos casteláns conservados (BETA texid 1029; García y García 1986; Craddock 1986, 2011; cf. Fradejas Rueda 2021), entre os cales destaca o testemuño máis antigo coñecido, elaborado en tempos de Sancho IV ca. 1290

(British Library, Ms. Additional 20787; BETA manid 1112). A eles cómpre sumar o case medio centenar de testemuños galego-portugueses e cataláns que demostran a fluída circulación, lectura e tradución das *Partidas* tanto na Coroa de Aragón como nos territorios occidentais ao longo dos séculos XIV e XV. Dada a gran cantidade de testemuños conservados –ningún deles afonsino– e a pesar das diferentes propostas ecdóticas –parciais, deficientes ou incompletas– publicadas desde o século XIX, a día de hoxe aínda non existe unha edición crítica do texto que permita fixar un *stemma* e profundar na tradición textual e manuscrita da obra. Máis alá das dificultades –do punto de vista da crítica xenética– que ofrece un texto en constante reelaboración desde a súa concepción primixenia até a recepción en tempos de Afonso XI, o estabelecemento da edición crítica si parece posíbel, de acordo cos principios neolachmannianos, partindo do texto fixado en 1348 e despois transmitido nunha vasta tradición manuscrita baixomedieval e a través das edicións modernas impresas (sécs. XVI-XVIII). Este é, precisamente, o obxectivo primordial do proxecto *7 Partidas Digital*, dirixido por José Manuel Fradejas Rueda (2016-), enfocado non só na fixación do texto crítico, mais tamén na creación dun catálogo de todos os testemuños existentes das *Partidas*, así como na súa transcrición (dixital), descrición codicolóxica e actualización bibliográfica (Fradejas Rueda / Pichel / Jerez Cabrero 2021).

A difusión e tradución das *Partidas* a outras linguas peninsulares é, como xa se adiantou, outro sinal inequívoco do impacto da obra lexislativa afonsina noutros espazos culturais dentro e fóra dos reinos de Galiza-León e Castela. No que respecta á Coroa de Aragón, o aproveitamento das *Partidas* é notábel xa desde as últimas décadas do século XIII, vista a súa influencia no *Llibre de l'orde de cavalleria* de Ramon Llull (ca. 1274-76; BITECA texid 1683). Por outro lado, é ben coñecida a actividade de copia e compilación das *Partidas* desde o terceiro cuartel do século XIV a instancias do rei Pedro o Cerimonioso, como demostra, por unha banda, a tradución ao catalán da *Primera* e *Segunda Partida* (BITECA texid 1031, 11418), e por outra, a súa utilización como fonte en certas obras de cabalaría como o *Tractat de cavalleria* de Pedro III (BITECA texid 1827) ou o *Sumari de batalla a ultrança* (BITECA texid 2228) (Sabaté i Marín / Soriano Robles 2015; Avenoza 2017). Ademais, tamén se ten constancia da copia e circulación de exemplares do texto castelán en diferentes territorios da Coroa e tamén vinculados á Casa real aragonesa (Pérez Martín 1992: 48-49; Pichel 2018).

Pola súa parte, a recepción das *Partidas* no Occidente peninsular foi aínda máis intensa atendendo á trintena de testemuños identificados no reino portugués e á ducia de versións traducidas na Galiza baixomedieval desde comezos do século XIV (BITAGAP texid 14545). No primeiro caso, alén do coñecemento e influencia das *Partidas* desde finais do século XIII (patente, por exemplo, nunha decisión lexislativa de Don Dinis arredor de 1295), coñécense dous códices coa tradución da *Primeira* e da *Terceira Partida* (neste último caso, parcial), ademais dun conxunto de 34 fragmentos representantes das distintas *Partidas*, especialmente da *Terceira*

(Cepeda 1995: 30-35; Askins / Dias / Sharrer 2002; Domingues 2017, 2019; entre outros). Da *Cuarta Partida* non se conserva ningún vestixio material, aínda que si se coñeceu e serviu de fonte para o *Livro de Linhagens* do Conde de Barcelos (Ferreira 2012: 93-122).

Polo que respecta ao ámbito galego, é ben coñecida a presenza de varios testemuños traducidos das *Partidas* desde as primeiras décadas do século XIV (talvez xa desde o último decenio do XIII nalgúns casos), todos eles documentos de gran valor para o coñecemento da cultura escrita e xurídica galega na Idade Media (Mariño Paz 1998: 152-157; Lorenzo 2000: 396-399; Pichel 2021). En termos lingüísticos, a difusión e tradución das *Partidas* na Galiza baixomedieval desenvolveuse en consonancia coa hexemonía do romance galego-portugués no ámbito xurídico e instrumental até ben entrado o século XV (Lorenzo 2004; Varela Barreiro / Pichel 2016). Neste sentido, aínda que cabe supor que os notarios galegos non terían dificultades para comprenderen os textos lexislativos en castelán que, con certeza, circularían nos diferentes ámbitos de administración da xustiza, a presenza de traducións das *Sete Partidas*, do *Foro Real* ou do *Ordenamento de Alcalá* induce a pensar, porén, que existiría un grande interese por ler, usar e difundir estes textos en galego (Mariño Paz 1998: 152-157).

Hoxe só temos constancia da existencia de 12 fragmentos de orixe galega, algúns deles moi deteriorados, que parecen proceder, polas súas características codicolóxicas e textuais, de códices nos cales se transmitía o texto completo de cada *Partida*[11]. Trátase, por tanto, de *disiecta membra*, na súa maior parte conservados como encadernación de libros de rexistro, atados ou protocolos notariais posmedievais (sécs. XVI-XVII) que adoitan transportar o valioso fragmento na súa cuberta, a miúdo con efectos funestos para a súa preservación. Porén, grazas á existencia do *liber tradens*, podemos coñecer unha parte do itinerario (pos)medieval dos manuscritos, e mesmo ás veces enxergar as coordenadas espazo-temporais e/ou socioculturais en que se puido forxar a produción da copia ou tradución. No caso que nos ocupa, é factíbel relacionarmos varios testemuños con diferentes institucións civís ou eclesiásticas da Galiza moderna, como no caso das vilas de Noia (P1-ARG e P3-ARG), Pontevedra (P5-MP), Santiago de Compostela (P3-AHUS, P4-AHUS, P4-ARAG, P5-AHUS) ou Vilafranca do Bierzo (P3-AHPL), entre outras localizacións.

Con bastante seguridade, na Galiza baixomedieval circularon desde época moi temperá os sete libros das *Partidas*, se ben é certo que hoxe non coñecemos vestixios materiais da tradución da *Segunda Partida*, da que non se coñece ningún testemuño (BITAGAP texid 16131). Dos restantes libros dispoñemos de varias copias, salvo da *Sétima Partida* (un só testemuño; § 4.1.6) e da *Sexta* (un dos testemuños continúa

[11] A favor desta hipótese parecen apuntar algunhas referencias indirectas á circulación de manuscritos ou "libros" das *Partidas* (talvez traducións) testemuñadas na prosa instrumental ou xurídica (Duro Peña 1961: 693; García y García 1986: 189; Bouzas Rosende / Pichel 2005; Pichel 2021; cf. §§ 4.1.2 e 4.3).

hoxe en paradoiro descoñecido: BITAGAP manid 1476; § 4.1.5). A produción libraria das primeiras *Partidas* nas décadas iniciais do século XIV ou mesmo xa desde finais do XIII (polo menos no caso da *Primeira* e da *Terceira*: P1-ARG, P1-ARAG e P3-ARAG; §§ 4.1.1 e 4.1.2) está en consonancia coas mostras inaugurais en prosa historiográfica (*Crónica geral galega*; § 2.2) e de ficción (*Livro de Tristam*; § 1.2.1) conformadas no espazo transfronteirizo galego-portugués nesa altura. Tratarías e, así pois, das primeiras iniciativas de copia e tradución do corpus lexislativo afonsino no espazo galego, caracterizadas, entre outras cuestións, por unha factura moi coidada en termos codicolóxicos (*mise en page*, decoración esmerada de capitais) e paleográficos (modalidade libraria caligráfica). A estes testemuños temperáns cómpre sumar, ademais, a copia berciana da *Terceira Partida* (P3-AHPL; § 4.1.2), de factura e cronoloxía similar, así como as versións galego-leonesas do *Foro Juzgo* (§ 4.2), do *Foro Real* (§ 4.3) e das *Flores do Dereito* (§ 4.4), datadas tradicionalmente entre finais do século XIII e primeiras décadas do XIV.

Conforme avanza o Trescentos, consolidaríase a circulación e uso das *Partidas* na lingua propia, como demostra a tradución dos libros IV-VII en varias campañas librarias desde mediados até o último cuartel do XIV. Non é descartábel que estas iniciativas de tradución herdasen as mudanzas introducidas no texto afonsino tras a promulgación do *Ordenamiento de Alcalá*, do que tamén se conserva unha tradución galega da segunda metade do século XIV (§ 4.5). A campaña libraria máis compacta e recoñecíbel nesta época é a representada polos testemuños P4-AHUS (§ 4.1.3), P5-MP e P5-AHUS (§ 4.1.4) máis P7-AHUS (§ 4.1.6), de factura material máis descoidada, concibidos moi probabelmente nun mesmo entorno de produción cara ao último cuartel da centuria (Pichel 2021). De mediados da centuria ou do terceiro cuartel dataría o manuscrito da *Sexta Partida* (P6-ACOu; § 4.1.5), así como os outros dous testemuños da *Terceira* (P3-AHUS; § 4.1.2) e da *Quinta Partida* (P5-AHNob; § 4.1.4), entre os cales non parece existir unha vinculación material.

Porén, o coñecemento e uso das *Partidas* como principal código legal de referencia na Galiza dos sécs. XIV-XV non se limita á actividade tradutora. Alén da súa aplicación como marco normativo en determinados procesos ou estruturas sociais (García-Fernández 2021), temos tamén constancia do seu manexo e colación con outros textos lexislativos afíns, tal como acontece nas coñecidas como "Glosas de Vasco Lourenço de Tui" (§ 4.3) integradas nun exemplar do *Fuero Real*, onde se apuntan notas de carácter intertextual alusivas, entre outras fontes, ás *Partidas* e ao *Ordenamento de Alcalá* (Kabatek 2007; Bouzas Rosende / Pichel 2015). Doutra parte, certas características (extra)lingüísticas occidentais dalgúns testemuños casteláns das *Partidas* poderían evidenciar a súa circulación polo territorio galego alén de reflectiren un proceso de copia por parte de individuos con base lingüística galego-portuguesa. É o caso, entre outros, de dous fragmentos dos séculos XIV-XV recentemente identificados no Archivo de la Real Chancillería de Valladolid, pertencentes á *Tercera* (BETA manid 5727) e *Séptima Partida* (BETA manid 5728). A

presenza de certas solucións lingüísticas occidentais, así como –no primeiro caso– a procedencia do *liber tradens* no cal se conservou apunta á orixe galega destes dous testemuños (Fradejas Rueda 2015: 19-20, 23; § 4.1.2).

O acceso ao texto dos testemuños galegos das *Partidas* é posíbel a través dun pioneiro conxunto de traballos en que se ofrece a transcrición e, nalgúns casos, unha primeira aproximación ao estudo dos fragmentos (Oviedo y Arce 1901a, 1901b, 1915; Martínez Salazar 1909-10; Pensado 1974-75; Avenoza 1995; Askins *et alii* 1997). Porén, boa parte deles foron editados a comezos do século XX e continúan pendentes dunha revisión exhaustiva e do cotexo coa tradición textual castelá e portuguesa (Oro 1997; Lorenzo 2000: 396-399; Pichel 2021). Na actualidade, a transcrición e a edición crítica dos fragmentos galegos das *Partidas* é un labor que se está a desenvolver no marco dos proxectos PaLMeGaP e EGPA-lit, nos cales tamén se ofrece unha primeira edición dos novos testemuños exhumados en época recente, así como o confronto dos fragmentos coincidentes canto ao contido transmitido (Sharrer 2014, 2020; Pichel / Sharrer 2021; Arbor Aldea / Pichel 2021).

Bibliografía

Edicións dos fragmentos galegos

Arbor Aldea, Mariña / Ricardo Pichel (2021): "Un fragmento galego da *Sexta Partida* no Arquivo da Catedral de Ourense". Ricardo Pichel (ed.): *«Tenh'eu que mi fez el i mui gram bem». Estudos sobre cultura escrita medieval dedicados a Harvey L. Sharrer*. Madrid: Sílex [no prelo] [P6-ACOu].

Askins, Arthur L-F. / Gemma Avenoza / Aida Fernanda Dias / José Ignacio Pérez Pascual / Harvey L. Sharrer (1997): "Novos fragmentos de textos xurídicos galegos (s. XIV)". *Revista de Literatura Medieval* 9, pp. 9-43 [http://hdl.handle.net/10017/5261; 30/10/2020] [P1-ARG: pp. 28-33; P3-ARG: pp. 33-39].

Avenoza, Gemma (1995): "Atopáronse uns pergamiños... O redescubrimento duns fragmentos en galego das *Partidas*". *Romance Philology* 49.2, pp. 119-129 [P4-ARAG: pp. 125-128].

Martínez Salazar, Andrés (1909-10): "Fragmento de un nuevo códice gallego de Las Partidas". *Boletín de la Real Academia Gallega* 3.31, pp. 149-158 [https://academia.gal/boletins-web/paxinas.do?id=469; 30/10/2020] [P1-ARAG: pp. 156-158].

Oviedo y Arce, Eladio (1901a): "Cuatro fragmentos de distintos Códices gallegos de *Las Partidas* de Alfonso el Sabio". *Colección Diplomática de Galicia Histórica*, Santiago de Compostela: Tip. Galaica pp. 103-135 [https://archive.org/details/coleccindiplomt00unkngoog/page/n108/mode/2up; 30/10/2020] [P3-AHUS: pp. 104-109; P4-AHUS: pp. 109-116; P5-AHUS: pp. 116-129; P7-AHUS: pp. 129-135].

Oviedo y Arce, Eladio (1901b): "Fragmento de una versión gallega del Código de

Las Partidas de Alfonso el Sabio". *Colección Diplomática de Galicia Histórica*, Santiago de Compostela: Tip. Galaica, pp. 4-13 [https://archive.org/details/coleccindiplomt00unkngoog/page/n12/mode/2up; 30/10/2020] [P4-ARAG: pp. 6-13].

Oviedo y Arce, Eladio (1915): "Fragmento de un códice galaico-castellano de las *Partidas* (apógrafo del siglo XIII)". *Boletín de la Real Academia Gallega* 10.100, pp. 73-82 [https://academia.gal/boletins-web/paxinas.do?id=1580&d-447263-p=1; 30/10/2020] [P1-ARG: pp. 77-82].

Pensado, José Luis (1974-75): "Tres fragmentos jurídicos galaicoportugueses". *Cuadernos de Estudios Gallegos* 29.87-89, pp. 102-129 [P3-AHPL: pp. 128-129].

Pichel, Ricardo / Harvey L. Sharrer (2021): "Dous novos testemuños galegos da *Quinta Partida* de Afonso X". Ricardo Pichel (ed.): *«Tenh'eu que mi fez el i mui gram bem». Estudos sobre cultura escrita medieval dedicados a Harvey L. Sharrer*. Madrid: Sílex [no prelo] [P5-AHNob e P5-MP].

Obras e estudos citados

Askins, Arthur LF. / Aida Fernanda Dias / Harvey L. Sharrer (2002): *Fragmentos de Textos Medievais Portugueses da Torre do Tombo*, Lisboa: Instituto dos Arquivos Nacionais / Torre do Tombo.

Avenoza, Gemma (2002): "Textos lexislativos a finais da Idade Media". *Vieiros* 27/06/2002 [http://www.vieiros.com/nova/23192; 30/10/2020].

Avenoza, Gemma (2017): "Las Partidas en catalán". *7 Partidas Digital. Edición crítica digital de las Siete Partidas* 21/12/2017 [https://7partidas.hypotheses.org/1015; 30/10/2020].

Bartol Hernández, José Antonio (1986): "*Siete Partidas*: ediciones, manuscritos y relaciones con otras obras". *Studia Zamorensia* 7, pp. 21-60.

Bouzas Rosende, Paula / Ricardo Pichel (2015): "As glosas marxinais galegas do *Fuero Real* (BNE ms. 710)". *Gallaecia. III Congresso Internacional de Lingüística Histórica (Universidade de Santiago de Compostela, 27-30 xullo 2015)*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

Cepeda, Isabel Vilares (1995): *Bibliografia da prosa medieval em língua portuguesa. Subsídios*, Lisboa: Ministério da Cultura / Instituto da Biblioteca Nacional e do Livro.

Craddock, Jerry R. (1981): "La cronología de las obras legislativas de Alfonso X el Sabio". *Anuario de historia del derecho español* 51, pp. 365-418 [https://www.boe.es/biblioteca_juridica/anuarios_derecho/abrir_pdf.php?id=ANU-H-1981-10036500418; 30/10/2020].

Craddock, Jerry R. (1986): *The legislative works of Alfonso X, el Sabio: a critical bibliography*, London: Grant & Cutler.

Craddock, Jerry R. (2011): *A Bibliography of the Legislative Works of Alfonso X el Sabio (1986) with update (1981-1990)*, Berkeley: University of California-Berkeley

[https://escholarship.org/uc/item/38r0s439; 30/10/2020].

Díaz de Montalvo, Alfonso (ed.) (1491): *Las Siete Partidas de Alfonso X el Sabio, con las adiciones de Alfonso Díaz de Montalvo*, Sevilla: Impreso por Pablo de Colonia, Juan Pegnitzer, Magno [Herbst] y Tomás [Glockner].

Domingues, José (2017): "A Tradição Medieval das *Sete Partidas* em Portugal". *7 Partidas Digital. Edición crítica digital de las "Siete Partidas"* 01/06/2017 [https://7partidas.hypotheses.org/692; 30/10/2020].

Domingues, José (2019): "A Tradição Medieval Portuguesa das *Sete Partidas* de Afonso X: Fragmentos da *Partida Terceira*". *Initium* 24, pp. 83-194 [https://www.researchgate.net/publication/336878942; 30/10/2020].

Duro Peña, Emilio (1961): "Los códices de la Catedral de Orense". *Hispania Sacra* 14, pp. 185-212.

Ferreira, Maria do Rosário (2012): "«Amor e amizade antre os nobres fidalgos da Espanha»: apontamentos sobre o prólogo do *Livro de Linhagens* do Conde D. Pedro". *Cahiers d'études hispaniques médiévales* 35, pp. 93-122 [DOI: https://doi.org/10.3406/cehm.2012.2276].

Flores Arroyuelo, Francisco José (1985): "El *Setenario*, una primera versión de los capítulos introductorios de *Las Siete Partidas*". Fernando Carmona Fernández / Francisco José Flores Arroyuelo (coords.): *La lengua y la literatura en tiempos de Alfonso X. Actas del Congreso Internacional (Murcia, 5-10 de marzo de 1984*, Murcia: Universidad de Murcia, pp. 169-180.

Fradejas Rueda, José Manuel (2015): "Cuatro nuevos testimonios manuscritos de las *Siete Partidas*". *Revista de Literatura Medieval* 27, pp. 13-52 [https://ebuah.uah.es/dspace/handle/10017/27979; 30/10/2020].

Fradejas Rueda, José Manuel (dir.) (2016-): *7 Partidas Digital. Edición crítica digital de las Siete Partidas*, Valladolid: Universidad de Valladolid [https://7partidas.hypotheses.org/; 30/10/2020].

Fradejas Rueda, José Manuel (2021): "Testimonios de las *Siete Partidas*". José Manuel Fradejas Rueda / Ricardo Pichel / Enrique Jerez Cabrero (eds.): *Las* Siete Partidas *del rey Sabio. Una aproximación desde la filología digital y material*. Frankfurt am Main: Iberoamericana / Vervuert [no prelo] [versión dixital en: *7 Partidas Digital. Edición crítica digital de las* Siete Partidas, Universidad de Valladolid, https://7partidas.hypotheses.org/testimonios; 30/10/2020].

Fradejas Rueda, José Manuel / Ricardo Pichel / Enrique Jerez Cabrero (eds.) (2021): *Las* Siete Partidas *del rey Sabio. Una aproximación desde la filología digital y material*. Frankfurt am Main: Iberoamericana / Vervuert [no prelo].

García-Fernández, Miguel (2021): "Mujeres y transmisión de la herencia en las *Partidas* de Alfonso X: un marco normativo para la práctica testamentaria bajomedieval". José Manuel Fradejas Rueda / Ricardo Pichel / Enrique Jerez Cabrero (eds.): *Las* Siete Partidas *del rey Sabio. Una aproximación desde la filología digital y material*. Frankfurt am Main: Iberoamericana / Vervuert [no prelo].

García-Gallo, Alfonso (1984): "La obra legislativa de Alfonso X. Hechos e hipótesis". *Anuario de historia del derecho español* 54, pp. 97-162 [https://www.boe.es/biblioteca_juridica/anuarios_derecho/articulo.php?id=ANU-H-1984-10009700162; 30/10/2020].

García y García, Antonio (1986): "La tradición manuscrita de las *Siete Partidas*". Antonio Pérez Martín (ed.): *España y Europa, un pasado jurídico común. Actas del I Simposio Internacional del Instituto de Derecho Común (Murcia, 26-28 de marzo de 1985)*, Murcia: Universidad de Murcia, pp. 655-699.

Gómez Redondo, Fernando (1998): *Historia de la prosa medieval castellana I. La creación del discurso prosístico: el entramado cortesano*, Madrid: Cátedra.

Herriott, J. Homer (1951): "The Validity of the Printed Editions of the *Primera Partida*". *Romance Philology* 5, pp. 165-174 [https://www.jstor.org/stable/44938408?seq=1; 30/10/2020].

Iglesia Ferreirós, Aquilino (1980): "Alfonso X el Sabio y su obra legislativa: algunas reflexiones". *Anuario de historia del derecho español* 50, pp. 531-562 [https://www.boe.es/publicaciones/anuarios_derecho/articulo.php?id=ANU-H-1980-10053100562; 30/10/2020].

Iglesia Ferreirós, Aquilino (1986): "La labor legislativa de de Alfonso X el Sabio". Antonio Pérez Martín (ed.): *España y Europa, un pasado jurídico común. Actas del I Simposio Internacional del Instituto de Derecho Común (Murcia, 26-28 de marzo de 1985)*, Murcia: Universidad de Murcia, pp. 275-599.

Kabatek, Johannes (2007): "*Muyto he boa grosa*: o Renacemento Boloñés, a elaboración das linguas románicas e a emerxencia do galego escrito". Ana Isabel Boullón Agrelo (ed.): *Na nosa lyngoage galega. A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, pp. 21-36 [DOI: https://doi.org/10.5167/uzh-86104].

López, Gregorio (ed.) (1555): *Las Siete Partidas del Sabio Rey don Alonso el nono, nueuamente Glosadas por el Licenciado Gregorio Lopez del Consejo Real de Indias de su Magestad*, Salamanca: Andrea Portonaris [https://www.boe.es/biblioteca_juridica/publicacion.php?id=PUB-LH-2011-60&tipo=L&modo=2; 30/10/2020].

Lorenzo, Ramón (2000): "Prosa medieval". Francisco Rodríguez Iglesias (dir.): *Galicia. Literatura*. Tomo XXX: *A Idade Media*, A Coruña: Hércules, pp. 364-429.

Lorenzo, Ramón (2004): "Emerxencia e decadencia do galego escrito (ss. XIII-XVI)". Rosario Álvarez / Francisco Fernández Rei / Antón Santamarina, (eds.): *A Lingua Galega: historia e actualidade. Actas do I Congreso internacional (Santiago de Compostela, 16-20 setembro 1996)*, Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, vol. 3, pp. 27-153 [http://hdl.handle.net/10347/9897; 30/10/2020].

Mariño Paz, Ramón (1998): *Historia da lingua galega*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

Martin, Georges (1993): "Alphonse X ou la science politique *Septénaire* 1-11". *Cahiers de linguistique hispanique médiévale* 18, pp. 79100 [DOI: https://doi.org/10.3406/cehm.1993.1083].

Martin, Georges (1995): "Alphonse X ou la science politique *Septénaire* 1-11 (suite)". *Cahiers de linguistique hispanique médiévale* 20.1, pp. 7-33 [DOI: https://doi.org/10.3406/cehm.1995.930].

O'Callaghan, Joseph F. (2019): *Alfonso X, the Justinian of His Age: Law and Justice in Thirteenth-Century Castile*, Ithaca: Cornell University Press.

Oro, César (1997): "Lectura comparativa duns fragmentos de 'As Sete Partidas' nas versións galega e castelá". Benigno Fernández Salgado (ed.): *Proceedings of the 4th International Conference on Galician Studies (Universidade de Oxford, 26-28 setembro 1994)*, Oxford: Oxford Centre for Galician Studies, pp. 77-91.

Panateri, Daniel (2017): *El discurso del rey. El discurso jurídico alfonsí y sus implicancias políticas*, Madrid: Dykinson (Col. Historia del derecho, 54) [http://hdl.handle.net/10016/25377; 30/10/2020].

Panateri, Daniel (2018): "Sapiencialismo y legalismo, una distinción útil para *Las Siete Partidas*". *7 Partidas Digital. Edición crítica digital de las* Siete Partidas 04/04/2018 [https://7partidas.hypotheses.org/1170; 30/10/2020].

Pérez Martín, Antonio (1992): "La obra legislativa alfonsina y puesto que en ella ocupan las *Siete Partidas*". *Glossae: Revista de Historia del Derecho Europeo* 3, pp. 9-63 [http://www.glossae.eu/wp-content/uploads/2016/07/9-63.pdf; 30/10/2020].

Pérez Martín, Antonio (2014): "Las redacciones de la *Primera Partida* de Alfonso X el Sabio". *Revista Española de Derecho Canónico* 71.176, pp. 21-37 [https://summa.upsa.es/viewer.vm?id=32949&view=main&lang=es; 30/10/2020].

Pichel, Ricardo (2018): "El códice neoyorquino de la Primera Partida (HSA, HC397/573). Notas para su actualización cronológica y geográfica". *7 Partidas Digital. Edición crítica digital de las* Siete Partidas 01/06/2018 [https://7partidas.hypotheses.org/1257; 30/10/2020].

Pichel, Ricardo (2021): "La recepción de las *Siete Partidas* en la Galicia bajomedieval. Un estado de la cuestión". José Manuel Fradejas Rueda / Ricardo Pichel / Enrique Jerez Cabrero (eds.): *Las* Siete Partidas *del rey Sabio. Una aproximación desde la filología digital y material*. Frankfurt am Main: Iberoamericana / Vervuert [no prelo].

Real Academia de la Historia (ed.) (1807): *Las Siete Partidas del Rey Don Alfonso el Sabio. Cotejadas con varios codices antiguos por la Real Academia de la Historia*, Madrid: Imprenta Real [http://www.cervantesvirtual.com/nd/ark:/59851/bmcsb449; 30/10/2020].

Rodríguez-Velasco, Jesús D. (2010): "La urgente presencia de *Las siete partidas*". *La corónica* 38.2, pp. 99-135 [DOI: https://doi.org/10.1353/cor.0.0067].

Sabaté i Marín, Gloria / Lourdes Soriano Robles (2015): "La cavallería a la Corona d'Aragó: tractats teòrico-jurídics de producció pròpia". *eHumanista* 31, pp. 154-170 [http://www.ehumanista.ucsb.edu/sites/secure.lsit.ucsb.edu.span.d7_eh/files/sitefiles/ehumanista/volume31/ehum31.ms.sabate.pdf; 30/10/2020].

Sánchez-Arcilla Bernal, José (1999): "La obra legislativa de Alfonso X el Sabio. Historia de una polémica". Jesús Montoya Martínez / Ana Domínguez Rodríguez (coords.): *El scriptorium alfonsí: de los libros de astrología a las "Cantigas de Santa María"*, Madrid: Editorial Complutense, pp. 17-81.

Sánchez-Arcilla Bernal, José (2004): *Alfonso X. Las* Siete Partidas *(el Libro del fuero de las leyes)*, Madrid: Reus.

Sanz Martín, Álvaro Jesús (2020): "Las redacciones de las *Siete Partidas* durante el reinado de Alfonso X: una revisión historiográfica". *7 Partidas Digital. Edición crítica digital de las* Siete Partidas 02/03/2020 [https://7partidas.hypotheses.org/3670; 30/10/2020].

Sharrer, Harvey L. (2014): "The BITAGAP project since 1988: Expansion of the corpus of texts and important discoveries". Lourdes Soriano *et al.* (eds.): *Humanitats a la xarxa: Món medieval - Humanities on the Web: The Medieval World*, Berna: Peter Lang, pp. 169-183 [DOI: https://doi.org/10.3726/978-3-0351-0637-4].

Sharrer, Harvey L. (2020): "A BITAGAP no seu 30º aniversário: a expansão de dados e expectativas para o futuro". Isabel Barros Dias / Margarida Santos Alpallão / Margarida Esperança Pina (eds.): *O Medievalismo no século XXI*, Berlín: Peter Lang, pp. 157-168.

Varela Barreiro, Xavier / Ricardo Pichel (2016): "Galego-portugués e castelán na Galiza do século xv. Retrincos significativos na documentación xudicial da colección documental da catedral de Lugo". Ramón Mariño Paz / Xavier Varela Barreiro (eds.): *A lingua galega no solpor medieval*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 95-120 [https://cutt.ly/6yLAcDe; 30/10/2020].

4.1.1. *Primeira Partida*

BITAGAP texid 1214 (cf. BITAGAP texid 1132; BETA texid 1029)

Edicións

Martínez Salazar, Andrés (1909-10): "Fragmento de un nuevo códice gallego de *Las Partidas*". *Boletín de la Real Academia Gallega* 3.31, pp. 149-158 [https://academia.gal/boletins-web/paxinas.do?id=469; 30/10/2020] [P1-ARAG, edición: pp. 156-158].

Oviedo y Arce, Eladio (1915): "Fragmento de un códice galaico-castellano de las *Partidas* (apógrafo del siglo XIII)". *Boletín de la Real Academia Gallega* 10.100, pp. 73-82 [https://academia.gal/boletins-web/paxinas.do?id=1580&-d-447263-p=1; 30/10/2020] [P1-ARG, edición: pp. 77-82].

Askins, Arthur L-F. / Gemma Avenoza / Aida Fernanda Dias / José Ignacio Pérez Pascual / Harvey L. Sharrer (1997): "Novos fragmentos de textos xurídicos galegos (s. XIV)". *Revista de Literatura Medieval* 9, pp. 9-43 [http://hdl.handle.net/10017/5261; 30/10/2020] [P1-ARG, edición: pp. 28-33].

Testemuños

(**P1-ARAG**) Arquivo da Real Academia Galega, Colección Pergameos, P. Caixa 3-8. (BITAGAP manid 1470). Accesíbel en: http://arquivo.galiciana.gal/arpad-web/es/consulta/registro.do?id=371202.

Datación: finais do séc. XIII ou comezos do XIV (ca. 1290-1325).

Procedencia: Evaristo Martelo Paumán, marqués de Almeiras (BITAGAP bioid 3546).

Extensión: 1 folio.

Estado de conservación: levemente deteriorado por manchas e tinta esvaída (especialmente no verso do folio).

Dimensións: 310 x 210 mm.

Soporte: pergamiño.

Disposición do texto: a dúas columnas de 51 liñas.

Tipo de letra: gótica cursiva caligráfica.

Decoración: iniciais capitulares alternantes en azul e vermello, con ornamentación interna e externa, de diferentes dimensións (xerarquizadas pola

estrutura capitular: 7 e 3 unidades de pautado, respectivamente, para os títulos e as leis); caldeiróns alternantes en azul e vermello, rúbricas e resaltes (maiúsculas internas) en vermello.

(P1-ARG) Arquivo do Reino de Galicia, Colección de fragmentos de códices e impresos, CI 3 (BITAGAP manid 1471). Accesíbel en: http://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/es.ga.15030.arg/es/consulta/registro.do?id=1704462.

Datación: primeira metade do séc. XIV (ca. 1300-25).
Procedencia: Noia, convento de San Francisco (séc. XVIII; BITAGAP insid 1054); Rodrigo Pardo González (BITAGAP bioid 1968).
Extensión: 1 folio.
Estado de conservación: lixeiramente deteriorado por esgazadura (na marxe interna) e tinta esvaída no verso (metade superior da primeira columna).
Dimensións: 320 x 220 mm.
Soporte: pergamiño.
Disposición do texto: a dúas columnas de 51 liñas.
Tipo de letra: gótica cursiva caligráfica.
Decoración: iniciais capitulares alternantes en azul e vermello (con decoración interna e externa, 2-3 unidades de pautado); caldeiróns alternantes en azul e vermello, rúbricas e resaltes (en maiúsculas internas) en vermello.

Descrición

A *Primeira Partida* comprende todos os asuntos relacionados coa Igrexa e o dereito eclesiástico. Este libro, concibido como un extenso compendio de dereito canónico e romano, introduce o conxunto lexislativo afonsino situando Deus como orixe de todas as leis. O texto dá comezo cunha explicación sobre a estrutura das *Siete Partidas* e continúa coa definición de lei, onde se sinala a diferenza entre os preceptos legais emanados do individuo e os procedentes da fe e da crenza. Deseguido presenta o dogma da Trindade e os sacramentos para logo centrarse nas leis e na organización da Igrexa. Os vinte e tres títulos da *Primeira Partida* recollen as funcións dos distintos sectores do estamento eclesiástico e a lexislación vinculada a eles, desde privilexios e impostos até a construción de igrexas, o dereito de sepultura ou a xestión de romeiros e peregrinos (McMillin 1986).

Da *Primeira Partida* consérvanse varias redaccións que, en conxunto co *Fuero Real*, o *Espéculo* e o *Setenario*, permiten esclarecer a evolución do pensamento lexislativo afonsino. Os textos apuntan a que desde os primeiros proxectos de natureza lexislativa como o *Espéculo* ou o *Fuero Real* até os que parecen ser os máis tardíos, como o *Setenario* e a última redación das *Partidas*, a codificación das leis tomou un xiro doutrinal, influído pola literatura sapiencial (Panateri 2018). Estas mudanzas poden apreciarse principalmente nos tres primeiros títulos da *Primeira Partida* onde

vai variando a relación entre a fe, a lei e o rei (Gómez Redondo 1998: 520-525). Con todo, a pesar dos intentos por ordenar cronoloxicamente estes textos, aínda non existe un consenso absoluto canto á secuencialidade na súa concepción e reelaboración (Craddock 1981; García Gallo 1984, 1986; Iglesia Ferreirós 1986; Pérez Martín 2014; cf. unha recapitulación recente en Sanz Martín 2020). O estudo exhaustivo da tradición textual e manuscrita da obra afonsina planificada no proxecto *7 Partidas Digital* (Fradejas Rueda 2016-) poderá contribuír decisivamente a esta e outras cuestións derivadas.

Convén destacar a función deste texto dentro do conxunto das *Siete Partidas* por ser o que introduce a obra e senta o fundamento para os volumes restantes. Ao presentar Deus como principio de todo e, por tanto, principio de todas as leis, faise patente a importancia de dedicar a *Primera Partida* á fe católica e á estrutura da Igrexa. A diferenza do que acontece noutras obras como o *Espéculo* ou o *Fuero Real*, Afonso X introduce aquí o dereito canónico. Da mesma maneira que a fe é un elemento intrínseco á sociedade medieval da Castela do século XIII, a *Primeira Partida* atravesa o resto do código lexislativo afonsino, no cal se fan continuas referencias a este primeiro libro (Gómez Redondo 1998: 525-529).

O éxito da *Primera Partida* constátase non só nos testemuños conservados en castelán, cando menos quince (BETA texid 1029; García y García 1986; Craddock 1986, 2011; cf. Fradejas Rueda 2021), mais tamén nas traducións a outras linguas peninsulares, especialmente no espazo galego-portugués, para o que, polo menos, se coñecen sete testemuños (cinco portugueses: un códice e catro fragmentos; BITAGAP texid 1132; Askins / Dias / Sharrer 2002: 47-50; Domingues 2017), e, en menor medida, no caso da Coroa de Aragón (Avenoza 2017). De acordo con Ferreira (1980: xlix-lvi), os galeguismos presentes no códice alcobacense da *Primeira Partida* portuguesa, elaborado na segunda metade do século XIV (BITAGAP manid 1144), poderían evidenciar a participación dun copista galego ou unha estreita relación textual coas traducións efectuadas en Galiza a comezos do Trescentos (Mariño Paz 1998: 153).

Polo que respecta ao ámbito galego, o Arquivo do Reino de Galicia e o da Real Academia Galega custodian senllos folios con traducións da *Primeira Partida* que evidencian a recepción deste texto no noroeste peninsular desde datas moi temperás. O testemuño P1-ARAG parece o máis antigo (podería datar xa de finais do século XIII) e transmite algunhas leis dos títulos XIX (10, últimas liñas) e XX (proemio, leis 1-5) dedicados ás ofrendas e aos tributos á Igrexa. En concreto, neste fragmento especifícase de que persoas non debe recibir ofrendas a Igrexa e defínese en que consisten os décimos e quen deben pagalos. Descoñécese a procedencia deste testemuño, mais sabemos que foi achado por Evaristo Martelo Paumán, marqués de Almeiras (Martínez Salazar 1909-10: 149; Couceiro Freijomil 1951-53: II, 378-379).

Doutra parte, o testemuño P1-ARG recolle algunhas leis (48-53) do título V, dedicado aos prelados da Igrexa: como deben ser elixidos, cales son as súas obrigas e cales as súas restricións. As leis conservadas neste fragmento aluden á necesidade

de mesura nas penas impostas polos prelados, ao perdón e á conveniencia de evitar os escándalos (Oviedo y Arce 1915; Askins *et alii* 1997). Este manuscrito chamou a atención de Oviedo y Arce pola presenza de castelanismos que atribuíu ao copista/tradutor, posibelmente influído polo antígrafo, hipótese que comparten Askins *et alii* (Oviedo y Arce 1915: 75). Pola súa parte, Lorenzo estima que os castelanismos sinalados por Oviedo y Arce son, en realidade, propios do galego-leonés (Lorenzo 2000: 397; cf. Pichel 2017). A procedencia do pergamiño é de momento descoñecida, aínda que o seu itinerario posmedieval semella estar relacionado co ámbito administrativo e eclesiástico noiés desde o século XVI, cando parece que foi reutilizado como capa ou cartafol dalgúns rexistros notariais. Tempo despois, cando menos desde o século XVIII, aparece vinculado ao convento de San Francisco de Noia, para despois ser adquirido no proceso desamortizador polo eumés Rodrigo Pardo González (Oviedo y Arce 1915: 76).

A filiación manuscrita entre este testemuño (P1-ARG) e o fragmento P3-ARG da *Terceira Partida* (§ 4.1.2), tamén de procedencia noiesa, parece segura polas concomitancias codicolóxicas e paleográficas, o que revela unha primeira campaña conxunta de copia e tradución das *Partidas* na Galiza de comezos do século XIV. Outras iniciativas librarias coincidentes no tempo e moi afíns na factura están representadas polos fragmentos P1-ARAG e P4-ARAG (§ 4.1.3) conservados na Real Academia Galega (Pichel 2021).

Bibliografía

Askins, Arthur L-F. / Gemma Avenoza / Aida Fernanda Dias / José Ignacio Pérez Pascual / Harvey L. Sharrer (1997): "Novos fragmentos de textos xurídicos galegos (s. XIV)". *Revista de Literatura Medieval* 9, pp. 9-43 [http://hdl.handle.net/10017/5261; 30/10/2020] [estudo: pp. 10-26].

Askins, Arthur LF. / Aida Fernanda Dias / Harvey L. Sharrer (2002): *Fragmentos de Textos Medievais Portugueses da Torre do Tombo*, Lisboa: Instituto dos Arquivos Nacionais / Torre do Tombo.

Avenoza, Gemma (2017): "Las *Partidas* en catalán". *7 Partidas Digital. Edición crítica digital de las Siete Partidas* 21/12/2017 [https://7partidas.hypotheses.org/1015; 30/10/2020].

Burns, Robert I. (ed.) / Samuel P. Scott (trad.) (2012): *Las Siete Partidas, Volume 1. The Medieval Church: The World of Clerics and Laymen (Partida I)*, Philadelphia: University of Pennsylvania Press [DOI: https://doi.org/10.9783/9780812208528].

Couceiro Freijomil, Antonio (1951-53): *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos, 3 vols.

Craddock, Jerry R. (1981): "La cronología de las obras legislativas de Alfonso X el Sabio". *Anuario de historia del derecho español* 51, pp. 365-418 [https://www.boe.es/biblioteca_juridica/anuarios_derecho/abrir_pdf.php?id=ANU-H-1981-10036500418; 30/10/2020].

Craddock, Jerry R. (1986): *The legislative works of Alfonso X, el Sabio: a critical bibliography*, London: Grant & Cutler.

Craddock, Jerry R. (2011): *A Bibliography of the Legislative Works of Alfonso X el Sabio (1986) with update (1981-1990)*, Berkeley: University of California--Berkeley [https://escholarship.org/uc/item/38r0s439; 30/10/2020].

Domingues, José (2017): "A Tradição Medieval das *Sete Partidas* em Portugal". *7 Partidas Digital. Edición crítica digital de las* Siete Partidas 01/06/2017 [https://7partidas.hypotheses.org/692; 30/10/2020].

Fradejas Rueda, José Manuel (coord.) (2016-): *7 Partidas Digital. Edición crítica digital de las* Siete Partidas, Valladolid: Universidad de Valladolid [https://7partidas.hypotheses.org/; 30/10/2020].

Fradejas Rueda, José Manuel (2021): "Testimonios de las *Siete Partidas*". José Manuel Fradejas Rueda / Ricardo Pichel / Enrique Jerez Cabrero (eds.): *Las* Siete Partidas *del rey Sabio. Una aproximación desde la filología digital y material*. Frankfurt am Main: Iberoamericana / Vervuert [no prelo] [versión dixital en: *7 Partidas Digital. Edición crítica digital de las* Siete Partidas, Universidad de Valladolid, https://7partidas.hypotheses.org/testimonios; 30/10/2020].

García y García, Antonio (1986): "La tradición manuscrita de las *Siete Partidas*". Antonio Pérez Martín (ed.): *España y Europa, un pasado jurídico común. Actas del I Simposio Internacional del Instituto de Derecho Común (Murcia, 26-28 de marzo de 1985)*, Murcia: Universidad de Murcia, pp. 655-699.

Gómez Redondo, Fernando (1998): *Historia de la prosa medieval castellana I. La creación del discurso prosístico: el entramado cortesano*, Madrid: Cátedra.

Iglesia Ferreirós, Aquilino (1986): "La labor legislativa de de Alfonso X el Sabio". Antonio Pérez Martín (dir.): *España y Europa, un pasado jurídico común: actas del I Simposio Internacional del Instituto de Derecho Común (Murcia, 26-28 de marzo de 1985)*, Murcia: Universidad de Murcia, pp. 275-599.

Lorenzo, Ramón (2000): "Prosa medieval". Francisco Rodríguez Iglesias (dir.): *Galicia. Literatura*. Tomo XXX: *A Idade Media*, A Coruña: Hércules, pp. 364-429.

Martínez Salazar, Andrés (1909-10): "Fragmento de un nuevo códice gallego de *Las Partidas*". *Boletín de la Real Academia Gallega* 3.31, pp. 149-158 [https://academia.gal/boletins-web/paxinas.do?id=1047; 30/10/2020] [P1-ARAG, estudo: pp. 149-152].

McMillin, Linda A. (1986): "Alfonso El Sabio and the *Primera Partida*: A Thirteenth-Century Vision of the Church". *Comitatus: A Journal of Medieval and Renaissance Studies* 17.1, pp. 52-69 [https://escholarship.org/uc/item/84c8v52g; 30/10/2020].

Oviedo y Arce, Eladio (1915): "Fragmento de un códice galaico-castellano de las *Partidas* (apógrafo del siglo XIII)". *Boletín de la Real Academia Gallega* 10.100, pp. 73-82 [https://academia.gal/boletins-web/paxinas.do?id=1580&d-447263-p=1; 30/10/2020] [P1-ARG, estudo: pp. 73-77].

Panateri, Daniel (2018): "Sapiencialismo y legalismo, una distinción útil para *Las Siete Partidas*". *7PartidasDigital. Edición crítica digital de las* Siete Partidas 04/04/2018 [https://7partidas.hypotheses.org/1170; 30/10/2020].

Pensado, José Luis (1986): "Nuevo fragmento de una traducción gallega de las *Siete Partidas*" [traballo inédito; citado como no prelo en García y García 1986].

Pérez Martín, Antonio (2014): "Las redacciones de la *Primera Partida* de Alfonso X el Sabio". *Revista Española de Derecho Canónico* 71.176, pp. 21-37 [https://summa.upsa.es/viewer.vm?id=32949&view=main&lang=es; 30/10/2020].

Pichel, Ricardo (2017): "En torno al hibridismo lingüístico en la prosa hispánica centro-occidental (ss. XII-XV)". *70th Annual KFLC - The Languages, Literatures, and Cultures Conference (20th-22nd of April 2017)*, Lexington: University of Kentucky.

Pichel, Ricardo (2021): "La recepción de las *Siete Partidas* en la Galicia bajomedieval. Un estado de la cuestión". José Manuel Fradejas Rueda / Ricardo Pichel / Enrique Jerez Cabrero (eds.): *Las* Siete Partidas *del rey Sabio. Una aproximación desde la filología digital y material*. Frankfurt am Main: Iberoamericana / Vervuert [no prelo].

Sánchez-Arcilla Bernal, José (1999): "La obra legislativa de Alfonso X el Sabio. Historia de una polémica". Jesús Montoya Martínez / Ana Domínguez Rodríguez (coords.): *El scriptorium alfonsí: de los libros de astrología a las* Cantigas de Santa María, Madrid: Editorial Complutense, pp. 17-81.

Sanz Martín, Álvaro Jesús (2020): "Las redacciones de las *Siete Partidas* durante el reinado de Alfonso X: una revisión historiográfica". *7 Partidas Digital. Edición crítica digital de las* Siete Partidas 02/03/2020 [https://7partidas.hypotheses.org/3670; 30/10/2020].



Primeira Partida (P1-ARAG), Arquivo da Real Academia Galega,
Colección Pergameos, Caixa 3-8, fol. 1r

Primeira Partida (P1-ARG), Arquivo do Reino de Galicia, Colección de fragmentos de códices e impresos, CI 3, fol. 1r

4.1.2. *Terceira Partida*

BITAGAP texid 1215 (cf. BITAGAP texid 1134; BETA texid 1029)

Edicións

Oviedo y Arce, Eladio (1901): "Cuatro fragmentos de distintos Códices gallegos de *Las Partidas* de Alfonso el Sabio". *Colección Diplomática de Galicia Histórica*, Santiago de Compostela: Tip. Galaica, pp. 103-135 [https://archive.org/details/coleccindiplomt00unkngoog/page/n110/mode/2up; 30/10/2020] [P3-AHUS, edición: pp. 104-109].

Pensado, José Luis (1974-75): "Tres fragmentos jurídicos galaico-portugueses". *Cuadernos de Estudios Gallegos* 29.87-89, pp. 102-129 [P3-AHPL, edición: pp. 128-129].

Askins, Arthur L-F. / Gemma Avenoza / Aida Fernanda Dias / José Ignacio Pérez Pascual / Harvey L. Sharrer (1997): "Novos fragmentos de textos xurídicos galegos (s. XIV)". *Revista de Literatura Medieval* 9, pp. 9-43 [http://hdl.handle.net/10017/5261; 30/10/2020] [P3-ARG, edición: pp. 33-39].

Testemuños

(**P3-ARG**) Arquivo do Reino de Galicia, Colección de fragmentos de códices e impresos, CI 2 (BITAGAP manid 3208). Accesíbel en: http://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/es/consulta/registro.do?id=1704450.

Datación: primeira metade do séc. XIV (ca. 1300-25).
Procedencia: Real Audiencia de Galicia; Noia (*liber tradens*, séc. XVI).
Extensión: 1 folio.
Estado de conservación: bo, aínda que recortado lixeiramente nas marxes interna e superior (afectando puntualmente a lexibilidade do texto).
Dimensións: 298 x 203 mm.
Soporte: pergamiño.
Disposición do texto: a dúas columnas de 53 liñas.
Tipo de letra: gótica cursiva caligráfica.
Decoración: iniciais capitulares alternantes en azul e vermello (con decoración interna e externa; 2 unidades de pautado); caldeiróns alternantes en azul e vermello, rúbricas e resaltes (maiúsculas internas) en vermello.

(P3-AHPL) Archivo Histórico Provincial de León, Colección de fragmentos de pergaminos procedentes de encuadernaciones, VI-73 [f. 4] (BITAGAP manid 1437).

Datación: primeira metade do séc. XIV (ca. 1300-25).
Procedencia: Vilafranca do Bierzo (*liber tradens*).
Extensión: 1 folio.
Estado de conservación: moi deteriorado por perda de soporte (na columna interna) e tinta moi esvaída no verso.
Dimensións: 296 x 205 mm.
Soporte: pergamiño.
Disposición do texto: a dúas columnas de 37 liñas.
Tipo de letra: gótica cursiva semicaligráfica.
Decoración: iniciais capitulares alternantes en azul e vermello (con decoración interna e externa, 2-3 unidades de pautado); rúbricas en vermello e caldeiróns alternantes en azul e vermello.

(P3-AHUS) Arquivo Histórico Universitario de Santiago, Clero, Fondo Blanco Cicerón, 202 [Frag. B] (BITAGAP manid 1438).

Datación: mediados do séc. XIV (ca. 1340-60).
Procedencia: Arquivo da Catedral de Santiago (BITAGAP insid 3188); Ricardo Blanco Cicerón (BITAGAP bioid 3447).
Extensión: 1 bifolio.
Estado de conservación: moi deteriorado por abrasión, perda de soporte (nas columnas exteriores), humidade e tinta esvaída (especialmente nos fols. 1r e 2rv).
Dimensións: 445 x [590] mm.
Soporte: pergamiño.
Disposición do texto: a dúas columnas de 40 e 41 liñas.
Tipo de letra: gótica cursiva semicaligráfica de transición.
Decoración: iniciais capitulares alternantes en azul e vermello (3 unidades de pautado); rúbricas, caldeiróns e resaltes (maiúsculas internas) en vermello.

Descrición

A *Tercera Partida* está dedicada ao dereito procesual. Neste texto defínese o que é a xustiza e recóllese todo o relativo ás persoas que deben impartila e ao desenvolvemento dos xuízos. Para comezar, o proemio fai referencia á *Primera* e á *Segunda Partida* como base sobre a que se constrúe este terceiro libro. Seguindo a doutrina das dúas espadas relaciona a *Primera Partida* coa xustiza espiritual, a "primeira espada" sobre a que se sostén o mundo e que serve para acadar a salvación; e a *Segunda Partida* coa xustiza temporal, a "segunda espada" representada polos grandes señores que

a imparten. Neste contexto, a *Tercera Partida* é a que regula a xustiza e o seu funcionamento nunha sociedade definida polos dous libros anteriores (Gómez Redondo 1998: 573-574). Esta *Partida,* a máis extensa, consta de trinta e dous títulos que describen cada unha das instancias que interveñen no proceso xudicial e as funcións que desempeñan. O texto permite coñecer a estrutura dun xuízo, comezando pola formulación da demanda; a continuación explícase como se desenvolve o proceso, en que consiste o xuramento, como deben artellarse as pesquisas, como interrogar as testemuñas e finalmente como ditar sentenza e recorrer en apelación. Para rematar, os últimos títulos da *Partida* versan sobre o dereito de propiedade.

Da *Tercera Partida* consérvanse numerosos testemuños tanto casteláns (un mínimo de 16: BETA texid 1029; García y García 1986; Craddock 1986, 2011; cf. Fradejas Rueda 2021), como galego-portugueses, a maior parte deles oriúndos do reino luso, de onde procede un luxoso códice elaborado en 1341 (BITAGAP manid 1436), para alén de 16 testemuños fragmentarios que remiten no mínimo a sete códices orixinarios (Domingues 2017, 2019; BITAGAP texid 1134).

Polo que respecta aos tres fragmentos galegos coñecidos, dous deles (P3-ARG e P3-AHUS) conteñen varias leis do título II dedicado aos demandantes, onde se recolle todo o relacionado co proceso de demanda e as obrigas e dereitos dos citados "demandadores". O fragmento conservado no Arquivo do Reino de Galicia (P3-ARG) transmite as leis 19-26, que tamén se poden ler, parcialmente, no testemuño P3-AHUS, aínda que o seu deplorábel estado de conservación actual non permite máis que recoñecer algúns capítulos nas columnas interiores do bifolio (Pichel 2021). Orixinariamente contiña as leis 19-23 no primeiro folio e as leis 32-36 no segundo, todas elas relacionadas coas denominadas "cousas", isto é, os obxectos da demanda, que poden ser, entre outros, móbeis, animais ou servos. Nomeadamente, as leis 19-26 presentan os escenarios factíbeis nun preito motivado pola desaparición do obxecto de demanda, sexa por perda ou por destrución, así como a casuística diversa relativa á obriga de presentar o referido obxecto no xuízo. Ademais, as leis 32 a 36 especifican como comezar un preito, onde facer a demanda ou en que días pode ter lugar o proceso. O fragmento P3-ARG encontrábase cosido no interior dun extenso volume da Real Audiencia custodiado no ARG, intercalado nel como cuberta dun prego documental menor (fols. 711-716) relacionado cun preito na vila de Noia a finais do século XVI (Askins *et alii* 1997: 11, 13). Pola súa parte, o bifolio P3-AHUS (coñecido como Fragmento B), que tamén se empregara como capa dun libro de rexistro catrocentista, foi localizado por Antonio López Ferreiro no Arquivo da Catedral de Santiago e despois pasaría a formar parte da colección patrimonial de Ricardo Blanco Cicerón hoxe custodiada no AHUS (Oviedo y Arce 1901).

Pola súa parte, o fragmento P3-AHPL, reutilizado como encadernación dun protocolo notarial de Vilafranca do Bierzo, contén as leis 94-99 do título XVIII, que versan sobre as escrituras como instrumento nos preitos. Este título é especialmente longo (121 leis), pois transmite a definición e o modelo de cada un dos distintos tipos

de formulario xurídico contemplados tanto no ámbito da chancelaría real como no do dereito privado. O fragmento P3-AHPL, agora moi deteriorado, contiña as leis relacionadas cos orfos e recollía distintos modelos de cartas relativos aos gardadores, os "persoeiros" (procuradores) e os seus bens. Con todo, na actualidade apenas é lexíbel por completo un exemplo de formulario alusivo á custodia materna do orfo.

A configuración glotolóxica dos tres manuscritos conservados da *Terceira Partida* é regular e esperábel de acordo coa época en que foron producidos (entre o primeiro e o terceiro cuartel do séc. XIV), alén das coñecidas interferencias escriptolingüísticas visíbeis nas traducións máis apegadas ao seu antígrafo (castelán), como acontece, por exemplo, no caso do fragmento P3-ARG (Askins *et alii* 1997: 44). Pola súa parte, o fragmento procedente da comarca berciana (P3-AHPL) presenta unha combinación de certos trazos grafemáticos (como <nh> e <lh> para as consoantes palatais, <h> con valor vocálico ou <-m> en posición final de palabra) asociados talvez a unha *scripta* luso-galego-leonesa operativa desde finais do século XIII e durante as primeiras décadas do XIV (Pensado 1974-75; Pichel 2017).

Máis alá da relación textual xa referida entre os dous fragmentos que transmiten parte do título II (P3-AHUS e P3-ARG), parece estabelecerse tamén unha relación, neste caso manuscrita, entre este último fragmento (P3-ARG) e outros tres testemuños galegos da obra afonsina, especialmente no caso de P1-ARG (§ 4.1.1) e, en menor medida, P1-ARAG (§ 4.1.1) e P4-ARAG (§ 4.1.3). A afinidade en termos codicolóxicos (especialmente no que respecta á *mise en page* e á decoración) e paleográficos, permite agrupar, polo menos, os dous primeiros testemuños (P1-ARG e P3-ARG) baixo unha mesma iniciativa libraria, executada con esmero, probabelmente en terras coruñesas, ao longo das primeiras décadas do Trescentos (Pichel 2021).

Bibliografía

Askins, Arthur L-F. / Gemma Avenoza / Aida Fernanda Dias / José Ignacio Pérez Pascual / Harvey L. Sharrer (1997): "Novos fragmentos de textos xurídicos galegos (s. XIV)". *Revista de Literatura Medieval* 9, pp. 9-43 [http://hdl.handle.net/10017/5261; 30/10/2020] [estudo: pp. 9-26].

Burns, Robert I. (ed.) / Samuel P. Scott (trad.) (2012): *Las Siete Partidas, Volume 3. The Medieval World of Law: Lawuers and Their Work (Partida III)*, Philadelphia: University of Pennsylvania Press [DOI: https://doi.org/10.9783/9780812208542].

Craddock, Jerry R. (1981): "La cronología de las obras legislativas de Alfonso X el Sabio". *Anuario de historia del derecho español* 51, pp. 365-418 [https://www.boe.es/biblioteca_juridica/anuarios_derecho/abrir_pdf.php?id=ANU-H-1981-10036500418; 30/10/2020].

Craddock, Jerry R. (1986): *The legislative works of Alfonso X, el Sabio: a critical bibliography*, London: Grant & Cutler.

Craddock, Jerry R. (2011): *A Bibliography of the Legislative Works of Alfonso X el Sabio (1986) with update (1981-1990)*, Berkeley: University of California--Berkeley [https://escholarship.org/uc/item/38r0s439; 30/10/2020].

Domingues, José (2017): "A Tradição Medieval das *Sete Partidas* em Portugal". *7 Partidas Digital. Edición crítica digital de las* Siete Partidas 01/06/2017 [https://7partidas.hypotheses.org/692; 30/10/2020].

Domingues, José (2019): "A Tradição Medieval Portuguesa das *Sete Partidas* de Afonso X: Fragmentos da *Partida Terceira*". *Initium* 24, pp. 83-194 [https://www.researchgate.net/publication/336878942; 30/10/2020].

Fradejas Rueda, José Manuel (2021): "Testimonios de las *Siete Partidas*". José Manuel Fradejas Rueda / Ricardo Pichel / Enrique Jerez Cabrero (eds.): *Las* Siete Partidas *del rey Sabio. Una aproximación desde la filología digital y material*. Frankfurt am Main: Iberoamericana / Vervuert [no prelo] [versión dixital en: *7 Partidas Digital. Edición crítica digital de las* Siete Partidas, Universidad de Valladolid, https://7partidas.hypotheses.org/testimonios; 30/10/2020].

García y García, Antonio (1986): "La tradición manuscrita de las *Siete Partidas*". Antonio Pérez Martín (ed.): *España y Europa, un pasado jurídico común. Actas del I Simposio Internacional del Instituto de Derecho Común (Murcia, 26-28 de marzo de 1985)*, Murcia: Universidad de Murcia, pp. 655-699.

Gómez Redondo, Fernando (1998): *Historia de la prosa medieval castellana I. La creación del discurso prosístico: el entramado cortesano*, Madrid: Cátedra.

Orellana Calderón, Raúl (2006): *La* Tercera Partida *de Alfonso X el Sabio. Estudio y edición crítica de los títulos XVIII al XX*. Tese de doutoramento inédita, Madrid: Universidad Autónoma de Madrid [http://hdl.handle.net/10486/2561; 30/10/2020].

Orellana Calderón, Raúl (2008): "En torno a la datación y lugar de redacción de la Tercera Partida de Alfonso X el Sabio". Javier Elvira (coord.): *Lenguas, reinos y dialectos en la Edad Media ibérica: la construcción de la identidad: homenaje a Juan Ramón Lodares*, Frankfurt am Main: Iberoamericana / Vervuert, pp. 367-388 [https://cutt.ly/9hTCfX7; 30/10/2020].

Pensado, José Luis (1974-75): "Tres fragmentos jurídicos galaico-portugueses". *Cuadernos de Estudios Gallegos* 29.87-89, pp. 102-129 [estudo: pp. 102-121].

Oviedo y Arce, Eladio (1901): "Cuatro fragmentos de distintos Códices gallegos de *Las Partidas* de Alfonso el Sabio". *Colección Diplomática de Galicia Histórica*, Santiago de Compostela: Tip. Galaica, pp. 103-135 [https://archive.org/details/coleccindiplomt00unkngoog/page/n108/mode/2up; 30/10/2020] [estudo: pp. 103-104].

Pichel, Ricardo (2021): "La recepción de las *Siete Partidas* en la Galicia bajomedieval. Un estado de la cuestión". José Manuel Fradejas Rueda / Ricardo Pichel / Enrique Jerez Cabrero (eds.): *Las* Siete Partidas *del rey Sabio. Una aproximación desde la filología digital y material*. Frankfurt am Main: Iberoamericana / Vervuert [no prelo].

Terceira Partida (P3-RAG), Arquivo do Reino de Galicia, Colección de fragmentos de códices e impresos, CI 2, fol. 1r

Terceira Partida (P3-AHPL), Archivo Histórico Provincial de León, Colección de fragmentos de pergaminos procedentes de encuadernaciones, VI-73 [f. 4], fol. 1r

Terceira Partida (P3-AHUS), Arquivo Histórico Universitario de Santiago, Clero, Fondo Blanco Cicerón, 202 [Frag. B], fols. 1v-2r

4.1.3. *Cuarta Partida*

BITAGAP texid 1211 (cf. BITAGAP texid 16130; BETA: texid 1029)

Edicións

Oviedo y Arce, Eladio (1901a): "Fragmento de una versión gallega del Código de *Las Partidas* de Alfonso el Sabio". *Colección Diplomática de Galicia Histórica*, Santiago de Compostela: Tip. Galaica, pp. 4-13 [https://archive.org/details/coleccindiplomt00unkngoog/page/n12/mode/2up; 30/10/2020] [P4-ARAG, edición: pp. 6-13].

Oviedo y Arce, Eladio (1901b): "Cuatro fragmentos de distintos Códices gallegos de *Las Partidas* de Alfonso el Sabio". *Colección Diplomática de Galicia Histórica* 1, pp. 103-135 [https://archive.org/details/coleccindiplomt00unkngoog/page/n108/mode/2up; 30/10/2020] [P4-AHUS, edición: pp. 109-116].

Avenoza, Gemma (1995): "Atopáronse uns pergamiños... O redescubrimento duns fragmentos en galego das *Partidas*". *Romance Philology* 49.2, pp. 119-129 [P4-ARAG, edición: pp. 125-128].

Testemuños

(**P4-ARAG**) Arquivo da Real Academia Galega, Colección Pergameos, P. Caixa 5-34 (BITAGAP manid 1475). Accesíbel en: http://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/es/consulta/registro.do?id=495733.

Datación: primeira metade do séc. XIV (ca. 1325-50).
Procedencia: Santiago de Compostela, convento de San Martiño Pinario (*liber tradens*, séc. XVII) (BITAGAP insid 1041).
Extensión: 1 folio.
Estado de conservación: óptimo, coa tinta esvaída na dobrez central.
Dimensións: 353 x 225 mm.
Soporte: pergamiño.
Disposición do texto: a dúas columnas de 51 liñas.
Tipo de letra: gótica cursiva caligráfica.
Decoración: iniciais capitulares alternantes en azul e vermello (con decoración interna e externa; 2 unidades de pautado); caldeiróns en azul e vermello, rúbricas e resaltes (maiúsculas internas) en vermello.

(**P4-AHUS**) Arquivo Histórico Universitario de Santiago, Clero, Fondo Blanco Cicerón, 202 [Frag. E] (BITAGAP manid 1472).

Datación: segunda metade do séc. XIV (ca. 1375-1400).
Procedencia: Santiago de Compostela, Arquivo da Catedral de Santiago (BITAGAP insid 3188); Ricardo Blanco Cicerón (BITAGAP bioid 3447).
Extensión: 1 bifolio.
Estado de conservación: moi deteriorado por abrasión, humidade, perda de soporte (especialmente na parte superior) e tinta esvaída (columnas internas).
Dimensións: 380 x 615 mm.
Soporte: pergamiño.
Disposición do texto: a dúas columnas de entre 36 e 38 liñas.
Tipo de letra: gótica cursiva redonda híbrida.
Decoración: iniciais capitulares alternantes en azul e vermello (con decoración puntual; 2-3 unidades de pautado); rúbricas en vermello.

Descrición

A *Cuarta Partida* concíbese como un texto centrado no dereito familiar e recolle a lexislación relativa ao matrimonio, as estruturas de parentesco e cuestións derivadas, como a lexitimidade e a adopción, así como as transaccións económicas asociadas, como poden ser os dotes e as arras. Para alén disto, trátanse outro tipo de vínculos non familiares como as relacións de amizade ou por servidume. No prólogo faise remontar a institución do matrimonio á creación do mundo, cando Deus concibe Eva como compañeira de Adán co fin de instaurar a primeira liñaxe. O casamento é, así pois, o primeiro sacramento da historia e contémplase como un dos máis importantes. Por outro lado, este proemio razoa a posición da *Cuarta Partida* no conxunto da obra como elemento vertebrador do discurso: igual que o corazón se cría no centro do corpo, a *Cuarta Partida* disponse no centro da compilación lexislativa, como nexo de unión entre os tres primeiros libros, que inciden sobre a fe católica, o poder señorial e a xustiza, e os tres últimos sobre o dereito mercantil, as herdanzas e as sancións. Como indica o prólogo, o matrimonio e a liñaxe constitúen a base da sociedade e, por tanto, as demais *Partidas* perderían o seu sentido de non existir estas institucións (Gómez Redondo 1998: 570-573).

No Occidente peninsular consérvanse tan só dous exemplares fragmentarios da *Cuarta Partida* (os dous de orixe galega), do que se coñecen unha ducia de testemuños en castelán (BETA texid 1029; García y García 1986; Craddock 1986, 2011; cf. Fradejas Rueda 2021). Aínda que non temos noticia de ningún vestixio material en Portugal (Domingues 2017), non hai dúbida da circulación do texto no reino portugués –se callar tamén traducido– cando menos desde mediados do século XIV, pois foi empregado como fonte para o prólogo do *Livro de Linhagens* do Conde de Barcelos (Ferreira 2012: 97-109; 2019: 133-168).

O testemuño galego-portugués máis antigo e o mellor conservado é o manuscrito da Real Academia Galega (P4-ARAG, coñecido como Fragmento A), que recolle boa parte das sete leis que conforman o título XVII (final da lei 1, leis 2-5, inicio da lei 6), dedicadas ás relacións de amizade. Entre outras cuestións, o fragmento describe o concepto de amizade utilizando como fonte principal a *Ética a Nicómaco* de Aristóteles, desde a cal se expoñen os tipos de amizade, advírtese contra os falsos amigos e explícase como coidar e conservar os bos compañeiros (Stone 1992). O fragmento foi achado por Oviedo y Arce no convento compostelán de San Martiño Pinario onde sería empregado desde o século XVIII como capa doutros documentos (Oviedo y Arce 1901a: 4). Vistas as concomitancias codicolóxicas e paleográficas, é factíbel que a confección deste manuscrito estea relacionada con outras campañas librarias da mesma época representadas polos testemuños conservados da *Primeira Partida* (P1-ARAG e P1-ARG; § 4.1.1) e cun da *Terceira* (P3-ARG; § 4.1.2) (Pichel 2021).

O segundo fragmento (P4-AHUS, coñecido como Fragmento E) consérvase no Arquivo Histórico Universitario de Santiago, na colección Blanco Cicerón, e procede do Arquivo da Catedral de Santiago, onde fora localizado inicialmente por Antonio López Ferreiro. Este bifolio pergamiñáceo sufriu unha considerábel perda de soporte pola cal case todos os capítulos fican incompletos, se ben orixinariamente poderían lerse varias leis dos títulos XVIII (9-19) e XIX (proemio e lei 1). O título XVIII está dedicado, entre outras cuestións, ás motivacións polas cales se extinguía a patria potestade: por morte natural do pai ou por morte civil deste (isto é, pola sanción e condena a certas penas), por emancipación, xeralmente voluntaria, do fillo, ou por dignidade deste. Neste último caso, por exemplo, as referidas leis 9 a 19 contemplan os procesos en que os fillos se desvinculan dos pais debido ao acceso a certos cargos ou empregos específicos, como pode ser o de mestre de cabalaría ou chanceler. Pola súa parte, o título XIX céntrase en detallar as obrigas que teñen os pais de coidar os fillos así como as atencións e responsabilidades destes últimos cara aos seus proxenitores. O manuscrito compostelán relaciónase con outros testemuños da *Quinta Partida* (P5-MP e P5-AHUS; § 4.1.4) e da *Sétima* (P7-AHUS; § 4.1.6), cos que formaría serie nunha das campañas galegas de copia e tradución da obra afonsina durante a segunda metade do Trescentos (Pichel 2021).

Bibliografía

Burns, Robert I. (ed.) / Samuel P. Scott (trad.) (2012): *Las Siete Partidas, Volume 4. Family, Commerce, and the Sea: The Worlds of Women and Merchants (Partidas IV and V)*, Philadelphia: University of Pennsylvania Press [DOI: https://doi.org/10.9783/9780812208559].

Craddock, Jerry R. (1986): *The legislative works of Alfonso X, el Sabio: a critical bibliography*, London: Grant & Cutler.

Craddock, Jerry R. (2011): *A Bibliography of the Legislative Works of Alfonso X el*

Sabio (1986) with update (1981-1990), Berkeley: University of California--Berkeley [https://escholarship.org/uc/item/38r0s439; 30/10/2020].

Domingues, José (2017): "A Tradição Medieval das *Sete Partidas* em Portugal". *7 Partidas Digital. Edición crítica digital de las "Siete Partidas"* 01/06/2017 [https://7partidas.hypotheses.org/692; 30/10/2020].

Ferreira, Maria do Rosário (2012): "«Amor e amizade antre os nobres fidalgos da Espanha»: apontamentos sobre o prólogo do *Livro de Linhagens* do Conde D. Pedro". *Cabiers d'études hispaniques médiévales* 35, pp. 93-122 [DOI: https://doi.org/10.3406/cehm.2012.2276].

Ferreira, Maria do Rosário (2019): *Pedro de Barcelos e a Escrita da História*, Porto: Estratégias Criativas.

Fradejas Rueda, José Manuel (2021): "Testimonios de las *Siete Partidas*". José Manuel Fradejas Rueda / Ricardo Pichel / Enrique Jerez Cabrero (eds.): *Las* Siete Partidas *del rey Sabio. Una aproximación desde la filología digital y material*. Frankfurt am Main: Iberoamericana / Vervuert [no prelo] [versión dixital en: *7 Partidas Digital. Edición crítica digital de las* Siete Partidas, Universidad de Valladolid, https://7partidas.hypotheses.org/testimonios; 30/10/2020].

García-Fernández, Miguel (2021): "Mujeres y transmisión de la herencia en las *Partidas* de Alfonso X: un marco normativo para la práctica testamentaria bajomedieval". José Manuel Fradejas Rueda / Ricardo Pichel / Enrique Jerez Cabrero (eds.): *Las* Siete Partidas *del rey Sabio. Una aproximación desde la filología digital y material*. Frankfurt am Main: Iberoamericana / Vervuert [no prelo].

García y García, Antonio (1986): "La tradición manuscrita de las *Siete Partidas*". Antonio Pérez Martín (ed.): *España y Europa, un pasado jurídico común. Actas del I Simposio Internacional del Instituto de Derecho Común (Murcia, 26-28 de marzo de 1985)*, Murcia: Universidad de Murcia, pp. 655-699.

Gómez Redondo, Fernando (1998): *Historia de la prosa medieval castellana I. La creación del discurso prosístico: el entramado cortesano*, Madrid: Cátedra.

Liuzzo Scorpo, Antonella (2014): *Friendship in Medieval Iberia. Historical, Legal and Literary Perspectives*, Burlington: Ashgate.

Oviedo y Arce, Eladio (1901a): "Fragmento de una versión gallega del Código de *Las Partidas* de Alfonso el Sabio". *Colección Diplomática de Galicia Histórica*, Santiago de Compostela: Tip. Galaica, pp. 4-13 [https://archive.org/details/coleccindiplomt00unkngoog/page/n12/mode/2up; 30/10/2020] [P4-ARAG, estudo: pp. 4-6].

Oviedo y Arce, Eladio (1901b): "Cuatro fragmentos de distintos Códices gallegos de *Las Partidas* de Alfonso el Sabio". *Colección Diplomática de Galicia Histórica* 1, pp. 103-135 [https://archive.org/details/coleccindiplomt00unkngoog/page/n108/mode/2up; 30/10/2020] [P4-AHUS, estudo: pp. 103-104].

Pichel, Ricardo (2021): "La recepción de las *Siete Partidas* en la Galicia bajomedieval. Un estado de la cuestión". José Manuel Fradejas Rueda / Ricardo Pichel

/ Enrique Jerez Cabrero (eds.): *Las* Siete Partidas *del rey Sabio. Una aproximación desde la filología digital y material*. Frankfurt am Main: Iberoamericana / Vervuert [no prelo].

Stone, Marilyn (1990): *Marriage and friendship in medieval Spain: social relations according to the Fourth Partida of Alfonso X*, New York: Peter Lang.

Stone, Marilyn (1992): "El tema de la amistad en la *Quarta Partida* de Alfono el Sabio". Antonio Vilanova (coord.): *Actas del X Congreso de la Asociación Internacional de Hispanistas (Barcelona 21-26 de agosto de 1989)*, Barcelona: Promociones y Publicaciones Universitarias, vol. 1, pp. 337-342 [http://www.cervantesvirtual.com/nd/ark:/59851/bmcgn063; 30/10/2020].

Tollendal Prudente, Luísa (2018): "Casamento e monarquia na *IV Partida* de Afonso X (século XIII)". *Revista Esboços: histórias em contextos globais* 25.39, pp. 147-172 [DOI: https://doi.org/10.5007/2175-7976.2018v25n39p147].



Cuarta Partida (P4-ARAG), Arquivo da Real Academia Galega,
Colección Pergameos, P. Caixa 5-34, fol. 1r

Cuarta Partida (P4-AHUS), Arquivo Histórico Universitario de Santiago, Clero, Fondo Blanco Cicerón, 202 [Frag. E], fol. 2v

4.1.4. *Quinta Partida*

BITAGAP texid 1212 (cf. BITAGAP texid 9709; BETA texid 1029)

Edicións

Oviedo y Arce, Eladio (1901): "Cuatro fragmentos de distintos Códices gallegos de *Las Partidas* de Alfonso el Sabio". *Colección Diplomática de Galicia Histórica*, Santiago de Compostela: Tip. Galaica, pp. 103-135 [https://archive.org/details/coleccindiplomt00unkngoog/page/n122/mode/2up; 30/10/2020] [P5-AHUS, edición: pp. 116-129].

Pichel, Ricardo / Harvey L. Sharrer (2021): "Dous novos testemuños galegos da *Quinta Partida* de Afonso X". Ricardo Pichel (ed.): *«Tenh'eu que mi fez el i mui gram bem». Estudos sobre cultura escrita medieval dedicados a Harvey L. Sharrer*. Madrid: Sílex [no prelo].

Testemuños

(**P5-AHNob**) Archivo Histórico de la Nobleza, Osuna, CP. 557, D. 1. (BITAGAP manid 6142). Accesíbel en: http://pares.mcu.es/ParesBusquedas20/catalogo/description/12772905.

Datación: segunda metade do séc. XIV (ca. 1350-75).
Procedencia: ducado de Béjar (*liber tradens*, s. XVI).
Extensión: 1 bifolio.
Estado de conservación: levemente deteriorado debido a algunhas manchas e esgazaduras (fol. 2rv), e perda menor de soporte polo recorte da marxe inferior.
Dimensións: 653 x 419 mm.
Soporte: pergamiño.
Disposición do texto: a dúas columnas de [57] liñas.
Tipo de letra: gótica cursiva semicaligráfica.
Decoración: iniciais capitulares (con decoración interna e externa; 2-3 unidades de pautado), rúbricas, caldeiróns e resaltes (maiúsculas internas) en vermello.

(**P5-AHUS**) Arquivo Histórico Universitario de Santiago, Clero, Fondo Blanco Cicerón, 202 [Frag. D] (BITAGAP manid 1473).

Datación: segunda metade do séc. XIV (ca. 1375-1400).
Procedencia: Santiago de Compostela, Arquivo da Catedral de Santiago (BITAGAP insid 3188); Ricardo Blanco Cicerón (BITAGAP bioid 3447).
Extensión: 2 bifolios.
Estado de conservación: moi deteriorado por abrasión, humidade, perda de soporte e tinta esvaída.
Dimensións: 450 x 630 mm.
Soporte: pergamiño.
Disposición do texto: a dúas columnas de 36 a 42 liñas.
Tipo de letra: gótica cursiva redonda híbrida.
Decoración: iniciais capitulares alternantes en azul e vermello (2-3 unidades de pautado); rúbricas en vermello.

(**P5-MP**) Museo de Pontevedra, Planeiro 1, 12-14 (BITAGAP manid 3548). Algunhas imaxes accesíbeis en: http://www.museo.depo.gal/noticias/notas.de.prensa/es.02010387.html.

Datación: segunda metade do séc. XIV (ca. 1375-1400).
Procedencia: Pontevedra, concello (*liber tradens*, séc. XVI; BITAGAP insid 1156).
Extensión: 1 bifolio.
Estado de conservación: moi deteriorado por perda de soporte, abrasión e tinta esvaída.
Dimensións: 437 x 433 mm.
Soporte: pergamiño.
Disposición do texto: a dúas columnas de 40 liñas.
Tipo de letra: gótica cursiva redonda híbrida.
Decoración: iniciais capitulares alternantes en azul e vermello (2-3 unidades de pautado); rúbricas en vermello.

Descrición

A *Quinta Partida* contempla a materia relativa ao dereito mercantil. Nela recóllese en quince títulos a lexislación que regula os "preitos e posturas" relacionados coas compravendas e coas finanzas, incluídos os empréstitos, as fianzas e as débedas, entre outras figuras xurídicas. Tal como sinala o prólogo, estas actividades mercantís constituían un piar fundamental da sociedade, na cal participaban os mercadores que compran, venden, arrendan e fían. Nos primeiros títulos defínense os distintos instrumentos financeiros como as doazóns e os chamados "condesillos" (depósitos ou empeños). A continuación preséntanse as leis relacionadas coas transaccións

comerciais, como a compravenda, o troco e a regulación de feiras e mercados cos seus correspondentes portádegos. Tamén encontramos títulos dedicados aos alugueres e arrendamentos, a función dos navíos nas actividades comerciais e a definición das compañías mercantís. Finalmente, os últimos títulos versan sobre as relacións comerciais que poden vincular dous suxeitos a través de promisións, fianzas, empeños ou débedas, así como a normativa para os debedores en bancarrota.

Máis alá da ducia de manuscritos casteláns conservados (BETA texid 1029; García y García 1986; Craddock 1986, 2011; cf. Fradejas Rueda 2021), na actualidade coñécense cinco testemuños galego-portugueses da *Quinta Partida*, tres deles de orixe galega e dous portugueses (BITAGAP texid 9709; Askins / Dias / Sharrer 2002: 51-57; Domingues 2017). O fragmento galego P5-AHNob, descuberto e identificado recentemente por Gemma Avenoza e Harvey L. Sharrer (Serrano Rodríguez 2018), resulta de grande interese por transmitir un completo índice cos títulos e as "rúbricas" de cada unha das leis. Constitúe, así pois, o bifolio externo dun caderno que daba comezo á *Quinta Partida*, reutilizado a mediados do século XVI como capa dun libro de contas relacionado co ducado de Béjar, contendo no verso do primeiro folio un índice cos quince títulos que compoñen a *Partida*, así como o desglose dos catro primeiros títulos coas súas leis. O folio solidario recolle algunhas leis do título V (38-50), coincidindo parcialmente con outro dos fragmentos conservados, o P5-AHUS (coñecido como Fragmento D), que transmite varias leis do título V (48-53 e 59-67), VI (1-5) e VII (4-7). O referido fragmento, hoxe custodiado na colección Blanco Cicerón do AHUS, fora achado por Antonio López Ferreiro no Arquivo da Catedral de Santiago e consta de dous bifolios non consecutivos, faltando posibelmente un bifolio intermedio. Canto ao contido destes dous testemuños, o título V aborda os asuntos relativos ás vendas e ás compras. Nomeadamente, as leis 39 á 64 versan sobre as condicións estabelecidas polo vendedor ao comprador no que respecta aos obxectos da transacción, para alén de ilustrar casos de malas artes, como a venda de posesións alleas, a venda dun mesmo ben a dúas persoas distintas, ou o uso da violencia ou a intimidación para rebaixar un prezo. Pola súa parte, o título VI céntrase nos trocos: nas primeiras leis defínese o concepto de troco ("cambio" ou "cambeo"), así como as súas modalidades e as vías para anular ou invalidar unha transacción. Finalmente, o título VII está dedicado aos mercadores, feiras e mercados, e aos impostos do portádego, como se aprecia nas leis 4 a 7.

O terceiro fragmento galego coñecido (P5-MP), pertencente hoxe aos fondos do Museo de Pontevedra, consérvase moi deteriorado por ter servido como encadernación dun libro de rexistros do concello de Pontevedra desde finais do século XVI. Descrito por Miramontes Castro no catálogo de documentos medievais do museo pontevedrés (1996), permanecería extraviado durante algúns anos até que en 2010 foi novamente localizado por María Jesús Fortes Alén (Fortes Alén 2012; Sharrer 2014: 179, 2020: 163). Este testemuño apenas contén algunhas leis (4-15) do título XII, dedicado ás fiadorías e baseado na materia xa contemplada no título precedente para

definir as fianzas e os fiadores, entendendo a "fiaduría" como un medio para fortalecer un acto de promisión. No caso do testemuño do Museo de Pontevedra (P5-MP), as leis 3 a 15 explican como estabelecer unha fianza, en que situacións pode requirirse un fiador, que dereitos ten e quen debe realizar o pagamento. Convén sinalar que tanto o título XII como o XI sobre as promisións se basean principalmente no *Corpus Iuris Civilis* de Xustiniano, unha das fontes máis relevantes das *Sete Partidas*, que se fai especialmente visíbel en títulos como os xa comentados (Ortuño Sánchez--Pedreño 1998; Guzmán Brito 2007).

A conservación de dous testemuños que, como xa se indicou, comparten o mesmo texto (P5-AHUS e P5-AHNob), é moi relevante pois, do mesmo modo que acontece cos testemuños da *Terceira Partida* (P3-ARG e P3-AHUS; § 4.1.2), o cotexo lingüístico e textual permitirá avanzar no mellor coñecemento da recepción e do proceso de tradución das *Partidas* na Galiza baixomedieval (Pichel / Sharrer 2021). Por outra parte, tamén é posíbel recoñecer unha filiación manuscrita entre P5-AHUS e P5-MP, así como con outros testemuños da *Cuarta* (P4-AHUS; § 4.1.3) e da *Sétima Partida* (P7-AHUS; § 4.1.6) con que conformarían serie libraria nunha das campañas galegas de copia e tradución da obra afonsina durante a segunda metade do Trescentos (Pichel 2021).

Bibliografía

Askins, Arthur LF. / Aida Fernanda Dias / Harvey L. Sharrer (2002): *Fragmentos de Textos Medievais Portugueses da Torre do Tombo*, Lisboa: Instituto dos Arquivos Nacionais / Torre do Tombo.

Burns, Robert I. (ed.) / Samuel P. Scott (trad.) (2012): *Las Siete Partidas, Volume 4. Family, Commerce, and the Sea: The Worlds of Women and Merchants (Partidas IV and V)*, Philadelphia: University of Pennsylvania Press [DOI: https://doi.org/10.9783/9780812208559].

Craddock, Jerry R. (1986): *The legislative works of Alfonso X, el Sabio: a critical bibliography*, London: Grant & Cutler.

Craddock, Jerry R. (2011): *A Bibliography of the Legislative Works of Alfonso X el Sabio (1986) with update (1981-1990)*, Berkeley: University of California--Berkeley [https://escholarship.org/uc/item/38r0s439; 30/10/2020].

Domingues, José (2017): "A Tradição Medieval das *Sete Partidas* em Portugal". *7 Partidas Digital. Edición crítica digital de las* Siete Partidas 01/06/2017 [https://7partidas.hypotheses.org/692; 30/10/2020].

Fortes Alén, María Jesús (2012): "Un pergamino de la traducción al gallego de las *Partidas* de Alfonso X el Sabio en el Museo de Pontevedra". *Museo de Pontevedra. Noticias* 19/07/2012 [http://www1.museo.depo.gal/FotosBifolioPartidas/Pergamino_Partidas.pdf; 30/10/2020].

Fradejas Rueda, José Manuel (2021): "Testimonios de las *Siete Partidas*". José Manuel Fradejas Rueda / Ricardo Pichel / Enrique Jerez Cabrero (eds.): *Las*

Siete Partidas *del rey Sabio. Una aproximación desde la filología digital y material*. Frankfurt am Main: Iberoamericana / Vervuert [no prelo] [versión dixital en: *7 Partidas Digital. Edición crítica digital de las* Siete Partidas, Universidad de Valladolid, https://7partidas.hypotheses.org/testimonios; 30/10/2020].

García Díaz, Jesús (2011): "El fenómeno del mercado en la obra legislativa de Alfonso X el Sabio". *Historia. Instituciones. Documentos* 38, pp. 111-140 [https://idus.us.es/handle/11441/54541; 30/10/2020].

García y García, Antonio (1986): "La tradición manuscrita de las *Siete Partidas*". Antonio Pérez Martín (ed.): *España y Europa, un pasado jurídico común. Actas del I Simposio Internacional del Instituto de Derecho Común (Murcia, 26-28 de marzo de 1985)*, Murcia: Universidad de Murcia, pp. 655-699.

Guzmán Brito, Alejandro (2007): "La promesa obligacional en las *Partidas* como sede de la doctrina general de las obligaciones". *Revista Chilena de Derecho* 34.3, pp. 395-404 [http://doi.org/10.4067/S0718-34372007000300002; 30/10/2020].

Miramontes Castro, María (1996): "Catálogo da documentación medieval do Museo de Pontevedra". *El Museo de Pontevedra* 50, pp. 109-357.

Ortuño Sánchez-Pedreño, José María (1998): "Origen romano de la fianza en *Las Partidas*". *Ivs Fvgit* 7, pp. 89-122 [https://ifc.dpz.es/recursos/publicaciones/20/10/02sanchezpadreño.pdf; 30/10/2020].

Pichel, Ricardo (2021): "La recepción de las *Siete Partidas* en la Galicia bajomedieval. Un estado de la cuestión". José Manuel Fradejas Rueda / Ricardo Pichel / Enrique Jerez Cabrero (eds.): *Las* Siete Partidas *del rey Sabio. Una aproximación desde la filología digital y material*. Frankfurt am Main: Iberoamericana / Vervuert [no prelo].

Pichel, Ricardo / Harvey L. Sharrer (2021): "Dous novos testemuños galegos da *Quinta Partida* de Afonso X". Ricardo Pichel (ed.): *«Tenh'eu que mi fez el i mui gram bem». Estudos sobre cultura escrita medieval dedicados a Harvey L. Sharrer*. Madrid: Sílex [no prelo].

Serrano Rodríguez, Eugenio (2018): "Un fragmento en galaico-portugués de las Partidas de Alfonso X en el Archivo Histórico de la Nobleza". *Archivo Histórico de la Nobleza. Documentos destacados* [https://www.culturaydeporte.gob.es/cultura/areas/archivos/mc/archivos/nhn/destacados/documentos-destacados/partidas-alfonso-x.html; 30/10/2020].

Sharrer, Harvey L. (2014): "The BITAGAP project since 1988: Expansion of the corpus of texts and important discoveries". Lourdes Soriano / Helen Rovira / Marion Coderch / Gloria Sabaté (eds.): *Humanitats a la xarxa: Món medieval - Humanities on the Web: The Medieval World*, Berna: Peter Lang, pp. 169-183 [DOI: https://doi.org/10.3726/978-3-0351-0637-4].

Sharrer, Harvey L. (2020): "A BITAGAP no seu 30º aniversário: a expansão de dados e expectativas para o futuro". Isabel Barros Dias / Margarida Santos Alpallão / Margarida Esperança Pina (eds.): *O Medievalismo no século XXI*, Berlín: Peter Lang, pp. 157-168.



Quinta Partida (P5-AHNob), Archivo Histórico de la Nobleza,
Osuna, CP. 557, D. 1, fol. 2r



Quinta Partida (P5-AHUS), Arquivo Histórico Universitario de Santiago, Clero, Fondo Blanco Cicerón, 202 [Frag. D], fol. 3r



Quinta Partida (P5-MP), Museo de Pontevedra, Planeiro 1, 12-14, fol. 1r

4.1.5. *Sexta Partida*

BITAGAP texid 1218 (cf. BITAGAP texid 9826; BETA texid 1029)

Edición

Arbor Aldea, Mariña / Ricardo Pichel (2021): "Un fragmento galego da *Sexta Partida* no Arquivo da Catedral de Ourense". Ricardo Pichel (ed.): *«Tenh'eu que mi fez el i mui gram bem». Estudos sobre cultura escrita medieval dedicados a Harvey L. Sharrer*. Madrid: Sílex [no prelo] [P6-ACOu].

Testemuños

(**P6-ACOu**) Arquivo da Catedral de Ourense, Códices, Fragmentos, 41 (BITAGAP manid 2046).

Datación: mediados do séc. XIV (ca. 1340-60).
Extensión: 1 folio.
Estado de conservación: levemente deteriorado por perda puntual de soporte e tinta esvaída.
Dimensións: 300 x 220 mm.
Soporte: pergamiño.
Disposición do texto: a dúas columnas de 47 liñas.
Tipo de letra: gótica cursiva caligráfica.
Decoración: iniciais capitulares alternantes en azul e vermello (2 unidades de pautado); rúbricas e resaltes (en maiúsculas internas) en vermello.

(P6-AHPOu) Arquivo Histórico Provincial de Ourense, extraviado (BITAGAP manid 1476)

Descrición

A *Sexta Partida* está dedicada aos testamentos e ás herdanzas, polo cal garda unha estreita relación coa *Cuarta Partida*, toda vez que nela se describen as relacións familiares que afectan directamente aos procesos de herdamento. Conformada por dezanove títulos, comeza cunha definición dos testamentos e varios títulos dedicados á figura dos herdeiros, para explicar a continuación o proceso de desherdamento e a

anulación testamentaria. Seguen varios títulos sobre os testamenteiros, as mandas, os codicilos e os conflitos nas herdanzas sen testamento. Finalmente, os últimos títulos abordan o proceso de entrega das herdanzas, a súa repartición en caso de haber varios herdeiros e toda a problemática arredor dos sucesores orfos ou menores de idade.

A recepción occidental da *Sexta Partida*, da cal se conservan unha ducia de manuscritos casteláns (BETA texid 1029; García y García 1986; Craddock 1986, 2011; Fradejas Rueda 2021), é limitada atendendo ao escaso número de vestixios coñecidos tanto en Portugal (tres fragmentos: BITAGAP texid 9826; Domingues 2017) como en Galiza. De orixe galega é o testemuño custodiado no Arquivo da Catedral de Ourense (P6-ACOu), aínda que, de acordo con García y García (1986: 393) a partir dun traballo inédito de Pensado (1986), tamén se ten noticia doutro fragmento de mediados do século XIV, vinculado ao Arquivo Histórico Provincial de Ourense (P6-AHPOu), mais hoxe atópase en paradoiro descoñecido.

O fragmento P6-ACOu transmite algunhas leis (12-17) do título VII, así como unhas poucas liñas do proemio do VIII. O título VII aborda as circunstancias nas cales se pode desherdar alguén ou como se pode perder ou anular unha herdanza. En concreto, as leis 12-17 recollidas no testemuño ourensán contemplan casos concretos como a desherdanza entre irmáns ou por renuncia á vinganza da morte do testador, así como o destino das terras e os bens que non son obxecto de sucesión. Pola súa parte, a exposición do título VIII céntrase nas motivacións e consecuencias á hora de quebrantar un testamento. Canto ao testemuño perdido (P6-AHPOu), García y García (1986: 393), seguindo a Pensado, sinala que apenas se poden ler nel algunhas leis dos títulos XIV (3-4, 7), XV (1-2), XVI (26), XVII (1-4) e XVIII (primeiras liñas). Neles descríbese o proceso de entrega das herdanzas, defínense as partillas e recóllense as leis referidas aos orfos e aos seus gardadores.

Bibliografía

Arbor Aldea, Mariña / Ricardo Pichel (2021): "Un fragmento galego da *Sexta Partida* no Arquivo da Catedral de Ourense". Ricardo Pichel (ed.): *«Tenh'eu que mi fez el i mui gram bem». Estudos sobre cultura escrita medieval dedicados a Harvey L. Sharrer*. Madrid: Sílex [no prelo].

Burns, Robert I. (ed.) / Samuel P. Scott (trad.) (2012): *Las Siete Partidas, Volume 5. Underworlds: The Death, the Criminal, and the Marginalized (Partidas VI and VII)*, Philadelphia: University of Pennsylvania Press [DOI: https://doi.org/10.9783/9780812208566].

Craddock, Jerry R. (1986): *The legislative works of Alfonso X, el Sabio: a critical bibliography*, London: Grant & Cutler.

Craddock, Jerry R. (2011): *A Bibliography of the Legislative Works of Alfonso X el Sabio (1986) with update (1981-1990)*, Berkeley: University of California--Berkeley [https://escholarship.org/uc/item/38r0s439; 30/10/2020].

Domingues, José (2017): "A Tradição Medieval das *Sete Partidas* em Portugal".

7 Partidas Digital. Edición crítica digital de las Siete Partidas 01/06/2017 [https://7partidas.hypotheses.org/692; 30/10/2020].

Duro Peña, Emilio (1961): "Los códices de la Catedral de Orense". *Hispania Sacra* 14, pp. 185-212.

Fradejas Rueda, José Manuel (2021): "Testimonios de las *Siete Partidas*". José Manuel Fradejas Rueda / Ricardo Pichel / Enrique Jerez Cabrero (eds.): *Las* Siete Partidas *del rey Sabio. Una aproximación desde la filología digital y material*. Frankfurt am Main: Iberoamericana / Vervuert [no prelo] [versión dixital en: *7 Partidas Digital. Edición crítica digital de las* Siete Partidas, Universidad de Valladolid, https://7partidas.hypotheses.org/testimonios; 30/10/2020].

García-Fernández, Miguel (2021): "Mujeres y transmisión de la herencia en las *Partidas* de Alfonso X: un marco normativo para la práctica testamentaria bajomedieval". José Manuel Fradejas Rueda / Ricardo Pichel / Enrique Jerez Cabrero (eds.): *Las* Siete Partidas *del rey Sabio. Una aproximación desde la filología digital y material*. Frankfurt am Main: Iberoamericana / Vervuert [no prelo].

García y García, Antonio (1986): "La tradición manuscrita de las *Siete Partidas*". Antonio Pérez Martín (ed.): *España y Europa, un pasado jurídico común. Actas del I Simposio Internacional del Instituto de Derecho Común (Murcia, 26-28 de marzo de 1985)*, Murcia: Universidad de Murcia, pp. 655-699.

Pensado, José Luis (1986): "Nuevo fragmento de una traducción gallega de las *Siete Partidas*" [traballo inédito; citado como artigo no prelo en García y García 1986].

Pichel, Ricardo (2021): "La recepción de las *Siete Partidas* en la Galicia bajomedieval. Un estado de la cuestión". José Manuel Fradejas Rueda / Ricardo Pichel / Enrique Jerez Cabrero (eds.): *Las* Siete Partidas *del rey Sabio. Una aproximación desde la filología digital y material*. Frankfurt am Main: Iberoamericana / Vervuert [no prelo].

Sexta Partida (P6-ACOu), Arquivo da Catedral de Ourense, Códices, Fragmentos, 41, fol. 1v

4.1.6. *Sétima Partida*

BITAGAP texid 1217 (cf. BITAGAP texid 1219; BETA texid 1029)

Edición

Oviedo y Arce, Eladio (1901): "Cuatro fragmentos de distintos Códices gallegos de *Las Partidas* de Alfonso el Sabio". *Colección Diplomática de Galicia Histórica*, Santiago de Compostela: Tip. Galaica, pp. 103-135 [https://archive.org/details/coleccindiplomt00unkngoog/page/n134/mode/2up; 30/10/2020] [P7-AHUS, edición: pp. 129-135].

Testemuño

(**P7-AHUS**) Arquivo Histórico Universitario de Santiago, Clero, Fondo Blanco Cicerón, 202 [Frag. C] (BITAGAP manid 1474).

Datación: segunda metade do séc. XIV (ca. 1375-1400).
Procedencia: Santiago de Compostela, Arquivo Municipal do Concello (BITAGAP insid 3189); Ricardo Blanco Cicerón (BITAGAP bioid 3447).
Extensión: 1 bifolio.
Estado de conservación: moi deteriorado por abrasión, humidade, perda de soporte e tinta esvaída.
Dimensións: 465 x 520 mm.
Soporte: pergamiño.
Disposición do texto: a dúas columnas de entre 31 e 32 liñas.
Tipo de letra: gótica cursiva redonda híbrida.
Decoración: iniciais capitulares alternantes en azul e vermello (2 unidades de pautado); rúbricas en vermello.

Descrición

A redacción da *Séptima Partida* oriéntase á materia xurídica de natureza penal. Trátase do último libro do conxunto formado polas *Siete Partidas* e pecha o código lexislativo afonsino cun texto dedicado aos crimes e ás súas penas. Como acontece coas restantes *Partidas*, unha das principais innovacións deste libro é a natureza doutrinal que adquire malia tratarse dun texto lexislativo. Como sinala Serra Ruiz, a diferenza doutros códigos penais anteriores, a *Séptima Partida* non soamente recolle

os castigos para cada crime, mais tamén reflexiona sobre a motivación do lexislador e explica a finalidade das sancións derivadas (1963: 201-204). No prólogo ponse en relación este libro coa *Tercera Partida*, polo seu contido procesual, mais tamén coas partidas *Quinta* e *Sexta*, pois nelas aparecen recollidos os preitos vinculados ao comercio e ás herdanzas, para alén de contrapor estes preitos cos que se tratan na *Séptima Partida*, isto é, aqueles relacionados cos "malos feitos", é dicir, os crimes. Para que estes delitos poidan ser levados perante a xustiza, é necesaria unha imputación, polo cal o primeiro título, dos trinta e tres que compoñen esta *Partida*, expón o que implica a acusación e quen pode efectuala. Deseguido, recóllense as distintas tipoloxías delituosas.

Tendo en conta o peso da cultura cabaleiresca latente neste código lexislativo, tal como se pode apreciar na *Segunda Partida*, os primeiros títulos están dedicados á traizón, como crime máis reprobábel, así como outros delitos característicos deste ámbito social, como os *rieptos*, as lides, as difamacións ou as deshonras (Gómez Redondo 1998: 587). Os títulos seguintes recollen infraccións relacionadas cos bens alleos, como os roubos, os furtos e outros danos, así como delitos de carácter sexual entre os cales figuran o adulterio e a luxuria. Encóntranse tamén varios títulos dedicados a diferentes colectivos marxinais ou gremios conflitivos, como os alcaiotes, os agoireiros, os herexes e os asasinos, ou as comunidades mouras e xudías. Os últimos títulos recollen a regulación das prisións, os tipos de tormentos e penas ou a xestión dos indultos. Finalmente, o derradeiro título do libro, concibido como peche do conxunto das *Sete Partidas*, reflexiona sobre o "significamiento de las palabras" e as posíbeis ambigüidades e conflitos que da súa incorrecta interpretación se poden derivar.

A recepción occidental da *Sétima Partida*, da cal se coñecen perto dunha vintena de testemuños casteláns (BETA texid 1029; García y García 1986; Craddock 1986, 2011; cf. Fradejas Rueda 2021), é bastante limitada en Galiza e Portugal, con só tres manuscritos, dous deles portugueses (BITAGAP texid 1219; Domingues 2017). De orixe galega unicamente se conserva un fragmento, hoxe custodiado no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago e procedente do fondo Blanco Cicerón (P7-AHUS, coñecido como Fragmento C), no cal apenas se recoñecen algunhas leis (7-15) do título IX debido ao seu deplorábel estado de conservación. Este título está dedicado ás deshonras e contén vinte e tres leis nas cales se contemplan as inxurias perpetradas, ben de feito ou ben de palabra. En concreto, as leis que transmite o fragmento P7-AHUS explican que persoas poden cometer o delito de deshonra e cales poden demandalo, quer por deshonra directa, quer por relación co suxeito deshonrado. Mencionánse, ademais, as penas para os quebrantadores de túmulos. O manuscrito compostelán relaciónase con outros testemuños da *Cuarta* (P4-AHUS; § 4.1.3) e da *Quinta Partida* (P5-MP e P5-AHUS; § 4.1.4), cos que formaría serie nunha das campañas galegas de copia e tradución da obra afonsina durante a segunda metade do Trescentos (Pichel 2021).

Bibliografía

Burns, Robert I. (ed.) / Samuel P. Scott (trad.) (2012): *Las Siete Partidas, Volume 5. Underworlds: The Death, the Criminal, and the Marginalized (Partidas VI and VII)*, Philadelphia: University of Pennsylvania Press [DOI: https://doi.org/10.9783/9780812208566].

Craddock, Jerry R. (1986): *The legislative works of Alfonso X, el Sabio: a critical bibliography*, London: Grant & Cutler.

Craddock, Jerry R. (2011): *A Bibliography of the Legislative Works of Alfonso X el Sabio (1986) with update (1981-1990)*, Berkeley: University of California--Berkeley [https://escholarship.org/uc/item/38r0s439; 30/10/2020].

Domingues, José (2017): "A Tradição Medieval das *Sete Partidas* em Portugal". *7 Partidas Digital. Edición crítica digital de las* Siete Partidas 01/06/2017 [https://7partidas.hypotheses.org/692; 30/10/2020].

Fradejas Rueda, José Manuel (2021): "Testimonios de las *Siete Partidas*". José Manuel Fradejas Rueda / Ricardo Pichel / Enrique Jerez Cabrero (eds.): *Las* Siete Partidas *del rey Sabio. Una aproximación desde la filología digital y material*. Frankfurt am Main: Iberoamericana / Vervuert [no prelo] [versión dixital en: *7 Partidas Digital. Edición crítica digital de las* Siete Partidas, Universidad de Valladolid, https://7partidas.hypotheses.org/testimonios; 30/10/2020].

García y García, Antonio (1986): "La tradición manuscrita de las *Siete Partidas*". Antonio Pérez Martín (ed.): *España y Europa, un pasado jurídico común. Actas del I Simposio Internacional del Instituto de Derecho Común (Murcia, 26-28 de marzo de 1985)*, Murcia: Universidad de Murcia, pp. 655-699.

Pichel, Ricardo (2021): "La recepción de las *Siete Partidas* en la Galicia bajomedieval. Un estado de la cuestión". José Manuel Fradejas Rueda / Ricardo Pichel / Enrique Jerez Cabrero (eds.): *Las* Siete Partidas *del rey Sabio. Una aproximación desde la filología digital y material*. Frankfurt am Main: Iberoamericana / Vervuert [no prelo].

Serra Ruiz, Rafael (1962-63): "Finalidad de la pena en la Legislación de Partidas". *Anales de Derecho de la Universidad de Murcia* 21, pp. 199-258 [https://revistas.um.es/analesumderecho/article/view/103741/98691; 30/10/2020].



Sétima Partida (P7-AHUS), Arquivo Histórico Universitario de Santiago, Clero, Fondo Blanco Cicerón, 202 [Frag. C], fol. 1v

4.2. *Foro Juzgo*

BITAGAP texid 7252 (cf. BETA texid 1191)

Edicións

López Ferreiro, Antonio (1895): *Fueros municipales de Santiago y de su tierra*, Santiago de Compostela: Seminario Central, vol. 2, pp. 293-308 [edición: pp. 297-308] [https://archive.org/details/fuerosmunicipale00lpez; 30/10/2020].

Castillo Lluch, Mónica / Ricardo Pichel (2015): "El Códice López Ferreiro del *Fuero juzgo*: revisión filológica y escriptológica y nueva edición". *Revue de Linguistique Romane* 79, pp. 123-168 [DOI: http://doi.org/10.5169/seals-842220] [edición: pp. 155-160].

Testemuño

Arquivo do Museo do Pobo Galego, Fondo Ricardo Blanco Cicerón, Colección Pergameos P5-03/03 (BITAGAP manid 6161 e 2750). Accesíbel en: http://doi.org/10.5169/seals-842220 (pp. 161-168).

Datación: finais do séc. XIII ou primeiras décadas do XIV (ca. 1290-1325).
Procedencia: Samos (?) (*liber tradens*); Jacobo Pedrosa y Ulloa (BITAGAP bioid 3125).
Extensión: 2 bifolios.
Estado de conservación: levemente deteriorado por manchas e tinta esvaída; perda de soporte (un terceiro bifolio).
Dimensións: 318 x 490 mm.
Soporte: pergamiño.
Disposición do texto: a dúas columnas de 34-36 liñas.
Tipo de letra: gótica cursiva caligráfica (postextual).
Decoración: iniciais capitulares alternantes en azul e vermello (con decoración interna e externa; 2-3 unidades de pautado, puntualmente 7); rúbricas e capitulación en vermello.

Descrición

O *Fuero Juzgo* representa a versión romance da compilación lexislativa coñecida como *Liber iudiciorum* ou *Lex Visigothorum*, promulgada inicialmente polo rei Recesvinto

a mediados do século VII. Aínda que algúns autores defenderon a súa aplicación no conxunto dos territorios ibéricos tras a caída do reino visigodo como dereito común –unha vez actualizadas certas condicións de índole penal, señorial e local de acordo coas novas realidades non contempladas no *Liber*– (Otero Varela 1959), a opinión máis estendida entre os historiadores do dereito presupón a aplicación do *Liber* só de maneira parcial a partir dos séculos VIII e IX en certos territorios dos reinos cristiáns do norte peninsular e nas comunidades mozárabes (García-Gallo 1955; Díaz y Díaz 1976; cf. Pérez-Prendes 2011). A mediados do século XIII, o rei Fernando III anunciaba no *Fuero breve* de 1241 (BETA texid 4447), outorgado tras a conquista de Córdoba, unha versión oficial do *Liber* traducida ao romance, que supoñía a renovación do *Fuero Juzgo* como dereito local aplicábel ás novas cidades meridionais reconquistadas (González González 1986: docs. 670 e 677). De acordo cos diversos testemuños de faísca occidental(izante) coñecidos do *Fuero Juzgo* e atendendo á súa vixencia en León, previa á restauración fernandina, tense reconsiderado a existencia de versións traducidas ao romance asturleonés anteriores a 1241, o que suporía reinterpretar a vulgarización prometida polo monarca castelán non necesariamente en termos de tradución desde o latín, mais como unha adaptación do asturleonés ao castelán (Castillo Lluch 2012a, 2012b). Neste sentido, a reavaliación filolóxica e escriptolóxica do *Códice López Ferreiro*, tradicionalmente considerado prefernandino (López Ferreiro 1895; Otero Varela 1959), permitiu abrir novos horizontes no estudo das interrelacións existentes entre os testemuños casteláns e asturleoneses coñecidos (Castillo Lluch / Pichel 2015; Castillo Lluch 2016).

A recepción occidental do *Fuero Juzgo*, do cal se coñecen case medio centenar de testemuños (BETA texid 1191), debeu ser moi temperá, a teor dos fragmentos hoxe conservados no Museo do Pobo Galego. O *Códice López Ferreiro* é un testemuño bilingüe latino-romance do *Liber* copiado a cabalo dos séculos XIII e XIV, se ben a datación tradicional o viña situando nas primeiras décadas da primeira desas centurias (López Ferreiro 1895; Otero Varela 1959). A súa designación, estabelecida por Otero Varela (1959), remite á figura do egrexio historiador compostelán, quen a finais do século XIX editara os fragmentos facilitados polo coleccionista Jacobo Pedrosa y Ulloa. Tras o falecemento deste a comezos do XX, o manuscrito pasou ás mans de Ricardo Blanco Cicerón, cuxos herdeiros, a familia Acuña Castroviejo, o acabaron doando ao museo compostelán (Gómez España 2005: 109).

A presunta antigüidade e preeminencia do *Códice López Ferreiro* na tradición textual do *Fuero juzgo* puido ser finalmente refutada de acordo coa análise filolóxica, paleográfica e lingüística do texto, ademais de se descartar como base da versión anunciada polo rei Santo a mediados do século XIII (Castillo Lluch / Pichel 2015). Nos dous bifolios que hoxe sobreviven, reprodúcense algunhas leis do *Foro Juzgo* pertencentes ao libro VII (*De los furtos e de los engaños*), concretamente os títulos I (3, 4, 5), II (1-6) e V (2-7) alusivos á materia delitiva vinculada aos ladróns, aos furtos e a outros enganos como falsos escritos ou falsas sinaturas. De acordo con López

Ferreiro (1895), un terceiro bifolio iluminado con dúas árbores de consanguinidade, hoxe en paradoiro descoñecido (BITAGAP manid 2750; Gómez España 2005: 112), transmitía algunhas seccións dos libros III (título V, lei 7; VI, leis 1 e 2 incompleta) e IV (título I, lei 3 incompleta) relacionadas coas penas incorridas por sodomía, divorcio ou abandono, así como coas relacións de parentesco de terceiro grao (López Ferreiro 1895: 297-300).

A lagoa material e textual entre os fols. 2v e 3r afecta por completo aos títulos III e IV do sétimo libro (ademais do título II e o comezo do V). Esta circunstancia e mais o confronto con outros testemuños similares permitiu concluír que os dous bifolios conservados conformarían o prego externo e o contiguo a este dun caderno quinión ou senión, polo cal o códice ao que pertencían sobrepasaría con facilidade os 200 folios (Castillo Lluch / Pichel 2015: 126-128). Por outra parte, a presenza das dúas iluminuras no terceiro bifolio desaparecido, así como a decoración das iniciais capitulares ou a tipoloxía caligráfica (en módulo maior para os sectores latinos e en módulo menor para a tradución) e outros aspectos da *mise en page* confirman a coidada factura dun volume producido nalgún escritorio (semi)profesional occidental.

Outra das particularidades do manuscrito é a súa configuración lingüística bilingüe e de transición. Por unha parte, é un testemuño único por xustapor a versión romance tras o texto latino en cada unha das leis, unha práctica singular que talvez gozaría de certa tradición con anterioridade á versión oficial fernandina do *Fuero Juzgo*. Cabe sinalar que non se trata dunha tradución directa dunha lingua á outra, pois cada texto foi tomado dunha fonte diferente (Castillo Lluch / Pichel 2015: 134-135). Polo que respecta ao estatuto idiomático dos segmentos romanceados, parece tratarse da adaptación ao castelán, por parte dun copista con base lingüística galego-portuguesa (talvez utente dunha variedade galega centro ou noroeiental), a partir dun modelo asturleonés primixenio. Deste modo, é factíbel deslindar, coas oportunas reservas canto ao *continuum* lingüístico da zona de transición en que se produciu, tres capas intensamente hibridadas e solapadas: un sedimento asturleonés orixinario representado polo antígrafo, unha base principal castelá (lingua á que se adaptaría o modelo romance empregado) e un importante substrato galego-portugués froito da intervención do copista (Castillo Lluch / Pichel 2015: 144-148; Pichel 2017; Mariño Paz 2020: 253; cf. López Ferreiro 1895: 696; Lorenzo 2000: 400; Pena 2002: 339). A presenza dalgúns apuntamentos referidos a un rexistro de escrituras públicas efectuado no último cuartel do século XVI polo escribán de Samos Diego López (fols. 1v e 3v) podería relacionarse coa reutilización dos fragmentos como capa de antigos protocolos (López Ferreiro 1895: 293) e constituír unha evidencia do itinerario posmedieval do manuscrito nunha área xeográfica (Samos e a comarca de Sarria) próxima ao posíbel contexto xeolingüístico de produción do texto (Castillo Lluch / Pichel 2015: 129-130).

Para alén do *Códice López Ferreiro*, coñécense outros testemuños centro-occidentais de cronoloxía similar para os que eventualmente se ten discutido un

posíbel estrato galego-portugués ou galego-leonés (en realidade, leonés occidental ou oriental), como acontece cos mss. Z.III.21 (BETA manid 1337), P.II.17 (BETA manid 1353) e M.II.18 (BITAGAP manid 3572; BETA manid 1341) custodiados na Real Biblioteca del Monasterio de El Escorial (cf. Orazi 1997; Castillo Lluch 2012a); ou cun fragmento do século XIV identificado no Archivo de la Real Chancillería de Valladolid (BETA manid 5736; Fradejas Rueda 2015). Algo similar acontece co códice Hisp. 6 da Bayerische Staatsbibliothek (Múnic), de finais do século XV ou comezos do XVI, que aparece catalogado como texto "agalegado" en PhiloBiblon (BITAGAP texid 18591; BETA manid 1366) e que, por algúns indicios externos, parece ter relación (in)directa co ámbito eclesiástico lugués.

Bibliografía

Castillo Lluch, Mónica (2012a): "Las lenguas del *Fuero juzgo*: avatares históricos e historiográficos de las versiones romances de la Ley visigótica (I)". *e-Spania* 13 [DOI: https://doi.org/10.4000/e-spania.20994].

Castillo Lluch, Mónica (2012b): "Le *Fuero juzgo* dans l'histoire de la langue espagnole". *e-Legal History Review* 14 [http://www.iustel.com/v2/revistas/detalle_revista.asp?id_noticia=412118&d=1; 30/10/2020].

Castillo Lluch, Mónica (2016): "Las fechas del *Fuero juzgo*: avatares históricos e historiográficos de la versión romance de la ley visigótica (II)". Antonio Narbona Jiménez / Araceli López Serena (coords.), *El español a través del tiempo. Estudios de lingüística histórica ofrecidos a Rafael Cano Aguilar*, Sevilla: Universidad de Sevilla, pp. 47-68 [https://serval.unil.ch/resource/serval:BIB_32D7A4903BCA.P001/REF.pdf; 30/10/2020].

Castillo Lluch, Mónica / Ricardo Pichel (2015): "El Códice López Ferreiro del *Fuero juzgo*: revisión filológica y escriptológica y nueva edición". *Revue de Linguistique Romane* 79, pp. 123-168 [DOI: http://doi.org/10.5169/seals-842220] [estudo: pp. 123-154].

Díaz y Díaz, Manuel Cecilio (1976): "La *Lex Visigothorum* y sus manuscritos: un ensayo de reinterpretación". *Anuario de historia del derecho español* 46, pp. 163-224 [https://www.boe.es/publicaciones/anuarios_derecho/articulo.php?lang=ca&id=ANU-H-1976-10016300224; 30/10/2020].

Fradejas Rueda, José Manuel (2015): "*Fuero Juzgo* (I)". *Crítica textual para Dummies* 17/02/2015 [https://ecdotica.hypotheses.org/1231; 30/10/2020].

García-Gallo, Alfonso (1955): "El carácter germánico de la épica y del Derecho en la Edad Media española". *Anuario de historia del derecho español* 25, pp. 583-679 [https://www.boe.es/publicaciones/anuarios_derecho/articulo.php?id=ANU-H-1955-10058300680; 30/10/2020].

Gómez España, Patricia (2005): "O códice López Ferreiro". *Adra* 0, pp. 109-114 [http://www.museodopobo.gal/web/uploads/pdf/Revista%20Adra%200.pdf; 30/10/2020].

González González, Julio (1986): *Reinado y diplomas de Fernando III*. Vol. 3, Córdoba: Monte de Piedad y Caja de Ahorros de Córdoba.

Lorenzo, Ramón (2000): "Prosa medieval". Francisco Rodríguez Iglesias (dir.): *Galicia. Literatura.* Tomo XXX*: A Idade Media*, A Coruña: Hércules, pp. 364-429.

Mariño Paz, Ramón (2020): "O uso escrito do romance nos reinos de Afonso X o Sabio e no reino de Portugal desde o século XII ata finais do XIII. Estado da cuestión". *LaborHistórico* 6.1, pp. 246-271 [DOI: https://doi.org/10.24206/lh.v6i1.32294].

Orazi, Verónica (1997): *El dialecto leonés antiguo (edición, estudio lingüístico y glosario del* Fuero Juzgo *según el ms. escurialense Z.III.21)*, Madrid: Universidad Europea / CEES Ediciones.

Otero Varela, Alfonso (1959): "El códice López Ferreiro del *Liber Iudiciorum*. (Notas sobre la aplicación del *Liber iudiciorum* y el carácter de los fueros municipales". *Anuario de historia del derecho español* 29, pp. 557-573 [https://www.boe.es/biblioteca_juridica/anuarios_derecho/articulo.php?id=ANU-H-1959-10055700573; 30/10/2020].

Pena, Xosé Ramón (2002): *Historia de literatura medieval galego-portuguesa*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

Pérez-Prendes, José Manuel (2011): "La piedra ensimismada. Notas sobre la investigación visigotista de Alfonso García-Gallo". *Cuadernos de Historia del Derecho* 18, pp. 51-91 [DOI: https://doi.org/10.5209/rev_CUHD.2011.v18.41511].

Pichel, Ricardo (2017): "En torno al hibridismo lingüístico en la prosa hispánica centro-occidental (ss. XII-XV)". *70th Annual KFLC - The Languages, Literatures, and Cultures Conference (20th-22nd of April 2017)*, Lexington: University of Kentucky.



Foro Juzgo, Arquivo do Museo do Pobo Galego, Fondo Ricardo Blanco Cicerón, Colección Pergameos P5-03/03 (*Códice López Ferreiro*), fol. 2r

4.3. *Foro Real*

BITAGAP texid 9841 (cf. BITAGAP texid 1207, BETA texid 1006)

Edición

Pensado, José Luis (1974-75): "Tres fragmentos jurídicos galaico-portugueses". *Cuadernos de Estudios Gallegos* 29.87-89, pp. 102-129 [edición: pp. 122-123].

Testemuño

Archivo Histórico Provincial de León, Colección de fragmentos de pergaminos procedentes de encuadernaciones, VI-73 [fol. 1] (BITAGAP manid 1450).

Datación: finais do séc. XIII ou primeiras décadas do XIV (ca. 1290-1325).
Procedencia: Vilafranca do Bierzo (*liber tradens*, séc. XVI).
Extensión: 1 folio.
Estado de conservación: levemente deteriorado por roturas puntuais e tinta esvaída.
Dimensións: 304 x 212 mm.
Soporte: pergamiño.
Disposición do texto: a dúas columnas de 33 liñas.
Tipo de letra: gótica cursiva caligráfica.
Decoración: iniciais capitulares (4 unidades de pautado para comezo de título e 2 para comezo de lei) e rúbricas en vermello.

Descrición

O *Fuero Real* é un texto promulgado por Afonso X a mediados do século XIII co obxectivo de homoxeneizar as leis vixentes até ese momento e instaurar un modelo foral aplicábel ao conxunto dos reinos, minimizando así o impacto dos regulamentos locais e individuais (Sánchez-Arcilla Bernal 1999: 17-81; Pérez Martín 2015: xviii-xxii). A datación tradicional do *Fuero Real* (ca. 1252-55) e a valoración da súa implantación non están exentas de problemas de interpretación, debido ás diversas denominacións coas que se coñece o texto (*Libro del Fuero*, *Fuero de las Leyes*, *Libro del Fuero de las Leyes*, *Libro de las Leyes* ou *Libro de las Flores*, entre outras variantes; Martínez Díez 1988: 78-79) e ás similitudes con outras empresas lexislativas

afonsinas como o *Espéculo* (Craddock 1981: 418; Iglesia Ferreirós 1986: 116; Sánchez-Arcilla Bernal 1999: 17-81). A teoría máis estendida sinala que o rei Sabio foi concedendo o *Fuero Real* ás vilas que non contaban con foral propio –Valladolid sería a primeira– coa finalidade de que nalgún momento se estendese por todo o reino (Pérez Martín 2015: xxvi-xxxii). Porén, os proxectos de lexislación afonsinos, deseñados cun afán universalista, non gozaron de boa acollida, xa que os concellos non estaban interesados en desbotar as normas locais, de tradición consuetudinaria, polo cal en 1272 o rei Sabio confirmaría de novo os foros antigos (Sánchez-Arcilla Bernal 1999: 79). De acordo con Gómez Redondo, a estrutura do *Fuero Real*, organizado en catro libros cun total de 72 títulos e 550 leis, anticipa a organización presente en textos lexislativos posteriores como as *Siete Partidas.* O primeiro libro dedícase á materia relixiosa e política así como á organización da xustiza, o segundo contempla os procedementos xudiciais, o terceiro regula o dereito civil e o cuarto aborda o dereito penal (Pérez Martín 1992: 19-24; Gómez Redondo 1998: 302-303).

O feito de se conservaren máis de sesenta testemuños do *Fuero Real* (BETA texid 1006), incluíndo as traducións galego-portuguesas (BITAGAP texid 9841 e 1207), evidencia a importancia deste código na silva lexislativa peninsular, a pesar de que non se chegase a instaurar plenamente de maneira efectiva (Martínez Díez 1988: 28-78). A recepción occidental do *Fuero Real* é limitada, aínda que precoz e continuada no tempo. O único exemplar coñecido en Portugal (BITAGAP cnum 1755; copia ca. 1273-82 a partir dunha tradución orixinal ca. 1267) aparece incorporado, xunto cunha tradución das *Flores de Direito* (BITAGAP cnum 1754), nun códice de finais do século XIII (ANTT, FC/001/398; BITAGAP manid 1145) que contén textos legais relativos ao concello da Guarda (Ferreira 1987: 38-42, 1993; Ferreira 2012: § 14-15).

Polo que respecta ao ámbito galego, o fragmento do *Foro Real* conservado no Archivo Histórico Provincial de León representa unha tradución de finais do século XIII ou primeiras décadas do XIV realizada talvez con base nun modelo leonés perdido. Transmite algunhas seccións do Libro I: as leis 9-19 do título X, dedicadas á actuación dos procuradores ou representantes (os "persoeiros") nos preitos, e as leis 1-4 do título XI, sobre a validez dos xuízos. De acordo con Pensado, o pergamiño do *Foro Real* garda importantes similitudes co fragmento das *Flores de Dereito* custodiado tamén no AHPL (§ 4.4), ao compartiren mesma factura e configuración xeolingüística (Pensado 1974-75: 103; Lorenzo 2000: 393-396). De igual modo que no exemplar portugués, é factíbel que os dous fragmentos formaran parte dun mesmo códice, pois era habitual copiar nun mesmo volume textos lexislativos distintos mais afíns (Roudil 2000: 32-136). Do mesmo xeito que nun dos testemuños galegos da *Terceira Partida* (P3-AHPL; § 4.1.2) e nas *Flores de Dereito*, o fragmento en cuestión tamén foi reutilizado como capa dun protocolo notarial de Vilafranca do Bierzo, localización á que tamén apunta unha das notas marxinais (séc. XVI) do manuscrito alusiva a unha venda por parte dun veciño da vila berciana de Valtuille.

Canto á variedade lingüística, caracterizábel como galego-leonesa (Lorenzo 2000: 396), Pensado recoñeceu a base galego-portuguesa do testemuño, mais con interferencias do modelo que se estaba a adaptar motivadas pola suposta impericia do copista á hora de evitar a influencia do texto base leonés (1974-75: 114-118). Pola súa parte, Mariño Paz interpretou o hibridismo desta e doutras mostras similares como un acto consciente do escribán conducente a "supera-lo marco do seu idiolecto ou do seu dialecto ou falar local" (1998: 174). Fose como fose, este testemuño e o das *Flores de Dereito* (§ 4.4), así como outros textos de carácter notarial ou foral (como os *Foros de Castelo Rodrigo*; BITAGAP texid 1335) producidos a cabalo dos séculos XIII e XIV en escritorios, a miúdo fronteirizos, en Galiza, Portugal ou en distintos puntos do reino de León, reflicten todos eles, en maior ou menor medida, uns usos escriptolingüísticos aínda non madurados ou influenciados polas grandes tradicións de escritura iberorrománica da época (Lorenzo 2004: 39-40; Rodríguez Parada 2007; Mariño Paz 2008: 75-77; Souto Cabo 2008: 357-367; Morala 2015: 45-52; Pichel 2017; Mariño Paz 2020: 253-254).

O coñecemento do *Fuero Real* na Galiza pleno e baixomedieval transcende a primeira iniciativa tradutora representada polo testemuño galego-leonés do AHPL. Nalgún momento da segunda metade do século XIV ou xa a comezos do século XV circulou por terras galegas meridionais un exemplar do código afonsino (BNE, ms. 710; BETA manid 1054) no cal se rexistra un intenso traballo de anotación, emenda e colación textual por parte de Vasco Lourenço de Tui (BITAGAP bioid 4672; BETA bioid 2441). Este notario galego orixinario do Baixo Miño intervén no manuscrito comentando e actualizando un gran número de lugares ao longo do códice, para alén de referenciar e acrecentar o texto base con algúns capítulos adicionais (Cerdá Ruiz-Funes 1951-52; Kabatek 2007; Bouzas Rosende / Pichel 2015). As coñecidas como "Glosas de Vasco Lourenço de Tui" (BITAGAP manid 4094) teñen motivación diversa e, do punto de vista lingüístico, reflicten tamén unha variedade occidental híbrida, de base galego-portuguesa mais cun grao variábel de interferencia co castelán (Kabatek 2007: 32-34; Pichel 2017). Mais alá das intervencións de carácter epigráfico-referencial (rotulado e identificación das seccións internas do texto) ou correctivo (emenda marxinal de erros puntuais), o grao de participación de Vasco Lourenço neste exemplar do *Fuero* debe valorarse a través dos numerosos apuntamentos de natureza explicativa ou identificativa espallados ao longo do códice (Bouzas Rosende / Pichel 2015).

Por unha parte, as notas explicativas de carácter intertextual complementan ou discuten un determinado ítem, facendo referencia á colación con outros códigos legais que o revisor tudense coñece e manexa (*Livro das declaraçoes das leis*, *Foro das leis*, *Foro dos castelanos*, *Partidas*, *Ordinamento de Alcalá*, *Livro de estilo de corte*, *Libro de las sentençias*, *Livro de Leom* etc.). Por veces estas notas adquiren unha dimensión metatextual, cando o propio Vasco Lourenço se dirixe, en primeira persoa, a un interlocutor anónimo (probabelmente outro revisor ou revisores cos que traballa)

en referencia a correccións ou desordes nas glosas que se van incorporando ao texto base (ex. "Aquí falece porla mingua do escrivam o títolo XXIIII° dos retos. Vaite ao outro meu foro das leis enno livro IIII° e hi o fallarás, pero que meu erro foi por cuanto este títolo XXIIII° se logo sigue", fol. 207v). Outras veces, as intervencións do revisor teñen función identificativa, co obxectivo de localizar, no interior dunha lei ou glosa, certos contidos de interese para os usuarios do texto. Tamén se rexistran anotacións de carácter referencial externo que aluden a determinados individuos ou contextos procesuais, coñecidos polo revisor, cuxa situación legal se vincula dalgún modo cun contido concreto do texto (ex. "para Lourenço, carniceiro, e Vasco Lourenço contra ho cabidoo", fol. 134v). Finalmente, para alén das glosas apuntadas até aquí, a participación de Vasco Lourenço de Tui faise aínda máis patente no que representa o terceiro e último bloque redaccional do ms. 710 da BNE, onde o revisor acrecenta varias seccións ao texto base no único caderno en pergamiño do códice (fols. 173-187) co obxectivo de completar e actualizar algunhas das leis pertencentes ao título XIII do cuarto libro do *Fuero Real* (Bouzas Rosende / Pichel 2015).

A transcrición dos fragmentos galegos do *Foro Real* e das *Flores de Dereito* publicada por Pensado (1974-75) é actualmente obxecto dunha nova edición comparada (coa tradición castelá e portuguesa) no marco dos proxectos PaLMeGaP e EGPA-lit, así como a transcrición e estudo das "Glosas de Vasco Lourenço de Tui".

Bibliografía

Bouzas Rosende, Paula / Ricardo Pichel (2015): "As glosas marxinais galegas do *Fuero Real* (BNE ms. 710)". *Gallaecia. III Congresso Internacional de Lingüística Histórica (Universidade de Santiago de Compostela, 27-30 xullo 2015)*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

Cerdá Ruiz-Funes, Joaquín (1951-52): "Las glosas de Arias de Balboa al *Fuero Real* de Castilla". *Anuario de Historia del Derecho español* 21-22, pp. 731-1141 [https://www.boe.es/publicaciones/anuarios_derecho/articulo.php?id=ANU-H-1951-10073101141; 30/10/2020].

Craddock, Jerry R. (1981): "La cronología de las obras legislativas de Alfonso X el Sabio". *Anuario de historia del derecho español* 51, pp. 365-418 [https://www.boe.es/biblioteca_juridica/anuarios_derecho/abrir_pdf.php?id=ANU-H-1981-10036500418; 30/10/2020].

Ferreira, José de Azevedo (1993): "*Foro Real*". Giulia Lanciani / Giuseppe Tavani (coords.): *Dicionário da literatura medieval galega e portuguesa*, Lisboa: Caminho, p. 281.

Ferreira, José de Azevedo (1987): *Afonso X. Foro Real*, Lisboa: Instituto Nacional de Investigação Científica, 2 vols.

Ferreira, Maria do Rosário (2012): "As traduções de castelhano para galego-português e as políticas da língua nos séculos XIII-XIV". *e-Spania* 13 [DOI: https://doi.org/10.4000/e-spania.21021].

Gómez Redondo, Fernando (1998): *Historia de la prosa medieval castellana I. La creación del discurso prosístico: el entramado cortesano*, Madrid: Cátedra.

Iglesias Ferreirós, Aquilino (1982): "*Fuero Real* y *Espéculo*". *Anuario de Historia del Derecho Español* 52, pp. 111-192 [https://www.boe.es/publicaciones/anuarios_derecho/articulo.php?id=ANU-H-1982-10011100191; 30/10/2020].

Kabatek, Johannes (2007): "*Muyto he boa grosa*: o Renacemento Boloñés, a elaboración das linguas románicas e a emerxencia do galego escrito". Ana Isabel Boullón Agrelo (ed.): *Na nosa lyngoage galega. A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, pp. 21-36 [DOI: https://doi.org/10.5167/uzh-86104].

Lorenzo, Ramón (2000): "Prosa medieval". Francisco Rodríguez Iglesias (dir.): *Galicia. Literatura.* Tomo XXX*: A Idade Media*, A Coruña: Hércules, pp. 364-429.

Lorenzo, Ramón (2004): "Emerxencia e decadencia do galego escrito (ss. XIII-XVI)". Rosario Álvarez / Francisco Fernández Rei / Antón Santamarina (eds.): *A Lingua Galega: historia e actualidade. Actas do I Congreso internacional (Santiago de Compostela, 16-20 setembro 1996)*, Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, vol. 3, pp. 27-153 [http://hdl.handle.net/10347/9897; 30/10/2020].

Mariño Paz, Ramón (1998): *Historia da lingua galega*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

Mariño Paz, Ramón (2008): *Historia de la lengua gallega*, München: Lincom Europa.

Mariño Paz, Ramón (2020): "O uso escrito do romance nos reinos de Afonso X o Sabio e no reino de Portugal desde o século XII ata finais do XIII. Estado da cuestión". *LaborHistórico* 6.1, pp. 246-271 [DOI: https://doi.org/10.24206/lh.v6i1.32294].

Martínez Díez, Gonzalo (1988): "Análisis crítico del *Fuero Real*". Gonzalo Martínez Díez (ed.): *Leyes de Alfonso X II.* Fuero Real, Ávila: Fundación Sánchez Albornoz, pp. 5-132.

Morala, José Ramón (2015): "Norma y variación en el romance de la documentación leonesa del siglo XIII". Ramón Mariño Paz / Xavier Varela Barreiro (eds.): *Lingüística histórica e edición de textos galegos medievais* (*Verba. Anuario Galego de Filoloxía*, Anexo 73), Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 29-53 [DOI: http://doi.org/10.15304/9788416533657].

Pensado, José Luis (1974-75): "Tres fragmentos jurídicos galaico-portugueses". *Cuadernos de Estudios Gallegos* 29.87-89, pp. 102-129 [estudo: pp. 102-121].

Pérez Martín, Antonio (1992): "La obra legislativa alfonsina y puesto que en ella ocupan las *Siete Partidas*". *Glossae: Revista de Historia del Derecho Europeo* 3, pp. 9-63 [http://www.glossae.eu/wp-content/uploads/2016/07/9-63.pdf; 30/10/2020].

Pérez Martín, Antonio (2015): "El *Fuero Real*. Estudio Preliminar". Antonio Pérez

Martín (ed.), *El* Fuero Real *de Alfonso X el Sabio*, Madrid: Agencia Estatal del Boletín Oficial del Estado, pp. ix-xxxiv [https://www.boe.es/biblioteca_juridica/publicacion.php?id=PUB-LH-2018-7&tipo=L&modo=2; 30/10/2020].

Pichel, Ricardo (2017): "En torno al hibridismo lingüístico en la prosa hispánica centro-occidental (ss. XII-XV)". *70th Annual KFLC - The Languages, Literatures, and Cultures Conference (20th-22nd April 2017)*, Lexington: University of Kentucky.

Rodríguez Parada, Raquel (2007): "Textos primitivos da franxa oriental". Ana Isabel Boullón Agrelo (ed.): *Na nosa lyngoage galega: A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, pp. 399-428 [http://hdl.handle.net/10347/9998; 30/10/2020].

Roudil, Jean (2000): *La tradition d'écriture des* Flores de Derecho. *Réalisation de vingt-deux scripteurs. Propos attribué à Jacobo de Junta el de las leyes. Construction et étude de Jean Roudil*, Paris: Publication du Séminaire d'Études Médiévales Hispaniques de l'Université Paris 13, tomo 1, vol. 1 [DOI: https://doi.org/10.3406/cehm.2000.2099].

Sánchez-Arcilla Bernal, José (1999): "La obra legislativa de Alfonso X el Sabio. Historia de una polémica". Jesús Montoya Martínez / Ana Domínguez Rodríguez (coords.): *El scriptorium alfonsí: de los libros de astrología a las* Cantigas de Santa María, Madrid: Editorial Complutense, pp. 17-81.

Souto Cabo, José António (2008): *Documentos galego-portugueses dos séculos XII e XIII. Revista Galega de Filoloxía* (Monográfico nº 5), A Coruña: Universidade da Coruña [http://illa.udc.es/rgf/pdf/mon_5.pdf; 30/10/2020].



Foro Real, Archivo Histórico Provincial de León, Colección Fragmentos de pergaminos procedentes de encuadernaciones, VI-73 [fol. 1], fol. 1v



Glosas de Vasco Lourenço de Tui, Biblioteca Nacional de España, Ms. 710 (*Fuero Real*), fol. 187r

4.4. *Flores de Dereito*

BITAGAP texid 9842 (cf. BITAGAP texid 1100, BETA texid 1561)

Edicións

Pensado, José Luis (1974-75): "Tres fragmentos jurídicos galaico-portugueses". *Cuadernos de Estudios Gallegos* 29.87-89, pp. 102-129 [edición: pp. 123-128].

Roudil, Jean (2000): *La tradition d'écriture des* Flores de Derecho. *Réalisation de vingt-deux scripteurs. Propos attribué à Jacobo de Junta el de las leyes. Construction et étude de Jean Roudil*, Paris: Publication du Séminaire d'Études Médiévales Hispaniques de l'Université Paris 13, tomo 1, vol. 1 [DOI: https://doi.org/10.3406/cehm.2000.2099] [edición sinóptica: pp. 209-227].

Testemuño

Archivo Histórico Provincial de León, Colección de fragmentos de pergaminos procedentes de encuadernaciones, VI-73 [fols. 2-3] (BITAGAP manid 1494).

Datación: finais do séc. XIII ou primeiras décadas do XIV (ca. 1290-1325).
Procedencia: Vilafranca do Bierzo (*liber tradens*, sécs. XVI-XVII).
Extensión: 2 folios.
Estado de conservación: parcialmente deteriorado pola presenza de diversas manchas (especialmente no fol. 2), roturas puntuais e tinta esvaída.
Dimensións: 302 x 210 mm.
Soporte: pergamiño.
Disposición do texto: a dúas columnas de 33 liñas.
Tipo de letra: gótica cursiva caligráfica.
Decoración: iniciais capitulares (3 unidades de pautado para comezo de título e 1-2 para comezo de lei), caldeiróns e rúbricas en vermello.

Descrición

As *Flores de Derecho* son un compendio xurídico-lexislativo relativo á administración e aos procedementos xudiciais elaborado no segundo terzo do século XIII (ca. 1235-1252) polo xurista Jacobo Ruiz ou Jacobo de las Leyes, quen compilou dun modo ordenado e didáctico un conxunto de leis procedentes do dereito romano e do dereito canónico con vistas á formación do príncipe Afonso. A obra está dividida en

tres libros: o primeiro sobre a preparación do xuízo, o segundo dedicado ao procedemento xudicial e o terceiro centrado nas sentenzas e apelacións (Gómez Redondo 1998: 361). O texto ábrese cunha dedicatoria ao "muy noble e mucho ondrado señor don Alfonso Fernández", identificado por algúns autores como o fillo de Fernando III, o futuro rei Sabio, e por outros como un dos fillos naturais de Afonso X, Alfonso "el Niño", señor consorte de Molina e Mesa (Martínez Díez 1988: 93-103; Pérez Martín 2008: 260-261).

Aínda que a compilación das *Flores de Derecho* non tivo autoridade legal, boa parte das súas leis foron reaproveitadas noutras obras lexislativas, como no caso da *Tercera Partida* (§ 4.1.2). Por outo lado, o texto tivo unha ampla difusión nos reinos peninsulares de acordo coa trintena de testemuños conservados (BETA texid 1561; cf. Roudil 2000: 30), entre os cales hai traducións para o catalán (catro testemuños; BITECA texid 1895) e tamén no dominio galego-portugués. En Portugal só se coñece un único testemuño (BITAGAP texid 1100, cnum 1754), copiado ca. 1273-1282 a partir dunha tradución orixinal datábel ca. 1267, que aparece integrado, xunto cunha tradución do *Foro Real* (BITAGAP cnum 1755) nun códice de finais do século XIII (ANTT, FC/001/398; BITAGAP manid 1145) que compila textos legais relativos ao concello da Guarda (Merea 1916-17; Ferreira 1987: 38-42, 1993; Ferreira 2012: § 14-15).

Pola súa parte, os fragmentos galegos de orixe berciana conservados no Archivo Histórico Provincial de León representan unha tradución baseada probabelmente nun modelo leonés. Transmiten varias seccións do libro I –os títulos II (leis 3-4), III, IV, V e VI (leis 1-2)– relativas á actuación dos voceiros, avogados e "persoeiros" (procuradores), aos procedementos dos preitos e emprazamentos e aos litixios de natureza parental ou familiar. Este testemuño garda moitas similitudes (materiais e xeolingüísticas) co fragmento galego-leonés do *Foro Real* (§ 4.3) co que moi probabelmente integraría un códice facticio de natureza lexislativa (Pensado 1974-75: 114-118). Os exemplos recollidos por Roudil (2000: 32-136) de diferentes códices misceláneos co *Fuero Real* e as *Flores de Derecho*, entre eles o testemuño portugués, corroboran a hipótese de Pensado. Do mesmo xeito que nun dos testemuños galegos da *Terceira Partida* (P3-AHPL; § 4.1.2) e no *Foro Real*, os dous folios conservados das *Flores de Dereito* tamén serían reutilizados como capa de protocolos notariais (probabelmente de finais do XVI ou comezos do XVII) relacionados con Vilafranca do Bierzo.

A variedade lingüística na que se compuxo a tradución das *Flores de Dereito* defínese como galego-leonesa e, de acordo con Lorenzo (2000: 399), reflicte unha maior presenza de elementos leoneses que o fragmento do *Foro Real*. Máis que unha baixa destreza do copista á hora de evitar a interferencia lingüística co antígrafo leonés (Pensado 1974-75: 114-118), cabe pensar nunha configuración híbrida característica dunha *scripta* fronteiriza e en transición, cuxos usos aínda non reflicten a acomodación normativa das grandes tradicións de escritura iberorrománica da época (Mariño Paz 1998: 174; 2008: 75-77; 2020: 253-254; cf. § 4.3).

Bibliografía

Ferreira, José de Azevedo (1987): *Afonso X. Foro Real*, Lisboa: Instituto Nacional de Investigação Científica, 2 vols.

Ferreira, José de Azevedo (1993): "*Flores de Direito*". Giulia Lanciani / Giuseppe Tavani (coords.): *Dicionário da literatura medieval galega e portuguesa*, Lisboa: Caminho, pp. 278-279.

Ferreira, Maria do Rosário (2012): "As traduções de castelhano para galego-português e as políticas da língua nos séculos XIII-XIV". *e-Spania* 13 [DOI: https://doi.org/10.4000/e-spania.21021].

Gómez Redondo, Fernando (1998): *Historia de la prosa medieval castellana I. La creación del discurso prosístico: el entramado cortesano*, Madrid: Cátedra.

Lorenzo, Ramón (2000): "Prosa medieval". Francisco Rodríguez Iglesias (dir.): *Galicia. Literatura.* Tomo XXX*: A Idade Media*, A Coruña: Hércules, pp. 364-429.

Mariño Paz, Ramón (1998): *Historia da lingua galega*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

Mariño Paz, Ramón (2008): *Historia de la lengua gallega*, München: Lincom Europa, 2008.

Mariño Paz, Ramón (2020): "O uso escrito do romance nos reinos de Afonso X o Sabio e no reino de Portugal desde o século XII ata finais do XIII. Estado da cuestión". *LaborHistórico* 6.1, pp. 246-271 [DOI: https://doi.org/10.24206/lh.v6i1.32294].

Martínez Díez, Gonzalo (1988): "Análisis crítico del *Fuero Real*". Gonzalo Martínez Díez (ed.): *Leyes de Alfonso X II.* Fuero Real, Ávila: Fundación Sánchez Albornoz, pp. 5-132.

Merea, Manuel Paulo (1916-17): "A versão portuguesa das *Flores de las leyes* de Jácome Ruiz". *Revista da Universidade de Coimbra* 5 (1916), pp. 444-457, e 6 (1917), pp. 341-371.

Pensado, José Luis (1974-75): "Tres fragmentos jurídicos galaico-portugueses". *Cuadernos de Estudios Gallegos* 29.87-89, pp. 102-129 [estudo: pp. 102-121].

Pérez Martín, Antonio (1998): "La obra jurídica de Jacobo de las Leyes: las *Flores del Derecho*". *Cahiers de linguistique hispanique médiévale* 22, pp. 247-270 [DOI: https://doi.org/10.3406/cehm.1998.896].

Pérez Martín, Antonio (2008): "Jacobo de las Leyes: Ureña tenía razón". *Anales de derecho* 26, pp. 251-274 [http://hdl.handle.net/10201/20482; 30/10/2020].

Roudil, Jean (2000): *La tradition d'écriture des* Flores de Derecho. *Réalisation de vingt-deux scripteurs. Propos attribué à Jacobo de Junta el de las leyes. Construction et étude de Jean Roudil*, Paris: Publication du Séminaire d'Études Médiévales Hispaniques de l'Université Paris 13.



Flores de Dereito, Archivo Histórico Provincial de León, Colección Fragmentos de pergaminos procedentes de encuadernaciones, VI-73 [fols. 2-3], fol. 2r

4.5. *Ordenamento de Alcalá*

BITAGAP texid 9428 (cf. BETA texid 1061, 3580, 2024)

Edición

Askins, Arthur L-F. / Gemma Avenoza / Aida Fernanda Dias / José Ignacio Pérez Pascual / Harvey L. Sharrer (1997): "Novos fragmentos de textos xurídicos galegos (s. XIV)". *Revista de Literatura Medieval* 9, pp. 9-43 [http://hdl.handle.net/10017/5261; 30/10/2020] [edición: pp. 26-28].

Testemuño

Arquivo do Reino de Galicia, Colección de fragmentos de códices e impresos, CI 5. (BITAGAP manid 3207). Accesíbel en: http://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/es.ga.15030.arg/es/consulta/registro.do?id=1743376.

Datación: segunda metade do séc. XIV (ca. 1360-80).
Extensión: 1 folio
Estado de conservación: deteriorado por perda puntual de soporte (marxe inferior) e tinta esvaída (especialmente no reverso).
Dimensións: 310 x 210 mm.
Soporte: pergamiño.
Disposición do texto: a liña tirada (38-39 liñas).
Tipo de letra: gótica cursiva híbrida.
Decoración: iniciais capitulares (2-3 unidades de pautado), rúbricas e caldeiróns en vermello.

Descrición

O *Ordenamiento de Alcalá* representa o traballo lexislativo definitivo promulgado nas cortes de Afonso XI após os ensaios realizados por este monarca nos ordenamentos de Burgos (BETA texid 3465, 3466, 3573, 11302), Villa Real (BETA texid 3581) e Segovia (BETA texid 2956), entre outros. O texto resultante das cortes celebradas en Alcalá de Henares o 8 de febreiro de 1348 transmite un conxunto coherente de leis que, seguindo o ronsel das *Siete Partidas* de Afonso X (§ 4.1), buscaba configurar un código legal aplicábel en toda a Coroa e que permitise axilizar os procedementos xudiciais

(Gómez Redondo 1999: 1302-1312). O texto estabelece con claridade unha orde de prelación legal canto á aplicación dos distintos corpus lexislativos existentes: nos casos en que non se podían resolver os conflitos con base no *Ordenamiento* sancionado en Alcalá, deberíanse acatar o *Fuero Real* (§ 4.3) e as leis dos foros locais en vixencia, e despois o código das *Siete Partidas*, reinterpretado como texto de dereito supletorio (Pérez Martín 1984: 98-99; Otero Varela 1993-94: 473-528). Así pois, o *Ordenamiento de Alcalá* representa un fito importante ao fortalecer considerabelmente o dereito rexio ao tempo que se relegaba a un segundo plano o dereito municipal e se acoutaba o dereito señorial (González Alonso 1986: 226; Iglesia Ferreirós 1989: 335-337).

Coñécense dúas redaccións da obra: por un lado, a coñecida polos testemuños derivados do texto rexio de Alfonso XI (BETA texid 1061, 3580, 2024), estruturados en máis de 130 leis; e por outro, os testemuños que presentan as leis agrupadas nunha trintena de capítulos, tradicionalmente vinculados cunha versión refundida por Pedro I nas cortes de 1351 (BETA texid 4404) (Sánchez 1922: 356-357; Pérez Martín 1984: 57-58; Gómez Redondo 1999: 1304-1305; Foronda 2018: 375-378). A dilatada vixencia do *Ordenamiento*, especialmente favorecida polo sistema de prelación de fontes, reflectiuse nas refundicións tardomedievais e modernas, como as *Leyes de Toro* (1505; BETA texid 3640), a *Nueva Recopilación de las leyes de España* (1567) ou a *Novísima Recopilación* (1805). A circulación do *Ordenamiento* polo Occidente peninsular foi moi precoz a xulgar polo coñecemento que deste código revela o prólogo do *Livro de Linhagens* do Conde de Barcelos, redixido contra finais da década de 1340 (Ferreira 2012: 109-116; 2019; cf. BITAGAP texid 1173). Porén, o fragmento galego do Arquivo do Reino de Galicia é o único vestixio material coñecido para o dominio galego-portugués. Correspóndese cunha tradución da primeira redacción de Afonso XI (BETA texid 1061), que tivo unha gran difusión de acordo co case medio centenar de testemuños coñecidos en castelán, dos cales unha ducia deles datarían da época (segunda metade do século XIV) en que se comporía a versión galega (Foronda 2018: 375-378).

O fragmento galego transmite as leis 66-68, relativas ás relacións entre fidalgos e especificamente aos motivos polos cales se poden bater en duelo. A lei 66 recolle o proceso en base ao cal se solicitara ao monarca a modificación dunha norma do *Ordenamiento de Burgos* de 1338 (BETA texid 3573) pola que se prohibía a celebración dos *rieptos*. A raíz desta esixencia, que supoñía reconsiderar a lexislación para recuperar o dereito perdido, promoveuse a redacción das leis 66-70 do *Ordenamiento de Alcalá* (Pérez Martín 1984: 99-100; Askins *et alii* 1997: 26; Avenoza 2002). Canto á estrutura da versión galega, convén indicar que a correspondencia numérica non é exacta con respecto ao modelo castelán, xa que no texto galego as leis 66 e 67 aparecen numeradas como 65 e 66, e a lei 68 foi dividida nas epígrafes 67 e 68 (Avenoza 2002). O fragmento do *Ordenamento de Alcalá* é actualmente obxecto dunha nova transcrición e edición, confrontada cos testemuños casteláns, así como dunha análise paleográfica e escriptolingüística, no marco dos proxectos PaLMeGaP e EGPA-lit.

Bibliografía

Arranz Guzmán, Ana (2015): "El Ordenamiento de Medina del Campo de 1328". *Espacio, Tiempo y Forma. Serie III, Historia Medieval* 28, pp. 41-85 [DOI: http://dx.doi.org/10.5944/etfiii.28.2015.14864].

Askins, Arthur L-F. / Gemma Avenoza / Aida Fernanda Dias / José Ignacio Pérez Pascual / Harvey L. Sharrer (1997): "Novos fragmentos de textos xurídicos galegos (s. XIV)". *Revista de Literatura Medieval* 9, pp. 9-43 [http://hdl.handle.net/10017/5261; 30/10/2020] [estudo: pp. 9-26].

Avenoza, Gemma (2002): "Textos lexislativos a finais da Idade Media". *Vieiros* 27/06/2002 [http://www.vieiros.com/nova/23192].

Beneyto Pérez, Juan (1950): "En torno a los autores del *Ordenamiento de Alcalá*". *Cuadernos de Historia de España* 13, pp. 151-156.

Ferreira, Maria do Rosário (2012): "«Amor e amizade antre os nobres fidalgos da Espanha»: apontamentos sobre o prólogo do *Livro de Linhagens* do Conde D. Pedro". *Cahiers d'études hispaniques médiévales* 35, pp. 93-122 [DOI: https://doi.org/10.3406/cehm.2012.2276].

Ferreira, Maria do Rosário (2019): "De Najera a Alcalá: Pedro de Barcelos e Juan Núñez de Lara III". *Pedro de Barcelos e a Escrita da História*, Porto: Estratégias Criativas, pp. 169-189.

Foronda, François (2018): "La semiótica del libro de ley sellado. Los manuscritos del *Ordenamiento de Alcalá* (1348-1351)". José Manuel Nieto Soria / Óscar Villarroel González (coords.): *Comunicación y conflicto en la cultura política peninsular. Siglos XIII al XV*, Madrid: Sílex, pp. 321-382 [https://cutt.ly/WhYqd2K; 30/10/2020].

Gibert y Sánchez de la Vega, Rafael (1955): "El *Ordenamiento de Villa Real*, 1346". *Anuario de historia del derecho español* 25, pp. 703-730 [https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/2051479.pdf; 30/10/2020].

Gómez Redondo, Fernando (1999): *Historia de la prosa medieval castellana II. El desarrollo de los géneros. La ficción caballeresca y el orden religioso,* Madrid: Cátedra.

González Alonso, Benjamín (1986): "Poder regio, cortes y régimen político en la Castilla bajomedieval (1252-1474)". *Las Cortes de Castilla y León en la Edad Media*, Valladolid: Cortes de Castilla y León, pp. 201-254.

González Herrero, Manuel (1966): "El *Ordenamiento de Segovia* de 1347". *Estudios segovianos* 18.53-54, pp. 205-229.

Iglesia Ferreirós, Aquilino (1989): *La Creación del Derecho. Una historia del Derecho español. Lecciones*, Barcelona: Gráficas Signo.

Mitre Fernández, Emilio / Cristina Guillén Bermejo (1989): "La marcha hacia las Cortes de Alcalá de 1348 (Anotaciones a la conflictividad social en la Castilla de Alfonso XI)". *Revista de la Facultad de Geografía e Historia* 4, pp. 387-400 [http://e-spacio.uned.es/fez/eserv/bibliuned:ETF569298A0-816F-23EF-FEB0-7506D16F9083/Documento.pdf; 30/10/2020].

Otero Varela, Alfonso (1993-94): "Las *Partidas* y el *Ordenamiento de Alcalá* en el cambio del ordenamiento medieval". *Anuario de Historia del Derecho Español* 63-64, pp. 451-548 [https://www.boe.es/biblioteca_juridica/anuarios_derecho/articulo.php?id=ANU-H-1993-10045100548; 30/10/2020].

Pérez Martín, Antonio (1984): "El *Ordenamiento de Alcalá* (1348) y las glosas de Vicente Arias de Balboa". *Ius commune 11*, pp. 55-215.

Rodríguez-Velasco, Jesús (2009): *Ciudadanía, soberanía monárquica y caballería. Poética del orden de caballería*, Madrid: Akal.

Sánchez, Galo (1922): "Sobre el *Ordenamiento de Alcalá* (1348) y sus fuentes". *Revista de Derecho Privado* 10. 111, pp. 353-369.

Vallejo Fernández de la Reguera, Jesús (1994): "Leyes y jurisdicciones en el *Ordenamiento de Alcalá*". Frank Waltman / Patricia Martínez de la Vega Mansilla: *Textos y Concordancias del Ordenamiento de Alcalá*, Madison: Hispanic Seminary of Medieval Studies, pp. 1-19 [https://www.academia.edu/2256972/Leyes_y_jurisdicciones_en_el_Ordenamiento_de_Alcalá; 30/10/2020].



Ordenamento de Alcalá, Arquivo do Reino de Galicia, Colección de fragmentos de códices e impresos, CI 5, fol. 1r

5. Prosa técnica

5.1. *Tratado de Alveitaría*

BITAGAP texid 6106 (cf. BITAGAP texid 1099)

Edicións

Domínguez Fontela, Juan (1938-1940): "*Tratado de Albeitaria* por Jordan Rubio, de Calabria". *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense* XI (1938), 238, pp. 302-309; 239, pp. 345-352; 240, pp. 395-402; 241, pp. 451-458; 242, pp. 495-502; 243, pp. 543-550); XII (1939), 244, pp. 13-20; 245, pp. 93-100; 246, pp. 109-115; XII (1940) [edición: XI (1938), 239, pp. 345-352; 240, pp. 395-402; 241, pp. 451-458; 242, pp. 495-502; 243, pp. 543-550; XII (1939), 244, pp. 13-20; 245, pp. 93-100; 246, pp. 109-114].

Pensado, José Luis / Gerardo Pérez Barcala (2004): *Tratado de Albeitaria* (introdución, transcrición e glosario de José Luis Pensado Tomé; revisión para a imprenta e edición en apéndice de Gerardo Pérez Barcala). Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades [transcrición: pp. 55-159; edición: 371-414].

Pérez Barcala, Gerardo (2013): *A tradución galega do* Liber de medicina equorum *de Giordano Ruffo*, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza [edición: pp. 141-205; anotación: 207-602].

Testemuño

Biblioteca Nacional de España, Ms. 23076 (BITAGAP manid 1974). Accesíbel en: http://bdh.bne.es/bnesearch/detalle/bdh0000178259.

Datación: comezos do séc. XV (ca. 1400-1425).

Lugar de produción: área galega suroccidental (diocese de Tui; BITAGAP insid 5992).

Patrocinio: corte señorial dos Soutomaior (?).

Copista: Álvaro Eanes da Seira, notario de Baiona (BITAGAP bioid 3352).

Procedencia: Domínguez Fontela (BITAGAP bioid 3351, 3372 e 3373); familia Valcarce Reboreda (BITAGAP bioid 4558 e 6789).

Encadernación: antiga, con tapas de cartón forradas en pergamiño.

Extensión: III + 15 (docs.) + I + 26 (*Tratado*) + 6 (docs.) + III[12].
Composición: facticio (fols. 18-43: *Tratado*; fols. fols. 2-16 e 43-48: docs.).
Estado de conservación: deteriorado, coa perda de varios folios no interior (entre os fols. 35-36 e 42-43).
Dimensións: 300 x 220 mm.
Soporte: papel con filigrana (flor de lis e *agnus dei*).
Disposición do texto: a liña tirada.
Tipo de letra: gótica cursiva usual (precortesá).

Descrición

O *Tratado de Alveitaría* representa a única obra galega de carácter científico-técnico coñecida para o período medieval. O testemuño conservado transmite unha copia de comezos do século XV dunha tradución galego-portuguesa trecentista do tratado latino *De medicina equorum*, composto a mediados do século XIII (ca. 1250-1256) polo mariscal calabrés Giordano Ruffo (BITAGAP bioid 2324), intendente de Federico II Hohenstaufen, rei de Sicilia. A xénese e composición deste manual de veterinaria enmárcase no seo do cosmopolita ambiente cultural da corte rexia siciliana onde, entre outras moitas inclinacións, se constata a enorme importancia outorgada ao cabalo na práctica cinexética propia da condición aristocrática, o que derivaría no natural interese por parte do monarca en describir e fixar cales debían ser os coidados proporcionados á cabalaría para mellorar a raza, para alén da adecuada formación dos cabaleiros e futuros albeites neste ámbito do saber científico-técnico (Pérez Barcala 2013: 34).

A obra de Ruffo contou cunha amplísima difusión no período pleno e tardomedieval, tal como demostran os 173 testemuños coñecidos que transmiten o texto en latín (máis dun terzo) e en diferentes linguas romances (italiana, siciliana, francesa, occitano-catalá, galego-portuguesa), para alén doutras linguas como o hebreo e o alemán, aos que se suman tamén varios impresos entre os séculos XV e XVIII (Montinaro 2015: 63-236; cf. Pérez Barcala 2018a: 446-448; 2018b: 125). A ampla demanda do manual de Ruffo, patente tamén nos catálogos das bibliotecas nobiliarias, viña motivada polo continuo aprecio e interese mostrado cara ao coidado do cabalo, como é sabido, signo de distinción social das clases máis elevadas ao longo de toda a época medieval; doutra parte, a súa rápida traslación ás linguas vernáculas explícase pola evidente utilidade que supuña acceder a este tipo de coñecementos técnicos en lingua vulgar (Pérez Barcala 2013: 74-75).

A obra organízase en dous grandes bloques temáticos, un primeiro de natureza hipolóxica e outro, máis extenso, sobre veterinaria. No primeiro bloque, dividido

12 A diferenza da foliación estabelecida pola BNE, optouse pola coherencia á hora de numerar os folios do facticio e de acordo coa praxe do seu primeiro editor (Domínguez Fontela 1938: 307): resérvanse os números romanos para aludir ás follas de garda (orixinais e posteriores) e os arábigos para referir o texto (o do *Tratado* e o dos documentos que o rodean) (cf. Pérez Barcala 2013: 72-73).

en catro seccións ou capítulos, faise un repaso xeral a diversas recomendacións de índole hípica: desde a concepción e nacemento do animal, a súa crianza, hixiene e alimentación, até os procedementos de doma, ferrado e enfreado. Ademais, proporciónase unha descrición física conforme as características externas ideais que debería posuír un exemplar ben proporcionado. O segundo bloque, dedicado en exclusiva á hipiatría, constitúe o núcleo central do *Tratado* e componse de varios capítulos nos cales se describen as principais doenzas que poden afectar as cabalgaduras de modo natural ou accidental desde que nacen, ofrecendo información específica sobre a localización, a sintomatoloxía, a etioloxía e a denominación de cada unha das afeccións consideradas. Para alén disto, recóllense un conxunto de remedios e indicacións destinados á mellora e restitución da saúde do animal (Pérez Barcala 2013: 54-56).

O testemuño galego consérvase nun códice facticio compilado a comezos do século XV, conformado como un protocolo ou libro de rexistro notarial, en que, ademais do *Tratado de Alveitaría* (fols. 18-43), se copia un conxunto de rexistros tabeliónicos (fols. 2-16 e 43-48) datados entre 1409 e 1420, asinados polo notario baionés Álvaro Eanes da Seira –ou das Eiras–, ao parecer personaxe de confianza e ao servizo do bispo de Tui Joán Fernández de Soutomaior II (Domínguez Fontela 1938: 306; 1940: 240). O arco cronolóxico e a autoría destes instrumentos notariais, así como o estudo provisorio da letra e das filigranas do papel, permitiu fixar a datación do *Tratado* dentro do primeiro cuartel do século XV, mais tamén presumir a implicación do notario baionés na súa copia (Domínguez Fontela 1938: 306). O códice é mútilo e afecta ao texto do *Tratado* pola perda de catro folios no terceiro caderno (Pérez Barcala 2013: 71-73, 498, 596). A mediados do século XX engadíronse a modo de gardas dous bifolios (do interno só se conserva o primeiro folio solidario e o talón do segundo) para preservar tanto a estrutura global do facticio como a sección específica da obra. No primeiro caso, consígnase o nome do notario ("Alvaro Eans da Seira o Alvaro Yans da seira o da Seiras", fol. IIIr) e no segundo a referencia ao modelo latino ("De Medicaminibus Equorum de Morbis equorum ad Federicum II Imperatorem por Jordam Rubio de Calabria", fol. IVr) (Pérez Barcala 2013: 63-65).

A condición unitestemuñal do *Tratado de Alveitaría* e o avance aínda parcial no coñecemento da extensa tradición manuscrita –en latín e en romance– da obra de Giordano Ruffo impiden o estabelecemento de todas as variantes textuais e estruturais na transmisión do *De medicina equorum* e, por tanto, non permiten tirar aínda conclusións certeiras canto á filiación da versión galega. Porén, os estudos de Pérez Barcala (2013: 13-14, 73-88; 2015a, 2016c, 2018a, 2018c) confirmaron que a versión galega hoxe conservada non é unha tradución directa desde o latín, mais si unha copia, desleixada e con erros mecánicos, dun testemuño intermedio –datábel no século XIV– xa vertido para lingua vulgar a partir dun modelo latino descoñecido da obra do albeite calabrés (cf. Domínguez Fontela 1938: 303-308; 1940: 262-263; Lorenzo 1993b; 1998: 125; 2000: 427-429; Pensado 2004: 18; Santoyo 2004: 86-87). Ignórase cal é a fonte latina da que procede a versión traducida, mais parece estar

relacionada co ramo da tradición extensa na cal se entronca o testemuño Ve (Biblioteca Marciana de Venecia, ms. Lat. Cl. VII-24, fols. 55-69), á vista de certas concomitancias estruturais e textuais e de acordo con algunhas variantes conxecturábeis para a tradición latina de Ruffo (Pérez Barcala 2013: 87-88; 2016c: 135-148; 2018a: 448-467; 2018b: 112-124). Polo que respecta á recepción da obra de Giordano Ruffo no reino portugués, o seu coñecemento verifícase xa a comezos do Trescentos, época en que se traduce o *Livro de Alveitaria* (Lisboa, 1318; BITAGAP texid 1099) do Mestre Giraldo –físico do rei don Dinis–, hoxe conservado nun único testemuño do século XV (BNP ms. 2294; BITAGAP manid 1044). A compilación de hipiatría portuguesa baséase tamén na *Mulomedicina* (ca. 1277; BITECA texid 1352) do dominico Teodorico Borgognoni (BITAGAP bioid 3977, BITECA bioi 1509), ademais do *De medicina equorum*, do que representa unha tradución independente respecto da versión galega (Pérez Barcala 2013: 76-78; 2019; 2020; cf. Lorenzo 1993a: 405).

Máis alá da atribución de Álvaro Eanes da Seira como copista da versión do *Tratado de Alveitaría* hoxe conservado e dos escasos datos documentais que temos acerca do seu percurso profesional (Pérez Barcala 2013: 66-69; cf. García-Fernández / Pelaz Flores / Pichel 2020: 145, 159), cómpre aínda explorarmos o entorno nobiliario ou episcopal desde onde se puido encargar esta copia, así como o eventual patrocinio da tradución primixenia. A vinculación do notario baionés con Joán Fernández de Soutomaior II, mecenas e bispo da diocese de Tui (1408-1423), convida a considerarmos factíbel a participación desta influente liñaxe (a dos Soutomaior) en termos de padroado, como mínimo, da copia catrocentista. Polo que respecta ao seu antecedente, a estreita relación do homónimo bispo de Tui Joán Fernández de Soutomaior I (1286-1326), tío do antecitado mecenas, coa corte dionisíaca desde finais do século XIII e durante as primeiras décadas do Trescentos (Pizarro 2008: 146-147, 226) podería abrir tamén vías de pesquisa canto á circulación de textos –neste caso de carácter técnico ou científico– entre diversos núcleos señoriais aquén e alén Miño. En calquera caso, é preciso ligarmos o interese pola tradución da obra de Giordano Ruffo na Galiza do século XIV coa probada actividade historiográfica (§ 2.2) e romanesca (§ 1.2.1) operativa desde comezos desa centuria na área transfronteiriza en cuestión (toroñesa e alto-minhota; diocese de Tui) representada pola corte señorial dos Lima-Batisela (BITAGAP insid 7937), tamén emparentados e relacionados cos Soutomaior. De igual modo, convén non esquecer a actividade tabeliónica e xurídica de Vasco Lourenço de Tui (§ 4.3), notario nas mesmas coordenadas espazo-temporais en que traballaba Álvaro Eanes (Pichel 2017: 325-326).

As propostas editoriais de Pérez Barcala (2004, 2013) supuxeron un grande avance no coñecemento do texto do *Tratado* desde que visaron a reconstrución do orixinal a través do confronto da versión galega cos testemuños dispoñíbeis da tradición latina e romance do *De medicina equorum*, para alén de complementaren, tamén, o primoroso estudo ecdótico e lexicográfico do referido investigador. Pola súa parte, as lecturas anteriores do *Tratado* centraran os seus esforzos na reivindicación

do valor histórico do *codex unicus* a través da súa transcrición (semi)paleográfica (Domínguez Fontela 1938-40; Pensado 2004). Neste último caso, a proposta do egrexio filólogo galego, concibida nos anos 70 e publicada postumamente, non se limitou ao estabelecemento da lectura paleográfica, pois tamén contemplou a intervención crítica do texto a través da emenda de certas lecciónes *ope ingenii*, así como o seu confronto co *Livro de Alveitaria* portugués e a construción dun glosario. O estado actual da investigación sobre a tradición textual da obra de Ruffo e da filiación do *Tratado de Alveitaría* implica a obrigada e continua revisión da proposta editorial vixente na procura da reconstrución máis aproximada á tradución primixenia galego-portuguesa (Pérez Barcala 2018b: 123-124). Porén, máis alá de implementar as diferentes presentacións (paleográfica e crítica) do texto en formato dixital, tamén é necesario avanzar cara a un maior e mellor coñecemento do códice facticio en que se conservou a través da transcrición íntegra (cf. Domínguez Fontela 1940: 233-240, 257-261) e o estudo comparativo dos rexistros documentais que circunvalan a copia de Álvaro Eanes, na procura de evidencias (extra)textuais que contribúan ao estabelecemento das coordenadas históricas nas cales debemos contextualizar a recepción e circulación do *Liber* de Giordano Ruffo na Galiza baixomedieval.

Bibliografía

Domínguez Fontela, Juan (1938-1940): "*Tratado de Albeitaria* por Jordan Rubio, de Calabria". *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense* XI (1938), 238, pp. 302-309; 239, pp. 345-352; 240, pp. 395-402; 241, pp. 451-458; 242, pp. 495-502; 243, pp. 543-550); XII (1939), 244, pp. 13-20; 245, pp. 93-100; 246, pp. 109-115; XII (1940), 250, pp. 233-240; 251, pp. 257-264 [estudo: XI (1938), 238, pp. 302-309].

Domínguez Fontela, Juan (1939-1940): "Documentos arcaicos gallegos del Códice de minutas del notario de Bayona de Miñor, Álvaro Eans das Eiras o Álvaro Yans da Seira, a principios del siglo XV)". *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense* XII (1939), 246, p. 116; XII (1940), 250, pp. 233-240; 251, pp. 257-261.

García-Fernández, Miguel / Diana Pelaz Flores / Ricardo Pichel (2020): "Galicia e El-Rei ou como reinar desde a distancia: comunicación política arredor de dous novos privilexios rodados de Xoán II". *Madrygal* 23, pp. 139-180 (DOI: https://doi.org/10.5209/madr.73069).

Lorenzo, Ramón (1993a): "*Livro de Alveitaria* de Mestre Giraldo". Giulia Lanciani / Giusseppe Tavani (coords.): *Dicionário de literatura medieval galega e portuguesa*, Lisboa: Caminho, pp. 405-406.

Lorenzo, Ramón (1993b): "*Tratado de Alveitaria*". Giulia Lanciani / Giusseppe Tavani (coords.): *Dicionário de literatura medieval galega e portuguesa*, Lisboa: Caminho, p. 635.

Lorenzo, Ramón (1998): "A prosa galega medieval". Anna Ferrari (coord.): *Filología classica e filologia romanza esperienze ecdotiche a confronto. Atti del Convegno*

Roma 25-27 maggio 1995, Spoleto: Centro italiano di studi sull'alto medioevo, pp. 121-136.

Lorenzo, Ramón (2000): "Prosa medieval". Francisco Rodríguez Iglesias (ed.): *Galicia. Literatura.* Tomo XXX: *A Idade Media*, A Coruña: Hércules, pp. 364-429.

Montinaro, Antonio (2015): *La tradizione del* De medicina equorum *di Giordano Ruffo. Con un censimento dei testimoni manoscritti e a stampa*, Milano: Ledizioni [DOI: https://doi.org/10.4000/books.ledizioni.2067].

Pensado, José Luis / Gerardo Pérez Barcala (2004): *Tratado de Albeitaria* (introdución, transcrición e glosario de José Luis Pensado Tomé; revisión para a imprenta e edición en apéndice de Gerardo Pérez Barcala), Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades [estudo: 17-53, 163-364].

Pérez Barcala, Gerardo (2013): *A tradución galega do* Liber de medicina equorum *de Giordano Ruffo*, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza [estudo: pp. 11-139].

Pérez Barcala, Gerardo (2015a): "El tratado de veterinaria de Giordano Ruffo: para la enmienda de algunos *simplices* de la traducción gallega". *Cultura Neolatina* 75.3-4, pp. 349-384.

Pérez Barcala, Gerardo (2015b): "'[e]scrofulas, que dixen porcas': notas críticas y léxicas sobre un pasaje del *Tratado de Alveitaria*". *Revista de Lexicografía* 21, pp. 47-92 [DOI: https://doi.org/10.17979/rlex.2015.21.0.3250].

Pérez Barcala, Gerardo (2016a): "Apuntes sobre unhas voces inexistentes en la traducción gallega de Giordano Ruffo (A propósito de unas recetas del *De medicina equorum*)". *Pallas* 101, pp. 225-248 [DOI: https://doi.org/10.4000/pallas.3927].

Pérez Barcala, Gerardo (2016b): "Confusiones gráficas y errores en la traducción gallega de Giordano Ruffo". *Medioevo Romanzo* 60.2, pp. 397-414.

Pérez Barcala, Gerardo (2016c): "De la lección manuscrita a la edición: los errores de la traducción gallega del *De medicina equorum*". *Estudios Románicos* 25, pp. 133-151 [https://revistas.um.es/estudiosromanicos/article/view/274501; 30/10/2020].

Pérez Barcala, Gerardo (2017): "Un posible caso de *varia lectio* en la transmisión del *De medicina equorum* y algunas reflexiones sobre la edición de traducciones medievales de tradición unitestimonial". *Le forme e la Storia* 10.1, pp. 49-78.

Pérez Barcala, Gerardo (2018a): "La *varia lectio* en la transmisión del *De medicina equorum*: algunas hipótesis sobre el modelo de la versión gallega de Giordano Ruffo". *Zeitschrift für romanische Philologie* 134.2, pp. 442-470 [DOI: https://doi.org/10.1515/zrp-2018-0027].

Pérez Barcala, Gerardo (2018b): "Tradución, tradición e edición: consideracións desde o prólogo do *Tratado de Alveitaria*". *Revista Galega de Filoloxía* 19, pp. 107-129 [DOI: https://doi.org/10.17979/rgf.2018.19.0.4949].

Pérez Barcala, Gerardo (2019): "El *Livro de Alveitaria* del Cód. 2294 de la Biblioteca Nacional de Portugal: anotaciones para su historia y descripción". *Revista de Literatura Medieval* 31, pp. 179-200.

Pérez Barcala, Gerardo (2020): "Las fuentes del *Livro d'Alveitaria* del Mestre Giraldo". Manel Bellmunt Serrano / Joan Mahiques Climents (eds.): *Literature, Science & Religion. Textual Transmission and Translation in Medieval and Early Modern Europe*, Kassel: Edition Reichenberger, pp. 323-343.

Pichel, Ricardo (2017): "Recensión a Pérez Barcala, Gerardo (2013): *A tradución galega do* Liber de medicina equorum *de Giordano Ruffo*". *Madrygal* 20, pp. 323-326 [DOI: https://doi.org/10.5209/MADR.57666].

Pizarro, José Augusto de Sotto Mayor (2012 [2006]): *D. Dinis*, Lisboa: Temas e Debates.

Santoyo, Julio-César (2004): "La Edad Media". Francisco Lafarga e Luis Pegenaute (eds.): *Historia de la traducción en España*, Salamanca: Ambos Mundos, pp. 23-174 [http://hte.upf.edu/historia-de-la-traduccion-en-espana/; 30/10/2020].



Tratado de Alveitaría, Biblioteca Nacional de España, Ms. 23076, fol 23r

Apéndice

Prosa relacionada coa lírica

1. *Arte de Trovar*

BITAGAP texid 1074

Edición

D'Heur, Jean-Marie (1975): "L'Art de trouver du chansonnier Colocci-Brancuti. Édition et analyse". *Arquivos do Centro Cultural Português* 9, pp. 321-398 [edición: pp. 324-371].

Tavani, Giuseppe (1999): *Arte de Trovar do Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa*. Introdução, edição e fac-símile, Lisboa: Colibri [edición: pp. 41-54].

Testemuño

(**B**) *Cancioneiro da Biblioteca Nacional*: Biblioteca Nacional de Portugal, COD. 10991, fols. 3-4 (BITAGAP manid 1062). Accesíbel en: http://purl.pt/15000.

Descrición

A *Arte de Trovar* é o título con que se coñece o tratado poético galego-portugués reproducido ao inicio (fols. 3-4) do *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* (B), compilación lírica comisionada polo humanista Angelo Colocci (BITAGAP bioid 1547) a comezos do século XVI. O tratado consérvase incompleto e considérase que foi transcrito polo propio Angelo Colocci e polo copista identificado por Ferrari (1979) como "man a". A pesar de presentar o manuscrito numerosas lagoas, a composición do primeiro caderno indica que o texto da *Arte de Trovar* se conserva íntegro, tal como foi copiado no códice italiano (Ferrari 1979). É posíbel que o tratado xa formase parte do antígrafo de B e, por tanto, que fose redixido ao mesmo tempo que o repertorio lírico primitivo (Tavani 1967: 65). Nese caso, o manuscrito orixinal debeu conservarse en mal estado e faltarían quizais os primeiros folios, feito que explicaría as diversas lagoas na copia apógrafa, incluído o inicio da *Arte de Trovar* (d'Heur 1975: 373-374; Tavani 1993b: 33). Por outra parte, segundo propón Ferrari (1979: 93), o texto puido formar parte dun manuscrito autónomo que chegaría ás mans de Angelo Colocci, quen decidiría incorporalo como introdución ao seu cancioneiro.

O *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* ou *Cancioneiro Colocci-Brancutti* é o máis extenso dos repertorios líricos galego-portugueses. Trátase dun manuscrito no cal se conservan máis de 1500 cantigas e que foi copiado na Curia romana arredor

de 1525-1526 polo seu comitente, Angelo Colocci, e varios escribáns que Ferrari identifica como mans *a*, *b*, *c*, *d*, *e* e *f* (1979, 1993). A xulgar pola súa estrutura interna e pola orixe e composición das cantigas, o manuscrito ao cal tivo acceso Colocci foi probabelmente un cancioneiro confeccionado no século XV con base no coñecido como *Livro das Cantigas* do Conde don Pedro de Barcelos (ca. 1350; BITAGAP texid 9420). Este repertorio, constituído sobre un posíbel cancioneiro de Afonso X completado con cantigas procedentes doutras fontes, sería arrequentado tras a morte do Conde de Barcelos con composicións da última vaga trobadoresca. Este proceso daría lugar ao texto de estrutura heteroxénea copiado polo humanista italiano do que non se sabe con seguridade se ía precedido ou non pola *Arte de Trovar* (Tavani 1991: 63-82; Ferrari 1993: 121).

O tratado está dividido en títulos e capítulos, dedicados principalmente ás tipoloxías temático-formais das cantigas, ás normas de composición e aos erros máis habituais nos cales se podía incorrer na súa elaboración. Tras unha lagoa inicial que estaría dedicada posibelmente á definición dos xéneros da cantiga de amor e de amigo, dá comezo o capítulo IV do título III, onde se definen as cantigas dialogadas destes dous xéneros. Nos capítulos seguintes deste título refírense as cantigas de escarnio, as cantigas de *maldizer*, as tensóns, as chamadas "cantigas de vilão" e as cantigas de seguir. Cabe destacar certo desequilibrio á hora de definir xéneros e subxéneros, pois o autor dedica, por exemplo, máis espazo ás cantigas de seguir que ás de escarnio e maldicir. Esta falta de sistematización que reflicte o título III suxire que probabelmente non foron definidas no tratado outras tipoloxías cultivadas na lírica profana como a bailada, a pastorela, o pranto, o partimen ou o sirventés moral, que ademais teñen a súa representación no cancioneiro (Tavani 1993b: 28). A continuación, o título IV contén seis capítulos relacionados coa composición das cantigas e con cuestións relacionadas coa métrica e a súa estrutura como a "palabra perduda", as "cantigas ateudas", a "fiinda", o dobre ou o mordobre. Pola súa parte, o título V presenta dous capítulos sobre a concordancia dos tempos verbais e as tipoloxías rítmicas. Finalmente, o título VI alude aos erros que poden cometer os trobadores (por exemplo, o *caçefeton*, as rimas entre vogais abertas e fechadas ou o hiato).

O contido do tratado móstrase irregular e desproporcionado no estudo e clasificación das cantigas e da súa técnica. Cómpre salientar a división das cantigas dialogadas, pois, segundo o xénero da voz que fale na primeira cobra, estas poden considerarse de amor ou de amigo. Tamén destaca a definición de cantigas de escarnio como aquelas que critican outra persoa, mais de forma encuberta e con palabras de dobre sentido, fronte ás de maldicir, que o fan de forma directa. Á súa vez, dentro destes xéneros encadraríanse certas modalidades como "joguete d'arteiro" e "risabelha" que, malia seren definidas, logo non aparecen representadas no corpus de cantigas conservado, ao igual que acontece tamén coas "cantigas de vilãos", só mencionadas en dúas rúbricas explicativas (Tavani 1993a: 66). A exhaustividade con que o autor define estes aspectos contrasta, por outra banda, co último título do tratado,

no cal se escusa por non poder aprofundar na descrición dos innumerábeis erros que poden xurdir no quefacer da composición trobadoresca, polo que finalmente opta por centrarse en explicar só dous exemplos (Tavani 1993b: 28-29).

Os antecedentes da *Arte de Trovar* sitúanse no contexto doutros tratados de tradición occitana como as *Leys de Amor* de Guillem Molinier, as *Razos de trobar*, de Raimon Vidal, as *Regles de trobar* de Jofre de Foixà ou o *Mirall de trobar* de Berenguer d'Anoia (Tavani 1993b: 30-31). Estas poéticas foron compostas seguindo os parámetros doutros tratados de retórica, coa intención de instruír na arte da poesía e orientar os poetas que quixesen aprender a trobar. Por esta razón, non só conteñen unha enumeración de xéneros e subxéneros, senón que recollen regras de métrica e composición e adoitan incorporar exemplos de trobadores como modelo (Tavani 1993b: 26-27). Os contidos ofrecidos na *Arte de Trovar* semellan, en cambio, estar dirixidos ao público para axudar a recoñecer xéneros, modalidades, formas métricas e recursos utilizados nas composicións (d'Heur 1975: 380). Por tanto, a función deste tratado sería fundamentalmente práctica e non teórica (como nos casos occitanos). Ao aparecer situada ao comezo do cancioneiro concibiríase, ademais, como un texto de natureza propedéutica que serviría como introdución para o público descoñecedor da tradición lírica anterior (Tavani 1993a: 66; 1993b: 29-33). A este respecto, Tavani menciona o *Tratado de Ripoll* (ca. 1350) por constituír tamén unha peza introdutoria con motivación didáctica recollida ao inicio dun cancioneiro (1993b: 29-31).

O contexto de produción e o estilo do tratado permitiron elaborar algunhas hipóteses sobre a súa composición. Por unha banda, o afán clasificatorio que se percibe no texto podería responder a unha formación escolástica, propia dun contexto clerical, ao que tamén parece apuntar o emprego de certos termos latinos como a "hequivocatio" (d'Heur 1975: 381-382). Porén, a función didáctica do texto parece corresponder máis ben coa etapa final da lírica galego-portuguesa e, nese contexto, o tratado puido incluírse no *Livro das cantigas* do Conde de Barcelos, quen participaría na súa composición, ou ben algún trobador do seu círculo poético, como Joán de Gaia ou Estevan da Guarda (Tavani 1993b: 33).

Bibliografía

D'Heur, Jean-Marie (1975): "L'Art de trouver du chansonnier Colocci-Brancuti. Édition et analyse". *Arquivos do Centro Cultural Português* 9, pp. 321-398 [estudo: pp. 321-323 e pp. 378-398].

Ferrari, Anna (1979): "Formazione e struttura del canzoniere portoghese della Biblioteca Nazionale di Lisbona (cod. 10991: Colocci-Brancuti). Premesse codicologiche alla critica del testo (materiali e note problematiche)". *Arquivos do Centro Cultural Português* 14, pp. 27-142.

Ferrari, Anna (1993): "*Cancioneiro da Biblioteca Nacional* (Colocci-Brancuti)". Giulia Lanciani / Giusseppe Tavani (coords.): *Dicionário de literatura medieval galega e portuguesa*, Lisboa: Caminho, pp. 117-123.

Gutiérrez García, Santiago (2012): "La función de los paratextos en la caracterización de los géneros satíricos gallegoportugueses: la distinción escarnio-maldecir y las posibles definiciones retrospectivas". *La corónica* 40, pp. 121-143 [DOI: https://doi.org/10.1353/cor.2012.0017].

Iacob, Mihai (2005): *Significados y funciones del paratexto en los códices de las* Cantigas de Santa María *de Alfonso X, El Sabio. Una comparación con el paratexto de los cancioneros gallego-portugueses de poesía profana,* Bucarest: Editura Universității din București [accesíbel en rede nunha versión previa de 2003: http://ebooks.unibuc.ro/filologie/Mihai_Iacob/main.html; 30/10/2020].

Liu, Benjamin (1998): "Risabelha: A poetics of laughter". *La corónica* 26.2, pp. 41-48.

Lopes, Graça Videira / Manuel Pedro Ferreira *et alii* (2011-): "*Arte de Trovar*". *Cantigas Medievais Galego Portuguesas* [base de dados online], Lisboa: Instituto de Estudos Medievais, FCSH/NOVA [https://cantigas.fcsh.unl.pt/artedetrovar.asp; 30/10/2020].

Manero Sorolla, María del Pilar (1975): "Los géneros de la lírica galaico-portuguesa medieval en el *Arte de Trovar* del Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa". *Anuario de Filología* 1, pp. 411-420.

Moisés, Massaud (2007): "Sobre a 'Arte de Trovar' galego-portuguesa". *Estudos Galegos 5*, Nitéroi: Editora da Universidade Federal Fluminense, pp. 13-34.

Paxeco, Elza (1947): "*Arte de Trovar* portuguesa". *Revista da Faculdade de Letras. Universidade de Lisboa* 13.1 (2ª série), pp. 53-60.

Rodríguez Castaño, María do Carme (1998): "*Arte de Trobar*". Anxo Tarrío Varela (dir.): *Diccionario de termos literarios*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 149-150 [http://bernal.cirp.gal/ords/f?p=106:2:::NO:2:P2_TERMO,P2_CONTAINS:Arte de trovar, ((trovar) INPATH (%2F%2Fsense)); 30/10/2020].

Tavani, Giuseppe (1967): "La tradizione manoscritta della lirica galego-portoghese". *Cultura Neolatina* 27.1-2, pp. 41-94.

Tavani, Giuseppe (1991 [1986]): *A poesía lírica galego-portuguesa*, Vigo: Galaxia (Col. Ensaio e investigación).

Tavani, Giuseppe (1993a): "*Arte de Trovar*". Giulia Lanciani / Giuseppe Tavani (coords.): *Dicionário da literatura medieval galega e portuguesa*, Lisboa: Caminho, pp. 66-69.

Tavani, Giuseppe (1993b): "As artes poéticas hispânicas do século XIII e do início do XIV, na perspectiva das teorizações provençais". Aires A. Nascimento / Cristina Almeida Ribeiro (coords.): *Actas do IV Congresso da AHLM (Lisboa, 1-5 Outubro 1991)*, Lisboa: Cosmos, pp. 25-34 [http://www.ahlm.es/IndicesActas/ActasPdf/Actas4.2/02.pdf; 30/10/2020] [reeditado en 1999: "A poética do *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* e as artes de trovar catalãs e provençais do século XIII e do início do XIV". *Arte de Trovar do Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa*. Introdução, edição e fac-símile, Lisboa: Colibri, pp. 7-31].



Arte de Trovar, Biblioteca Nacional de Portugal, COD. 10991
(*Cancioneiro da Biblioteca Nacional*), fol. 3

2. As rúbricas explicativas dos cancioneiros B e V

BITAGAP texid 1073 e 1072

Edicións

Lagares, Xoán Carlos (2000): *E por esto fez este cantar. Sobre as rúbricas explicativas dos cancioneiros profanos galego-portugueses*, Santiago de Compostela: Laioventto [edición: pp. 99-178].

Coiradas Martínez, Inés (2013): *A mediación na lírica galego-portuguesa. Edición e anotación das rúbricas explicativas*. Tese de doutoramento inédita, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela [edición: pp. 105-365].

Testemuños

(**B**) *Cancioneiro da Biblioteca Nacional*: Biblioteca Nacional de Portugal, COD. 10991 (BITAGAP manid 1062). Accesíbel en: http://purl.pt/15000.

(**V**) *Cancioneiro da Vaticana*: Biblioteca Apostolica Vaticana, Vat. lat. 4803 (BITAGAP manid 1072). Accesíbel en: https://digi.vatlib.it/view/MSS_Vat.lat.4803.

Descrición

No ámbito da lírica galego-portuguesa denomínanse rúbricas os elementos paratextuais compostos en prosa que introducen información complementaria nas cantigas profanas e relixiosas. Coñécense como rúbricas porque adoitaban estar escritas con tinta vermella (*ruber*), o que contribuía a destacar a información e distinguila do texto principal (Lorenzo Gradín 2000: 1106-1107). Deste modo, nos manuscritos das *Cantigas de Santa María* cada cantiga foi introducida por un breve resumo redixido en vermello; e no *Pergamiño Vindel* o nome de Martín Codax tamén resalta pola súa cor encarnada (Lagares 2000: 22; Brea 1999: 47; Iacob 2005: 30). Posteriormente, pasarían a designarse como rúbricas certos elementos paratextuais en función do seu contido e non da súa cor, como é o caso do *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa* (B) e do *Cancioneiro da Biblioteca Vaticana* (V), escritos enteiramente en tinta negra. Pola súa parte, o *Cancioneiro da Ajuda* presenta uns ocos sen completar que probabelmente foron reservados para un rubricador encargado de traballar cunha cor distinta (Lagares 2000: 22).

O contido e o formato das rúbricas é de índole variada; por esta razón existen diferentes propostas de división tipolóxica. Elsa Gonçalves (1994: 980) distingue entre rúbricas atributivas, que son as que indican o nome do autor e, ás veces, a tipoloxía da cantiga; as rúbricas explicativas, que fornecen información útil para a comprensión da cantiga ao aclararen o contexto e as circunstancias de produción; e as rúbricas codicolóxicas, que sinalan a procedencia da cantiga dun rolo ou dun códice. Esta división foi retomada posteriormente por Lagares (2000: 51-83), quen afondou máis no contido dos textos e propuxo unha subdivisión para as epígrafes explicativas: as rúbricas chave, que fornecen datos necesarios para a descodificación retórica da cantiga; as rúbricas contextualizadoras, que achegan información sobre acontecementos ou personaxes; e finalmente as rúbricas título, concibidas para resumir o contido da cantiga. Outros investigadores, en cambio, clasifican as rúbricas en función da súa posición con respecto á cantiga, como Lorenzo Gradín (2000), que propón a división entre rúbricas antepostas e pospostas.

De entre os diferentes tipos de epígrafes, as rúbricas explicativas son as que revisten maior entidade textual ou narrativa, e de aí a súa inclusión nesta *Guía*. Dependendo da súa atribución, unicamente se conservan arredor de 70 rúbricas explicativas transmitidas polo *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* (B) e o *Cancioneiro da Vatiacana* (V), polo que non se coñecen rexistros deste tipo de rúbricas contemporáneas á redacción orixinaria do repertorio lírico. Como xa se indicou no Apéndice 1, os cancioneiros apógrafos B e V foron copiados na Curia romana por volta de 1525-26 baixo a comitencia do humanista italiano Angelo Colocci (BITAGAP bioid 1547) e grazas ao traballo dun equipo de copistas que Ferrari identificiou como mans *a*, *b*, *c*, *d*, *e* e *f* (Ferrari 1979, 1993). Estas dúas copias renacentistas constitúen os testemuños máis importantes da lírica profana galego-portuguesa ao conservaren perto de 1700 cantigas. Todo apunta a que ambos os manuscritos proceden dun antecedente común γ elaborado no século XV sobre a base do coñecido como *Livro das Cantigas* do Conde Pedro de Barcelos (ca. 1350; BITAGAP texid 9420). O exemplar que chegou ás mans de Colocci transmitiría un texto produto de varios estadios redaccionais, partindo dun cancioneiro compilado en tempos de Afonso X que sería completado en sucesivas etapas durante o reinado de D. Dinis e posteriormente baixo a supervisión de Pedro de Barcelos (Tavani 1991: 63-82). Así pois, dependendo da etapa de redacción, as rúbricas serían colocadas antes ou despois da cantiga de acordo coas tendencias do momento (Lorenzo Gradín 2000: 1111-1119). Convén sinalar tamén que, a xulgar polo modo en que os copistas de B singularizaron as rúbricas (deixando espazo entre estas e as cantigas ou utilizando iniciais de maior tamaño), é probábel igualmente que as didascalias do antígrafo estivesen destacadas, ben a través de tinta vermella, ben con iniciais diferenciadas (Lorenzo Gradín 2000: 1106-1108).

As orixes das rúbricas explicativas teñen o seu precedente nas *vidas* e *razós* occitanas, textos redactados en prosa con posterioridade ás composicións dos trobadores, coa finalidade de contextualizar as pezas para un público que non coñecía as

circunstancias de produción (Brea 1999: 38-42). Parte destas *vidas* e *razós* atribúense ao trobador Uc de Saint Circ († 1253), activo no norte de Italia durante a primeira metade do século XIII, onde puido coincidir nalgunha das súas cortes con *trobadors* que darían a coñecer o seu traballo na Península Ibérica (Lorenzo Gradín 2003: 99-105). O estudo das rúbricas antepostas e pospostas permitiu avanzar unha hipótese sobre a súa posíbel datación. En primeiro lugar, a meirande parte das rúbricas utilizadas para introducir cantigas aluden aos trobadores da primeira época e de distintas orixes mais relacionados a maioría deles coas cortes galego-leonesa e castelá. Isto apunta a que as primeiras rúbricas explicativas se comporían posibelmente ao tempo que se compilaban, durante a segunda metade do século XIII, os primeiros cancioneiros nos *scriptoria* de Galiza e de Castela con vinculación afonsina. Por outra parte, as rúbricas pospostas ás cantigas coinciden case todas con autores portugueses incorporados aos cancioneiros xa no século XIV, cando o principal centro de produción de lírica galego-portuguesa se trasladara ao reino portugués no seo das cortes de D. Dinis e do Conde de Barcelos, onde se compilaría o antecedente dos códices coloccianos (Lorenzo Gradín 2000: 1111-1116).

Fronte ás *vidas* e *razós* occitanas, as rúbricas explicativas galego-portuguesas son máis breves e, en ocasións, esquemáticas. As *vidas* occitanas teñen a súa orixe nos textos latinos *accesus ad auctores*, poden ocupar entre dúas e vinte liñas de extensión, e recollían, ademais do nome, a procedencia e a condición social do autor, así como un breve resumo da súa traxectoria intelectual. O corpus galego-portugués, en cambio, soamente conserva unha rúbrica con este esquema (*Ay Paay Soarez, venho-vos rogar*, 97.2; BITAGAP texid 4816, cnum 9207). Pola súa parte, as *razós* adoitaban acompañar *cansós* amorosas e describían un episodio concreto que servía para contextualizalas. As rúbricas explicativas de B e V responden a este mesmo principio, aínda que son máis habituais nas composicións de carácter satírico que nas cantigas de amor. Ao contrario que os textos occitanos, as rúbricas explicativas galego-portuguesas son moi concisas e apenas fornecen información moi breve sobre o autor da cantiga ou os personaxes principais. En ocasións poden servir para coñecer o destinatario dunha cantiga de escarnio, para resolver unha *aequivocatio* ou para estabelecer relacións intertextuais con outras composicións como no caso das cantigas de seguir (Brea 1999: 44-46; Lorenzo Gradín 2003: 105-106). Finalmente, cómpre sinalar as rúbricas que anteceden tres dos cinco lais de Bretaña transmitidos nos primeros folios de B. Estes textos diferéncianse do resto das rúbricas na súa función, pois serven principalmente para enmarcar as composicións líricas no contexto do relato artúrico (Brea 1999: 44).

Polo que respecta ás rúbricas dos cancioneiros casteláns (entre outros, o *Cancionero de Baena* ou o *Cancionero de Palacio*; BETA texid 1419, 1434; 1097, 1098), aínda que existen diferenzas no que respecta ás funcións e á morfoloxía das rúbricas fronte á tradición lírica galego-portuguesa, convén salientar que as rúbricas castelás non só fornecen información sobre as composicións integradas nos cancioneiros,

senón que tamén tiñan unha función organizativa orientada a facilitar a lectura (Tato 2008a, 2008b; Perea Rodríguez 2012).

Bibliografía

Brea, Mercedes (1999): "De las *vidas* y *razós* a las rúbricas explicativas". *Estudios Románicos* 11, pp. 35-49 [https://revistas.um.es/estudiosromanicos/article/view/79441; 30/10/2020].

Coiradas Martínez, Inés (2013): *A mediación na lírica galego-portuguesa. Edición e anotación das rúbricas explicativas*. Tese de doutoramento inédita, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela [estudo: 5-93].

Ferrari, Anna (1979): "Formazione e struttura del canzoniere portoghese della Biblioteca Nazionale di Lisbona (cod. 10991: Colocci-Brancuti). Premesse codicologiche alla critica del testo (materiali e note problematiche)". *Arquivos do Centro Cultural Português* 14, pp. 27-142.

Ferrari, Anna (1993a): "*Cancioneiro da Biblioteca Nacional* (Colocci-Brancuti)". Giulia Lanciani / Giusseppe Tavani (coords.): *Dicionário de literatura medieval galega e portuguesa*, Lisboa: Caminho, pp. 117-123.

Ferrari, Anna (1993b): "*Cancioneiro da Biblioteca Vaticana*". Giulia Lanciani / Giusseppe Tavani (coords.): *Dicionário de literatura medieval galega e portuguesa*, Lisboa: Caminho, pp. 123-126.

Gonçalves, Elsa (1994): "O sistema das rúbricas atributivas e explicativas nos cancioneiros trovadorescos galego-portugueses". Ramón Lorenzo (ed.): *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas*. Vol. 7, Sección IX: *Filoloxía medieval e renacentista*, Santiago de Compostela: Fundación Pedro Barrié de la Maza, pp. 979-990.

Iacob, Mihai (2005): *Significados y funciones del paratexto en los códices de las* Cantigas de Santa María *de Alfonso X, El Sabio. Una comparación con el paratexto de los cancioneros gallego-portugueses de poesía profana*, Bucarest: Editura Universității din București [accesíbel en rede nunha versión previa de 2003: http://ebooks.unibuc.ro/filologie/Mihai_Iacob/main.html; 30/10/2020].

Lagares, Xoán Carlos (2000): *E por esto fez este cantar. Sobre as rúbricas explicativas dos cancioneiros profanos galego-portugueses*, Santiago de Compostela: Laioventto [estudo: pp. 17-97].

Lorenzo Gradín, Pilar (2000): "Trovadores, cronología y 'razos' en los cancioneros gallego-portugueses". Margarita Freixas / Silvia Iriso (coords.): *Actas del VIII Congreso Internacional de la AHML*, Santander: Consejería de Cultura del Gobierno de Cantabria, pp. 1105-1125 [http://www.ahlm.es/IndicesActas/ActasPdf/Actas8.2/15.pdf; 30/10/2020].

Lorenzo Gradín, Pilar (2003): "Las *razos* gallego-portuguesas". *Romania* 121, pp. 99-132 [DOI: https://doi.org/10.3406/roma.2003.1286].

Lorenzo Gradín, Pilar (2009a): "De la lírica a la historiografía y viceversa". *La Parola del testo* 13.1, pp. 95-113.

Lorenzo Gradín, Pilar (2009b): "La lectura de la cantiga. Nuevas consideraciones sobre las rúbricas explicativas de B y V". Jesús Cañas Murillo / Francisco Javier Grande Quejigo / José Roso Díaz (eds.): *Medievalismo en Extremadura. Estudios sobre Literatura y Cultura Hispánicas de la Edad Media*, Cáceres: Universidad de Extremadura, vol. 2, pp. 685-694 [https://cutt.ly/EhlxOtS; 30/10/2020].

Perea Rodríguez, Óscar (2012): "Las rúbricas cancioneriles y la identificación de poetas de los siglos XV y XVI". Aviva Garribba (coord.): *Rumbos del hispanismo en el umbral del Cincuentenario de la AIH. Vol II. Medieval*, Roma: Bagatto Libri, pp. 288-295 [https://cvc.cervantes.es/literatura/aih/pdf/17/aih_17_2_036.pdf; 30/10/2020].

Tato, Cleofé (2008a): "Las rúbricas de la poesía cancioneril". Aviva Garribba (ed.): *De rúbricas ibéricas*, Roma: Aracne, pp 37-60.

Tato, Cleofé (2008b): "De rúbricas y cancioneros". Aviva Garribba (ed.): *De rúbricas ibéricas*, Roma: Aracne, pp. 61-95.

Tavani, Giuseppe (1991 [1986]): *A poesía lírica galego-portuguesa*, Vigo: Galaxia, (Col. Ensaio e investigación).



Cancioneiro da Biblioteca Nacional (B), Biblioteca Nacional de Portugal, COD. 10991, fol. 35v
(rúbrica explicativa na col. b, ls. 1-12)



Cancioneiro da Vaticana (V), Biblioteca Apostolica Vaticana, Vat. lat. 4803, fol. 184r (ms. 170r)
(rúbrica explicativa na col. a, ls. 1-13)

3. As lendas das miniaturas das *Cantigas de Santa María*

BITAGAP texid 1111 (cf. BITAGAP manid 1090 e manid 1091)

Edicións

Guerrero Lovillo, José (1949): *Las Cántigas. Estudio arqueológico de sus miniaturas*, Madrid: CSIC, Instituto Diego Velázquez [edición: pp. 375-419].

Filgueira Valverde, José (1979): "El texto: Introducción histórico-crítica, transcripción, versión castellana y comentarios". *El Códice Rico de las* Cantigas de Santa María *de Alfonso el Sabio. Volumen complementario de la edición facsímil del ms. T-I-1 de la Biblioteca de El Escorial*, Madrid: Edilán, pp. 33-264 [edición (intercalada no texto das cantigas): pp. 65-258].

Santiago Luque, Agustín (1991): "Las cantigas del códice de Florencia". *El Códice de Florencia de las* Cantigas *de Alfonso el Sabio. Volumen complementario de la edición facsímil del ms. B.R.20 de la Biblioteca Nazionale Centrale de Florencia*, Madrid: Edilán, pp. 9-122 [edición (intercalada): pp. 24-115].

Beltrán, Luis (1997): *Cuarenta y cinco cantigas del Códice Rico de Alfonso el Sabio: textos pictóricos y verbales*, Palma de Mallorca: Olañeta [edición (parcial): pp. 13, 25, 35, 41, 51, 63, 71, 81, 93, 103, 113, 121, 129, 137, 147, 159, 167, 175, 183, 193, 199, 211, 219, 227, 243, 251, 261, 267, 279, 295, 309, 323, 333, 343, 351].

Montero Santalha, José-Martinho (2000): "As legendas das miniaturas das *Cantigas de Santa Maria* (códices T e F)". José Luís Rodríguez (ed.): *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia / Universidade de Santiago de Compostela, vol. 2, pp. 507-552 [https://cutt.ly/VhlnAlB; 30/10/2020] [edición: pp. 532-551].

Montero Santalha, José-Martinho (2002): "As legendas das miniaturas das *Cantigas de Santa Maria* (códice T. 2ª parte)", *Agália* 69-70, pp. 43-87 [https://cutt.ly/0hlnHs1; 30/10/2020] [edición: pp. 44-87].

Testemuños

(**T**) *Códice Rico*: Real Biblioteca del Monasterio de El Escorial, Ms. T.I.1 (BITAGAP manid 1090).

(**F**) Biblioteca Nazionale Centrale di Firenze, Ms. B.R.20 (BITAGAP manid 1091). Accesíbel en: https://archive.org/details/b.-r.-20/mode/2up.

Descrición

As lendas ou *tituli* das *Cantigas de Santa María* son os rótulos que acompañan as iluminacións do cancioneiro mariano coa función de condensar as escenas ou ideas principais representadas nelas cunha breve secuencia descritiva. A planificación das lendas, consignadas nas cartelas situadas por cima de cada viñeta, concibiuse como un necesario complemento verbal ás imaxes co obxecto de guiar a comprensión do relato pictórico, relacionando cada ilustración co episodio correspondente da cantiga, mais tamén minimizando as posíbeis dificultades de interpretación e promovendo, nalgúns casos, unha lectura alternativa ou particular dunha determinada escena. O contido seleccionado nos *tituli* recolle os momentos esenciais da narración, facendo fincapé nos elementos centrais da mensaxe pictórica e impedindo, así, o desvío da atención cara a temas subsidiarios ou pormenores auxiliares. Deste modo, as lendas fornecen unha narración autónoma, concisa e didacticamente eficaz, na cal se intensifican as funcións explicativa e ponderativa propias das rúbricas ou epígrafes das cantigas (Kulp-Hill 1985: 4-5; Iacob 2005: 53-54; Schaffer 2014).

Como é sabido, as *Cantigas de Santa María* constitúen un monumento literario e artístico conformado por un conxunto de 420 pezas poético-musicais, entre as cales salientan as 356 cantigas narrativas de miragre e as 41 de loor á Virxe, alén doutras composicións de temática diversa. A obra transmitiuse en catro códices medievais: o *Códice Rico* (T), o *Códice de Florencia* (F), o *Códice de Toledo* (To) e o *Códice dos Músicos* (E). Porén, apenas os dous primeiros foron concibidos cun extenso repertorio figurativo expresado a través de ilustracións a toda páxina, polo cal só estes presentan as lendas, das cales hoxe sobreviven total ou parcialmente uns 1300 rexistros (Schaffer 2014: 230-231; Montero Santalha 2002: 544-551). A conformación do proceso creativo e estrutural do cancioneiro afonsino atravesou diferentes etapas vinculadas aos diversos rexistros materiais nos cales foi proxectado (Parkinson 1988; Fidalgo 2002: 49-58; Schaffer 2000; Fernández Fernández 2011, 2012-13). Tras unha fase inicial (ca. 1264-1276), representada polo *Códice de Toledo* (BNE, ms. 10069; BITAGAP manid 1067), executouse a reorganización e ampliación do corpus –inicialmente composto por un centenar de cantigas– a través dunha progresiva intervención que se materializou, ademais, na elaboración de dous manuscritos (T e F) de coidada factura e ricamente ilustrados. O primeiro deles foi o *Códice Rico* (RBME, ms. T.I.1; BITAGAP manid 1090), no cal se verificou a segunda fase do proxecto marial coa ampliación a 200 cantigas e a incorporación de narración visual. A rica iluminación planificada para este luxoso exemplar supuxo que cada cantiga –narrativa e de loor– tivera a súa contrapartida visual nun folio iluminado (ou en dous, no caso das cantigas quinquenais), dividido en seis viñetas (oito no caso da primeira cantiga), nas cales se desenvolve o seu contido en imaxes. Nunha terceira fase decidiuse duplicar o corpus, chegando ás 400 cantigas, e proxectáronse dous volumes: o *Códice de Florencia* (BNCF, ms. B.R.20; BITAGAP manid 1091), concibido como continuación de T, e o *Códice dos Músicos* (RBME, ms. b.I.2; BITAGAP manid 1087),

preparado para acoller o conxunto total do repertorio poético. O primeiro deles (F) planificouse con 200 novas cantigas, aínda que quedou inacabado, e mantén a mesma estrutura textual e pictórica que T, polo cal ambos constitúen dous volumes dunha mesma antoloxía do corpus mariano, coñecida como *Códice das Historias* (Menéndez Pidal 1962) e elaborada no *scriptorium* real de Sevilla entre 1280 e 1284.

Os manuscritos que conforman este proxecto historiado representan unha empresa inconclusa na súa segunda fase de composición. A diferenza do *Códice Rico*, executado na súa totalidade malia non conservar os cadernos inicial e final (falta parte do índice e o texto interrómpese na cantiga 195), o ms. F apenas transmite 104 novas cantigas e non chegou a recibir notación musical (Fernández Fernández 2011: 49-50, 2012-13: 97-99; Fidalgo 2019; Fidalgo / Fernández Guiadanes 2019: 1-5). Canto á iluminación, das máis de 2500 viñetas proxectadas, só se chegaron a executar arredor de dous terzos (Chico Picaza 1991: 141; Mettmann 1986: 7), a maior parte delas no exemplar escurialense (T), onde case o 90% das miniaturas van acompañadas das lendas correspondentes: dos 1322 rótulos proxectados para T, 1180 foron incluídos total ou parcialmente nas 210 láminas orladas hoxe conservadas (Schaffer 2014: 230-231). Alén da perda ocasional de soporte, nalgúns casos non se chegou a consignar o *titulus* –aínda que si consta o espazo reservado–, ben na totalidade da lámina miniada, ben nalgunha das viñetas que a compoñen, a pesar de que as ilustracións xa eran definitivas desde o punto de vista pictórico (Ruiz García / Fernández Fernández 2011). Pola súa parte, no *Códice de Florencia* son escasas as páxinas ilustradas por completo, pois moitas quedaron a medio facer ou nin sequera se comezaron a elaborar (Fernández Fernández 2012-13: 101-105; Fidalgo 2019), polo cal só unha pequena porción de cantigas presentan as lendas, un total de 120 de acordo coa edición de Montero Santalha (2000: 544-551; cf. Schaffer 2014: 231). A diferenza das cantigas de miragres (Schaffer 2014: 231), as causas que motivan a ausencia das lendas no caso das composicións de loor parecen obedecer un patrón deliberado. No primeiro caso, das 174 pezas narrativas conservadas en T só tres carecen de rótulos por completo (29, 122 e 181) e noutras cinco cantigas máis falta algunha lenda (105, 113, 151, 169 e 194). Polo que respecta ás cantigas de loor, só 5 das 13 conservadas en T inclúen as lendas e mesmo nalgunhas delas certas viñetas carecen de rótulo (T 1, 10, 20, 30 e 60). Pola súa parte, das 10 cantigas de loor total ou parcialmente conservadas en F só unha das láminas miniadas (F 96) presenta os *tituli* (Schaffer 2014: 231-232). Certamente, a maior carga narrativa das cantigas de miragres debeu concitar unha maior esixencia por complementar a través das lendas as accións representadas nas viñetas, mentres que a natureza máis estática e abstracta das cantigas de loanza faría máis innecesaria e tamén máis complexa a súa descrición verbal (Beltrán 1985: 336; Iacob 2005: 55; Ruiz / Fernández Fernández 2011: 139; Schaffer 2014: 232; Raimond 2019: 86).

Do mesmo modo que acontece con outros elementos codicolóxicos, o deseño das cartelas e do texto verbal que ocupan foi evolucionando nun meditado proceso

de composición suxeito a certos ensaios e depuracións estilísticas. A integración das lendas non se efectuou até que as iluminuras estaban (case) por completo rematadas, polo cal se presupón un proceso subsidiario ao estabelecemento do contido visual (Kulp-Hill 1985: 4-5; Schaffer 2014: 217). Por outra parte, no *Códice Rico* a inclusión dos *tituli* non formaba parte do deseño orixinal, como demostra a *mise en page* da primeira ducia de cantigas, nas cales a orla que enmarca o conxunto das viñetas é aberta pola banda superior, reservada nestas primeiras composicións para a cartela das lendas (López Serrano 1979: 40; Beltrán 1985: 336-337, 1990: 23; Schaffer 2014: 217-219). Outros elementos do deseño –visual e textual– da iluminación ensaiados de maneira provisional nestas primeiras cantigas foi o uso de emblemas –o león ou o castelo– como fronteira decorativa no interior da cartela, xebrando o texto da lenda en dúas metades con alternancia cromática en vermello e azul (Scarborough 1987: 135; Schaffer 2014: 217, 227).

O interese filolóxico e literario das lendas das *Cantigas de Santa María* reside na súa relación de autonomía ou dependencia con respecto aos contidos figurativo e poético, mais tamén no grao de innovación léxica e argumental con respecto ao texto das composicións e do relato visual proxectado polos iluminadores. No primeiro caso, é relevante o confronto das lendas cos contidos expresados polos diferentes elementos (para)textuais da cantiga, como a rúbrica inicial, o relato desglosado nas estrofas ou os enunciados fixados no refrán (Schaffer 2014: 222-227). Con certeza, a interdependencia entre as lendas e as viñetas é evidente e faise patente na propia configuración sintáctica do rótulo, iniciado case sempre polo adverbio *como*, que dirixe e explicita a maneira en que se debe ver e comprender a miniatura (Rodríguez Alemán 2003: 55; Schaffer 2014: 219-220; Raimond 2019: 85-86). Pola súa parte, as epígrafes das cantigas afonsinas foron deseñadas para resaltar o protagonismo de Santa María como suxeito gramatical, a diferenza do que acontece coa maioría dos *tituli* das miniaturas, onde na maior parte dos casos (máis do 90%) é o receptor da intervención sobrenatural quen ostenta a posición de suxeito (Schaffer 2014: 222; Iacob 2005: 51-52; cf. Schaffer 1990-91: 61-68). Deste modo, a correspondencia entre as lendas e as epígrafes é inusual, incluso cando a rúbrica é especialmente detallada, e polo xeral limítase a certas coincidencias léxicas (exs. T 6, 23, 77, 111). O mesmo acontece co propio texto da cantiga, do que só ocasionalmente se replica ou parafrasea un sintagma ou fragmento na composición das lendas (a cantiga F 95 é un exemplo excepcional). No caso dos refráns a conexión coas lendas é aínda máis feble, con algunhas exepcións (exs. T 10, 60 ou F 1). Así e todo, a falta de correspondencia que, polo xeral, reflicten os *tituli* con respecto ao texto poético non impide rastrexar certa continuidade discursiva, no plano gramatical, entre a narración versificada e o relato das lendas (Iacob 2005: 52-53). Aínda que non se operou de maneira completamente illada á marxe do texto base (cantigas narrativas e de loor) e das súas rúbricas, os responsábeis dos rótulos das miniaturas –igual que acontece cos propios ilustradores– non deberon de basearse, como fonte principal ou

única, nos (para)textos poéticos, dado que moi probabelmente non precisaban unha narración específica e detallada, mais só unha comprensión clara da historia co fin de articular a composición das lendas. O contido dos *tituli* apóiase, neste sentido, na comprensión das escenas iluminadas ao tempo que é susceptíbel de personalización (léxica e argumental). En calquera caso, descoñécese se accederon ao texto a partir dos propios códices ricos –o que parece improbábel–, a través do modelo subxacente, doutra instancia redaccional previa ou preparatoria (rascuños, copias menores, como os *rolos*, etc.), ou talvez grazas ao asesoramento de poetas, músicos ou doutro persoal especializado no taller (Rodríguez Alemán 2003; Schaffer 2014: 214-215, 227, 233; Ruiz / Fernández Fernández 2011: 139).

Outro punto de interese literario e estilístico radica na variación léxica e na innovación argumental que ofrecen as lendas. Por un lado, constátase o esforzo por variar o suxeito gramatical dentro dun mesmo conxunto de viñetas (Schaffer 2014: 228). Por outro, é significativo o uso esporádico de léxico diferencial con respecto aos (para)textos poéticos, como acontece, por exemplo coas cantigas T 57 e 102, nas cales se usan as formas *ladrões*, *roubador(es)*, *salteadores* ou *malfeitores*, mentres que nas lendas se emprega o termo máis inusual *golfin(n)os* (Schaffer 2014: 228). Noutros casos, esta innovación léxica combínase coa incorporación de certos elementos argumentais ausentes no relato poético ou discordantes entre o texto do miragre e a interpretación do rubricador e do iluminador. Exemplo disto último evidénciase, por exemplo, na cantiga T 3, na cal a información sobre a escena de Teófilo durmindo ante o altar, representada nas viñetas 3 e 4, só está presente na versión prosificada da lenda e da glosa castelá (Iacob 2005: 52); ou en T 41, cuxos *tituli* acrecentan o pormenor de que o cambiador sandeu Garín "o trouxeron liado e en cadeas ant' o altar de Santa Maria" (Montero Santalha 2000: 509, 539). Este tipo de adicións poderían representar apenas suposicións lóxicas amplificadas polo propio rotulador, máis tamén nalgún caso ben poderían delatar o coñecemento e interferencia doutras versións do miragre (Scarborough 1987; Montero Santalha 2000: 509; Rodríguez Alemán 2003).

Do mesmo modo que o texto das cantigas, o valor lingüístico das lendas é moi significativo por representaren tamén un testemuño valioso da lingua literaria das últimas décadas do século XIII, particularmente no que respecta ao léxico (Montero Santalha 2000: 510). Alén disto, nos últimos anos tense traballado co texto das lendas a conta da influencia do elemento castelán na súa composición (Mariño Paz 2018; cf. Paredes 2019; Montero Santalha 2000: 529-531; Rodríguez 1983: 11-19). Alén da intromisión de castelanismos nos niveis fonográfico, morfolóxico e léxico (Mariño Paz 2018: 40-47), é significativa a presenza de hipercorreccións, como *bouca* por *boca*, *ouferta* por *oferta* ou *mouço* por *moço* (2018: 37-40, 48; cf. Pichel 2020). Cómpre lembrar, ademais, que nunhas poucas cantigas (T 166, 167, 168; F 10) parte ou todas as súas lendas foron consignadas en castelán por copistas alleos ao programa orixinal e en época posterior (Iacob 2005: 55; Schaffer 2014: 228-230).

Bibliografía

Beltrán, Luis (1985): "Texto verbal y texto pictórico: las cantigas 1 y 10 del *Códice Rico*". *Revista Canadiense de Estudios Hispánicos* 9/3 (*Homenaje a Alfonso X, El Sabio (1284-1984)*), pp. 329-343 [http://www.jstor.org/stable/27762392; 30/10/2020].

Beltrán, Luis (1990): *Las* Cantigas de Loor *de Alfonso X el Sabio. Edición bilingüe*, Madrid: Ediciones Júcar.

Chico Picaza, María Victoria (1991): "La ilustración del *Códice de Florencia*". *El Códice de Florencia de las* Cantigas *de Alfonso el Sabio. Volumen complementario de la edición facsímil del ms. B.R.20 de la Biblioteca Nazionale Centrale de Florencia*, Madrid: Edilán, pp. 125-143.

Fernández Fernández, Laura (2011): "*Este livro, com' achei, fez á onr' e á loor da virgen santa maria*. El proyecto de las *Cantigas de Santa María* en el marco del escritorio regio. Estado de la cuestión y nuevas reflexiones". Laura Fernández Fernández / Juan Carlos Ruiz Sousa (dirs. e coords.): *Alfonso X. Las* Cantigas de Santa María. *Códice Rico, Ms. T-I-1, Real Biblioteca del Monasterio de San Lorenzo de El Escorial*, Madrid: Patrimonio Nacional / Testimonio, vol. 2, pp. 43-78 [https://eprints.ucm.es/39445/; 30/10/2020].

Fernández Fernández, Laura (2012-13): "Los manuscritos de las *Cantigas de Santa María*: definición material de un proyecto regio". *Alcanate* 8, pp. 81-117 [https://institucional.us.es/revistas/alcanate/8/art_4.pdf; 30/10/2020].

Fidalgo, Elvira (2002): *As Cantigas de Santa María*, Vigo: Xerais (Col. Universitaria. Historia crítica da literatura medieval).

Fidalgo, Elvira (2019): "Cuando las *Cantigas de Santa Maria* eran *a work in progress*: el códice de Florencia". Isabella Tomassetti (coord.): *Avatares y perspectivas del medievalismo ibérico*, San Millán de la Cogolla: CiLengua, vol. 1, pp. 379-388.

Fidalgo, Elvira / Antonio Fernández Guiadanes (2019): *O* Códice de Florencia *das* Cantigas de Santa Maria *(B.R.20). Transcrición paleográfica*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Secretaría Xeral de Política Lingüística / Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (ArGaMed. Arquivo Galicia Medieval, nº 1).

Iacob, Mihai (2005): *Significados y funciones del paratexto en los códices de las* Cantigas de Santa María *de Alfonso X, El Sabio. Una comparación con el paratexto de los cancioneros gallego-portugueses de poesía profana*, Bucarest: Editura Universității din București [accesíbel en rede nunha versión previa de 2003: http://ebooks.unibuc.ro/filologie/Mihai_Iacob/main.html; 30/10/2020].

Kulp-Hill, Kathleen (1985): "The Captions to the Miniatures of the "Codice Rico" of the *Cantigas de Santa Maria*, a Translation". *Bulletin of the Cantigueiros de Santa Maria* 7, pp. 3-64.

López Serrano, Matilde (1979): "El códice". *El Códice Rico de las* Cantigas de Santa

María *de Alfonso el Sabio. Volumen complementario de la edición facsímil del ms. T-I-1 de la Biblioteca de El Escorial*, Madrid: Edilán, pp. 20-32.

Mariño Paz, Ramón (2018): "Hipercorrección y castellanismo en las leyendas de las miniaturas de los códices T y F de las *Cantigas de Santa María*". *Estudis Romànics* 40, pp. 37-57 [DOI: 10.2436/20.2500.01.236].

Menéndez Pidal, Gonzalo (1962): "Los manuscritos de las *Cantigas*. Cómo se elaboró la miniatura alfonsí". *Boletín de la Real Academia de la Historia* 150, pp. 25-51 [http://www.cervantesvirtual.com/obra/los-manuscritos-de-las-cantigas-como-se-elaboro-la-miniatura-alfonsi/; 30/10/2020]

Mettmann, Walter (1986): *Alfonso X.* Cantigas de Santa María. *Vol. 1: cantigas 1 a 100*, Madrid: Clásicos Castalia.

Montero Santalha, José-Martinho (2000): "As legendas das miniaturas das *Cantigas de Santa Maria* (códices T e F)". José Luís Rodríguez (ed.): *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia / Universidade de Santiago de Compostela, vol. 2, pp. 507-552 [https://cutt.ly/VhlnAlB; 30/10/2020] [estudo: 517-531, 543-544].

Paredes, Juan (2019 [2006]): "Castellanismos en el cancionero profano de Alfonso X". Juan Paredes / Mercedes Brea (ed.): *Alfonso y otras escrituras del trovar*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, pp. 167-180.

Parkinson, Stephen (1988): "The First Reorganization of the *Cantigas de Santa Maria*". *Bulletin of the Cantigueiros de Santa Maria* 1.2, pp. 91-97.

Pichel, Ricardo (2020b): "Bilingüismo y prácticas escriturarias en el manuscrito Vindel de la *Crónica de 1404*". Leyre Martín Aizpuru / Juan Miguel Valero Moreno (dirs.): *La lengva de los copistas. Variación y modelos de la escritvra del texto en el español medieval (Universidad de Salamanca, 15-16 de octubre de 2020)*, Salamanca: Universidad de Salamanca.

Raimond, Jeanne (2019): "Encuadres y sobre encuadres en las miniaturas del Códice Rico de las *Cantigas de Santa María* de Alfonso X". *Trama y Fondo* 46, pp. 83-96 [http://www.tramayfondo.com/revista/libros/187/06JeanneRaimond.pdf; 30/10/2020].

Rodríguez, José Luís (1983): "Castelhanismos no galego-português de Afonso X, o Sábio". *Boletim de Filologia* 28, pp. 7-19.

Rodríguez Alemán, María del Mar (2003): "Una aproximación al códice rico de las *Cantigas de Santa María* del Monasterio del Escorial: miniatura, poema y glosa". *Revista de poética medieval* 11, pp. 53-92 [http://hdl.handle.net/10017/4391; 30/10/2020].

Ruiz García, Elisa / Laura Fernández Fernández (2011): "*Quasi Liber et Pictura*. Estudio codicológico del Ms. T-I-1 de la Real Bibioteca del Monaterio de El Escorial". Laura Fernández Fernández / Juan Carlos Ruiz Sousa (dirs. e coords.): *Alfonso X. Las* Cantigas de Santa María. *Códice Rico, Ms. T-I-1, Real*

Biblioteca del Monasterio de San Lorenzo de El Escorial, Madrid: Patrimonio Nacional / Testimonio, vol. 2, pp. 108-143 [https://eprints.ucm.es/39442/1/Quasi_liber_et_pictura._Estudio_Codicolo.pdf; 30/10/2020].

Scarborough, Connie L. (1987): "Verbalization and Visualization in Ms T.I.1 of the *Cantigas de Santa Maria*: The Theme of the Runaway Nun". Israel J. Katz / John E. Keller (eds.): *Studies on the* Cantigas de Santa Maria*: Art, Music, and Poetry. Proceedings of the International Symposium on the* Cantigas de Santa Maria *of Alfonso X, el Sabio (1221-1284)*, Madison: Hispanic Seminary of Medieval Studies, pp. 135-154.

Schaffer, Martha E. (1990-91): "Epigraphs as a Clue to the Conceptualization and Organization of the *Cantigas de Santa Maria*". *La Corónica* 19/2, pp. 57-88.

Schaffer, Martha E. (2000): "The 'Evolution' of the *Cantigas de Santa Maria*: The Relationships between MSS. T, F, and E". Stephen Parkinson (ed.): Cobras e son. *Papers on the Text, Music and Manuscripts of the* Cantigas de Santa Maria, Oxford: Legenda, pp. 186-213.

Schaffer, Martha E. (2014): "Designing the *Códice Rico* of the *Cantigas de Santa Maria*". Antonio Cortijo-Ocaña / Ana María Gómez-Bravo / María Morrás (dirs.): *Vir Bonus Dicendi Peritus. Studies in Honor of Charles B. Faulhaber*, New York: Hispanic Seminary of Medieval Studies, pp. 209-236.



Lendas das miniaturas das *Cantigas de Santa María*, Real Biblioteca del Monasterio de El Escorial, Ms. T.I.1 (*Códice Rico*, T), fol. 19v

Cabo

Cabo

A *Guía para o estudo da prosa galega medieval* representa un estado da arte actualizado que pon o foco nos estudos sobre a produción non instrumental na Galiza baixomedieval, especificamente no que respecta ao patrimonio literario en prosa e concibido ou difundido en romance. Deste modo, ofrécese á comunidade interesada toda a información relativa á tradición textual e manuscrita xerada desde finais do século XIII até a segunda metade do XV na área máis setentrional do espazo lingüístico e cultural galego-portugués. Baixo parámetros de análise histórico-filolóxicos e de acordo cos principios da filoloxía material, nesta *Guía* recóllese, por primeira vez, un compendio actualizado de toda a información dispoñíbel sobre a produción galega medieval en prosa vista en conxunto e tomando en conta as interrelacións co universo cultural castelán e portugués. Supón, por tanto, dar continuidade crítica ao desigual ronsel de traballos globais sobre a prosa galega medieval aparecidos nas últimas tres décadas: desde os primeiros ensaios dos anos 70, 80 e 90 do século XX en diante (Rodríguez 1974; Pena 1986, 1992; Lanciani / Tavani 1993; Rodríguez 1994; Noia Campos 1995; Lorenzo 1998; Rodríguez 1999; Lorenzo 2000, 2002; Pena 2002; Noia Campos 2004; Santoyo 2004) até as aportacións actualizadoras e recapituladoras aparecidas no último quindenio (López-Martínez Morás 2007; Mariño Paz 2008: 69-77; Ferreira 2012; Pena 2013; Mariño Paz 2018a). Deste modo, pondo o acento primeiramente nas obras e nas diferentes tradicións literarias e textuais implicadas na súa composición, descéndese aos diferentes testemuños conservados co obxecto de aprofundar no seu coñecemento e na vinculación manuscrita existente entre eles. Este enfoque, máis alá de considerar –na maior parte dos casos– os textos como simples traducións, permite abordar o noso patrimonio cultural escrito desde outras perspectivas escasamente atendidas até agora: estudo dos mecenados, da circulación e estadio redaccional dos modelos textuais, da praxe tradutora, das vicisitudes dos manuscritos no seu percurso en época posmedieval etc.

A condición de textos non vernáculos en canto á súa composición e, por tanto, subsidiarios doutras tradicións lingüístico-literarias (como a castelá, a latina ou a francesa), restou peso tradicionalmente á consideración da prosa medieval galega fronte a outras manifestacións culturais como a lírica trobadoresca (López-Martínez Morás 2007: 447; Pena 2013: 247). Porén, as diferentes iniciativas librarias

emprendidas na Galiza medieval representan con certeza un corpus de primeira orde ineludíbel para o esclarecemento das interrelacións literarias non só a nivel local ou rexional, mais tamén a nivel peninsular e aínda europeo con respecto ás diversas empresas culturais acometidas nos reinos centro-occidentais de Galiza-León, Castela e Portugal (Pena 2002: 296-298; Lorenzo 2002; López-Martínez Morás 2007; Pena 2013: 247-250). Pénsese, por exemplo, na relevancia das traducións galegas do ciclo troiano, fundamentais para comprender o entramado das versións iberorrománicas derivadas do *Roman de Troie*, en particular as concibidas nas cortes rexias de Afonso XI e Pedro I (§ 1.1). A narrativa artúrica encontra na tradución galego-portuguesa do *Livro de Tristam* un exemplar único e autónomo fronte á vasta e diversa tradición textual francesa e peninsular do *Tristan en prose* (§ 1.2.1). Algo similar acontece, no campo da prosa técnica, co *Tratado de Alveitaría*, tamén de tradición unitestemuñal e singular con respecto á dilatada tradición latina e xa en romance da obra do mariscal calabrés nos diferentes espazos culturais europeos (§ 5.1). Pola súa parte, o relato épico da *Crónica do Pseudo Turpín*, aínda que concibido no seo da engranaxe miraculística dos *Miragres de Santiago*, representa un exemplo único da difusión en romance da materia carolinxia no Occidente peninsular (§ 1.3.1). Precisamente, a orientación xacobea do discurso haxiográfico nos *Miragres* (§ 3.1) e historiográfico na *Crónica de Iria* (§ 2.4) transcende, tamén, os lindes ideolóxicos e culturais, de motivación compostelanista, a través da compilación e tradución de diversas fontes de concepción vernácula mais tamén de procedencia extrapeninsular.

O ámbito historiográfico e cronístico é, sen dúbida, outro dos feudos culturais máis atraentes e mellor representados na Galiza baixomedieval, como demostra a temperá tradución das principais obras de tradición (pos)afonsina, como a *Estoria de España* (*Versión amplificada* ou sanchina), a *General Estoria*, a *Crónica de Castilla* ou a *Crónica particular de San Fernando*, para alén doutros textos anteriores e de máis limitada circulación como o *Liber regum* (§§ 2.2 e 2.1). Trátase nalgúns casos das versións peninsulares máis antigas conservadas, cuxos antígrafos e copias condicionaron en distinto grao a tradición historiográfica galego-portuguesa ulterior, como acontece en Portugal coa *Crónica de 1344* e a súa *Refundição* ca. 1400 ou en Galiza coa *Crónica geral galega* (§ 2.2), base textual principal da *Crónica de 1404* (§ 2.3). Este último caso, ademais, permite reconstruír o proceso de recepción da redacción afonsina máis tardía da *Estoria de España* (a *Versión crítica*), ademais de transmitir unha compilación heteroxénea de materiais de índole historiográfica e ficcional. Por último, a recepción galega do universo lexislativo (pos)afonsino é tamén significativa e moi precoz (desde finais do século XIII ou comezos do XIV), como demostra a ducia de traducións e copias coñecidas de todos os libros –salvo do segundo– das *Sete Partidas* (§ 4.1) ou a versión do *Ordenamiento de Alcalá* confeccionada poucas décadas despois da fixación do texto promulgado por Afonso XI en 1348 (§ 4.5). Son tamén moi temperás (a cabalo entre os séculos XIII e XIV) as versións galego-(astur)-leonesas do *Fuero Juzgo*, do *Fuero Real* e das *Flores de Derecho* (§§ 4.2, 4.3 e 4.4).

Así pois, fóra do vasto e heteroxéneo campo da prosa instrumental ou documental, a produción galega é rica en termos de recepción e asimilación das grandes tradicións e xéneros literarios en voga nos diferentes espazos culturais europeos e peninsulares: a narrativa de ficción, representada polos ciclos troiano (*Crónica troiana*, *Historia troiana*; § 1.1), artúrico (*Livro de Tristam*; § 1.2) e carolinxio (*Crónica do Pseudo Turpín*; § 1.3); a prosa historiográfica, de alcance universal (*Geral Estoria*; § 2.1), peninsular (*Estoria de España*, *Crónica de Castela*, *Crónica particular de San Fernando*, *Liber regum*; *Crónica geral galega*, *Crónica de 1404*; §§ 2.2 e 2.3), rexional (*Crónica de Iria*; § 2.4) ou de motivación eclesiástica (*Crónica da Ordem dos Fraires Menores*; § 2.5); a literatura haxiográfica (especialmente os *Miragres de Santiago*; § 3.1); os tratados de índole doutrinal ou catequética (*Livro das Confissões*; § 3.2); os textos de natureza científico-técnica ou didáctica (*Tratado de Alveitaría*, *Arte de Trovar*; § 5.1 e Apéndice 1); e por último, a literatura xurídico-lexislativa (*Sete Partidas*, *Foro Juzgo*, *Foro Real*, *Flores de Dereito*, *Ordenamento de Alcalá*; § 4).

Como é habitual para o período en cuestión, o esperábel é que os textos que chegan até nós sexan copias ou refundicións posteriores. Porén, nalgúns casos conservamos o testemuño orixinal, como acontece coas producións asociadas ás cortes señoriais dos Andrade (*Geral Estoria*, *Crónica Troiana* e *Historia Troiana*; § 2.1 e 1.1.1) e dos Lima (cando menos a *Crónica de Castela*; § 2.2), ou no caso da *Crónica de Iria*, da cal subsistiu o orixinal autógrafo, se callar nun estadio textual aínda non definitivo (§ 2.4). A prosa xurídica tamén ofrece algúns exemplos de posíbeis traducións orixinais, como, polo menos, no caso do *Foro Juzgo* (§ 4.2) e dalgúns dos testemuños da *Primeira* (§ 4.1.1) e da *Terceira Partida* (§ 4.1.2). Noutros casos, sabemos con seguridade que o testemuño conservado é copia dunha versión galega ou galego-portuguesa anterior, hoxe perdida, como no caso do *Livro de Tristam*, o *Tratado de Alveitaría*, os *Miragres de Santiago* ou a *Crónica da Ordem dos Fraires Menores*. Pola súa parte, o estadio textual que reflicten as compilacións historiográficas da *Crónica geral galega* e da *Crónica de 1404* é diverso e complexo (§§ 2.2 e 2.3); porén, temos certeza, en maior ou menor grao, da existencia de testemuños intermedios entre o modelo do cal se traduce e as copias conservadas, como no caso do antígrafo do ms. A' da *Estoria de España* (vinculado coa *Crónica de 1404*), ou os prototipos dos cales xurdirían os mss. A1 e A2 compilados na *Crónica geral galega* (Catalán 1995; cf. Ferreira 2012).

Para alén destes manuscritos e modelos textuais extraviados, tamén cumpriría valorar a existencia doutros textos perdidos ou conxecturados para os que aínda non se coñecen exemplares producidos ou vinculados coa Galiza baixomedieval, como acontece, por exemplo, no ámbito haxiográfico, cunha tradución galego-portuguesa da *Legenda aurea* (BITAGAP manid 1567; López 1916; Viegas 1916; Pensado 1982: 86) ou cunha posíbel versión galega da *Vida y pasión de los apóstoles* de Bernardo de Brihuega intermedia ás versións portuguesas (Pichel / Sánchez Ferro 2019). No ámbito historiográfico, tense investigado en varias ocasións o referente da "Crónica

galega" ou "de Galiza" citada por Cristóvão Rodrigues Acenheiro (BITAGAP bioid 1928) no século XVI (Catalán 1959: 43-83; 1962: 214-259; Catalán / de Andrés 1971: xxxiv-xliv; cf. Lorenzo 2002: 103; Miranda 2009; Moreira 2012, 2013).

A maior parte das obras que conforman o corpus representan traducións ou compilacións a partir de modelos casteláns –ou asturleoneses–, especialmente no que respecta á ficción troiana (§ 1.1) e á prosa historiográfica (§§ 2.1, 2.2 e 2.3) e xurídica (§§ 4.1, 4.3, 4.4 e 4.5) de tradición (pos)afonsina. Neste sentido, é evidente que a tradución desde o castelán e outras variedades lingüísticas veciñas non se explica por razóns de intercomprensión lingüística e si por outro tipo de motivacións de apropiación ou adaptación cultural duns modelos textuais en circulación. Aínda que os ditos modelos eran perfectamente intelixíbeis dada a proximidade lingüística e a intensa mobilidade xeográfica das cortes señoriais implicadas na súa difusión e tradución, o seu consumo prioritario tería lugar na lingua propia e hexemónica do territorio galego. Neste sentido, a *Historia troiana* bilingüe comisionada por Nuno Freire de Andrade (§ 1.1.2) ou o manuscrito Vindel da *Crónica de 1404* (§ 2.3) son dous exemplos paradigmáticos. Noutros casos, as fontes traducidas e adaptadas eran de procedencia francesa (ciclo artúrico; § 1.2.1) ou de orixe latina, como no caso da prosa historiográfica de alcance rexional e de natureza eclesiástica (§§ 2.4 e 2.5), haxiográfica (§ 3.1; cf. § 1.3.1) e técnica (§ 5.1). Por outro lado, é rechamante que para certos testemuños historiográficos conservamos retraducións en castelán (isto é, traducións baseadas en versións galegas que, por súa vez, remiten a un modelo castelán), como acontece co ms. E da *Geral Estoria* (§ 2.1), o ms. Ae da *Estoria de España* (§ 2.2) e o ms. E da *Crónica de 1404* (§ 2.3).

A relevancia da prosa galega medieval en termos de interrelación con outras tradicións literarias, en particular a castelá, faise patente tamén a través da natureza compositiva dos modelos textuais traducidos. En certos ámbitos obsérvase unha tendencia ao acceso e circulación de rascuños, borradores ou exemplares guía, nalgúns casos con carencias significativas no eido da depuración textual ou da censura ideolóxica con respecto á versión definitiva. É o que acontece, no campo da prosa historiográfica, coa *Geral Estoria* (§ 2.1) ou coas versións da *Estoria de España* compiladas na *Crónica geral galega* (§ 2.2) e na *Crónica de 1404* (§ 2.3); por outro lado, é tamén visíbel nas traducións andradinas do ciclo clásico (*Crónica troiana* e *Historia troiana*), baseadas en modelos non definitivos concibidos nos obradoiros de Afonso XI e Pedro I (§ 1.1). Noutros casos, os estudos sobre filiación textual non permiten aínda tirar conclusións fiábeis a respecto do estadio redaccional do antígrafo, como acontece co *Livro de Tristam* (§ 1.2.1) ou co *Tratado de Alvetaría* (§ 5.1), para os cales se presupón un prototipo independente con respecto á tradición textual xa coñecida.

O interese por explorar a produción literaria na Galiza baixomedieval desde a perspectiva histórica e sociocultural poucas veces tivo eco nas investigacións sobre os textos en prosa a través dun estudo sistemático e integrador. Alén de estudos particulares sobre o mecenado ou itinerario posmedieval dunha determinada obra

(exs. García-Fernández / Otero Piñeyro Maseda 2016; Pichel / Varela Barreiro 2017; Pichel 2017), só en época moi recente se abordou de maneira global un estado da arte aplicando este enfoque (Mariño Paz 2018a). Neste sentido, a *Guía* pretende contribuír tamén ao avance desta liña de traballo tan necesaria para comprender a intencionalidade e a xénese, moitas veces anónima, do encargo e produción dos manuscritos representantes dunha determinada tradición textual. Hoxe en día xa é posíbel trazar en maior ou menor medida o itinerario (pos)medieval de boa parte dos testemuños recollidos nesta *Guía*, partindo dos entornos nobiliarios, eclesiásticos ou xudiciais implicados na recepción e difusión dos textos vindos de fóra que despois se traducen ou refunden, así como na concepción daqueles relatos ou compilacións creados *ex novo* con intencionalidade ou motivación diversa. Do mesmo modo, a través do rastrexo das ligazóns familiares e culturais, unido á xusta ponderación das referencias internas ou externas vinculadas ao manuscrito (marcas de posesión ou lectura, evidencias de reutilización do soporte como no caso dos *libri tradens*, rexistros en inventarios patrimoniais, asentos en bibliotecas nobiliarias etc), pódense tirar conclusións interesantes sobre o percurso ulterior dos códices ou fragmentos superviventes até a súa incorporación a unha colección pública ou privada en época moderna ou contemporánea.

As mostras inaugurais de carácter historiográfico (as traducións, entre outros textos, da *Estoria de España* e da *Crónica de Castela*, despois compiladas na *Crónica geral galega*) e de narrativa artúrica (*Livro de Tristam*), emprendidas nas décadas iniciais do século XIV, parecen estar asociadas ao mecenado da corte señorial dos Lima-Batisela nun espazo transfronteirizo (áreas tudense-toroñesa e alto-minhota) en continuo transvase cultural esporeado polas estreitas ligazóns sociofamiliares con algunhas das ramas nobiliarias máis senlleiras no reino portugués, como os Riba de Vizela ou os Aboim-Portel, entre as cales sería factíbel concibir, nalgún caso, o proceso de copia, tradución e/ou compilación en termos de copatrocinio (§§ 1.2.1 e 2.2). Dentro aínda da área meridional galega, convén situar a actividade xurídica e notarial de Vasco Lourenço de Tui (§ 4.3), un dos responsábeis da profusa anotación correctiva e intertextual incorporada nun exemplar do *Fuero Real*, así como a copia tardía –e quizais tamén a tradución primixenia– do *Tratado de Alveitaría*, talvez asociada ao entorno señorial dos Soutomaior (§ 5.1). A mediados do século XIV, emprenderíase no seo da influente corte señorial dos Andrade a luxosa tradución da primeira parte da *Geral Estoria* (§ 2.1) e, poucos anos máis tarde, as versións galegas das compilacións troianas promovidas por Afonso XI e Pedro I (§ 1.1). No caso da *Historia troiana* (§ 1.1.2), vinculada ao entorno petrista de Nuno Freire de Andrade II, é posíbel desentrañar as motivacións ideolóxicas que puideron precipitar a restauración galega (previsibelmente proxectada para completar despois en Portugal) do malogrado códice de Pedro I, no contexto da alianza lexitimista contra a nova dinastía Trastámara. Pola contra, outras razóns de índole particular e relacionadas cos idearios espallados pola cultura cabaleiresca motivarían a confección da *Crónica troiana* (§ 1.1.1)

encargada por Fernán Pérez de Andrade poucos anos despois, do mesmo xeito que tería acontecido con outras obras como o *Livro de Tristam* (§ 1.2.1).

Cara a finais da centuria e durante as primeiras décadas do século XV recoñécese unha nova iniciativa de recollida de diferentes materiais historiográficos, entre outros, as versións crítica e amplificada da *Estoria de España* e a *Crónica de Castela*, con vistas á compilación da *Crónica de 1404*. No encargo e supervisión da copia ou refundición destas e outras fontes, poderían estar implicados algúns membros do entorno señorial da Casa de Lemos (en particular, a rama dos Enríquez de Castro). Ademais, neste caso, o interese na confección da *Crónica de 1404*, así como da copia máis tardía da *Estoria de España* (A'), relaciónase coa Sé episcopal mindoniense, promovida no propio texto a través dunha serie de amplificacións privativas desta tradición textual (§ 2.3). O interese eclesiástico pola historia dos pobos peninsulares e polas narrativas haxiográficas, vehículo ideolóxico eficaz, en ambos os casos, para a promoción de certas instancias, cultos e tradicións, especialmente no caso da reivindicación xacobea, faise aínda máis evidente no ámbito da diocese compostelá ao longo dos séculos XIV e XV: desde a reformulación estrutural da *Crónica geral galega* (a iniciativa probabelmente do bispo Joán Fernández de Lima IV) no segundo cuartel do século XIV (§ 2.2), até a compilación orixinal dos *Miragres de Santiago* emprendida no século XIV (§ 3.1) ou a confección da *Crónica de Iria* rematada en 1468 polo clérigo Rui Vásquez (§ 2.4).

Todas estas cuestións recapituladas até aquí, e outras moitas incorporadas en cada capítulo, como a descrición codicolóxica e os datos relativos á cronoloxía e procedencia de cada testemuño, contribúen á necesaria actualización dos estudos sobre a prosa literaria en romance na Galiza baixomedieval, ao tempo que axudan a contextualizar mellor os novos proxectos editoriais en andamento orientados á recuperación da nosa memoria cultural, en particular, do patrimonio textual galego na Idade Media.

Índice

de axentes e espazos culturais

Índice de axentes e espazos culturais*

Aboim-Portel, corte señorial: 50 (LT), 82 (CPT), 255 (C).
Acuña Castroviejo, familia: 190 (FJ).
Alfonso Fernández *el Niño*: 204 (FD).
Afonso III de Portugal: 82 (CPT).
Afonso X: 13 (L); 17, 19, 23 (I); 33 (CT); 41, 42 (HT); 59 (CPT); 68, 69, 70, 71 (GE); 80, 81 (CPT); 93, 94 (C1404); 137, 138, 139, 141 (SP); 150, 151 (P1); 160 (P3); 167 (P4), 176 (P5); 185, 186 (P7); 195, 196, 197 (FR); 204 (FD), 207 (OA), 226 (AT); 232, 233 (REC); 240, 242 (LCSM); 252, 254 (C).
Afonso XI: 17 (I); 32, 33, 34 (CT); 40, 41 (HT); 70 (GE); 138, 139 (SP); 207, 208 (OA); 252, 254, 255 (C).
Agostiño de Hipona: 69 (GE).
Alain de Lille: 130 (LC).
Aldonza de Mendoza, duquesa de Arjona: 48, 50 (LT).
Alfonso Pérez Osorio, VIII marqués de Astorga: 39, 42 (HT).
Alonso de Cartagena: 59 (CPT).
Alonso de Fonseca, arcebispo de Santiago: 103 (CI).
Alonso Díaz de Montalvo: 138 (SP).
Alto-Minho, rexión: 48 (LT), 77 (CPT), 218 (TA), 255 (C).
Álvaro Eanes da Seira –ou das Eiras–, notario de Baiona: 215, 217, 218, 219 (TA).
Ambrosio de Morales: 58 (CPT).
Andrade, corte señorial: 31, 32, 33, 34 (CT); 39, 41, 42 (HT); 67, 70 (GE); 253, 254, 255 (C).
Andrés Martínez de Salazar: 33 (CT), 151 (P1).
Angelo Colocci: 225, 226 (AT); 232, 233 (REC).
Antonio da Ribeira, freire franciscano: 109, 111, 112, 113 (CFM).
Antonio López Ferreiro: 103 (CI), 159 (P3), 167 (P4), 175 (P5); 190-191 (FJ).

*Abreviaturas empregadas (destacadas en azul): AT = *Arte de Trovar*; C1404 = *Crónica de 1404*; CFM = *Crónica da Ordem dos Fraires Menores*; CGG = *Crónica geral galega*; CI = *Crónica de Iria*; CPF = *Crónica do Pseudo Turpín*; CT = *Crónica troiana*; FD = *Flores de Dereito*; FJ = *Foro Juzgo*; FR = *Foro Real*; GE = *Geral Estoria*; HT = *Historia troiana*; LC = *Livro das Confissões*; LCSM = lendas das miniaturas das *Cantigas de Santa María*; LT = *Livro de Tristam*; MS = *Miragres de Santiago*; OA = *Ordenamento de Alcalá*; P1 = *Primeira Partida*; P3 = *Terceira Partida*; P4 = *Cuarta Partida*; P5 = *Quinta Partida*; P6 = *Sexta Partida*; P7 = *Sétima Partida*; REC = rúbricas explicativas dos cancioneiros B e V; SP = *Sete Partidas*; TA = *Tratado de Alveitaría*.

Área compostelá: 18 (I); 58, 59 (CPT); 77, 83 (CPT); 101, 102, 103, 104 (CI); 112 (CFM); 119, 120, 122, 123 (MS); 140 (SP); 165, 166, 167 (P4); 174 (P5); 185, 186 (P7); 190 (FJ); 252, 256 (C).
Área coruñesa noroccidental: 31 (CT); 39, 41 (HT); 67 (GE); 112, 113 (CFM); 140 (SP); 150, 152 (P1); 157, 159, 160 (P3).
Área luguesa mindoniense: 78, 82 (CPT); 91, 92, 94 (C1404); 192 (FJ); 256 (C).
